University of Wisconsin Milwaukee
UWM Digital Commons

Spanish and Portuguese Faculty Books | Spanish and Portuguese

2013

Contacto de Linguas, Hibrididade, Cambio : Contextos, Procesos e Consecuencias

Eva Gugenberger

Henrique Monteagudo

Gabriel Rei-Doval
University of Wisconsin - Milwaukee, reidoval@uwm.edu

Follow this and additional works at: https://dc.uwm.edu/spa_por_facbooks

Part of the Other Spanish and Portuguese Language and Literature Commons

Recommended Citation
Gugenberger, Eva; Monteagudo, Henrique; and Rei-Doval, Gabriel, "Contacto de Linguas, Hibrididade, Cambio : Contextos, Procesos e Consecuencias" (2013). *Spanish and Portuguese Faculty Books*. 7.
https://dc.uwm.edu/spa_por_facbooks/7

This Book is brought to you for free and open access by UWM Digital Commons. It has been accepted for inclusion in Spanish and Portuguese Faculty Books by an authorized administrator of UWM Digital Commons. For more information, please contact open-access@uwm.edu.

Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias

Edita
© Consello da Cultura Galega, 2013
Pazo de Raxoi · 2º andar · Praza do Obradoiro
15705 · Santiago de Compostela
T 981 957 202 · F 981 957 205
correo@consellodacultura.org
www.consellodacultura.org

Proxecto gráfico
Imago Mundi Deseño

Imprime
Lugami Artes Gráficas, S. L.

Depósito Legal: C 1872-2013

ISBN 978-84-92923-52-6

EVA GUGENBERGER
HENRIQUE MONTEAGUDO
GABRIEL REI-DOVAL
EDITORES

Contacto de linguas, hibridade, cambio: contextos, procesos e consecuencias

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

(e i) ensaio & investigación

Limiar

Eva Gugenberger
Henrique Monteagudo
Gabriel Rei-Doval

A lingüística contemporánea con frecuencia partiu do presuposto de base de que a situación ideal das linguas é o monolingüismo, tanto no plano social coma no individual, presuposto ao que vai asociada a noción de que cada lingua constitúe un sistema pechado, autocontido e autosuficiente que evolúe segundo unha lóxica interna. Nesa perspectiva, o contacto de linguas e os fenómenos a el asociados (interinfluencias, hibridación, multilingüismo individual e social) son considerados á luz das estratexias de investigación e os paradigmas desenvolvidos pola lingüística monolingüe, que os contempla como fenómenos anómalos. Por outra banda, esta visión lexitima cientificamente as ideoloxías puristas do cultivo da lingua.

Endebén, dun tempo a esta parte as situacións de contacto lingüístico e os fenómenos concomitantes están a ser abordados con outra mirada: non como casos anómalos, senón merecentes dun estudo específico, cuns aparellos conceptuais e metodoloxías de traballo tamén específicos. Así, aparecen novas conceptualizacións como a hibridiidade, ao tempo que se repensan os procesos de cambio e evolución lingüística, que non sempre son resultado dunha lóxica ínsita a cada sistema lingüístico, senón derivados do contacto de linguas.

As anteriores consideracións son especialmente relevantes cando se pensa na historia e a situación lingüística actual de Galicia, un espazo sociocomunicativo no interior do cal o prolongado contacto entre o galego e o castelán é unha realidade imposible de ignorar, e con todo moitas veces marxinalizada ou non tida suficientemente en conta na investigación académica. E isto, tanto se atendemos ás prácticas lingüísticas cotiás dos falantes, e por tanto ás distintas variedades discursivas da oralidade (onde son doadamente detectables fenómenos derivados do contacto lingüístico), coma se focamos a atención no impacto sobre os propios sistemas lingüísticos, especialmente o galego, e tamén se se consideran os esforzos de estandarización do galego, coas distintas actitudes puristas a eles asociados.

Pero a relevancia do contacto interlingüístico na configuración e evolución das linguas non é un fenómeno particular do galego. Particularmente ilustrativo,

tamén para efectos comparados, é considerar o portugués, tanto europeo ou peninsular (que experimentou un contacto continuado co castelán, especialmente intenso en determinados períodos históricos) canto brasileiro, para a orixe do cal o contacto entre o portugués e as linguas indíxenas e especialmente africanas constitúe un feito que está a ser seriamente repensado.

A cuestión do contacto interlingüístico tamén nos leva a prestar especial importancia aos contextos de fronteira, vistos como áreas de transición, pero tamén no marco de procesos dinámicos de marcación de diferenzas. Mais, en definitiva, a lingüística do contacto, que precisa dun maior desenvolvemento en Galicia, convida a pór en cuestión a propia concepción das linguas como sistemas autosuficientes e illados. Neste volume, o concepto de hibridididade é posto en discusión; debátese se resulta útil e apropiado no contexto galego, e se é capaz de arrequecer as controversias sobre as dinámicas culturais e lingüísticas en Galicia, así como sobre cuestións referentes á variación social, á norma e ao estandar, á identidade social, e ás actitudes lingüísticas.

Eva Gugenberger suxire no traballo inicial do volume realizar un cambio de paradigma ao estudar os procesos de contacto lingüístico, introducindo a perspectiva da hibridididade na descrición lingüística e na política lingüística realizadas en España. Esta autora propón a reconsideración de termos como interferencia, préstamo ou transferencia lingüística dentro dos estudos lingüísticos de perspectiva monolingüe, así como a revisión da perspectiva bilingüe á luz dos procesos de alternancia de códigos. Proponse así unha maior compatibilidade da perspectiva hibridista coas análises do contacto lingüístico, e diferéncianse asemade os contextos e casos en que tal perspectiva axuda a explicar mellor os procesos de contacto e mestura de linguas. Finalmente, a autora suxire algunhas liñas nas que o concepto de hibridididade pode ser útil para deseñar as políticas lingüísticas nas Comunidades bilingües de España.

María Álvarez de la Granja e Belén López Meirama analizan na súa achega un aspecto do contacto só recentemente explorado en profundidade: a presenza de elementos galegos no léxico dispoñible do español de Galicia. A partir dunha mostra estatisticamente robusta e formada por estudantes de segundo de bacharelato en diferentes centros escolares do país, estas dúas investigadoras debullan a presenza do galego segundo os diferentes centros temáticos e campos de interese. O dito estudo, de corte eminentemente cuantitativo, permite apreciar as diferen-

tes liñas de penetración do galego nas diferentes clases léxicas do español de Galicia e mostrar como o contacto lingüístico funciona nas dúas direccións, neste caso desde o galego cara ao castelán. Así mesmo, móstrase como a lingua habitual e o hábitat de residencia son as variables de estratificación social cun papel máis importante na caracterización das tendencias de contacto, fronte á limitada ou discutible repercusión que outros parámetros como o nivel sociocultural ou o sexo exercen sobre a distribución.

Xosé Afonso Álvarez Pérez realiza un repaso demorado sobre diferentes aspectos do contacto entre galego e portugués, tomando como punto de partida a configuración da fronteira histórica entre Galicia e Portugal e os sentimentos e comportamentos contraditorios que caracterizan tal espazo fronteirizo. Igualmente, este autor revisa criticamente as análises da lingua galega realizadas por lingüistas portugueses –en particular na súa dimensión dialectolóxica– e o que iso supón sobre a posición e perfil asignado aos dialectos galegos, así como a consideración que o galego ten como lingua para os lingüistas e filólogos portugueses. Unha outra área infraestudada na lingüística realizada desde alén Miño á que Álvarez Pérez fai referencia no seu traballo é o estudo do lado portugués da Raia, interesante aspecto pouco desenvolvido desde a lingüística portuguesa, mesmo nos traballos máis contemporáneos, que en todo caso consideran esas variedades en canto parte do portugués norteño.

Francisco Dubert analiza no seu artigo a xustificación histórica de perfectos fortes galegos como 'tivo' e a influencia que no seu desenvolvemento puido exercer o contacto con outras variedades romances da Península Ibérica, en particular o castelán. Discútese a posible anormalidade histórica que estas formas teñen no galego moderno e téntase correlacionar esta visión con actitudes de raíz purista existentes na lingüística galega contemporánea. O autor muradán tenta conectar esta discusión con outros debates relevantes coma o existente arredor da hipótese castelanista da orixe da gheada, considerando outros métodos utilizados contemporaneamente para detectar castelanismos. Tras explorar con detalle os argumentos históricos pertinentes, a solución sobre a conisideración destes trazos lingüísticos en termos de sociolingüística histórica e de posibles estratexias prescritivas fica pendente de exploracións e avaliacións ulteriores.

Ana Iglesias, pola súa banda, súmase á perspectiva hibridista que previamente introducira Eva Gugenberger, propoñendo unha investigación de corte cualitati-

vo arredor da variedade popularmente coñecida como 'castrapo'. Tal estudo, desenvolvido a partir de gravacións realizadas a estudantes de secundaria en Caldas de Reis, propón o castrapo como un elemento de autoidentificación lingüística e a súa natureza híbrida como un acto de autoafirmación e reivindicación persoal, grupal e sociolingüística fronte ao galego normativo e ao castelán, e asemade postula a dita variedade como síntoma dun rico repertorio lingüístico e unha elevada destreza bidialectal por parte deste sector de poboación que -sempre segundo esta autora- levaría a propoñer para o mesmo unha identidade múltiple moi acorde coa posmodernidade.

Dante Lucchesi debulla na súa achega as teorías sobre a formación do portugués brasileiro e a influencia que na configuración deste tiveron as linguas indíxenas. Os debates sobre o suposto proceso de crioulización que precedeu a configuración do portugués brasileiro parece un suxestivo elemento de comparación coa polo demais diversa natureza da situación sociolingüística galega. Resulta de especial interese a consideración purista e clasista que impediu a aceptación da orixe crioulística do portugués brasileiro, así como a visión desta situación existente na máis poderosa das nacións latinoamericanas contemporáneas. A pesar das obvias diferenzas entre as situacións brasileira e galega, crioulización e castrapización seguen constituíndo aínda hoxe tabús que este volume invita a reconsiderar criticamente de forma simultánea. Así mesmo, a análise do proceso de transmisión lingüística irregular de tipo leve establecida por Lucchesi convida a reavaliar con novos ollos a adecuación e implicacións de etiquetas como a orixe *asilvestrada* (cfr. Dubert, neste mesmo volume), utilizadas aínda hoxe na lingüística galega contemporánea. Todas estas reflexións, realizadas sen dúbida desde contextos distintos, poden axudar a unha diferente e máis proveitosa contextualización de debates estancados durante décadas na tradición lingüística galega.

Marta Negro Romero centra a súa análise nos procesos de interferencia e integración que se producen en galego no léxico do corpo humano, tomando como base materiais aínda non explotados do Atlas Lingüístico Galego. A través de diferentes mapas e gráficos apréciase como existe unha maior concentración de castelanismos en boa parte da metade oriental de Galicia, así como en certas vilas grandes costeiras do país, mentres os menores índices de castelanización aparecerían na Costa da Morte, na franxa central, na montaña oriental e nas zonas limítrofes con Portugal. Recoñecendo a necesidade de estudar cun maior volume

de datos estes procesos de transferencia lingüística, a autora conclúe que as vías de comunicación e o poder irradiador das cidades tiveron un papel decisivo na difusión de tales fenómenos.

Fernando Ramallo propón unha análise conceptual do fenómeno que el denomina «neofalantismo», relacionado cos cambios na conduta lingüística daquelas persoas de lingua materna castelá que, de forma voluntaria, premeditada e consciente, deciden instalarse no galego nas súas prácticas lingüísticas habituais ao chegaren á idade adulta. Tras documentar a orixe contemporánea dos neofalantes galegos, o lingüista vigués cuantifica a importancia deste grupo lingüístico e describe asemade o seu perfil sociolingüístico. A análise deste fenómeno, que ten como investigación-base gravacións e análises cualitativas publicadas noutros estudos recentes seus, concibe o neofalantismo como unha minoría activa, na cal, segundo o seu autor, está a xogarse o mantemento e a recuperación da lingua galega e o futuro que esta teña como idioma de comunicación principal do país. A base urbana e vilega do fenómeno atribúelle un valor adicional por canto é nestes hábitats onde o galego segue necesitando máis soporte para manter a súa vitalidade como lingua.

Gabriel Rei-Doval centra a súa contribución ao volume na análise do purismo lingüístico na lingüística galega contemporánea. A pesar de tratarse dun fenómeno que no caso galego se documentaba xa profusamente no século XIX, o estudo do lingüista mugardés avalía a consistencia dos argumentos presentados como lingüísticos na proposta normativa do que el denomina «grupo da Coruña». A revisión dos fundamentos teóricos desta proposta serve para apreciar como tal vaga purista está incardinada en estratexias de distinción e de exclusión social, a pesar de presentarse como un método para pretendidamente incrementa-la vitalidade do galego contemporáneo. Pendente da necesaria comparación coa proposta dos outros dous principais grupos promotores de propostas normativas, saliéntase a necesidade de deseñar estratexias máis integradoras da variación sociolingüística e métodos máis audaces para lidar co contacto lingüístico entre galego e castelán na Galicia actual.

A achega de Bieito Silva Valdivia abonda novamente na cuestión do contacto, mais desde unha perspectiva diferente. Ben que por unha banda incorpora achegas sobre o cambio lingüístico derivadas da perspectiva do contacto posteriores ao estudo de Weinreich (1953), o cerne deste traballo atópase na análise de castela-

nismos atopados en ocorrencias reais na lingua escrita, así como na avaliación por parte dos falantes de tales secuencias. Silva inclúe tamén avaliacións de estratexias de alternancia de códigos presentes en exemplos tamén reais tomados da lingua escrita e, discutindo a perspectiva da artificiosidade e desleixo ante o uso lingüístico, presenta un decálogo de principios para o respecto e compromiso polo uso oral e escrito da lingua galega.

Fernando Venâncio estuda na contribución final deste volume as actitudes portuguesas cara ao castelán, mostrando como a única e verdadeira ameaza lingüística en Portugal procedeu deste idioma, a pesar de que para a xeneralidade dos portugueses dos séculos XVI e XVII o castelán non era sentido como un perigo. Tan paradoxal situación está relacionada coa limitada conciencia existente sobre a importante pegada que o castelán tivo durante varios séculos no léxico portugués, e a conciencia respecto a ela documéntase en autores portugueses entre os séculos XVI e XIX. A negación da notoria pegada do castelán no léxico portugués, un dos tabús da lingüística portuguesa -e tamén de certos sectores da galegaponse en relación coa axenda patriótica portuguesa e mailo sentido e potencialidades do chamado 'soño ibérico', invocado en Portugal só cando as estratexias de proxección internacional o aconsellan.

Non quixeramos deixar de agradecer o interese que na preparación deste volume puxeron diferentes persoas e institucións. En primeiro lugar, é de xustiza deixar especial constancia do esforzo realizado polo Consello da Cultura Galega, que viabiliza a publicación deste volume e o fai dispoñible á comunidade científica a través da súa páxina web (http://www.consellodaculturagalega.org). Así mesmo, este volume non viría a lume sen a feliz iniciativa investigadora da principal entidade promotora do evento que deu lugar a el e a edicións previas do mesmo; referímonos naturalmente á iniciativa do Instituto da Lingua Galega, que celebrou o Simposio ILG 2010 do 2 ao 9 de novembro de 2010, e do que este volume é debedor. A un nivel máis individual, os editores queren agradecer moi especiamente o esmero e coidado posto por Raquel Vila Amado, a quen a edición física do volume correspondeu, pola profesionalidade e meticulosidade do seu traballo de edición e maquetación.

En definitiva, este volume pretende contribuír ao debate sobre os ineludibles resultados do contacto lingüístico no contexto e desde a perspectiva galega, así como a doutras situacións presentes no ámbito da lusofonía en que o debate é

máis que actual e relevante. Pasadas catro décadas desque comezara a configuración do estándar galego contemporáneo deberían darse xa as condicións de madurez e existir a suficiente serenidade na lingüística galega para abordar sen complexos nin tabús discusións que a urxencia de crear unha lingua estándar viñera ocultando ata hai pouco tempo. Só do debate sereno, demorado e ponderado, mais tamén da análise audaz e profunda dos datos lingüísticos, poderán saír novas estratexias de avaliación que permitan á lingüística galega proxectar tamén neste eido unha madurez que foi acadando recentemente respecto a outros asuntos e materias. Oxalá este volume sexa quen de contribuír nalgunha medida a tan necesario obxectivo.

ensaio & investigación

Índice

6 **Limiar**
Eva Gugenberger, Henrique Monteagudo e Gabriel Rei-Doval

17 **O cambio de paradigma nos estudos sobre contacto lingüístico: pode ser útil o concepto de hibrididade para a lingüística e a política de linguas en España?**
Eva Gugenberger

49 **A presenza do galego no léxico dispoñible do español de Galicia. Análise distribucional**
María Álvarez de la Granja / Belén López Meirama

97 **A fronteira entre galego e portugués. A perspectiva portuguesa**
Xosé Afonso Álvarez Pérez

137 **As formas tipo *tivo* e o contacto lingüístico cos romances centrais**
Francisco Dubert García

169 **'Eu falo castrapo' - Actitudes dos adolescentes ante a mestura de linguas en Galicia (estudo piloto)**
Ana Iglesias Álvarez

191 **O contato entre línguas e a origem do português brasileiro**
Dante Lucchesi

223 **Contacto galego-castelán e cambio no léxico do corpo humano**
Marta Negro Romero

247 **Neofalantismo**
Fernando Ramallo

261 **Purismo e control normativo na lingua galega: análise crítica dunha proposta actual**
Gabriel Rei-Doval

289 **Galego e castelán: entre o contacto e a converxencia**
Bieito Silva Valdivia

317 **Atitudes portuguesas face ao castelhano**
Fernando Venâncio

O cambio de paradigma nos estudos sobre contacto lingüístico: pode ser útil o concepto de hibrididade para a lingüística e a política de linguas en España?

Eva Gugenberger
Universidade de Viena, Austria

O meu punto de partida neste relatorio é o seguinte: os conceptos tradicionais que ofrece a lingüística de contacto (como *interferencia, préstamo* e outros máis) parecen cada vez menos apropiados para describir os fenómenos lingüísticos que se dan nos espazos multiculturais e plurilingüísticos das sociedades actuais. O aumento de mobilidade, migración e globalización levou a unha dinámica dos procesos interlingüísticos que incentivou os lingüistas a repensaren os conceptos habitualmente utilizados. Un dos termos que, partindo dos estudos postcoloniais, atopou repercusión nas últimas décadas é *hibrididade* ou *hibridación*[1], que estará no foco da atención nas seguintes páxinas.

Primeiro vou facer un repaso crítico das fases de conceptualización da cultura e a lingua e vinculalas cos diferentes termos que nelas se adoitan empregar na lingüística de contacto, poñendo énfase nos cambios de perspectiva que finalmente abren o camiño ó paradigma de hibrididade. Despois tentarei aclarar o que se entende por perspectiva hibridista e se os termos tradicionais na lingüística de contacto son compatibles con ela. Seguidamente dedicareime á súa posible aplicación a diferentes casos e constelacións de procesos interlingüísticos. Ó remate abordarei a pregunta de se o paradigma de hibrididade pode dar suxestións útiles para a política lingüística nas Comunidades bilingües de España.

1. FASES DA CONCEPTUALIZACIÓN DE CULTURA E LINGUA

Ó analizar as posturas dos investigadores e os termos que crearon para describir os fenómenos de contacto lingüístico, podemos diferenciar polo menos tres etapas que corresponden a diferentes perspectivas para conceptualizar unha lingua –e en xeral unha cultura– e os procesos que se dan entrámbalas dúas (cfr. Erfurt 2005: 30 e ss.). Estas fases son:

- a *fase unicultural* que dura mais ou menos ata os anos 50 do século pasado,

[1] O primeiro termo remite máis ó concepto teórico, o segundo ó proceso.

- a *fase multi- ou pluricultural* que vai substituíndose por unha perspectiva *intercultural* ó longo dos anos 80,
- e finalmente unha *perspectiva transcultural* que vai gañando terreo nos anos 90.

A primeira fase caracterízase polo concepto de *préstamo*, e a segunda comeza coa publicación da obra clásica de Uriel Weinreich *Languages in Contact* do ano 1953. É ben sabido que a súa definición de *interferencia* tivo unha enorme e persistente repercusión na lingüística de contacto. Aínda que a partir dos anos sesenta se vai percibindo e modelando a sociedade como multicultural e plurilingüe, esta segunda fase aínda non significa un cambio esencial na conceptualización de cultura e lingua. Segue manténdose o modelo monolingüe, convertido agora nun modelo de monolingüismo dobre, segundo o cal ser bilingüe significa –no caso ideal– o dominio perfecto de dúas linguas.

Nas dúas fases modelábanse as culturas e as linguas como entidades monolíticas, sistemas pechados e separables, unha percepción que se remonta á época da Ilustración, sobre todo ó concepto de cultura acuñado por Johann Gottfried von Herder, para quen as culturas son como esferas ou illas autónomas necesariamente coextensas co espazo xeográfico e lingüístico dun pobo. Esta idea ten a súa repercusión política no concepto de Estado-nación, mediante o cal se perseguía a homoxeneización interna e a delimitación cara a fóra. A modelación monolítica ía emparentada cunha ideoloxía segundo a cal o mantemento dunha suposta «pureza» se consideraba positivo e desexable. De acordo con este paradigma, as influencias recíprocas avalíanse como erros, desviacións, barbarismos, violacións contra o sistema, corrupción ou deturpación da lingua.

Un cambio importante de perspectiva márcao a introdución do paradigma intercultural que subliña as mudanzas nos diferentes grupos culturais dentro dunha sociedade. Co concepto do *code-switching* (*alternancia de código*) vaise impoñendo unha perspectiva bilingüe nos estudos sobre contacto lingüístico.

Finalmente, o discurso de transculturalidade e hibrididade que ten como obxectivo a transgresión de fronteiras, a anulación dos polos opostos e os límites entre culturas, enfocando os espazos entre elas, leva tamén dentro da lingüística a unha nova perspectiva para a cal considero apropiadas dúas denominacións: por unha banda, *perspectiva hibridista*, en analoxía coa formación da palabra

purista e como posición oposta á ideoloxía purista, e –por outra banda– a denominación *translingual* en analoxía co termo transcultural e fronte á perspectiva monolingüe e bilingüe.

Seguidamente quero indagar nos termos lingüísticos correspondentes ás diferentes fases e nas posturas teóricas e ideolóxicas subxacentes. Non é o meu obxectivo aquí facer unha presentación exhaustiva, mais ben vou concentrarme nos aspectos que considero relevantes para os meus propósitos.

1.1. Interferencia, préstamo & Co.: a perspectiva de monolingüismo (dobre)

A partir da dicotomía *langue – parole* de Saussure adóitanse clasificar os fenómenos de contacto entre os de longo prazo e os de curto prazo. Para os primeiros creouse o termo *préstamo*, referíndose a entidades lingüísticas que inflúen no sistema (na *langue*). Para os fenómenos que ocorren no discurso concreto dun falante, foron introducidos primeiro os termos *interferencia* e *transferencia*, e mais tarde –dunha perspectiva bilingüe– *code-switching* (alternancia de código) e *code--mixing* (mestura de códigos).

Na literatura especializada atópanse numerosos intentos de distinguir estes termos, como pode apreciarse a seguir.

1.1.1. Interferencia versus *préstamo ou integración*[2]

Adóitase supor que o momento de traspaso dunha interferencia a un préstamo prodúcese cando o elemento adoptado da lingua doante se converte en parte integral da lingua receptora. A pregunta de cando se da isto, pódese contestar de acordo con criterios diferentes; a saber: (1) criterios estruturais, (2) grao de extensión nunha comunidade lingüística e (3) avaliación dos falantes.

De acordo con criterios estruturais, determínase o grao de integración segundo a asimilación fonética e morfolóxica á lingua receptora. Neste sentido, para o caso galego, Parga Valiña (1997: 95-102) distingue entre *castelanismos plenos*, ou sexa non asimilados –como *lejos, julio, adiós, costumbre, iglesia* etc.– e *castelanismos híbridos*, modificados de acordo coas regras galegas como *alguen, almexas, conexo, parexa* ou *anduven*.

[2] Para as definicións véxase tamén Negro Romero (neste mesmo volume).

O segundo criterio refírese ó grao da substitución de lexemas galegos por casteláns. Segundo Parga Valiña, son (a) *castelanismos plenamente integrados* os utilizados pola maioría dos falantes de maneira espontánea –como *ochenta, siglo, pueblo, pulpo, rodilla, sencillo, silla* etc. –, (b) *castelanismos semi-integrados*, os que existen paralelamente ás palabras galegas, ás veces con diferenciación semántica (*luchar/ loitar, aparato/ aparello*), e (c) *non integrados* os que se aplican alternando coas formas galegas, incluso polo mesmo falante.

O terceiro criterio, a avaliación subxectiva, é unha categoría psicosocial e refírese a percepción dos falantes. De acordo con él, un elemento está integrado cando os falantes xa non o perciben como alleo, senón como pertencente á súa lingua. Entón, pode ocorrer que eles xa non sexan conscientes de que historicamente procede doutra lingua, sobre todo se está integrado segundo o primeiro ou o segundo criterio. Nestes casos os falantes poden insistir en que unha palabra forma parte dunha lingua determinada mentres para os lingüistas representa un préstamo procedente doutra lingua que está integrado por asimilación ou uso habitual, como mostran os seguintes exemplos:

Howard-Malverde (1995) comenta que ó usar a palabra quechua *pacha mama* durante unha entrevista cunha falante de quechua en Bolivia foi corrixida por ela. A muller entrevistada declarou que *pacha mama* era castelán, que en quechua se dicía *wirhina*. Entón, segundo a súa consciencia *wirhina* non é un préstamo (procedente do castelán 'virgen'), como sería clasificado nunha análise lingüística que parte das dúas linguas como sistemas separados.

Outro exemplo é o caso dunha inmigrante galega en Bos Aires que me corrixiu cando utilicei a palabra *século* en galego por parecerlle «deformado». Ela insistiu en que *siglo* pertencía tanto ó castelán como ó galego. Na súa variedade galega aprendida na nenez o castelanismo *siglo* volveuse tan habitual que non o percibía como esóxeno ó galego[3].

1.1.2. Interferencia versus *préstamo*

Outro criterio que se aplica con frecuencia para deslindar interferencia de préstamo é a dirección da influencia, como por exemplo na tipoloxía ben coñecida de Thomason e Kaufman (1988), que chaman *borrowing* á incorporación de

[3] Ó respecto, véxase tamén a contribución de Iglesias neste mesmo volume.

elementos externos na lingua materna, mentres denominan interferencia a influencia da primeira sobre a segunda lingua. É sabido que nunha situación diglósica os falantes da lingua estigmatizada adoitan integrar elementos da lingua dominante no seu discurso como signo de prestixio, mesmo palabras das que a súa lingua non carece. Se o contacto perdura e se existe unha forte presión social por parte dos falantes da lingua hexemónica, tamén penetran trazos morfosintácticos e fonético-fonolóxicos. No caso de desprazamento lingüístico, as interferencias manifféstanse sobre todo na fonoloxía e a sintaxe, particularmente cando a segunda lingua é adquirida de forma incompleta (Thomason e Kaufman 1988: 37-39).

En sociedades en que dúas linguas conviven durante moito tempo e os espazos comunicativos dos falantes de ambas linguas non están separados, esta influencia non é unidireccional. O resultado deste proceso bidireccional é a emerxencia de variedades mixtas situadas nun *continuum* que se adoita resumir en dous bloques, así por exemplo fálase dun «castelán asturianizado» e dun «asturiano castelanizado» que se sitúan entre o «castelán total» e o «asturiano total» (D'Andrés 2000: 77; citado en Pérez Fernández 2006: 250).

Certamente, a escala de Thomason e Kaufmam ten validez –grosso modo– en moitas situacións de contacto diglósico, tamén para o caso galego-castelán como se ten constatado moitas veces (véxase p. ex. Santamarina 1995: 55-56), pero desatende varios aspectos. Primeiro, simplifica a complexidade das situacións de contacto, xa que non toma debidamente en consideración todo o espectro de posibilidades que ten un falante para combinar as dúas linguas grazas ó seu repertorio multilingüe. Segundo, xustamente en sociedades en que unha lingua estigmatizada está en proceso de reivindicación, incentivada por exemplo por unha política lingüística no seu favor, hai moitas situacións comunicativas que xa non seguen o modelo diglósico, como subliña Blas Arroyo para o caso catalán. O autor constata que se pode observar con maior frecuencia a práctica do *dualingüismo*, isto é, que os falantes manteñen cadansúa lingua na conversa. Esta práctica vese favorecida pola similitude das linguas e a alta porcentaxe de persoas que ten unha competencia pasiva en ámbalas linguas (Blas Arroyo 2006: 77). Terceiro, en sociedades multilingües non sempre se pode identificar claramente a primeira e a segunda lingua dun falante. E, finalmente, se a lingua

materna xa é una variedade mesturada, unha análise segundo as categorías interferencia e préstamo está abocada ó fracaso.

1.1.3. Interferencia versus *transferencia*

Outros autores aplican o criterio da dirección da influencia para distinguir *interferencia* de *transferencia*, definindo a interferencia como a influencia da primeira sobre a segunda lingua provocada pola falta do dominio das regras da L2. En troques, fálase de *transferencias* cando un falante adopta elementos doutra lingua na súa fala (cfr. Zimmermann 1992: 49).

A cualificación da interferencia como déficit de competencia fúndase no seu uso na investigación sobre a adquisición dunha lingua, na que aquela se considera como fonte de erros que leva a resultados incorrectos (cfr. Blas Arroyo 1993: 17; Gass 1996: 559). Con isto postúlase o *monolingüismo dobre* como o modelo ideal e desexable. Se o falante non chega á meta de distinguir perfectamente as dúas linguas, é alcumado de «semilingüe»; en fin, que non domina nin a unha nin a outra lingua.

Debido á connotación negativa do termo *interferencia*[4], algúns lingüistas –entre outros Clyne (1967)– substituírono por *transferencia* para referirse á totalidade dos fenómenos de modificación de estruturas orixinadas por influencia dunha lingua sobre outra en contacto con ela. Entón xa non se distingue a segunda da primeira segundo a dirección do influxo.

Para non restrinxir o termo *interferencia* a fenómenos que se deben á incapacidade do falante de separar dúas linguas, Kabatek (1996: 23) propón unha ampliación do concepto ó incluír tanto interferencias voluntarias como non voluntarias. Constata este autor que o falante está limitado parcialmente nas súas posibilidades pola súa biografía lingüística, pero tamén dispón dunha marxe que lle permite controlar a proporción de interferencias que utiliza.

Para Kabatek, a interferencia é unha forma de creación lingüística: por unha banda é adopción dun elemento da lingua da que provén e, por outra, é creación

[4] Cabe mencionar aquí a definición orixinal de interferencia na física, de onde provén o termo. Aí este fenómeno representa a superposición de dúas ou máis ondas «de fontes distintas» nun mesmo espazo, é dicir, en principio non ten connotación negativa. O seu uso vólvese problemático só se se vincula con conceptos normativos de sociedade, cultura e lingua.

e innovación na lingua en que aparece. Vista así, a interferencia convértese nun instrumento creativo mediante o cal o falante determina –en parte voluntaria e en parte involuntariamente– a súa posición no espazo social e expresa a súa identidade.

Esta presentación de diferentes definicións a título de exemplo non soamente mostra a dificultade da delimitación terminolóxica, senón que tamén demostra o seguinte: a suposición de que existen dous sistemas monolíticos que se interfiren o un co outro, establecendo así unha dicotomía entre externo e interno, corresponde a unha conceptualización de monolingüismo ou monolingüismo dobre, á idea dunha comunidade comunicativa monolingüe, a unha postura que supostamente xa se superou, ou talvez aínda non? Un elemento considérase integrado se está asimilado, se xa non pon en dúbida a homoxeneidade do sistema, se está recoñecido institucionalmente, por exemplo pola Academia da Lingua. En cambio, en tanto que non estea asimilado, é considerado un «intruso» que corrompe a lingua e fere a norma, vai en contra do ditado da pureza.

Esta postura tamén é inherente ós primeiros estudos sobre o contacto entre o galego e o castelán e segue existindo parcialmente como se pode observar nas obras de lingüistas como Graña Núñez (1993) que defenden con fervor o purismo, e mais nas actitudes de moitos falantes que asumiron a ideoloxía purista e avalían a súa fala como chapurreo ou castrapo, algo que non corresponde á lingua lexítima[5].

Ó substituír o termo *interferencia* por outros como *transferencia* non se gaña moito, xa que se mantén a mesma perspectiva: pártese de dous sistemas lingüísticos ben separados que se influencian mutuamente debido ó contacto. Bechert e Wildgen (1991) argumentan que ambos os termos –tanto interferencia como transferencia– deixan enxergar un modelo bastante simple da influencia mutua entre linguas/ variedades, ou sexa, un modelo de mestura mecánica: espérase que se poida desmontar sen resto o produto mixto nos seus compoñentes e que estes poidan ser identificados claramente como partes dunha ou doutra lingua. Secomasí, non está comprobado que o proceso de mesturar se realice sempre segundo esta maneira mecánica; pódese pensar tamén nun composto «químico», no que a partir dos seus compoñentes xorde algo novo, algo que non se pode adscribir a ningunha das dúas linguas (Bechert e Wildgen 1991: 3).

[5] O artigo de Rei-Doval neste mesmo volume dedícase detalladamente ás ideoloxías puristas na historia e na actualidade.

1.2. Code-Switching & Co.: a perspectiva bilingüe

Como mencionei ó principio, cando atrae o interese dos lingüistas o *code--switching* (CS) –a saber, o fenómeno que xeralmente se define como o uso alternante de dúas ou mais linguas/ variedades ao longo dunha mesma interacción– perfílase un cambio de perspectiva. É dicir, o falante alterna entre dúas linguas, de xeito que ambas as dúas participan no discurso. Ó principio desta fase pártese da suposición de que o falante ten boa competencia tanto na unha coma na outra. Incluso houbo varios intentos de concibir o CS como unha práctica dirixida por regras gramaticais, incluíndo restricións sintácticas, para que non xurda a sospeita de incongruencia ou impureza (cfr. Erfurt 2003: 24-25).

É certo que este modo de ver ten a vantaxe de que nunha análise dos fenómenos de contacto se pode adscribir cada elemento ao un ou a outro sistema. Pero hai casos nos que é difícil unha clasificación clara e, ademais, a conceptualización dicotómica pecha o paso á comprensión da dinámica e do carácter innovador das prácticas plurilingües.

Son os investigadores que estudan o fenómeno dende un punto de vista sociolingüístico e funcional-pragmático –como Gumperz (1982), Myers-Scotton (1988, 1993, 2002), Auer (1995, 1998a) e outros máis– os que deron o primeiro pulo para superar unha perspectiva que pon os sistemas lingüísticos e non os falantes no centro do interese. De acordo con esta liña de investigación, o falante bilingüe recorre ao CS para lograr certos efectos comunicativos. Myers-Scotton constata ó respecto: «For the speaker, switching is a tool, a means of doing something (by affecting the rights and obligations balance). For the listener, switching is an index, a symbol of speaker's intentions» (Myers-Scotton 1988: 156).

En canto á distinción entre CS e préstamo/ transferencia hai diferentes propostas. Para algúns o CS abrangue sintagmas ou entidades máis grandes, para outros xa unha soa palabra pode ser CS. Para Auer o criterio decisivo é o número de linguas en que se expresa un discurso: se un discurso se basea en dúas linguas, trátase de CS, mentres que no caso de transferencia se transfiren entidades limitadas doutra lingua á lingua na que se está falando (Auer 1998a: 15-16).

Algúns autores substitúen o termo *transferencia* ou *préstamo* por *inserción* e falan de dous tipos de CS, un tipo alternante e un tipo insercional. De todos os modos, a alternancia significa que o falante salta dunha a outra lingua e viceversa, o que corresponde a unha xustaposición das dúas linguas e non se afasta da

premisa de que existen as linguas como entidades claramente diferenciables. As linguas como sistemas seguen considerándose o primordial, mentres o contacto e a mestura entre elas son o secundario, cando a realidade se presenta de maneira contraria, como veremos máis adiante.

A pesar destas observacións críticas, na perspectiva bilingüe pódese recoñecer un cambio na interpretación e na valoración dos procesos de contacto fronte ás perspectivas anteriores. Lüdi non ve na perspectiva bilingüe un corte total coa monolingüe –el chámaa exolingual– máis ben para el corresponden a diferentes ángulos visuais que resultan de diferentes obxectivos dos investigadores:

O que os especialistas en adquisición da lingua adoitan interpretar –a partir dunha perspectiva exolingual– como pegadas dun déficit de competencia ou como estratexias compensatorias, para os investigadores do bilingüismo –dende unha perspectiva bilingüe– presenta un fenómeno social, característico da maioría de grupos bi-/ multilingües, e un índice importante para unha verdadeira competencia multilingüe[6] (Lüdi 1996: 241-242; tradución E.G.).

No seu modelo de marcacións *transcódicas* (Lüdi 1987), termo que propón como hiperónimo para todo tipo de «mestura de linguas», sitúa *interferencia*, *transferencia* e *formulación transcódica*[7] dentro da perspectiva exolingual, *préstamo* e *CS* dentro da perspectiva bilingüe. Deste xeito, non rexeita de todo o termo interferencia, pero restrinxe o seu uso xustificado á área de adquisición da lingua.

Por suposto, nin Lüdi nin os outros autores citados ignoran que o falante non sempre separa completamente as dúas linguas na súa fala, senón que xeralmente na secuencia dunha lingua se atopan pegadas da outra e viceversa. Ademais, a xustaposición de dúas linguas nunha conversa non sempre corresponde ó prototipo do CS, como mostra Auer (1998b: 5 e ss.). Hai alternancias que xa non se poden interpretar localmente, xa non son funcionais para o discurso, daquela, en senti-

[6] Por competencia multilingüe Lüdi entende o seguinte: «Une 'multicompétence' est toujours composée de compétences plus ou moins partielles, qui peuvent être mobilisées séparément ou ensemble, en fonction de la situation et des interlocuteurs» (Lüdi, comunicación persoal). Como outros lingüistas, Lüdi non considera a competencia multilingüe como simple adición de «sistemas lingüísticos», senon como «competencia integrada». Con isto distánciase da noción clásica de competencia (no sentido de Chomsky) a prol do termo *repertorio lingüístico* proposto por Gumperz (1982)(cf. Lüdi 2011: 197).

[7] «La *formulation transcodique* consiste en un emploi potentiellement conscient, dans un énoncé en langue seconde, d'une séquence perçue par le locuteur non natif comme appartenant à une autre langue (le plus souvent la langue première du locuteur), dans le but de surmonter un obstacle communicatif; elle fait partie des stratégies compensatoires interlinguales» (Lüdi 1994).

do estrito, xa non son code-switchings. En moitos casos parece que xa non hai dúas linguas separables, mais ben é xustamente o uso alternante o que representa a lingua de interacción. É dicir, os falantes anulan as fronteiras entre as linguas, cuestionando así o postulado do dobre monolingüismo. Földes indica ó respecto:

Xeralmente os membros de comunidades bi- ou multilingües non separan estritamente os seus mundos lingüísticos, máis ben traspasan de xeito creativo as fronteiras dunha lingua na súa práctica oral comunicativa cotiá, poñendo ao servizo dunha interacción efectiva posibilidades comunicativas de varios sistemas lingüísticos e culturais. [...] Isto leva regularmente a estruturas, combinacións e preferencias de uso que van en contra de ditados normativos monolingües, do que resulta un reto enorme para a teoría lingüística (Földes 2005: 64-65; tradución E.G.).

Este reto encamiñou conceptualizacións que levaron paso a paso a unha perspectiva hibridista ou translingual.

1.3. O traspaso a unha perspectiva hibridista

A partir dos anos 80 do século pasado xurdiron varios termos que tratan de capturar conceptualmente a complexa práctica multilingüe e que indican –uns máis e outros menos– a transgresión lingüística. Entre eles están: *overall-switching* (Myers-Scotton 1988), *code-mixing*, *crosslinguistic influence* (Kellerman e Sharwood Smith 1986), *crossing*[8] (Rampton 1995), *language intertwining* (Bakker e Muysken 1995), *sincretismo* (Hill e Hill 1986/1999) e finalmente *hibrididade* ou *hibridación*.

Entre estes termos só quero centrarme no *code-mixing* definido de distintas maneiras. Por exemplo, Muysken (2000: 1-6) usa o termo en equivalencia a CS intraoracional (clasificado nun tipo no que predominan as alternancias e outro no que predominan as inserciónns). Segundo o enfoque funcional de Auer, o momento transitorio do *switching* ao *mixing* dáse cando as alternancias perden a súa función local, cando se volven habituais nunha comunidade bilingüe. Os falantes xa non separan os dous códigos, son ambiguos canto á lingua de interacción e falan nun código mixto ou bilingüe. Para Auer, code-switching e code-mixing poden ser etapas sucesivas na práctica de alternar entre dúas linguas. O *mixing*

[8] Crossing segundo a definición de Rampton é «the use of language varieties associated with social or ethnic groups that the speaker does not normally 'belong' to» (Rampton 1995: 14).

cumpre unha función global do discurso e está relacionado cunha dimensión identitaria (Auer 1998a: 15-16, 1998b: 9-10). Un *mixed code* contén inserciónns ou alternancias frecuentes, no cal, por outra banda, pode variar a densidade da mestura, ou sexa: as secuencias alternantes poden variar na súa extensión. Para esta variación Hinnenkamp propón o termo «oscilación de código (2005: 72).

Nos enfoques que destacan os aspectos funcionais e interaccionais da práctica alternante de falantes bilingües/ plurilingües, necesariamente vólvese importante a perspectiva dos falantes. Isto significa un paso decisivo que se afasta de contemplar o contacto lingüístico como contacto entre sistemas e leva a unha aproximación interpretativa ó bilingüismo.

Outro paso importante cara a unha perspectiva hibridista é a crecente conciencia entre os lingüistas de que tanto as fronteiras lingüísticas como as linguas mesmas son construciónns, é dicir, construídas pola xente ó longo da historia. Aínda que a diversidade lingüística é un feito evidente, é ben sabido que a distancia lingüística entre dúas linguas non é o único criterio para denominalas linguas. O que se considera un sistema lingüístico diferenciado doutro é o resultado de construciónns, dependendo en gran parte da percepción dos falantes e do recoñecemento político, é dicir, se se consagra como lingua dun territorio determinado. Unha vez establecidas as normas e as regras segundo as cales funciona o construto, xorden categorías dicotómicas como 'propio, autóctono, verdadeiro, enxebre' etc. versus 'alleo, foráneo e externo'.

Botemos unha ollada á historia lingüística da Península Ibérica: Todas as linguas hoxe consideradas como tales formáronse en procesos de confluencia de diferentes compoñentes lingüísticos (latín, céltico, xermánico, árabe etc.), dos que cristalizaron as distintas linguas románicas. Porcar Miralles (2002: 190) fala dun *continuum* románico fraccionado en boa medida por criterios políticos. Algunhas variedades chegaron ó estatus de seren recoñecidas como linguas singulares, outras non, como por exemplo o leonés ou o murciano. Cabe preguntarse se o seu destino lingüístico sería outro se o reino de León non fose conquistado por Castela. O reino de Murcia xa foi incorporado á coroa de Castela no século XIII. O murciano nunca foi recoñecido nin como lingua nin como modalidade lingüística singular. Hoxe o Estatuto de Autonomía de Murcia é o único que non di nada explicitamente sobre a protección e o respecto á diversidade lingüística da comunidade correspondente (cfr. Navarro Sánchez 2006: 475).

De aí pódese concluír que o que se dá primeiramente é a heteroxeneidade e o contacto, mentres as linguas como sistemas son o secundario. Este punto de vista leva a varios lingüistas a propoñer que o punto de partida para a análise non deben ser as linguas, senón máis ben o contacto e o espazo intermedio (cfr. Bechert e Wildgen 1991: 19, Erfurt 2003: 25).

É este cambio do punto de partida cara ó espazo interlingüístico ou, mellor aínda, ó espazo translingual, un dos criterios máis importantes para diferenciar unha perspectiva hibridista da perspectiva bilingüe. No centro de atención están os falantes que elixen entre os recursos lingüísticos que teñen ó seu dispor, de acordo coas súas metas comunicativas. O espectro comprende diferentes modos discursivos, que poden ser maiormente monolingües ou mixtos. De acordo coa proporción de cada lingua en xogo, poden aproximarse unha vez máis a un e outra vez máis ó outro polo dentro dun continuum interlingüístico. Ó combinaren os falantes elementos de dúas ou mais linguas/ variedades, crean discursos híbridos, mediante os cales expresan diferentes facetas das súas identidades. Ó traspasaren as fronteiras lingüísticas, rachan coa lóxica de «isto ou aquilo» en favor dunha lóxica de «tanto isto coma aquilo» e aínda máis: combinan, entrelazan e modifican elementos linguo-comunicativos, incluíndo aspectos culturais, e creando así algo novo.

Seguindo a conceptualización de hibridididade tal como se usa nas ciencias culturais, por exemplo en autores como Homi Bhabha ou Néstor García Canclini, entre outros, aínda se poden recoñecer ou identificar os compoñentes entrelazados como tales, pero non como elementos illados. A idea é que a partir do seu enlace ou entretecemento se crea algo diferente e heteroxéneo.

Entón a hibridación vén sendo un conxunto de estratexias creativas polas cales o falante se sitúa cada vez de novo e de distintas maneiras nos espazos lingüístico-sociais e, ó mesmo tempo, contribúe a modelar estes espazos. Mediante a hibridación o falante pódese adaptar ás esixencias dunha situación comunicativa ou pódese delimitar dela, rachando coas convencións. Ó elixir unha forma de fala híbrida creba as regras dos sistemas lingüísticos dos que se serve, cuestionando así a conceptualización da lingua como un sistema monolítico pechado.

Resumindo, as posturas principais dunha perspectiva hibridista son as seguintes:

1. Tómanse como punto de partida os espazos intermedios, considérase o contacto e a mestura o primordial (e non as linguas como construtos).

2. Corresponde a unha aproximación interpretativa ó bilingüismo, poñendo no centro da atención o falante como actor social que, cos recursos lingüísticos dispoñibles, elixe elementos do seu repertorio lingüístico para crear discursos híbridos, expresando así a súa identidade híbrida.
3. Diríxese contra unha ideoloxía purista: as falas híbridas valóranse como manifestación da creatividade do falante e non como incapacidade de separar as linguas. Oponse ás actitudes pexorativas cara á mestura que se manifestan en expresións como *chapurreo*, *castrapo* e outras máis semellantes. A competencia bilingüe xa non se concibe como duplicación de competencias nin como dominio perfecto de dúas linguas, senón como unha fonte que arrequece o repertorio lingüístico do falante[9].

2. A PROPÓSITO DA COMPATIBILIDADE DOS TERMOS USUAIS CO PARADIGMA HIBRIDISTA

Agora podemos preguntarnos se os termos utilizados na lingüística de contacto seguen sendo compatibles cunha perspectiva hibridista. Ó botar unha ollada ós traballos de tres lingüistas –Erfurt (2003, 2005), Hinnenkamp (2005) e Földes (2005)– que operan co concepto de hibrididade[10], pódese constatar que exclúen –con bo tino– *interferencia* do inventario terminolóxico. En cambio, utilizan algúns outros termos para denominar diferentes fenómenos singulares que resumen baixo o hiperónimo *hibridación*, equivalente a 'mestura de linguas', 'fala mixta' ou denominacións semellantes. Para a colocación de elementos singulares ou trazos doutra lingua nunha lingua recoñecible como a básica do discurso, Földes recorre ó termo *transferencia* e Hinnenkamp ó termo inserción ou *insertional code-switching*. Para modos discursivos bilingües utilízase alternancia de código ou *code-switching*, que se transforma en *code-mixing* en caso de alta densidade da mestura e se falta o significado local. Hinnenkamp (2005: 78 e ss.) destaca un tipo de *mixing* especialmente «virtuoso» que chama *xogos lingüísticos*, nos que xa non hai

[9] Para os conceptos repertorio lingüístico e recursos lingüísticos véxase Lüdi/ Py (2009: 157).

[10] Cabe mencionar que non son os únicos nin os primeiros que utilizan o termo. Así por exemplo, Whinnon (1971) utiliza, en analoxía á bioloxía, *linguistic hybridization* como hiperónimo para o fenómeno de mestura de linguas. En traballos recentes de lingüistas españois, atopei o termo nos de Silva Valdivia (1994) e Blas Arroyo (1999).

restricións e nos que tamén entran aspectos poéticos. Propón o termo *hibridolecto* ou *código híbrido* para a oscilación entre linguas, que representa tanto o un coma o outro, pero ó mesmo tempo constitúe algo máis, a saber, falar en modo mixto.

Pódese observar que o concepto de hibridididade se utiliza sobre todo en estudos sobre procesos lingüísticos en zonas urbanas onde a diversidade lingüística resulta dunha alta proporción de migrantes. Como indica Hinnenkamp (2005: 95), o *we-code* dos adolescentes con fondo migratorio, que se caracteriza por déficit de competencia, pero sobre todo por diferenza, particularidade e autonomía, é como un espello das condicións históricas, sociais, culturais e lingüísticas en que os mozos se desenvolven, e constitúe a resposta contraria ás esixencias de integración por parte da sociedade maioritaria. De igual maneira, Erfurt (2005: 31) subliña que hibridación é un concepto de emancipación social, mediante o cal os actores cuestionan conceptos tradicionais de homoxeneidade, purismo, nación e cultura nacional, reclamando o recoñecemento da diversidade cultural e lingüística.

Entón vemos que, por unha banda, o concepto de hibridididade ten un forte compoñente ideolóxico, a saber, antipurista, que destaca a creatividade dos falantes e a dimensión emancipatoria. E, por outra banda, úsase como hiperónimo que abrangue diferentes estratexias lingüísticas que se seguen describindo con termos que inclúen oposicións. En principio, isto non debe sorprender, porque ó final non se pode falar de hibridación se non se parte de entidades distintas e categorías opostas que se combinan e se entrelazan. Aínda que a oposición pode ser anulada situacionalmente e as linguas poden converxer en poucos ou moitos elementos ó través do tempo, para analizar formacións híbridas tamén son necesarios momentos de diferenza, de diverxencias e de delimitación. Pero unha perspectiva hibridista axuda a distanciarse de conceptualizacións de sistemas monolingües «puros», abrindo o camiño cara á transgresión de fronteiras e á innovación.

Estas observacións levan á pregunta de se daquela non é posible operar co paradigma hibridista renunciando a conceptos bipolares. Un paso nesta dirección sería –segundo o meu ver– subordinar as estratexias baixo o concepto de hibridididade e facer unha análise segundo os niveis de lingua. O lingüista mesmo debe poñerse no espazo interlingüístico ou translingual e partir da pregunta sobre o que fai o falante. Entón podemos dicir que recorre a diferentes estratexias de hibridación. Ó usar aquí o termo *estratexia* quero facer fincapé no papel activo do

falante. *Estratexia* aquí non quere dicir que o falante controle permanentemente o seu discurso e os elementos que elixe de cada lingua, máis ben a escolla corresponde a «condutas automatizadas e non reflexivas«, como constata Silva Valdivia (1994: 174) para o caso galego.

Xa que logo, de acordo co nivel lingüístico e a extensión das secuencias que se combinan, pódense diferenciar as seguintes estratexias:

1. O falante produce un enunciado nunha lingua e outro na outra lingua.
2. Coloca dentro do mesmo enunciado elementos lexicais ou secuencias máis grandes de dúas linguas.
3. Combina morfemas lexicais e gramaticais e esquemas morfosintácticos de dúas linguas, o que leva á creación de palabras ou grupos de palabras híbridas.
4. Entrelaza trazos fonético-fonolóxicos e/ ou prosódicos de dúas linguas.
5. E indo máis aló do nivel puramente lingüístico: entretece esquemas pragmático-comunicativos e culturais das dúas linguas e culturas participantes.

Estas estratexias non se exclúen mutuamente; de acordo co estilo híbrido elixido pódense aplicar unhas ou outras, ou varias ó tempo. Falantes dun modo discursivo maiormente alternante serviranse máis das primeiras dúas, en cambio, nun modo máis entremesturado predominará o terceiro tipo.

As diferentes estratexias corresponden ós fenómenos denominados usualmente cos termos enriba discutidos; *code-switching interoracional* para a primeira, *code-switching intraoracional* ou *code-mixing* para a segunda; e *interferencia*, *transferencia*, *préstamo* para a terceira e a cuarta. Para a terceira agréganse termos como *calcos*, *duplicacións de morfemas* e outros máis, mesmo *híbridos*, termo que se adoita usar para o cruzamento de morfemas. En caso de que se queira renunciar a todos estes termos e asumir unha perspectiva hibridista, poderíase falar de enunciados híbridos, de formacións híbridas lexicais, morfosintácticas etc.

O máis difícil é atopar un termo apropiado para o nivel fonético-fonolóxico, especialmente se se elixe un modo discursivo case monolingüe, no que as pegadas da outra lingua se mostran só en forma de trazos mínimos ou dun «colorido de acento». Para afastarse tamén aí dunha perspectiva mono- ou bilingüe e acentuar o aspecto de transgresión, paréceme apto o termo *marcación translingual*. Para que

non se converta nun hiperónimo –porque tamén serviría para os outros niveis e daquela sería equivalente á *marcación transcódica* de Lüdi– quero reservalo para discursos, secuencias e tamén palabras en que o grao de hibridación é mínimo, ou sexa, nos que predomina claramente a proporción dunha lingua fronte á outra.

Para ilustrar a perspectiva hibridista proposta aquí quero dar uns exemplos de formacións híbridas, nos diferentes niveis da lingua, do *fronteirizo*[11], variedade castelán-portuguesa falada nas zonas fronteirizas entre Uruguai e Brasil (cfr. Gugenberger 2009: 281):

- Palabras híbridas:

— *feijón* (bras.[12]: feijão, denasalizado)
— *pizarrão* (cast.: pizarrón, nasalizado; bras.: quadro negro)
— *feita* (cast.: fecha; bras.: data; segundo o modelo: hecho – feito)
— *marronsinho* (cast.: marrón + diminutivo bras.; bras.: castanho)
— *sen* (cast.: sin; bras.: sem)
— *direcho* (cast.: derecho; bras.: direito)
— *tein* (cast.: tiene; bras.: tem; aproximación á nasalización bras.)

- Creación de novas palabras:

— *cisco* (cast.: mugre; bras.: sujeira)
— *acuá* (cast.: ladrar; bras.: latir)

- Formacións híbridas no nivel morfosintáctico:

— *o viajem* (cruzamento de xénero; bras.: a viajem; cast.: el viaje)
— *va decir* (elisión da preposición de acordo co modelo bras.; bras.: vai dizer; cast.: va a decir)
— *foi a trabalhar* (inserción da preposición *a* de acordo co modelo castelán; bras.: foi trabalhar; cast.: fue a trabajar)
— *va me dando* (posición do pronome de acordo co modelo bras.)
— *tenía* (ou: *tinha*) *dicho* (cast.: había dicho; bras.: tinha dito)
— *en mi casa tiene árboles* (auxiliar de acordo co modelo bras.; cast.: en mi casa hay árboles)

[11] Os exemplos son tomados de Elizaincín/ Barrios/ Behares (1987) e Hensey (1993).
[12] Bras. (=brasileiro) refírese á variedade brasileira do portugués.

- Variabilidade en artigos, preposicións, pronomes e verbos, e.g.:

— Preposición 'con/com': *con/ cum/ com/ cun/ co/ cu*
— Subxuntivo presente: *haja/ haya; seja/ seia/ sea; venha/ venga*

- Hibridación no nivel fonético:

— Variabilidade entre *e – i* e *o – u* en posición final átona:
[idaʤi] - [idaʤə], [pɔrko] - [pɔrku]

— Realización oclusiva (e non fricativa) de *b* intervocálico:
jabón: [xa'bón] (en vez de [xa'βón])

Da práctica lingüística en Galicia coñecemos ben fenómenos semellantes, por exemplo:

- Híbridos léxicos:

— *jubilou, enseñou, saliu, parexa, lexos, estuven, tuven* (cast.: jubiló, enseñó, salió, pareja, lejos, estuve, tuve; gal.: xubilou, ensinou, parella, lonxe, estiven, tiven)
— *naquella época* (cast.: en aquella; gal.: naquela)
— *de aquella era por la tarde* (cast.: anteriormente; gal.: daquela)
— *para que no te estea frío* (cast.: para que no tengas frío; gal.: para que non che estea frío)

- Híbridos morfosintácticos:

— *o viaxe* (cast.: el viaje; gal.: a viaxe)
— *voy decir/ vou a dicir* (cast.: voy a decir; gal.: vou dicir)

- Marcacións translinguais fonéticas:

— *digho*[13] *yo*
— *nosɔtros* (cast.: nosotros; gal.: nós)

Do dito pódese recoñecer que para min hibrididade non só comprende formas radicais como suxire o concepto *hibridolecto* de Hinnenkamp, senón todos os fenómenos de transgresión dos límites entre linguas, dende marcacións ín-

[13] *gh* corresponde á *gheada*, característica de algunhas variedades rexionais do galego.

fimas (como trazos fonéticos e prosódicos) ata códigos plurilingües mixtos, así como –nunha perspectiva diacrónica– dende mutacións ínfimas ata a acuñación de novas linguas (como *mixed languages* e linguas crioulas).

É dicir, tamén inclúo no híbrido variedades nas que predomina a proporción dunha lingua e a outra só contribúe con algúns trazos, como é o caso das variedades diatópicas do castelán nas Comunidades bilingües de España. Nestas zonas, mesmo cando unha persoa supostamente fala en castelán «puro», non fala nunha «lingua neutra», sen ningún marcador rexional (e social). Os trazos diatópicos poden variar segundo varios factores (grao de formalidade do evento comunicativo etc.), pero dificilmente se atopará un falante «neutro», nin sequera nas elites cultas. Xeralmente fálase nunha variedade un tanto hibridada, é dicir, a outra lingua está presente mesmo en discursos aparentemente «monolingües». Porcar Miralles ilustra isto no exemplo dunha reunión na que os participantes, na súa maioría bilingües catalán-castelán, se expresaron en castelán:

> Se oyeron expresiones como las siguientes: «es a decir», «tengo una comanda a hacer», «me agradaría que se tendría en cuenta», «quitando de un núcleo», «todo y que», «podríamos aconseguirlo», «a más, a más», «por lo que hace a este tema», «habría de estarse de acuerdo, «tampoco no viene al caso», y otros (Porcar Miralles 2002: 196).

No caso do castelán dos cataláns, algúns trazos son de uso tan habitual que mesmo aparecen na fala de monolingües en castelán, por exemplo a anteposición do artigo ante o nome propio (*la* María, *el* Jordi), como observa Blas Arroyo (2006: 81). Os galegos recordarán inmediatamente fenómenos parecidos para o castelán de Galicia, por exemplo o diminutivo *-iño*, o uso estendido de formas sintéticas de tempo, como *hoy compré* (en vez de *hoy he comprado*) ou *dijera* (en vez de *había dicho*) etc.

A tipoloxía de estratexias de hibridación presentada enriba corresponde a unha análise formal. Agora, nun segundo paso, pódese pescudar cal é a función da hibridación para o falante. Entón a pregunta é: por que e para que o falante fai o que fai? Hai toda unha gama de posibles funcións; por exemplo:

- Duplicacións bilingües poden servir para asegurar a comprensión do oínte.
- Cando hai unha lingua básica nunha interacción, o falante pode servirse de elementos lexicais da outra porque prefire evitar certas palabras ou ten dificul-

tade de atopar unha palabra, ou, dirixíndose a un participante específico na conversa, quere facer referencia ó fondo cultural común.

- As hibridacións poden cumprir funcións estilístico-retóricas, tanto nun discurso escrito (por exemplo en textos literarios) como oral.
- É posible que mediante un modo discursivo híbrido o falante tente evitar conflitos nunha situación diglósica, como destaca Silva Valdivia no contexto galego-castelán:

  > Non se produce o cambio de lingua, pero búscase a maneira de atenuar as diferenzas entre ambas, probablemente coa pretensión inconsciente de que a paulatina neutralización das estruturas dos dous idiomas leve aparellada unha neutralización do estatus social dos seus usuarios (1994: 167).

- Unha función importante da hibridación é, sen dúbida, a marcación identitaria. Hai moitos lingüistas que destacan a función identitaria do discurso bilingüe ou mixto, entre eles Appel e Muysken (1987: 129 e ss.), que sosteñen que mediante estratexias como code-switching, code-mixing, relexificación, reduplicación mixta ou mantemento dun acento os falantes expresan a súa identidade bilingüe.
- O grao de hibridación pode variar de acordo cos interlocutores ou a situación comunicativa. En Galicia, moitos «falantes cultos», que saben diferenciar perfectamente os dous códigos, elixen un modo híbrido na conversa con familiares e amigos, evitando palabras que corresponden á norma «correcta», xa que a variedade híbrida aprendida no lar «está ligada nos ámbitos máis afectivos a este tipo de formas, de maneira que unha restauración brusca das voces correctas pode mesmo producir 'ruídos' na comunicación e unha ruptura na espontaneidade da interacción», como indica Silva Valdivia (1994: 169).

No tocante á pregunta de se unha hibridación resulta da falta de capacidade ou de vontade do falante de separar as linguas (recórdese a distinción entre interferencias voluntarias e involuntarias proposta por Kabatek) cabe mencionar que en moitos casos non se pode contestar claramente esta pregunta, pois non é posible unha soa interpretación. Oksaar (2003: 64) por exemplo destaca que o mantemento do acento de migrantes que emigraron despois da adolescencia non

necesariamente se debe á incompetencia do falante, senón máis ben á vontade de marcar a súa identidade etnolingüística. De todas maneiras, sexa voluntario ou involuntario, o acento sempre funciona como marcador identitario.

Ademais, dentro dunha perspectiva hibridista –ó meu modo de ver– esta pregunta non ten relevancia. Só dentro dunha perspectiva monolingüista a mestura de estruturas é índice de incompetencia. Pero, se se asume unha postura hibridista, trátase de formacións híbridas que poden ser interpretadas como índice dunha competencia comunicativa translingual que o falante emprega creativamente.

Para pór un exemplo, vexamos o caso do *cocoliche*, falado polos inmigrantes italianos en Arxentina. Se se parte dun ángulo monolingüista, o cocoliche italiano é unha variedade con interferencias castelás ou viceversa. Pero unha análise que se basea neste ángulo logo bate cos seus límites como mostra o seguinte extracto dunha entrevista cun inmigrante italiano que leva 60 anos en Arxentina (cfr. Meo Zilio 1993: 101-106):

> […] Depwè **ò** venído a TRABAKÀRE akà IN la bóka E **ò** TRABAKÀTO IN úna DRÀGA olandésa, ke pescàba aréna, bàrro E lo mandàba a tièrra, i èra *bakíto-bakíto* ke andába el àgwa arríba. […][14]

Que é isto, italiano ou castelán?

Se se quere determinar a procedencia de cada elemento, resulta o seguinte:

- castelán (en letra recta normal): depwè (después), venído, akà, olandésa, pescaba, bàrro, lo, mandàba, tièrra, i, andába, el, àgwa (agua), arríba
- castelán adaptado fonéticamente ó italiano (en cursiva): *bakito*
- italiano (en versalita): IN, E, DRÀGA
- tanto castelán como italiano (subliñado): a, la, una, ke, arena, era
- palabras híbridas con base castelá (en maiúscula): TRABAKÀRE, TRABAKÀTO
- no clasificable (en negriña): **ò** (cast.: he, ital.: sono).

[14] Tradución ó castelán: Después he venido acá a la Boca y he trabajado en una draga holandesa que pescaba arena y barro y los volcaba a tierra, la que era bajita-bajita, y la cubría de agua.

Este exemplo mostra o que xa se dixo enriba (véxase a cita de Földes): neste caso o falante bilingüe non separa as dúas linguas, senón que traspasa as súas fronteiras creando algo diferente que escapa a unha adscrición unívoca.

3. PARA QUÉ CASOS DE CONTACTO LINGÜÍSTICO E PROCESOS DE MESTURA SE PODE APLICAR O CONCEPTO DE HIBRIDIDADE?

Erfurt e Hinnenkamp subliñan que as sociedades urbanas actuais, que –debido á inmigración masiva– se caracterizan por un alto grao de pluriculturalidade e multilingüismo, constitúen un eido nutritivo para espazos transculturais e formas híbridas, e por iso son moi apropiadas como obxecto de estudo. Pero non necesariamente hai que restrinxir o uso do termo hibrididade ás cidades inmigratorias postmodernas, como mostran os seguintes estudos.

Földes, autor citado anteriormente, aplica o concepto noutro contexto, concretamente no caso dos xermano-húngaros. Hill e Hill utilizan o concepto *sincretismo* (no mesmo sentido que hibrididade) para as falas sincréticas entre o español e o náhuatl en México. Seguindo a Bakhtin consideran o sincretismo como resistencia contra a orde oficial: «el 'mezclar' puede justamente constituir la oposición al 'orden' que el mundo de habla hispana trata de imponer a los pueblos de La Malinche» (1999: 431).

Eu mesma pretendín mostrar en varios traballos que o concepto tamén pode servir para interpretar procesos non recentes e contactos baixo condicións sociais diversas. Mesmo en sociedades caracterizadas por unha ideoloxía asimilista onde a lingua nacional se vinculaba co Estado-Nación, había e hai falantes que crearon formas híbridas como expresión da súa autocolocación identitaria múltiple e da súa resistencia (manifesta ou latente) contra a asimilación completa ó modelo dominante. Tomei como exemplos a *media lingua* (español-quichua) en Ecuador, o cocoliche en Arxentina, o fronteirizo en Uruguai e as variedades híbridas nas Comunidades Autónomas bilingües en España, entre elas tamén Galicia, e a fala dos inmigrantes galegos en Bos Aires (Gugenberger 2008, 2009, 2010, no prelo).

Se nos centramos no cocoliche e o fronteirizo, dous casos dos que xa se falou antes, observamos o seguinte:

O cocoliche que se perdeu na segunda xeración é interpretable como expresión dunha identidade híbrida transitoria de migrantes. O feito de que os migrantes italianos mantivesen o cocoliche ata a vellez a pesar da súa longa estadía en Arxentina sen cambiar de todo ó castelán, é un indicio de que a súa disposición a asimilarse non chegou ata o punto de abandonar totalmente a súa lingua materna. Co cocoliche os inmigrantes adaptábanse ás esixencias comunicativas da sociedade arxentina e ó mesmo tempo diferenciábanse dela, rompendo coas regras de ámbolos sistemas lingüísticos.

En oposición ó cocoliche, o fronteirizo transmítese de xeración a xeración, pois fálase como primeira lingua sobre todo nos estratos baixos. Ó usar o fronteirizo, os falantes marcan a súa dobre pertenza e a súa distinción fronte ós uruguaios castelán-falantes e os brasileiros lusófonos. Inclusive, a pesar da falta dun estándar e dunha codificación (discutiuse este tema nos anos 70 do século pasado), o fronteirizo falado deu pulos para o seu uso escrito en textos literarios, en *chat rooms, web logs* e *páxinas web* (cfr. Lipski 2006). Nestes espazos comunicativos os interlocutores fan un uso moi creativo dos seus recursos multilingües, o que –segundo Erfurt– constitúe xustamente unha das características da hibridididade lingüística.

A dinamización de procesos interlingüísticos no contexto de globalización, migración e multiculturalidade levou sen dúbida a formas híbridas novas e complexas. Xurdiron culturas de resistencia que utilizan un estilo lingüístico híbrido como instrumento moi consciente e intencional para expresarse (estou pensando por exemplo nas cancións de *rap*). Noutras situacións de contacto, marcadas por unha forte presión normativa por parte da lingua dominante, talvez os falantes non «ousen» usar todo o potencial creativo do seu repertorio lingüístico. Porén, na miña opinión, tales constelacións non deben ser excluídas do paradigma de hibridididade, porque tamén conteñen aspectos de creatividade e resistencia (ás veces nin sequera conscientes) contra as esixencias de asimilación, así como compoñentes emancipatorios no senso dunha profesión de hibridación. Ó recorreren a diferentes recursos lingüísticos, modelando así un discurso híbrido, os falantes expresan a súa autopercepción como seres bi- ou multiculturais ou sinxelamente seres híbridos.

Aínda que esta profesión non sempre se manifeste en xogos lingüísticos virtuosos, tamén se reflicte por exemplo nas palabras dunha inmigrante galega en Bos Aires que di: «Mesclo o meu, falo máis cómoda co meu gallego, co gallego

que eu falo. Si teño que falar o outro, e... non podría.» O galego híbrido ten un alto valor identitario para ela («meu gallego»). Ela rexeita esixencias normativas tanto de un coma do outro lado e defende o seu xeito de falar, a pesar de que o valora negativamente, ó dicir: «Si non é o verdadero gallego, entendo que n'o falo ben. A min paréseme, hasta que non saleu o idioma, pensaba que falaba ben o gallego.»

Ben se sabe que actitudes como esta de xulgar de que se non fala ben nin o un nin o outro ou que se fala un chapurreo, son un reflexo de ideoloxías puristas que aínda seguen vixentes, tanto na consciencia dos propios falantes como en discursos políticos e académicos. Atópanse defensores do monolingüismo dobre e da «purificación» lingüística en ámbolos lados, é dicir, tanto entre os nacionalistas españois como entre os militantes da reivindicaión das linguas das Comunidades Autónomas, se ben os seus motivos e posturas subxacentes son diferentes. Vexamos os seguintes exemplos:

Na lei 3/1986 de normalización lingüística das Illas Baleares, na que se realiza un diagnóstico da situación social do catalán e as súas causas, alcúmanse de *barbarismos* os elementos casteláns no catalán:

> Por todo eso es por lo que nuestra lengua, que ha sido y sigue siendo vehículo de cultura universal, se encuentra, actualmente, en una situación de desvalimiento. Consecuencia de esta situación son: un exceso de *barbarismos* en la lengua hablada popularmente, el desconocimiento de las formas de expresión culta tradicional, la generalización de ciertos prejuicios lingüísticos y diversas actitudes de infravaloración hacia el propio idioma (citado en Colom Pastor 2006: 326; o salientado é meu).

O xurista Pérez Fernández, ó mencionar o fenómeno dos híbridos en Asturias, fala de *serios déficits* dos falantes no uso do castelán:

> Además, tampoco se puede negar el hecho de que buena parte de los asturianos tienen *serios déficits* en el uso de la lengua castellana. Las interferencias entre las lenguas autóctonas y el castellano ha dado lugar al peculiar fenómeno de los híbridos que, en Asturias, se ha dado en denominar «amestáu» (Pérez Fernández 2006: 250; o salientado é meu).

Estes exemplos mostran ben que tamén nos discursos oficiais seguen sen superarse as ideoloxías puristas e a visión monolingüista dentro da sociedade española

actual. Entón cabe preguntarse se o paradigma da hibridididade só serve para o debate científico e os xogos intelectuais, ou se tamén pode ser inspirador e valioso para as políticas lingüísticas que velan pola normalización das linguas das Comunidades Autónomas.

4. A POSIBLE UTILIDADE DO CONCEPTO DE HIBRIDIDADE PARA A POLÍTICA LINGÜÍSTICA NAS COMUNIDADES BILINGÜES DE ESPAÑA

Sen dúbida, establecer unha norma e implementala socialmente non é tarefa fácil en ningún caso no que unha lingua dominada foi influenciada durante moito tempo por outra dominante. O debate sobre a norma separa moitas veces os defensores dunha «liña dura» e os que optan por unha «liña branda». Para o caso do catalán, Bierbach (2000) fala dun *catalán heavy*, unha variedade normativa purista, e un *catalán light*, que corresponde ó catalán como se fala hoxe en día, é dicir, unha variedade con trazos híbridos debido ó contacto co castelán.

En certo modo, cando se trata de recuperar todas as funcións sociais dunha lingua dominada, xustifícase unha postura purista xa que destaca o seu valor de lingua propia diferenciada de outra. Para comunidades que loitan polo recoñecemento como grupo distinto (étnico e/ou lingüístico) este diferencialismo pode cumprir unha función identitaria importante. Endebén, segundo se afirma na literatura especializada, parece ser difícil impoñer medidas de reivindicación lingüística que se basean nunha extrema postura purista[15], debido a que a norma proposta corre o risco de non ser aceptada polos falantes por parecerlles demasiado artificial e lonxe da súa propia forma de falar.

Todos os planificadores lingüísticos de linguas minorizadas enfróntanse a este problema. Paréceme suxerente unha solución intermediaria como a que propón Silva Valdivia (1994: 170) canto ó ámbito didáctico. Sostén que unha das fun-

[15] Gal indica ó respecto: It appears to be a generally valid conclusion [ ] that subordinate languages which allow great interference, indeed convergence with the dominant language, are more surely maintained than subordinate languages in which a purist ideology demands that young people adhere to the norms of the dying language. At the same time, it appears that creative changes within dying languages often change the subordinate language in a way that makes it differ more markedly or noticeable from the dominant language (Gal 1996: 591-592).

cións do ensino de lingua ten que ser necesariamente o ensino da variedade estándar. Porén, isto non ten que levar aparellado o rexeitamento das variedades híbridas, desvalorizándoas como deformacións, senón máis ben débese deixar un espazo á creatividade dos falantes[16].

Por suposto, os alumnos deben aprender que o galego e o castelán son dúas linguas que teñen diverxencias no léxico, na gramática, na fonética e na fonoloxía. Trátase pois de transmitir o coñecemento de ambas as linguas e, ó mesmo tempo, apreciar a riqueza expresiva que reside nas estratexias de hibridación, sen adscribir valores discriminatorios ás diversas formas de falar. Deste xeito, os falantes poden recorrer a unha, á outra ou a ámbalas linguas de acordo coas súas necesidades e metas comunicativas, o que en moitos casos xa se está realizando na práctica lingüística cotiá.

As actitudes negativas cara á hibridación son –ó meu ver– un dos factores que promoven o desprazamento da lingua desprestixiada cara á lingua dominante. Ó borrar as valoracións negativas, tanto cara ás linguas propias das Comunidades Autónomas como cara ás prácticas híbridas, promoveríase o uso delas, sexa na súa variedade normativa, sexa nunha forma híbrida.

5. CONCLUSIÓN

Neste relatorio presentei unha sinopse das diferentes fases na concepción das linguas e dos fenómenos interlingüísticos, examinando criticamente os termos usuais da lingüística de contacto que corresponden a cada unha delas. Pretendín mostrar as vantaxes do concepto de hibridididade para analizar os procesos de mestura de linguas. Este concepto permite colocarse nunha perspectiva que parte do espazo que traspasa as fronteiras lingüísticas e desprenderse dos mitos inherentes ás conceptualizacións tradicionais que modelaban as linguas como sistemas illados e puros. Mostrouse que, no tocante á compatibilidade do paradigma de hibridididade cos termos establecidos na investigación sobre o contacto de linguas, os lingüistas que operan con este paradigma asumen posturas diverxentes, pero existe acordo en que o concepto de interferencia xa non cabe nunha perspectiva hibridista. Ilustrouse que, dende esta perspectiva, non só poden ser interpretados

[16] Silva Valdivia vota por unha estratexia de respecto e compromiso, como tamén expón na súa contribución neste mesmo volume.

como exemplos de hibridación fenómenos recentes en sociedades inmigratorias postmodernas, senón tamén procesos interlingüísticos doutras épocas históricas e de contacto prolongado, como son os casos do cocoliche e do fronteirizo, así como a situación de contacto entre as linguas das Comunidades Autónomas e o castelán en España, que ata agora aínda se adoita analizar e valorar a partir de conceptualizacións de monolingüismo dobre e de posturas puristas.

Finalmente sostívose que unha perspectiva hibridista, na que o «tanto isto como aquilo» é posible, non só pode servir ós lingüistas como concepto teórico e instrumento de análise. Sendo un enfoque útil e axeitado para describir e analizar o amplo espectro de formas transculturais e translingüísticas como reflexo dunha gran diversidade de construcións identitarias, tamén pode dar azos para repensar as políticas lingüísticas en sociedades plurilingües como a española cara a unha política que tome en conta e valorice as prácticas diversas dos falantes plurilingües.

Referencias bibliográficas

Appel, R. / P. Muysken (1987): *Language Contact and Bilingualism.* Londres: Arnold.

Auer, P. (1998): «Introduction: Bilingual Conversation revisited», en *idem*, *Code-Switching in Conversation. Language, interaction and identity*. Londres: Routledge, 1-24.

Auer, P. (2000): «From Code-Switching via Language Mixing to Fused Lects: Toward a Dynamic Typology of Bilingual Speech» (dispoñible en liña: http://www.ub.uni-konstanz.de/kops/volltexte/ 2000/470/ [11/11/2008]).

Bakker, P. / P. Muysken (1995): «Mixed languages and language intertwining», en J. Arends / P. Muysken / N. Smith (eds.), *Pidgins and Creoles: An introduction.* Ámsterdam: John Benjamins, 41-52.

Bechert, J. / W. Wildgen (1991): *Einführung in die Sprachkontaktforschung.* Darmstadt: Wissenschaftliche Buchgesellschaft.

Bierbach, C. (2000): «Cuatro idiomas para un Estado – ¿cuántos para una Región Autónoma?», en G. Bossong / F. Báez de Aguilar González (eds.), *Identidades lingüísticas en la España autonómica*. Fráncfort do Meno / Madrid: Vervuert/Iberoamericana, 17-37.

Blas Arroyo, J. L. (1993): *La interferencia lingüística en Valencia (dirección: catalán → castellano). Estudio sociolingüístico*. Castelló: Publicacions de la Universitat Jaume I.

Blas Arroyo, J. L. (1999): *Lenguas en contacto. Consecuencias lingüísticas del bilingüismo social en las comunidades de habla del este peninsular*. Fráncfort do Meno / Madrid: Vervuert/Iberoamericana.

Blas Arroyo, J. L. (2006): «Reflexiones en torno al concepto de convergencia lingüística y su aplicación a las variedades del español en contacto con el catalán. Aspectos estructurales y sociolingüísticos», *Quo vadis, Romania* 28, 75-92.

Clyne, M. (1967): *Transference and Triggering*. A Haia: Nijhoff.

Colom Pastor, B. (2006): «Estatuto jurídico del catalán en las Illes Balears», en J. M. Pérez Fernández (ed.), *Estudios sobre el estatuto jurídico de las lenguas en España*. Barcelona: Atelier, 325-348.

D'Andrés, R. (2000): *Reivindicación llingüística: unes reflexiones*. Uviéu: Ambitu.

D'Andrés, R. (2007): «Linguistic borders of the Western Peninsula», *International Journal of the Sociology of Language* 184, 121-138.

Elizaincín, A. / G. Barrios / L.E. Behares (1987): *Nos falemo brasilero: dialectos portugueses en Uruguay*. Montevideo: Amesur.

Erfurt, J. (2003): «'Multisprech': Migration und Hybridisierung und ihre Folgen für die Sprachwissenschaft», en *idem*, *'Multisprech': Hybridität, Variation, Identität*. OBST Osnabrücker Beiträge zur Sprachtheorie, 5-33.

Erfurt, J. (2005): «'De meme I hope j'te bother pas': Transkulturalität und Hybridität in der Frankophonie», en *idem* (ed.), *Transkulturalität und Hybridität. L'espace francophone als Grenzerfahrung des Sprechens und Schreibens.* Fráncfort do Meno et al.: Lang, 9-36.

Földes, C. (2005): *Kontaktdeutsch: Zur Theorie eines Varietätentyps unter transkulturellen Bedingungen von Mehrsprachigkeit.* Tubinga: Narr.

Gal, S. (1996): «Language Shift», en H. Goebl / P. Nelde / Z. Starý / W. Wölck (eds.), *Kontaktlinguistik. Ein internationales Handbuch zeitgenössischer Forschung*, vol. 1. Berlín / Nova York: De Gruyter, 586-593.

Gass, S. (1996): «Transference and interference», en H. Goebl / P. Nelde / Z. Starý / W. Wölck (eds.), *Kontaktlinguistik. Ein internationales Handbuch zeitgenössischer Forschung*, vol. 1. Berlín / Nova York: De Gruyter, 558-567.

Graña Núñez, X. (1993): *Vacilacións, interferencias e outros «pecados» da lingua galega*. Vigo: Ir Indo.

Gugenberger, E. (2008): «El castellano y las lenguas regionales en España. Bilingüismo e hibridación», en P. Cichon / M. Doppelbauer, *La España multilingüe. Lenguas y políticas lingüísticas de España*. Viena: Praesens, 31-52.

Gugenberger, E. (2009): «Der ‚Dritte Raum' in der Sprache: Sprachkontakt und Hybridisierungsprozesse in der Romania», en V. Dolle / U. Helfrich (eds.), *Der „Spatial Turn" in der Romanistik: Möglichkeiten und Grenzen seiner Anwendung*. Múnic: Meidenbauer, 354-376.

Gugenberger, E. (2010): «Das Konzept der Hybridität in der Migrationslinguistik», en R. Ludwig / D. Röseberg (eds.), *Tout-Monde: Interkulturalität, Hybridisierung, Kreolisierung. Kommunikations- und gesellschaftstheoretische Modelle zwischen „alten" und „neuen" Räumen.* Fráncfort do Meno *et al.*: Lang, 67-91.

Gugenberger, E. (2012): *Theorie und Empirie der Migrationslinguistik, Mit einer Studie zu den Galiciern und Galicierinnen in Argentinien.* Viena: LIT-Verlag. No prelo.

Gumperz, J. (1982): *Discourse Strategies*. Cambridge: Cambridge University Press.

Hensey, F. (1993): «Portuguese and/or 'fronterizo' in northern Uruguay», en R. Posner / J. N. Green (eds.), *Bilingualism and Linguistic Conflict in Romance (=Trends in Romance Linguistics and Philology, vol. 5).* Berlín *et al.:* De Gruyter, 433-452.

Hill, J. / K. Hill (1999): *Hablando mexicano*: *la dinámica de una lengua sincrética en el centro de México.* México: CIESAS / INI (versión orixinal: *Speaking Mexicano. Dynamics of Syncretic Language in Central Mexico*. Tucson: The University of Arizona Press, 1986).

Hinnenkamp, V. (2005): «'Zwei zu *bir miydi*?' – Mischsprachliche Varietäten von Migrantenjugendlichen im Hybriditätsdiskurs», en V. Hinnenkamp / K. Meng (eds.), *Sprachgrenzen überspringen*. *Sprachliche Hybridität und polykulturelles Selbstverständnis*. Tubinga: Narr, 51-103.

Howard-Malverde, R. (1995): «'Pachamama is a Spanish word': Linguistic Tension between Aymara, Quechua, and Spanish in Northern Potosí (Bolivia)», *Anthropological Linguistics* 37:2, 141-168.

Kabatek, J. (1991): «Interferencias entre galego e castelán: problemas do galego estándar», C*adernos de lingua* 4, 39-48.

Kabatek, J. (1996): *Die Sprecher als Linguisten, Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen der Gegenwart*. Tubinga: Niemeyer.

Kellerman, E. / M. Sharwood Smith (eds.) (1986): *Crosslinguistic Influence in Second Language Acquisition*. Nova York: Pergamon Press.

Lipski, J. (2006): «Too close for comfort? The genesis of 'Portuñol/ Portunhol'», en T. Face / C. Klee (eds.), *Selected Proceedings of the 8th Hispanic Linguistics Symposium*. Somerville / MA: Cascadilla Proceedings Project, 1-22.

Lüdi, G. (1987): «Les marques transcodiques: regards nouveaux sur le bilinguisme», en *idem* (ed.), *Devenir bilingue – parler bilingue*. Tubinga: Narr, 1-21.

Lüdi, G. (1994): «Dénomination médiate et bricolage lexicale en situation exolingue», *Aile* 3, 115-146 (dispoñible en liña: http://aile.revues.org/4897 [04/10/2012]).

Lüdi, G. (1996): «Mehrsprachigkeit», en H. Goebl / P. Nelde / Z. Starý / W. Wölck (eds.), *Kontaktlinguistik. Ein internationales Handbuch zeitgenössischer Forschung*, vol. 1. Berlín / Nova York: De Gruyter, 233-245.

Lüdi, G. (2011): «Le répertoire plurilingue de Gaspard Jodoc Stockalper, entrepreneur valaisan du xviie siècle», *Vox Romanica 70*, 191-218.

Lüdi, G. / B. Py (2009): «To be or not to be … a plurilingual speaker», *International Journal of Multilingualism* 6:2, 154-167.

Meo Zilio, G. (1993): *Estudios hispanoamericanos (2). Temas lingüísticos y de Crítica Semántica*. Roma: Bulzoni.

Muysken, P. (2000): *Bilingual Speech: A typology of code-mixing*. Cambridge: Cambridge University Press.

Myers-Scotton, C. (1988): «Code switching as indexical of social negotiations», en M. Heller (ed.), *Codeswitching. Anthropological and sociolinguistic perspectives.* Berlín / Nova York / Ámsterdam: De Gruyter, 151-186.

Myers-Scotton, C. (1993): *Social motivations for code-switching*. Oxford: Oxford University Press.

Myers-Scotton, C. (2002): *Contact Linguistics. Bilingual Encounters and Grammatical Outcomes.* Oxford: Oxford University Press.

Navarro Sánchez, Á. C. (2006): «Estatuto jurídico del patrimonio lingüístico de la cuenca del Segura», en J. M. Pérez Fernández (coord.), *Estudios sobre el estatuto jurídico de las lenguas en España*. Barcelona: Atelier, 473-500.

Oksaar, E. (2003): *Zweitspracherwerb. Wege zur Mehrsprachigkeit und zur interkulturellen Verständigung.* Stuttgart: Kohlhammer.

Parga Valiña, E. (1997): *A interferencia lingüística no galego oral dos concellos de Barreiros, Foz e Lourenzá.* Memoria de Licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela. Inédita.

Pérez Fernández, J. M.: «Estatuto jurídico de la lengua asturiana», en *idem* (coord.), *Estudios sobre el estatuto jurídico de las lenguas en España*. Barcelona: Atelier, 249-280.

Porcar Miralles, M. (2002): «Algunas consideraciones históricas sobre el contacto de las lenguas española y catalana», en J. L. Blas Arroyo / M. Casanova / S. Fortuño / M. Porcar Miralles (eds.): *Estudios sobre lengua y sociedad.* Castelló: Publicaciones de la Universitat Jaume I, 189-200.

Rampton, B. (1995): *Crossing: Language and Ethnicity among Adolescents*. Nova York *et al.:* Longman.

Santamarina, A. (1995): «Norma e estándar», en H. Monteagudo (ed.), *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto.* Vigo: Galaxia, 53-98.

Silva Valdivia, B. (1994): «Cambios de código, alternancias e interferencias lingüísticas: Unha perspectiva didáctica sociocomunicativa», en *idem* (coord.), *Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico*. Santiago de Compostela: Universidade, 151-176.

Thomason, S. G. / T. Kaufman (1988): *Language Contact, Creolization, and Genetic Linguistics.* Berkeley *et al.:* University of California Press.

Weinreich, U. (1953): *Languages in contact. Findings and problems*. A Haia: Mouton.

Whinnom, K. (1971): «Linguistic hybridization and the 'special case' of pidgins and creoles», en D. Hymes (ed.), *Pidginization and Creolization of Languages*. Cambridge: Cambridge Univ. Press, 91-116.

Zimmermann, K. (1992): *Sprachkontakt, ethnische Identität und Identitätsbeschädigung. Aspekte der Assimilation der Otomí-Indianer an die hispanophone mexikanische Kultur.* Fráncfort do Meno: Vervuert.

A PRESENZA DO GALEGO NO LÉXICO DISPOÑIBLE DO ESPAÑOL DE GALICIA. ANÁLISE DISTRIBUCIONAL

María Álvarez de la Granja
Instituto da Lingua Galega -
Universidade de Santiago de Compostela

Belén López Meirama
Universidade de Santiago de Compostela

O obxectivo deste traballo é analizar a presenza do galego no léxico dispoñible do español de alumnos de 2º de Bacharelato de Galicia desde o punto de vista da súa distribución, tanto por ámbitos temáticos como por informantes (de acordo con diversas variables de estratificación social). O corpus do traballo está constituído polas palabras marcadas como galegas na obra *Léxico disponible en el español de Galicia* (en adiante LDEG), elaborada por Belén López Meirama e publicada no ano 2008[1]. A seguir caracterizaremos brevemente o concepto de *léxico dispoñible* e comentaremos as características fundamentais do LDEG.

De acordo con López Morales (1999: 11) o *léxico dispoñible* é «el caudal léxico utilizable en una situación comunicativa dada». O que subxace a esta definición é que existe no lexicón mental dos falantes unha serie de voces que adoitan actualizarse só se o tema do discurso o require (palabras temáticas). Son palabras relativamente pouco frecuentes, pero si moi coñecidas e, desde logo, necesarias para a elaboración de determinados discursos. Este léxico dispoñible recóllese a partir duns estímulos verbais (os temas), chamados *centros de interese* ('O mar', 'A escola', 'As cores'...), ao redor dos cales os informantes producen listaxes de unidades léxicas dispoñibles.

O LDEG enmárcase no proxecto panhispánico de léxico dispoñible coordinado por Humberto López Morales (http://www.dispolex.com/), que ten por obxectivo final a elaboración dun dicionario de léxico dispoñible do español (sobre as características do proxecto pode consultarse Bartol Hernández 2006). Neste mesmo marco téñense publicado xa numerosos traballos que comparten unha serie de características metodolóxicas. A metodoloxía común con outros léxicos dispoñibles do castelán —mesmos centros de interese, mesmo sistema de cálculo do índice de dispoñibilidade, mesmo tipo de enquisados etc.—, ademais

[1] No ano 2011 púxose a disposición dos usuarios unha versión on-line dos datos do LDEG (dispoñible en http://gramatica.usc.es/dispogal/) e é sobre ela sobre a que traballamos. Existen unhas poucas discrepancias entre esta versión e a que se publicou no CD que acompañaba o libro, debido á corrección dos erros detectados neste.

de atopar a súa xustificación na finalidade xa mencionada —elaboración dun dicionario—, permite facer cotexos que poden ser de gran interese, moi en especial no ámbito sociolingüístico.

As que sinalamos a continuación son as principais características comúns aos traballos que se enmarcan no proxecto panhispánico mencionado. Cando o consideramos relevante, comentamos tamén algunha especifidade do LDEG:

1. Os informantes son estudantes de segundo de bacharelato.
2. Pártese de, polo menos, 16 centros de interese (en adiante, CI) comúns. No caso do LDEG engadíronse, coma nalgún outro subproxecto, dous máis, 'As cores' e 'O mar'. O conxunto de CI do LDEG é o seguinte: 'O corpo humano', 'A roupa', 'Partes da casa (sen mobles)', 'Os mobles da casa', 'Alimentos e bebidas', 'Obxectos colocados na mesa para a comida', 'A cociña e os seus utensilios', 'A escola: mobles e materiais', 'Calefacción e iluminación', 'A cidade', 'O campo', 'Medios de transporte', 'Traballos do campo e do xardín', 'Os animais', 'Xogos e distraccións', 'Profesións e oficios', 'As cores' e, por último, 'O mar'. O nome do CI non representa un hiperónimo do que haxa que ofrecer hipónimos, nin un holónimo do que haxa que proporcionar merónimos, senón máis ben un ámbito temático de carácter xeral. Isto implica que as respostas dos informantes poden ser máis ou menos centrais ao dito ámbito, posto que moitas delas xorden por asociación dunhas voces con outras.
3. O tempo de reacción para fornecer as respostas é de dous minutos por CI.
4. Para o cómputo de dispoñibilidade utilízase unha mesma fórmula matemática[2].
5. Todos os subproxectos utilizan esencialmente os mesmos criterios para a lematización (i. e., edición das respostas). No caso do LDEG, introducíronse algúns criterios propios, entre os que cabe destacar a marcación específica de certos lemas como galegos, marcación especialmente importante para a elaboración deste traballo. Segundo sinala López Meirama na introdución do LDEG (2008: 59-60), márcanse con [g] as respostas rexistradas polos infor-

[2] A dispoñibilidade obtense conxugando o número de informantes que mencionan unha palabra e as posicións que esta ocupa nas listaxes. Calcúlase a través dunha fórmula matemática complexa creada por López Chávez e Strassburger (1987, 1991, 2000).

mantes que non se recollen nos dicionarios da Academia española nin noutros dicionarios de uso do español, así como as formas que na lexicografía española figuran acompañadas dunha marca de distribución diatópica que restrinxe o seu uso a Galicia ou a Galicia e zonas próximas[3].

6. Téñense en conta unha serie de variables sociais: sexo, titularidade do centro educativo (público, privado), localización do centro educativo e da vivenda familiar, e nivel sociocultural[4]. Canto á localización, no LDEG diferenciouse entre poboacións urbanas (as sete cidades galegas), periurbanas (conurbacións que rodean as cidades da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Vigo e Pontevedra), vilas (esencialmente concellos de máis de 15 000 habitantes) e poboacións rurais (concellos de menos de 15 000 habitantes afastados dos núcleos urbanos e economicamente centrados no sector primario). Ademais, tamén se tivo en conta a variable poboación costeira vs. poboación de interior. Ao afirmar que se tiveron en conta estas variables, quedan implicadas dúas realidades diferentes: 1) que á hora de distribuír as enquisas se consideraron estes factores, tentando que o reparto se adecuase á distribución xeosocial dos alumnos de 2º de bacharelato de Galicia[5], coa excepción do relativo ao nivel sociocultural, variable da que se obtivo a información nas mesmas enquisas; 2) que á hora de traballar cos resultados poden facerse cotexos baseados nos distintos factores: zonas rurais vs. zonas periurbanas vs. zonas urbanas...; zonas costeiras vs. zonas de interior; rapaces vs. rapazas etc.

No caso do LDEG tamén se recolleron os datos sobre as particularidades lingüísticas dos alumnos enquisados, pero, a diferenza da maior parte das variables anteriores, a que se denomina lingua habitual non se utilizou na estratificación previa da mostra, senón que se obtivo solicitándolles aos estudantes información

[3] Tal e como se explica con máis detalle en Álvarez de la Granja (2011: 20), e de acordo co indicado, en principio as formas marcadas con [g] non teñen que ser necesariamente voces de orixe galega (poderían tratarse simplemente de voces de orixe castelá, pero restrinxidas no seu uso a Galicia). No entanto, se repasamos as respostas etiquetadas coa dita marca, descubrimos que a gran maioría delas procede realmente do galego. As únicas formas dubidosas de entre as marcadas con [g] son *galpón* e *caña de hierbas*. Por outra banda, tamén se marcan con esta etiqueta as voces de orixe castelá que presentan unha adaptación ao galego (como *xudía* ou *conexo*).

[4] Para establecer esta variable manexouse o nivel educativo dos pais e, secundariamente, tívose en conta tamén o ámbito profesional.

[5] A tal fin utilizáronse datos fornecidos pola Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, relativos ao curso 2005-2006.

sobre a lingua de uso habitual (só galego; máis galego ca castelán; galego ou castelán, indistintamente; máis castelán ca galego; só castelán; outra). Os resultados, de todos modos, son similares aos que proporcionan os diferentes estudos que dende a sociolingüística se teñen feito sobre o emprego de ambas as dúas linguas, como se poderá comprobar no seguinte apartado.

Dado que é previsible que a distribución das formas galegas estea condicionada, cando menos en parte, pola lingua habitual dos informantes, no apartado 1 ofrecemos os datos obtidos no LDEG sobre esta variable. A seguir, en § 2, presentamos o reparto de palabras e lemas galegos por CI e por clases léxicas. No apéndice que figura ao final do traballo pode atoparse a listaxe de lemas galegos organizados por tales clases léxicas. No apartado 3 analizamos a distribución das formas galegas segundo as variables de estratificación social máis relevantes (lingua habitual, tipo de poboación da residencia familiar, nivel sociocultural e sexo) e en § 4 presentamos unhas conclusións finais. Este traballo céntrase, pois, na análise distribucional das formas galegas, pero non aborda a súa caracterización formal nin funcional. Para unha tipoloxía desde ambos os puntos de vista, remitimos a Álvarez de la Granja (2011), en cuxo apéndice se pode atopar, ademais, a listaxe completa das formas galegas rexistradas, tanto dos lemas como das variantes concretas que as realizan, distribuídas por CI.

1. A PRESENZA DO GALEGO NA MOSTRA

Os datos xerais sobre a lingua habitual reflíctense no gráfico 1, que recolle no eixe vertical a porcentaxe de falantes de cada un dos grupos establecidos (todos os datos empregados neste traballo para elaborar os gráficos e táboas proceden das enquisas realizadas no LDEG).

Como pode observarse, o número de informantes que se decantan polo uso do castelán é sensiblemente superior ao dos que prefiren o galego, aínda que neste último caso son máis os que se declaran monolingües ca os que se declaran bilingües[6]. Comprobamos, por outra banda, que os que aseguran falar ambas as linguas indistintamente apenas rozan o 15% do total (constitúen o 14,88%). Son poucos, pois, os falantes que se identifican con esta última opción.

[6] Neste traballo os termos *monolingüe* e *bilingüe* non sinalan a competencia lingüística dos informantes, senón simplemente o uso activo que fan (ou, máis exactamente, que declaran facer) dunha ou das dúas linguas.



Gráfico 1. Lingua habitual

Respecto á ínfima porcentaxe de informantes que manifestan falar habitualmente unha lingua diferente do galego e do castelán (3 individuos de 800; o 0,37%), dado que a súa presenza apenas incide nas porcentaxes das outras categorías, decidimos prescindir dela nos recontos, para presentarmos os resultados do xeito máis claro e directo posible. Están ausentes de agora en adiante, e, por tanto, tamén do seguinte gráfico, que recolle os mesmos datos ca o anterior, pero permite ver con maior claridade as preferencias dos nosos informantes polo emprego dunha ou doutra lingua, xa que agrupa os que falan só ou prioritariamente cada unha delas:



Gráfico 2. Galego e castelán como lingua habitual

Sen lugar a dúbidas, entre os nosos informantes o factor que maior incidencia ten no emprego maioritario do galego é o do hábitat, recollido na mostra como *tipo de poboación da residencia familiar*. Na táboa 1[7] podemos observar que nos municipios urbanos e periurbanos hai unha clara primacía do uso do castelán, pero sobre todo constatamos que é no ámbito rural onde se acada a porcentaxe máis significativa de falantes de galego.

	só galego	**+ galego**	**ambas =**	**+ castelán**	**só castelán**
urbana	5,20%	7,27%	16,88%	37,14%	33,51%
periurbana	9,75%	8,13%	17,89%	37,40%	26,83%
vila	20,00%	20,00%	14,55%	30,00%	15,45%
rural	51,95%	22,35%	8,94%	7,82%	8,94%

Táboa 1. A lingua habitual segundo o tipo de poboación da residencia

O gráfico 3 permite visualizar dun xeito máis claro a diferenza nas porcentaxes correspondentes aos distintos tipos de poboación: resulta sinxelo apreciar que a situación lingüística das poboacións periurbanas é moi semellante á das urbanas, aínda que cunha presenza lixeiramente máis acusada do galego; que as vilas amosan unha situación moi equilibrada, cun predominio apenas perceptible do emprego do castelán (o 45,45% dos informantes manifesta a súa inclinación cara ao castelán, fronte ao 40%, que se decanta polo galego); e, sobre todo, que nas poboacións rurais o emprego maioritario ou exclusivo do castelán apenas alcanza o 16,76%, e que son moi poucos os falantes que declaran falar ambas indistintamente (só o 8,94%).

[7] Recollemos porcentaxes, e non cifras absolutas, dado o desequilibrio cuantitativo que existe entre os diferentes grupos; esta circunstancia é importante para interpretar os datos. Concretamente, o 48% da mostra concéntrase nas cidades (386 informantes), fronte ao 22,5%, que corresponde ás poboacións rurais (180 informantes), o 14%, ás vilas (110 informantes) e o 15,5%, ás poboacións periurbanas (124 informantes). Este desequilibrio na mostra tenta reproducir o existente na realidade social galega, tal e como indicamos anteriormente.



Gráfico 3. Distribución dos falantes segundo o tipo de poboación

En segundo lugar, constatamos que o factor do nivel sociocultural (en adiante, NSC) ten tamén unha incidencia importante no uso do galego, xa que a mostra manifesta unha relación directa entre esta variable e a da lingua familiar, sendo que os informantes do NSC medio (case o 60% da mostra) e, sobre todo, os do alto (algo máis do 12% da mostra) se declaran maioritariamente castelanfalantes, mentres que os do NSC baixo (o 28% da mostra) se declaran maioritariamente galegofalantes, como se pode comprobar na táboa 2:

	só galego	**+ galego**	**ambas =**	**+ castelán**	**só castelán**
alto	5,21%	3,12%	7,29%	35,42%	48,96%
medio	14,47%	10,90%	14,26%	32,70%	27,67%
baixo	32,59%	20,09%	19,64%	20,54%	7,14%

Táboa 2. A lingua habitual segundo o NSC

Observamos que, mentres que os informantes pertencentes ao NSC alto se decantan polo uso do castelán case nun 85%, no caso dos do NSC medio esta porcentaxe se reduce ao 60% e nos do NSC baixo cae ata o 28%. Por contra, estes últimos só se declaran monolingües en castelán nun 7,14%, proporción similar á dos estudantes do NSC alto que declaran falar exclusivamente galego

(o 5,21%). Así mesmo, é de destacar o feito de que a porcentaxe dos que din empregar ambas as dúas linguas indistintamente diminúa conforme sobe o NSC. O gráfico 4 permite acceder aos datos dun xeito máis áxil:



Gráfico 4. Distribución dos falantes segundo o NSC

O tipo de poboación e o NSC son dous factores sociais que, como é ben sabido, en Galicia tamén están relacionados entre si, de xeito que as familias con maior formación e máis recursos económicos habitan sobre todo nos núcleos urbanos e están practicamente ausentes do ámbito rural, onde, en contraste, hai unha maior concentración de familias pertencentes ao NSC máis baixo. A táboa 3 recolle o número de informantes correspondente a cada NSC, así como a porcentaxe de individuos de cada un deles nos catro tipos de poboación: nela pódese constatar que, fronte ás poboacións periurbanas e ás vilas, onde a proporción dos distintos NSC é moi similar (máis ou menos o 30% do NSC baixo, ao redor do 8% do NSC alto e algo máis do 60% do NSC medio), destaca dun lado a poboación urbana, con pouco máis do 20% de informantes do NSC baixo e con máis do 18% de informantes do NSC alto, e, doutro lado, a poboación rural, onde apenas hai informantes do NSC alto e, no entanto, os do NSC baixo supoñen preto da metade do grupo.

	NSC alto		NSC medio		NSC baixo	
	número	proporción	número	proporción	número	proporción
pob. urbana	72	18,65%	235	60,88%	79	20,47%
pob. periurb.	10	8,06%	80	64,52%	34	27,42%
vila	9	8,18%	71	64,55%	30	27,27%
pob. rural	6	3,33%	93	51,67%	81	45,00%
mostra completa	*97*	*12,13%*	*479*	*59,87%*	*224*	*28,00%*

Táboa 3. Distribución dos informantes segundo o NSC en cada tipo de poboación

A relación entre as dúas variables sociais no sentido que acabamos de indicar pode apuntar a que a preferencia polo uso do galego que amosan os informantes que pertencen ás familias con niveis de educación máis baixos é susceptible de explicarse, cando menos parcialmente, polo feito de que estas se concentran no ámbito rural; noutras palabras, non nos parece desatinado pensar que o hábitat é máis decisivo na selección lingüística ca o NSC, habida conta de que os nosos informantes son todos estudantes de 2º curso de bacharelato, circunstancia que os homoxeneiza no que atinxe ao seu nivel de formación, atenuando as diferenzas detectadas no dos seus proxenitores.

De feito, se nos centramos nos estudantes do NSC medio e observamos as súas preferencias lingüísticas en función do tipo de poboación, poderemos comprobar que hai un desequilibrio moi marcado na selección da lingua habitual: mentres que os das poboacións rurais declaran falar só ou preferentemente galego nun 68% dos casos, e só nun 22% se decantan polo castelán, nas poboacións urbanas a situación é a inversa, mesmo cunha distancia máis marcada; unicamente o 11% dos rapaces declara falar galego, mentres que a proporción de castelanfalantes supera o 74%.

Se analizamos os datos dos estudantes do NSC baixo, as conclusións son similares. Por citar só unhas cantas cifras representativas, entre os alumnos con residencia nunha poboación urbana e NSC baixo, o 24% di falar só galego ou máis galego ca castelán. Pola contra, entre os estudantes de NSC baixo que residen en poboacións rurais, a porcentaxe elévase ao 86% (cunha diferenza de 62 puntos).

	pob. rural		vila		pob. periurb.		pob. urb.	
	núm.	prop.	núm.	prop.	núm.	prop.	núm.	prop.
só galego	43	46,74%	12	16,90%	3	3,75%	11	4,70%
máis galego	20	21,74%	12	16,90%	6	7,50%	14	5,98%
ambas igual	9	9,79%	10	14,08%	14	17,50%	35	14,96%
máis castelán	10	10,87%	25	35,21%	30	37,50%	91	38,89%
só castelán	10	10,87%	12	16,90%	27	33,75%	83	35,47%

Táboa 4. Distribución dos informantes do NSC medio segundo o tipo de poboación e a lingua habitual

As diferenzas son menos marcadas se nos situamos nun mesmo tipo de poboación e variamos o NSC. Así, como acabamos de ver, nas poboacións urbanas o 24% dos falantes de NSC baixo optan polo galego, como lingua única ou preferente, mentres que entre os falantes con NSC alto a porcentaxe é do 6% (cunha diferenza, por tanto, de 18 puntos). Téñase en conta, ademais, que no LDEG as poboacións se consideran globalmente dentro dunha categoría (urbana, rural...). No entanto, é ben sabido que nas cidades galegas (e nas zonas periurbanas) existen algunhas parroquias con modos de vida claramente rurais, de tal xeito que a adscrición dun informante a un tipo de poboación urbana ou periurbana no LDEG non ten que corresponderse en todos os casos coa situación real.

A seguir analizamos as preferencias lingüísticas dos nosos informantes segundo o sexo. Entre as 443 rapazas da mostra[8] hai unha porcentaxe lixeiramente superior de galegofalantes ca a correspondente aos 354 rapaces, como se pode comprobar na táboa 5 e visualizar no gráfico 5:

	só galego	+ galego	ambas =	+ castelán	só castelán
homes	18,08%	11,02%	14,41%	31,92%	24,57%
mulleres	18,73%	13,77%	15,35%	27,77%	24,38%

Táboa 5. A lingua habitual segundo o sexo

[8] Lembramos que as tres informantes —todas mulleres— que declararon falar outra lingua foron eliminadas destes cómputos.



Gráfico 5. Distribución dos falantes segundo o sexo

Comprobamos que a porcentaxe dos que se declaran monolingües é practicamente idéntica nos dous sexos, mentres que hai máis rapazas que din falar maioritariamente galego (case o 14% delas, fronte ao 11% deles) e máis rapaces que din falar maioritariamente castelán (case o 32% deles, fronte a preto do 28% delas). Estes datos contrastan cos que brinda a *Enquisa de condicións de vida das familias*, levada a cabo polo *Instituto Galego de Estatística* (IGE) para o ano 2008[9], en relación cos mozos de entre 15 e 29 anos, e faino en dous aspectos: dun lado, nesta enquisa as porcentaxes de homes e mulleres que din falar máis galego ou máis castelán están moi próximas entre si, mentres que son as dos monolingües as que están relativamente afastadas; doutro lado, segundo o IGE son máis os homes que falan sempre galego (o 20,78%, fronte ao 16,36% das mulleres) e máis as mulleres que falan sempre castelán (o 28,58%, fronte ao 22,42% dos homes). En xeral, na nosa mostra o 29,10% dos homes di falar só ou preferentemente galego, fronte ao 32,50% das mulleres, e na elaborada polo IGE o 46,28% de rapaces di falar sempre ou máis galego, fronte ao 39,57% de rapazas.

Cremos que unha explicación a esta disparidade nos datos pode atoparse no feito de que no LDEG o reparto entre sexos dos informantes do ámbito rural está claramente desequilibrado en favor das rapazas. Non podemos asegurar que este desequilibrio reflicta fielmente a situación na poboación de estudantes rurais des-

[9] Os datos respecto ao uso habitual e inicial do galego atópanse na seguinte páxina do *Instituto Galego de Estatística* (IGE): http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=2954&paxina=002001&c=0206002001.

te nivel de ensino en Galicia; tan só que é evidente nos centros que colaboraron na elaboración da enquisa[10], como se pode comprobar na táboa 6:

	p. urbana	p. periurb.	vila	p. rural	mostra comp.
homes	45,34%	44,35%	45,45%	41,11%	44,25%
mulleres	55,66%	55,65%	54,55%	58,89%	55,75%

Táboa 6. Distribución porcentual de informantes en homes e mulleres en cada tipo de poboación

Segundo constatan os datos recollidos na táboa, comprobamos que en todos os tipos a proporción de homes e mulleres é moi semellante (aprox. 45%-55%), excepto nas poboacións rurais, precisamente onde se fala maioritariamente galego, onde as mulleres rozan o 60%. Este desequilibrio no reparto de sexos por tipo de poboación podería explicar, cando menos parcialmente, a especificidade dos datos sobre o emprego do galego de rapaces e rapazas na nosa mostra fronte aos obtidos polo IGE, polo que de novo constatariamos que o factor *Tipo de poboación* influe dun xeito prioritario sobre outros factores sociais no emprego do galego. De todos modos, a este factor hai que sumar outro, na nosa opinión moi relevante: trátase do tamaño da mostra, excesivamente pequeno para que se anulen determinadas especificidades que poden influír nos resultados finais. Por exemplo, se nos limitamos aos centros de ensino situados nas poboacións rurais, observamos que hai algún, como o IES Fontexería de Muros, cuxos números responden máis axustadamente aos datos xerais proporcionados polo IGE, mentres que hai outros, como o IES Camilo José Cela de Padrón, que se desvían desta tendencia[11]. Unha posible explicación a este feito pode ser que no núcleo urbano de Padrón os informantes declaran falar tanto galego coma castelán —maioritaria ou exclusivamente—, mentres que noutros núcleos máis peque-

[10] Os concellos son os seguintes: Muros, Padrón e Negreira da provincia da Coruña; Sarria e Burela da provincia de Lugo; A Rúa da provincia de Ourense e Cambados e As Neves da provincia de Pontevedra.

[11] En Muros, oito dos nove rapaces declaran falar exclusivamente galego e só un di que fala máis castelán ca galego; catro das sete rapazas afirma falar só galego, unha di falar máis galego ca castelán e dúas decláranse monolingües en castelán. En Padrón, de sete rapaces contabilizamos un monolingüe en galego, tres que falan máis galego ca castelán, dous que empregan ambas as dúas linguas indistintamente e un que só utiliza o castelán; das nove rapazas, sete só falan galego, unha fala maioritariamente galego e outra emprega as dúas linguas.

nos, como Dodro, Rois, Pontecesures ou A Escravitude, se definen como falantes exclusivos de galego, e dáse o caso de que practicamente todos eles, salvo un, son mulleres.

2. A PRESENZA DO GALEGO EN FUNCIÓN DO ÁMBITO TEMÁTICO

2.1. Distribución por CI

O número de voces presentes nas listaxes do LDEG que amosan dunha ou outra maneira influencia do galego é de 2606[12], o que supón o 0,85% do total de palabras que figuran nas listaxes[13]. Este é o reparto de tales voces por CI, tanto en cantidades absolutas como porcentualmente[14].

[12] Debe terse en conta que malia que a presenza nas listaxes das distintas formas pode obedecer a razóns de moi diverso tipo, de tal xeito que algunhas se poden explicar como lapsus bilingües, outras como cambios de código conscientes e outras como verdadeiros préstamos integrados no castelán de Galicia (vid. § 3), nos datos analizados neste apartado non se realiza ningún tipo de distinción entre as diferentes expresións de acordo coa súa funcionalidade nin tampouco de acordo coa súa caracterización formal (préstamos adaptados, calcos semánticos, calcos morfoléxicos...).

[13] Aquí e no sucesivo, entendemos por voces ou palabras as formas concretas fornecidas polos informantes nas listaxes. Usamos os termos palabra ou voz para simplificar, pero debe terse en conta que en ocasións tratamos con expresións complexas de carácter pluriverbal. Por outra banda, por un erro no cómputo, en Álvarez de la Granja (2011), o número total de voces que se indica é de 2608. Tamén hai unha lixeira discrepancia na cantidade de lemas, dos que se falará a seguir.

[14] Dado que neste apartado temos que traballar coas formas galegas de maneira individualizada, optamos por excluír da análise dúas das expresións marcadas con [g] no LDEG (*galpón* e *caña de hierbas*), polas razóns expostas na nota 3. No sentido contrario, incluímos outras expresións que, contrariamente, no LDEG non van acompañadas da etiqueta indicada. Trátase de calcos semánticos nos que unha palabra cun significante existente en castelán adquire un novo significado por influencia do galego (por exemplo, *vertedero* co significado de 'pía para lavar'). Poden verse máis exemplos en Álvarez de la Granja (2011: 34). No resto do traballo, por razóns de carácter práctico os cálculos fanse a partir das formas marcadas con [g] no LDEG. En calquera caso, as diferenzas cuantitativas son mínimas.

Centros de interese	Total de palabras	Total de pal. galegas	Porcentaxe
01 O corpo humano	23 430	49	0,21%
02 A roupa	19 751	33	0,17%
03 Partes da casa (sen mobles)	14 508	157	1,08%
04 Os mobles da casa	13 172	17	0,13%
05 Alimentos e bebidas	22 798	237	1,04%
06 Obxectos colocados na mesa para a comida	13 860	157	1,13%
07 A cociña e os seus utensilios	15 069	322	2,14%
08 A escola: mobles e materiais	19 775	7	0,03%
09 Calefacción e iluminación	11 770	18	0,15%
10 A cidade	18 854	22	0,12%
11 O campo	16 958	445	2,62%
12 Medios de transporte	15 677	62	0,39%
13 Traballos do campo e do xardín	10 293	425	4,13%
14 Os animais	23 815	197	0,83%
15 Xogos e distraccións	14 384	105	0,73%
16 Profesións e oficios	18 025	8	0,21%
17 As cores	17 497	9	0,05%
18 O mar	18 395	306	1,67%
TOTAL	**308 031**	**2674**	**0,85%**

Táboa 7. Palabras con influencia do galego por CI

Como en calquera léxico dispoñible, as voces do LDEG aparecen lematizadas baixo unha forma normalizada que permite reunir en cada CI as repeticións dunha mesma voz, as formas flexivas, as distintas ortografías e outro tipo de variantes —para os criterios de lematización, vid. López Meirama (2008: 44 e ss.) e Álvarez de la Granja (2011: 22)—. As formas galegas lematízanse independentemente dos seus equivalentes casteláns, frecuentemente cognados (*caladoiro* e *caladero* ou *cóbado* e *codo* figuran lematizados de maneira separada). Por suposto,

baixo os lemas etiquetados con [g] figuran tamén agrupados os distintos tipos de variantes que mencionabamos antes (por exemplo, baixo o lema *alpendre* reúnense as voces *alpendre*, *alpende* e *alprende*, baixo o lema *gamela*, as palabras *gamela*, *gamelas* e *jamela* etc.). De igual maneira, baixo un mesmo lema recóllense formas galegas «puras» e formas adaptadas dunha ou outra maneira ao castelán (baixo o lema *castiñeiro* poden atoparse as voces *castiñeiro*, *castiñeiros* e *castiñero*, baixo o lema *xurelo*, as voces *xurelo* e *jurelo* etc.). Na seguinte táboa ofrecemos a distribución dos 642 lemas galegos a través dos diferentes CI.

Centros de interese	Total de lemas	Total de lemas galegos	Porcentaxe
01 O corpo humano	1 082	26	2,40%
02 A roupa	901	9	1,00%
03 Partes da casa (sen mobles)	757	22	2,90%
04 Os mobles da casa	713	7	0,98%
05 Alimentos e bebidas	1 250	73	5,84%
06 Obxectos colocados na mesa para a comida	519	17	3,27%
07 A cociña e os seus utensilios	782	29	3,71%
08 A escola: mobles e materiais	1 065	6	0,56%
09 Calefacción e iluminación	1 092	8	0,73%
10 A cidade	1 590	10	0,63%
11 O campo	1 737	126	7,25%
12 Medios de transporte	1 101	12	1,09%
13 Traballos do campo e do xardín	1 501	100	6,66%
14 Os animais	1 135	73	6,43%
15 Xogos e distraccións	1 512	26	1,72%
16 Profesións e oficios	1 431	19	1,33%
17 As cores	885	6	0,68%
18 O mar	1 451	73	5,03%
TOTAL	**20 504**	**642**	3,13%

Táboa 8. Lemas con influencia do galego por CI

Como se pode observar, a porcentaxe de lemas galegos é superior á de voces (3,13 vs. 0,84). Esta discrepancia vincúlase co feito de que a media de voces galegas por lema (pouco máis de 4) é inferior á media xeral de voces por lema nas listaxes do LDEG (15). Esta circunstancia explícase, por un lado, pola existencia dunha parte moi significativa de lemas galegos que poderiamos chamar «residuais», en tanto que foron proporcionados por un único informante e, por outro lado, pola escaseza de formas galegas fornecidas por un número moi elevado de informantes (a palabra *pota*, con 255 casos asociados no campo 07, é o galeguismo máis frecuente)[15].

Na táboa 9 ordenamos os dezaoito CI segundo a proporción de lemas e segundo a de voces, en orde descendente. Comprobamos que non hai grandes diferenzas nos resultados que se obteñen.

Centros de interese	% de lemas	Centros de interese	% de voces
1 O campo	7,25	1 Traballos do campo e do xardín	4,13
2 Traballos do campo e do xardín	6,66	2 O campo	2,62
3 Os animais	6,43	3 A cociña e os seus utensilios	2,14
4 Alimentos e bebidas	5,84	4 O mar	1,67
5 O mar	5,03	5 Partes da casa (sen mobles)	1,08
6 A cociña e os seus utensilios	3,71	6 Obxectos colocados na mesa...	1,13
7 Obxectos colocados na mesa...	3,27	7 Alimentos e bebidas	1,04
8 Partes da casa (sen mobles)	2,90	8 Os animais	0,83
9 O corpo humano	2,40	9 Xogos e distraccións	0,73
10 Xogos e distraccións	1,72	10 Medios de transporte	0,39
11 Profesións e oficios	1,33	11 O corpo humano	0,21
12 Medios de transporte	1,09	12 Profesións e oficios	0,21
13 A roupa	1,00	13 A roupa	0,17
14 Os mobles da casa	0,98	14 Calefacción e iluminación	0,15
15 Calefacción e iluminación	0,73	15 Os mobles da casa	0,13
16 As cores	0,63	16 A cidade	0,12
17 A cidade	0,57	17 As cores	0,05
18 A escola: mobles e materiais	0,56	18 A escola: mobles e materiais	0,03

Táboa 9. CI ordenados pola frecuencia dos lemas e das palabras con influencia do galego

[15] O lema máis frecuente do LDEG é *negro*, con 778 voces asociadas no CI 17 'As cores'.

Trece dos dezaoito CI ocupan practicamente o mesmo lugar en ambas as dúas columnas, en especial os que se sitúan na metade máis baixa da táboa, é dicir, os CI con menos influencia do galego, e tamén algúns dos que ocupan o extremo oposto, 'O campo', 'Traballos do campo e do xardín' e 'O mar', é dicir, tres dos CI con máis voces e lemas galegos. Canto a 'A cociña e os seus utensilios' e 'Partes da casa', atópanse en lugares máis altos na columna que recolle a proporción de voces ca na columna que recolle a proporción de lemas, aínda que a diferenza non é demasiado relevante. Isto é debido en boa medida á especial significancia cuantitativa que teñen nestes CI as palabras *pota* (255 casos no CI 07) e *faiado* (80 casos no CI 03). Tampouco son demasiado relevantes as diferenzas entre os CI que están na situación contraria ('Alimentos e bebidas' e 'O corpo humano'), salvo no dedicado a 'Os animais', que é realmente o único de todos os CI no que apreciamos unha disimilitude de certa importancia, xa que ocupa o terceiro lugar na columna ordenada segundo a porcentaxe de lemas galegos e o oitavo na columna ordenada segundo a porcentaxe de voces (é neste CI onde atopamos a maior distancia entre porcentaxe de lemas e porcentaxe de voces, cunha diferenza de 5,6 puntos). Este feito deriva da gran variedade de formas galegas distintas recollidas no CI e ao tempo, da inexistencia dunha forma especialmente recorrente que palíe a influencia do factor anterior. De feito, o lema máis frecuente, *egua*, non supera os 12 exemplos (cantidade inferior á media de voces por lema no LDEG)[16].

2.2. Distribución por clases léxicas

Dado que algúns CI están tematicamente próximos, é relativamente frecuente que haxa lemas compartidos por varios CI (por exemplo, *lumbrigante* figura en 'Alimentos e bebidas', 'Os animais' e 'O mar'). Deste modo, cando afirmamos que hai 642 lemas galegos non debemos entender que hai 642 formas diferentes, posto que algúns deles figuran repetidos en varios CI. O número total de lemas distintos é de 522. Ademais, entre eses 522 lemas distintos existen bastantes expresións complexas (expresións fixas ou libres) ou compostos morfolóxicos que inclúen unha forma galega que tamén figura como elemento independente: *auga* e *botar a auga*; *carballo e madera de carballo*; *cociña* e *cociña de butano* / *cociña de*

[16] O lema más frecuente deste CI é *perro*, con 756 exemplos.

leña; *muxir* e *muxir (as) vacas*; *óso* e *óso de caña*; *pota* e *soporte para pota* / *sujetapotas* / *reposapotas* / *pota para pasta* / *pota grande* / *pota pequena* / *posapotas* / *pota a presión* etc. Se, a efectos deste traballo, lematizásemos esas expresións complexas e eses compostos morfolóxicos baixo a voz que nos leva a colocarlle a etiqueta [g] e que tamén ten entrada independente (*auga*, *carballo*...), o número de lemas reduciríase en 52 unidades (470). Finalmente, tamén atopamos varias expresións complexas que comparten unha mesma forma galega ou con influencia do galego, e que non aparece de maneira independente, por exemplo *botar patatas*, *botar abono* ou *botar o purín, cuchara fonda* e *plato fondo*... Se unificásemos estas formas baixo a voz galega compartida (*botar*, *fondo*...), o número final de lemas galegos distintos sería de 460.

Situamos os 522 lemas diferentes arriba mencionados en grupos temáticos, que, aínda que baseados nos CI do LDEG, pretenden ser máis ríxidos ca estes e de tipo hiperonímico. Estes grupos poden consultarse no apéndice que figura ao final do traballo. O obxectivo desta nova clasificación é agrupar os elementos repetidos e deste modo ofrecer un retrato máis claro das clases temáticas nas que se sitúan as formas galegas. Ao levar a cabo os agrupamentos, algúns dos lemas foron desdobrados. Isto sucedeu en primeiro lugar cando o lema figuraba en CI distintos, facendo referencia a acepcións diferentes da mesma unidade léxica. O único exemplo é *tecido*, rexistrado no CI 01 ('O corpo humano') e no CI 02 ('A roupa'), o que obriga a situalo tamén na nosa clasificación en dous grupos temáticos («Partes do corpo humano e elementos que se poden atopar nel» e «Pezas de roupa e tecidos»). Tamén desdobramos cando a voz recollida nun mesmo CI pode ter sentidos diferentes que, na nosa clasificación, conducen a dous grupos distintos. É o que sucede, por exemplo, con *baca*, que aparece no CI 18 'O mar'. A palabra designa tanto unha embarcación como un aparello de pesca. Como descoñecemos o sentido que lle querían outorgar os informantes e dado que na nosa clasificación as embarcacións e os aparellos aparecen separados, desdobramos *baca* situándoo en dúas clases[17]. Cando realizamos o desdobramento entre subclases dunha mesma clase, unicamente contabilizamos a palabra unha vez no cómputo xeral da clase, co que a suma global do grupo é inferior á suma do número de vocábulos que figuran en cada un dos subgrupos. Por outra banda, limitamos os desdobramentos a casos de dupla acepción propiamente dita e non a distintas perspectivas ou perfís dunha mesma voz. Así, por exemplo, os animais

[17] Estas formas desdobradas son as que aparecen situadas entre parénteses cadradas no apéndice.

ou os produtos agrícolas que figuran no CI 05 'Alimentos e bebidas' recóllense respectivamente baixo «Animais» e baixo «Árbores, arbustos, plantas...» e non baixo «Alimentos». Si recollemos baixo este último grupo, no entanto, as voces que designan partes de animais. Finalmente, cómpre sinalar que unificamos con parénteses lemas parcialmente distintos pero coa mesma designación: así, por exemplo, *palleiro* e *perro palleiro* unifícanse en *(perro) palleiro*.

O número total de lemas que temos nesta clasificación é 533 (lixeiramente superior aos 522 que comentabamos máis arriba por causa dos desdobramentos establecidos). Na táboa 10 indícanse os valores absolutos e as porcentaxes correspondentes no conxunto das formas con influencia do galego:

Clases	Total de lemas	%
1. Animais	106	19,89%
2. Accións propias do campo ou da gandería e o resultado desas accións	76	14,26%
3. Árbores, arbustos, plantas, fungos, colectivos e partes correspondentes	41	7,69%
4. Construcións e partes destas	34	6,38%
5. Alimentos e bebidas	32	6,00%
6. Apeiros e máquinas de labranza e de gandería	32	6,00%
7. Electrodomésticos e utensilios de cociña	30	5,63%
8. Partes do corpo humano e elementos que se poden atopar nel	27	5,06%
9. Oficios, profesións e ocupacións	24	4,50%
10. Xogos e distraccións	22	4,13%
11. Terreos dedicados á agricultura ou á gandería	10	1,88%
12. Formas e accidentes xeográficos	9	1,69%
13. Elementos usados na pesca ou no marisqueo	7	1,31%
14. Embarcacións e partes destas	7	1,31%
15. Pezas de roupa e tecidos	7	1,31%
16. Labores do fogar	4	0,75%
17. Cores	4	0,75%
18. Vías de comunicación ou de paso	4	0,75%
19. Mobles e obxectos da casa	3	0,56%
20. Obxectos da aula	3	0,56%
21. Outros	51	9,57%
TOTAL	**533**	**100%**

Táboa 10. Distribución dos lemas galegos por clases léxicas

Como se pode observar na táboa, destaca de maneira especial a clase dos animais, con case un 20% de lemas galegos. E dentro deste grupo, a subclase dos peixes e demais animais mariños, con 52 lemas diferentes, é a máis numerosa (tal e como se pode ver no apéndice, supón case un 50% do total de formas do grupo). Outra clase especialmente representada é a das plantas, que ocupa a terceira posición. Así pois, parece claro que a designación dos elementos da natureza é especialmente proclive á aparición de formas galegas (preto do 30% do total). Trátase ademais, na case totalidade dos casos, de animais ou plantas característicos do ecosistema galego.

O segundo grupo cuantitativamente máis importante é o que reúne formas que designan accións do ámbito agrícola ou gandeiro (e o seu resultado: *empallada, rego*...). Se unimos esta clase coa que recolle apeiros e máquinas de labranza e gandería e mais coa que unifica os terreos dedicados á agricultura e á gandería, obtemos que máis do 22% das formas galegas se vincula directamente co labor agrícola ou gandeiro.

A casa, entendida en sentido amplo, é o terceiro ámbito mellor representado. As construcións coas súas partes supoñen un 6,38% de lemas galegos[18]. Trátase na gran maioría dos casos de elementos relacionados cunha casa unifamiliar situada en ámbito rural (*alpendre*, *corte*, *valado*, *lareira*...). Se unificamos estes lemas con aqueles que designan realidades características do fogar (electrodomésticos e utensilios de cociña, labores do fogar e uns pouquiños mobles e obxectos da casa) temos que o 13% de lemas galegos proceden directamente do ámbito doméstico.

O ser humano non podía faltar neste percorrido polos ámbitos nos que se sitúan as formas galegas. Ao pé dos 27 lemas que fan referencia a partes do corpo ou elementos que se poden situar nel (sobre todo voces coloquiais, familiares ou mesmo vulgares: *bochecha, papo, pixota, cona*[19]...) debemos mencionar aquelas formas que aluden á alimentación (con numerosos representantes da cociña galega, como *bandullo, bica* ou *chula*) e, en bastante menor medida, ao vestido. Así, un 12,37% dos lemas galegos poden vincularse co home e coas súas necesidades máis básicas.

[18] En realidade, con algunhas das formas situadas neste grupo (*cortello*, *curral, invernadoiro*…) poderiamos conformar un subgrupo unificable no ámbito anterior (o labor agrícola e gandeiro).

[19] Aínda que tamén se rexistra un certo número de termos cultos (*bile*, *epiglote*, *íleo*...), cuxa presenza nas listaxes parece obedecer a unha xustificación diferente á das voces arriba mencionadas (vid. Álvarez de la Granja 2011).

Dentro do menos do 25% restante, só cabe mencionar como ámbitos relativamente relevantes o dos oficios, profesións e ocupacións (a gran maioría oficios tradicionais: *becerreiro*, *fogueteiro*, *percebeiro*...) e o dos xogos e distraccións (con predominio tamén dos xogos tradicionais: *cascallo*, *estornela*, *pita cega*...). Os restantes ámbitos temáticos (agás «Outros») teñen unha representatividade inferior ao 2%.

O retrato que xorde ao analizar os dominios de procedencia das formas galegas está constituído esencialmente por seres humanos que se alimentan con produtos e comidas da terra, que viven no rural (en casas unifamiliares) e traballan no campo, na gandería ou en oficios tradicionais, que teñen contacto cos animais e coas plantas do seu redor e que se divirten cos xogos tradicionais que todos coñecemos.

Así pois, e en consonancia co que se ten dito noutras descricións[20], tamén nas listaxes do LDEG a presenza da lingua galega se relaciona esencialmente co mundo natural e co mundo rural ou tradicional. Se acudimos de novo aos centros de interese, isto explica que os CI con máis voces e lemas galegos sexan o CI 11 'O campo', o 13 'Traballos do campo e do xardín', o 14 'Os animais', o 05 'Alimentos e bebidas' e o 18 'O mar'[21], mentres que entre os que teñen menos se sitúan o CI 08 'A escola: mobles e materiais', o 09 'Calefacción e iluminación' ou o 10 'A cidade'.

Por suposto, os datos atopados, absolutamente previsibles, concordan coa forte vinculación existente entre o hábitat rural e o mundo tradicional por unha banda e o emprego do galego pola outra, vinculación ben coñecida e á que xa aludiamos no apartado 1, cando falabamos da presenza do galego na mostra. Falta amosar, claro está, que son precisamente os informantes que falan galego e os que viven no mundo rural os que ofrecen maior número de formas galegas nas súas respostas. Dedicamos o apartado 3 a analizar esta relación, así como a incidencia do NSC e o sexo na produción de tales formas.

---

[20] Rojo (2004: 1099) alude a «los cientos de palabras utilizadas en la lengua corriente para hacer referencia a los objetos utilizados o productos consumidos habitualmente». E menciona «peces y mariscos (...), aves (...), plantas y frutos (...), herramientas, etcétera», Porto Dapena (2008: 72) sinala que «el desconocimiento de la palabra castellana se da sobre todo en las nomenclaturas referentes a la fauna y flora, así como también a las herramientas o utensilios del campo, de la pesca e incluso de ciertos oficios».

[21] Neste caso, e tamén no anterior, sobre todo pola presenza de gran número de peixes e outros animais mariños na súa forma galega.

3. A PRESENZA DO GALEGO E AS VARIABLES DE ESTRATIFICACIÓN SOCIAL

Neste apartado analizamos ata que punto os factores de estratificación social inciden na produción de formas galegas nos diferentes eidos temáticos, dende o punto de vista cuantitativo e cualitativo. Para iso, ímonos centrar nos nove CI que presentan as porcentaxes máis altas de voces galegas. Así mesmo, por falta de espazo limitamos a exposición aos factores sociais máis relevantes: a lingua habitual, o tipo de poboación da residencia familiar, o NSC e o sexo.

Ao longo da exposición, algunhas formas galegas son caracterizadas de acordo coa súa tipoloxía funcional. Distinguiremos neste traballo entre *préstamos integrados*, isto é, expresións que, aínda tendo a súa orixe no galego, forman xa parte do repertorio léxico do castelán de Galicia (*tendal*, *sacho*, *estornela*...) e outras formas que probablemente resulten dunha fuxida, consciente ou inconsciente, cara ao galego. Trátase dos *lapsus bilingües* (palabras ou expresións galegas que se insiren nas listaxes por un erro no mecanismo de selección lingüística) e dos *cambios de código* (palabras ou expresións galegas que se introducen de forma consciente, por xustificacións pragmáticas de diverso tipo). Aínda que non sempre é doada a diferenciación destas formas con respecto aos préstamos integrados, os lapsus bilingües e os cambios de código poden recoñecerse pola presenza de elementos gramaticais galegos (*sacha-lo millo*, *pedra para as filloas*...) ou de cognados do castelán moi próximos e ben coñecidos que fan difícil pensar na integración da forma galega no léxico castelán dos alumnos de segundo de Bacharelato de Galicia (*orella*, *terra*, *galiña*, *corda*...). Máis complicada resulta aínda a distinción entre empregos inconscientes do galego (lapsus bilingües) e usos conscientes (cambios de código), de tal xeito que nas páxinas que seguen falaremos sempre deles conxuntamente. Para unha ampliación desta caracterización, véxase Álvarez de la Granja (2011).

3.1. A variable *Lingua habitual*

Parece indubidable que a lingua que declaran falar habitualmente os nosos informantes é un factor relevante na presenza de voces galegas nas listaxes. Efectivamente, se comparamos porcentualmente os cinco grupos lingüísticos[22], constatamos a diferenza:

[22] Lembremos ao respecto que os grupos teñen tamaños disímiles, o cal nos obriga a descartar as cifras absolutas e traballar con porcentaxes.

	só galego	+ galego	ambas =	+ castelán	só castelán
03 Partes da casa (sen mobles)	1,66	1,52	1,14	0,97	0,80
05 Alimentos e bebidas	1,25	1,03	0,95	0,93	1,11
06 Obxectos colocados na mesa...	1,26	1,34	0,76	1,40	0,84
07 A cociña e os seus utensilios	2,45	2,17	2,00	2,13	1,63
11 O campo	4,48	3,37	3,05	2,43	1,12
13 Traballos do campo e do xardín	5,11	4,09	4,35	4,43	2,90
14 Os animais	1,34	1,17	0,92	0,71	0,43
15 Xogos e distraccións	1,21	1,06	0,74	0,46	0,30
18 O mar	1,87	1,89	2,24	1,30	1,29

Táboa 11. Porcentaxe de voces galegas segundo a lingua habitual

Observando de esquerda a dereita as cifras que aparecen nas columnas da táboa 11, comprobamos que, en xeral, as porcentaxes de palabras galegas van diminuíndo, dende as máis altas dos que se declaran monolingües en galego ata as máis baixas dos que din ser monolingües en castelán, aínda que esta progresión non é absolutamente constante ou homoxénea, como se percibe no gráfico 6[23]:



Gráfico 6. Distribución de voces galegas segundo a lingua habitual

[23] No eixe vertical amósase a porcentaxe de formas galegas (co valor máximo do 6%), e no eixe horizontal preséntanse os CI ordenados segundo a magnitude das porcentaxes, para facilitar a visualización das diferenzas. Seguimos o mesmo proceder en todos os gráficos empregados nesta sección.

Salvando a excepción dalgún CI, os trazos do gráfico poñen de manifesto que, mentres que as cifras correspondentes aos falantes monolingües se sitúan claramente nos extremos, a posición dos falantes bilingües é variable en función do CI: frecuentemente proporcionan maior número de voces galegas os informantes que declaran falar máis galego (CI 03, 05, 07, 11, 14 e 15), pero tamén atopamos exemplos nos que son maioritarias as palabras galegas ofrecidas polos que afirman falar ambas as linguas indistintamente (CI 18; neste caso no total da mostra e non só no grupo dos bilingües) e mesmo polos que din falar máis castelán ca galego (CI 06, tamén no total da mostra, e CI 13). En calquera caso, o gráfico reflicte unha clara vinculación entre o uso do galego e a introdución de voces galegas: os falantes monolingües en castelán son en todos os CI, agás no 05 'Alimentos e bebidas', os que proporcionan un menor número de tales formas.

Neste sentido, hai dous CI que se distinguen dos demais polas diferenzas porcentuais entre uns grupos e outros, precisamente aqueles nos que o número de voces e lemas galegos no seu conxunto é maior. Así, os CI 11 'O campo' e 13 'Traballos do campo e do xardín' constitúen ámbitos do léxico nos que se detectan disimilitudes moi apreciables orixinadas pola lingua habitual dos informantes, destacando as baixas proporcións de voces galegas no léxico dos mozos que empregan exclusivamente o castelán en comparación coas formas galegas ofrecidas neses mesmos CI polos monolingües en galego ou polos bilingües. No resto dos CI, as distintas porcentaxes de voces galegas están máis próximas entre si.

Analizamos de seguido o tipo de léxico achegado por cada grupo. Para iso, decidimos excluír aos informantes que din falar ambas as dúas linguas indistintamente e optamos por unificar nun mesmo grupo os alumnos que declaran falar só ou maioritariamente galego e, por outra banda, os que afirman falar só ou maioritariamente castelán, para deste xeito manexar unha mostra que non resulte excesivamente reducida.

Como cabería esperar, as listaxes de voces galegas correspondentes á maioría dos CI seleccionados (concretamente, aos CI 03, 05, 07, 14, 15 e 18)[24] permiten constatar que, en xeral, as palabras comúns a ambos os dous grupos son maio-

[24] O CI 06 'Obxectos colocados na mesa para a comida' atópase entre os que suman máis voces galegas por conter o lema *pota*, do que contabilizamos 35 rexistros na listaxe dos galegofalantes e 73 na dos castelanfalantes, ademais doutros elementos léxicos que teñen *pota* como formante: *pisapotas, posapotas, pota grande, pota pequeña, reposapotas, soporte para pota* e *sujetapotas*. Se eliminamos estes lemas, o grupo de palabras restante é tan pequeno que apenas se poden realizar comparacións (*garfo* e *plato fondo* son lemas

ritariamente palabras galegas que carecen de equivalente cognado en castelán e que probablemente formen parte do lexicón dalgúns dos nosos informantes (préstamos integrados, daquela): *faiado*, *tendal* (CI 03); *filloa*, *grelo*, *maragota*, *zamburiña* (CI 05); *pota* (CI 07); *escalo*, *miñoca*, *rapante*, *rula* (CI 14); *mariola*, *trompicallo* (CI 15); *chapapote*, *dorna*, *gamela*, *lorcho* (CI 18) etc. Salvo excepcións, as palabras achegadas unicamente polos mozos castelanfalantes pertencen tamén a este tipo: *bica, guiso de choupa, meiga, zorza* (CI 05); *farrapo, lareira, tendal* (CI 07); *cachena, vacaloura, xouba* (CI 14); *cascallo* (CI 15); *bruño, choupa, escarapote, tarrafa* (CI 18) etc.; mentres que entre as exclusivas dos galegofalantes abundan os que probablemente se poidan considerar lapsus bilingües ou cambios de código (véxase Álvarez de la Granja 2011: 67-76)[25]: *garaxe, porta, tella* (CI 03); *cebola, cociñar, repolo* (CI 05); *cociñeiro, cociña de butano* (CI 07); *cabalo de mar, gando vacuno, ovella, xabaril* (CI 14); *casiñas*, *corda*, *durmir*, *queimar contenedores* (CI 15); *area, bacallao, perigo de extinción, sardiña* (CI 18) etc.

Por outra banda, observamos que o CI 14 presenta un contraste nas palabras específicas dos dous grupos: mentres que o léxico galego exclusivo dos castelanfalantes se compón, basicamente, de nomes de especies mariñas (*bruño, chincho, lorcho, meiga, pinto, santiaguiño, xarda, xouba*), o dos galegofalantes contén, ademais destes (*cabalo de mar, rincha, zamburiña*), moitos nomes de insectos (*cheirona, escornabois, piollo*), réptiles ou moluscos terrestres (*escáncer, lesma, sapoconcho*), así como denominacións de paxaros ou pequenos mamíferos (*anduriña, donicela, miñato*). Das palabras dos que empregan só ou maioritariamente o castelán pode deducirse que os rapaces ata certo punto retratan o seu hábitat a través do léxico que proporcionan, habida conta do carácter costeiro das localidades galegas que acumulan maior poboación urbana; isto mesmo lévanos a pensar, no caso dos galegofalantes, en informantes que habitan o rural ou que, cando menos, están familiarizados con ese mundo. Parece, entón, que situarse no hábitat onde está fortemente enraizado o uso do galego é un factor decisivo no transvasamento de parte do seu léxico ao do castelán.

Nesta mesma liña apuntan as diferenzas que se observan nas palabras proporcionadas por ambos os dous grupos nos CI 11 'O campo' e sobre todo no

comúns; *auga, cunca* e *viño* son exclusivos dos castelanfalantes e *coitelo, cuchara fonda* e *escumadeira* son exclusivos dos galegofalantes). Outro caso é o dos CI 11 e 13, dos que falaremos máis adiante.

[25] Este tipo de voces galegas tamén se atopa entre as palabras comúns aos dous grupos (*auga, cociña, peixe, sardiña*) e mesmo entre as exclusivas dos castelanfalantes (*leite*), pero cunha presenza sensiblemente menor.

13 'Traballos do campo e do xardín': neles, os galegofalantes inclúen léxico especificamente galego, sen equivalente coñecido en castelán (nalgún caso, por tratárense de termos específicos): *espalladela, rodo, rolo, sarillo* ou *veso* no CI 11; *barbear*, *estrar* ou *zurreiro* no CI 13, e tamén palabras cuxos equivalentes casteláns non están recollidos nas outras listaxes, nin na dos castelanfalantes nin na dos que afirman falar as dúas linguas indistintamente, do que se pode deducir que non son coñecidos por eses informantes: *espelidor, faísca, mulime* ou *sacha* no CI 11; *debullar, gadañar* ou *pataqueiro* no CI 13. Por outra banda, aínda que os dous grupos achegan voces con equivalentes casteláns presentes nas listaxes, pero formalmente afastados, estas son máis abundantes no dos galegofalantes (p.e., do CI 11 extraemos *alpendre, anduriña, carracho, estruga, machada, pendello*…). A todo isto hai que engadir que, fronte ao que sucede no resto dos CI, nestes dous atopamos un número importante de palabras galegas que poderiamos cualificar de lapsus bilingües ou cambios de código nas listaxes correspondentes aos mozos que falan castelán (concretamente, a aqueles que din falar máis castelán ca galego): *cabalo, carneiro, ovella* ou *pataca* no CI 11; *gandeiro, gando* ou *recoller,* no CI 13. Igualmente, encontramos numerosas expresións complexas (*apañar as malas herbas, facer o viño, herba para as ovellas, plantar as patacas*, *segar a herba*, todas elas no CI 13), que claramente se deben considerar lapsus bilingües ou cambios de código. Coidamos que estas expresións poden responder a unha asociación, sexa consciente ou inconsciente, entre mundo rural e lingua galega, asociación que se traduce na importación de formas galegas ás listaxes (vid. ao respecto Álvarez de la Granja 2011: 72).

Así mesmo, no CI 03 observamos que a maior parte das voces galegas corresponde a elementos das casas unifamiliares, cuxo carácter rural se pon de manifesto dun xeito máis evidente no léxico achegado exclusivamente polos falantes de galego, que inclúe palabras como *cheminea*, *corte*, *curral, palleira* ou *penal*.

Todos estes datos revelan que o factor da lingua habitual se relaciona estreitamente co factor do hábitat, e conseguintemente corroboran a coñecida vinculación entre a lingua galega e o hábitat rural, polo que poderiamos en principio aventurar a hipótese de que é realmente a residencia, e non a lingua, o factor con incidencia na produción de formas galegas. Pero antes de abordar directamente esta cuestión analizaremos os datos que proporciona o noso corpus en relación precisamente co hábitat, é dicir, co tipo de poboación da residencia familiar.

3.2. A variable *Tipo de poboación da residencia familiar*

Dado que, como comprobamos en § 2 e segundo acabamos de comentar, existe unha relación directa entre hábitat e idioma, no sentido de que o galego está enraizado no rural, entón cabe esperar que haxa unha correlación entre o tipo de poboación da residencia familiar e a produción de formas galegas, de xeito que os informantes que habitan no medio rural subministrarán máis palabras galegas ca os demais, e que os que residen nas cidades e mesmo nas conurbacións subministrarán menos. Na táboa 12 e no gráfico 7 poderemos comprobar que, en efecto, a situación é basicamente esta:

	p. rural	vila	p. periurb.	p. urbana
03 Partes da casa (sen mobles)	1,82	1,48	0,73	0,87
05 Alimentos e bebidas	1,46	0,74	0,85	1,02
06 Obxectos colocados na mesa...	1,24	0,98	1,25	1,09
07 A cociña e os seus utensilios	2,42	1,89	1,46	0,23
11 O campo	4,66	2,41	2,74	1,79
13 Traballos do campo e do xardín	4,41	4,40	4,91	3,60
14 Os animais	1,22	1,22	0,66	0,61
15 Xogos e distraccións	0,96	1,44	0,23	0,45
18 O mar	2,43	2,13	0,86	1,45

Táboa 12. Porcentaxe de voces galegas segundo a residencia familiar



Gráfico 7. Distribución de voces galegas segundo a residencia familiar

As cifras que se recollen na táboa e que se visualizan no gráfico testemuñan que, en xeral, os informantes que viven nas poboacións rurais producen proporcionalmente máis voces galegas ca os dos outros tres grupos, xa que as porcentaxes son máis elevadas en seis dos nove CI seleccionados: 03 'Partes da casa', 05 'Alimentos e bebidas', 07 'A cociña e os seus utensilios', 11 'O campo', 14 'Os animais' (neste caso igualada coa dos informantes das vilas) e 18 'O mar'. Ademais, no CI 06 'Obxectos colocados na mesa...' a diferenza entre a porcentaxe deste grupo e a do que acadou o número máis alto —o dos estudantes das poboacións periurbanas— é inapreciable: 1,24% fronte a 1,25%. Dos demais grupos, o de comportamento máis homoxéneo é o dos estudantes que habitan nas cidades, xa que é o que presenta porcentaxes máis baixas de voces galegas en catro dos nove CI (07 'A cociña e os seus utensilios', 11 'O campo', 13 'Traballos do campo e do xardín' e 14 'Os animais'), con diferenzas significativas en tres deles, e ademais noutros catro CI só ten por debaixo un grupo: o dos mozos que habitan nas vilas no CI 06 'Obxectos colocados na mesa para a comida' e o dos que viven nas poboacións periurbanas nos CI 03 'Partes da casa', 15 'Xogos e distraccións' e 18 'O mar'.

Destes datos, xa que logo, cabe deducir que o hábitat só incide na produción de palabras galegas nos dous casos extremos: nas cidades, onde atopamos menos formas e, máis claramente, no medio rural, onde contabilizamos as maiores porcentaxes, mentres que no caso das vilas e das poboacións periurbanas non podemos chegar a conclusións minimamente firmes. Non obstante, respecto a esta cuestión debemos ter en conta a natureza do corpus manexado: extraer o 0,85% dun total de palabras que case chega ás 310 000 produce unha mostra pequena que ademais non está axustada ás pautas de estratificación daquela que a xerou, polo que é posible que se dean descompensacións, nomeadamente nos grupos máis pequenos, que son precisamente os que exhiben as porcentaxes máis cambiantes (ás poboacións periurbanas correspóndelles o 15,5% dos informantes e ás vilas, o 14%). Por outra banda, hai que advertir de novo que as vilas e, sobre todo, as áreas metropolitanas galegas son localidades bastante heteroxéneas; de feito, nestas últimas atopamos uns núcleos poboacionais que se poden considerar zonas urbanas periféricas e outros que, malia a súa proximidade ás cidades, son concellos que conservan o seu carácter rural e nos que se mantén unha presenza ostensible do sector primario, e por tanto son

máis ben hábitats rurais lindeiros cos urbanos. Ambas as circunstancias poden explicar, por exemplo, que a porcentaxe máis alta de palabras galegas no CI 13 'Traballos do campo e do xardín' sexa precisamente a dos mozos preuniversitarios que viven nas conurbacións: é plausible pensar que, nun grupo relativamente pequeno de informantes, tales porcentaxes poidan deberse só a uns poucos rapaces que viven en núcleos de tipo rural —e que por tanto coñecen e manexan unha boa parte de voces galegas asociadas ás actividades agrícolas e gandeiras—.

De feito, a análise pormenorizada das formas galegas achegadas no CI polos informantes dos seis centros de ensino periurbanos apunta nesta dirección: en primeiro lugar, os tres centros da provincia de Pontevedra (dos concellos de Poio, Redondela e O Porriño) acumulan máis do dobre de voces galegas ca os outros tres, da provincia da Coruña (Oleiros, Barallobre e Teo): 47 fronte a 22; en segundo lugar, é grande a desproporción no número de formas galegas que hai entre uns centros e outros, e mesmo entre uns informantes e outros: mentres que o de Teo só proporciona 4 voces, o do Porriño achega o terzo do total do grupo (23 voces). Tanto a disimilitude entre os concellos da mostra coma as achegas individuais teñen consecuencias importantes cando se selecciona una pequena parte do corpus.

Así mesmo, a proporción de palabras galegas no CI dedicado aos animais que exhiben os mozos das vilas, a máis alta da mostra —coincidente co grupo rural—, tamén se pode explicar por esta vía, xa que 7 voces das 40 contabilizadas neste grupo corresponden a un único individuo, concretamente a unha estudante da Estrada que declara falar exclusivamente galego[26]. A eliminación desta informante significaría unha diminución na porcentaxe de voces galegas do 1,22% ao 1%, o que situaría a este grupo por debaixo do rural.

Sexa como fose, os datos extraídos do corpus só son concluíntes respecto ao hábitat rural, do que se pode afirmar que incide de xeito significativo na produción de palabras galegas. E, se eliminamos as vilas e as conurbacións e comparamos exclusivamente os datos da poboacións rurais cos das poboacións urbanas, constatamos que existe unha clara correspondencia entre tipo de poboación e presenza de formas galegas, como se pode observar no seguinte gráfico, simplificación do 7:

[26] O número máximo que atopamos noutros informantes é de tres formas coa marca [g].



Gráfico 8. Distribución de voces galegas nas poboacións rural e urbana

A análise das palabras concretas leva, basicamente, ao mesmo resultado que a realizada no apartado anterior: neste caso, é nas listaxes correspondentes ás poboacións rurais onde atopamos, na maioría dos CI, máis formas galegas interpretables coma lapsus bilingües ou cambios de código: a modo de exemplo, *garaxe*, *reixa* (03); *leite, sardiña, viño* (CI 05); *auga, coitelo* (CI 06)[27]; *cociña de leña, cociñeiro* (CI 07); *queimar contenedores, saltar a cacharela, xogo de borracho* (CI 15); *sardiña, foraborda, navalla, peixe* (CI 18), mentres que entre as palabras comúns e as exclusivas dos mozos urbanos contabilizamos maior proporción de préstamos integrados, formas que poden interpretarse como parte do léxico castelán dalgúns dos informantes; por exemplo, *alpendre*, *faiado* (CI 03); *chincho*, *pinto, raxo, zorza* (CI 05); *pota* (CI 06 e 07), *billa* (CI 07); *mariola*, *trompicallo* (CI 15); *castañeta, maragota, rapante, zamburiña* (CI 18) son formas comúns, e *cumio*, *penal* (CI 03); *androlla, cachelo, lura, pancha* (CI 05); *lareira, pota para pasta, tendal* (CI 07); *pasmar, peletre* (CI 15); *berete, meiga, mincha, trueiro* (CI 18) son formas exclusivas das listaxes urbanas.

Ademais, tamén nos CI 11 e 13 os resultados son diferentes no mesmo sentido que viamos no apartado dedicado ao factor lingua habitual; no CI 13, sintagmas completamente galegos como *botar a auga, botar o purín, coidar as po-*

[27] A pesar do comentado na nota a pé nº 24, introducimos aquí exemplos do CI 06 porque neste caso todas as palabras exclusivas da listaxe rural son formas galegas con equivalentes cognados de uso xeral en castelán, mentres que, deixando a un lado as que conteñen a forma *pota*, a única palabra exclusiva da listaxe urbana é *cunca*.

zas, facer estrume, limpar os soutos ou *plantar as patacas* son proporcionados por falantes que residen en cidades. Deixando a un lado o caso de informantes que viven en zonas rurais inseridas dentro de núcleos urbanos, debe terse en conta que en Galicia existe aínda unha importante conexión cidade-aldea, de tal xeito que é moi probable que algúns deses informantes sigan tendo contacto, cando menos en certas ocasións, co mundo rural. Se a isto sumamos a forte vinculación pragmática existente, tal e como xa comentamos, entre as actividades agrícolas ou gandeiras e a lingua galega, podemos entender a presenza nas listaxes urbanas de formas como as arriba mencionadas.

No CI 14, por outra banda, tamén atopamos bastantes lapsus bilingües ou cambios de código, tanto nas palabras comúns (*cabalo, porco, tartaruga*) como nas palabras exclusivas de cada un dos grupos, aínda que son máis numerosos no rural (*cabalo de mar, gando vacuno, gando porcino, ourizo, ovella, sardiña*…) ca no urbano (*corvo*); canto aos ámbitos léxicos das voces achegadas por uns e por outros, de novo observamos que nun dos grupos se contabiliza un número sensiblemente maior de especies mariñas: neste caso trátase do correspondente aos informantes urbanos, no cal estes nomes constitúen a metade dos lemas exclusivos (*golfiño, longueirón, lorcho, lumbrigante, meiga, xarda, xouba* etc.), mentres que apenas alcanzan a cuarta parte das palabras exclusivas da listaxe rural, onde atopamos moitas máis denominacións de animais terrestres, sexan de labor ou silvestres (*anduriña, año, boi, carracho, escáncer, miñato, ovella e*tc.).

En López Meirama (2011) sinálase que, ata certo punto, o léxico seleccionado polos informantes reflicte o hábitat no que se desenvolven, sobre todo se nos cinguimos a determinados ámbitos temáticos. En concreto, nos CI 10 'A cidade' (que non analizamos aquí), 11 'O campo' e 13 'Traballos do campo e do xardín' destaca dun xeito claro como factor diferenciador, e no CI 15 chega a ser «probablemente la única diferencia reseñable» (2011: 146). Sendo isto así, e tendo en conta que boa parte dos galegofalantes se concentra nas poboacións rurais (vid. § 1), deberemos preguntarnos se ambos os factores teñen influencia directa na produción de formas galegas ou se un deles depende do outro; isto é, se os galegofalantes proporcionan máis formas galegas porque habitan maioritariamente no rural ou, pola contra, se os rapaces que viven nas poboacións rurais ofrecen máis formas galegas porque falan maioritariamente galego. A esta cuestión dedicaremos o seguinte apartado.

3.3. Combinación das variables *Lingua habitual* e *Tipo de poboación da residencia familiar*

As porcentaxes de aparición de formas galegas produto da combinación dos dous factores que vimos analizando ofrecémolas na táboa 13:

	galegofalantes		**castelanfalantes**	
	p. rural	p. urbana	p. rural	p. urbana
03 Partes da casa (sen mobles)	1,95	1,17	0,58	0,80
05 Alimentos e bebidas	1,49	0,43	1,71	1,14
06 Obxectos colocados na mesa...	1,25	1,29	1,50	1,11
07 A cociña e os seus utensilios	2,64	2,37	2,05	1,93
11 O campo	4,90	2,91	3,39	1,40
13 Traballos do campo e do xardín	4,88	4,30	2,34	3,27
14 Os animais	1,30	0,93	1,06	0,51
15 Xogos e distraccións	1,05	0,77	0,21	0,40
18 O mar	2,55	0,60	1,38	1,51

Táboa 13. Porcentaxe de voces galegas segundo a lingua habitual e a residencia familiar

Se comparamos os datos dos informantes que comparten un mesmo hábitat, respectivamente rural (columnas 2 e 4, brancas) e urbano (columnas 3 e 5, sombreadas), comprobamos que aqueles que falan só galego ou máis galego producen en xeral maior número de formas galegas ca os que declaran empregar maioritariamente ou só o castelán. Se o hábitat fose o único factor determinante, de tal xeito que o feito de residir nunha zona rural, fortemente galeguizada, implicase unha maior produción de formas galegas independentemente da lingua usual do informante, non debería percibirse unha clara tendencia favorable á produción de formas galegas nos galegofalantes. Estes datos vense reflectidos nos gráficos 9 e 10:



Gráfico 9. Distribución de voces galegas nos informantes de zonas rurais segundo a lingua habitual



Gráfico 10. Distribución de voces galegas nos informantes de zonas urbanas segundo a lingua habitual

Nótese, no entanto, a presenza de tres CI onde os resultados non son en principio os agardables. Os alumnos que falan só castelán ou máis castelán ofrecen maior número de voces galegas nos CI 05 'Alimentos e bebidas' (tanto en zona urbana coma en zona rural), 06 'Obxectos colocados na mesa para a comida' (nas zonas rurais) e 18 'O mar' (nas cidades). Os resultados obtidos son especialmente rechamantes no grupo de informantes das zonas urbanas, posto que no ámbito rural as diferenzas son mínimas e doadamente explicables polo tamaño e especifidades da mostra. No caso do ámbito urbano, atopamos unha xustificación diferente, á que xa aludimos en apartados previos: como sabemos, os alumnos que falan castelán concéntranse sobre todo nas zonas urbanas, pero unha gran parte dos núcleos urbanos galegos teñen carácter costeiro. Por outra banda, como

xa indicamos, as formas galegas dos CI 05 e 18 nútrense nunha porcentaxe moi alta de denominacións galegas de peixes e outros animais mariños. A confluencia destes dous feitos explica os resultados atopados: os alumnos castelanfalantes de zonas urbanas coñecen e mencionan máis nomes de peixes ca os alumnos galegofalantes residentes en cidades, posto que estes proceden maioritariamente do interior (65,58%) e aqueles de zona costeiras (75,73%).

Se nos fixamos agora nos datos dos informantes que comparten unha mesma lingua, respectivamente galegofalantes (columnas 2 e 3 da táboa 13) e castelanfalantes (columnas 3 e 4), comprobamos que aqueles que teñen a súa residencia no ámbito rural en xeral producen maiores porcentaxes de voces galegas ca os que habitan nas cidades. Esta tendencia, que vemos reflectida nos gráficos 11 e 12, non se percibiría se a lingua fose o único factor determinante.



Gráfico 11. Distribución de voces galegas nos informantes galegofalantes segundo a residencia



Gráfico 12. Distribución de voces galegas nos informantes castelanfalantes segundo a residencia

De todas formas, a tendencia a empregar máis formas galegas por parte dos informantes do ámbito rural está máis marcada no caso de que a lingua de emprego exclusivo ou maioritario sexa o galego: no gráfico 11 vese que só no CI 06 'Obxectos colocados na mesa...' os galegofalantes das cidades producen proporcionalmente máis voces galegas ca os que habitan no rural, aínda que a diferenza é inapreciable (1,29% fronte a 1,25%), mentres que no gráfico 12 observamos que son catro os CI nos que os castelanfalantes das zonas urbanas producen máis palabras galegas; trátase do 13 'Traballos do campo e do xardín' (3,27% fronte a 2,34%), o 03 'Partes da casa' (0,80% - 0,58%), o 15 'Xogos e distraccións' (0,40% - 0,21%) e o 18 'O mar' (1,51% - 1,38%). Por outra parte, debe terse en conta que a mostra de alumnos de poboación rural que falan castelán ou máis castelán ca galego é bastante reducida (só 30 informantes), de tal xeito que calquera especificidade no comportamento dun individuo queda directamente reflectida nos resultados xerais.

En todo caso, cremos poder concluír que as dúas variables inflúen na introdución de formas galegas no léxico dispoñible do castelán de Galicia, tanto o hábitat coma a lingua, aínda que parece que esta segunda ten unha incidencia algo maior.

3.4. A variable *NSC*

Fronte ás variables da lingua habitual e da residencia familiar, a do nivel sociocultural das familias dos nosos informantes non parece incidir de xeito relevante na produción de formas galegas, tal e como se desprende dos datos amosados na táboa 14 e no gráfico que a acompaña.

	alto	**medio**	**baixo**
03 Partes da casa (sen mobles)	0,72	1,11	1,41
05 Alimentos e bebidas	1,24	1,00	1,07
06 Obxectos colocados na mesa...	1,46	1,17	0,89
07 A cociña e os seus utensilios	2,17	1,96	2,16
11 O campo	1,90	2,28	3,89
13 Traballos do campo e do xardín	3,36	3,69	5,38
14 Os animais	0,73	0,68	1,23
15 Xogos e distraccións	0,57	0,56	0,94
18 O mar	1,48	1,38	2,40

Táboa 14. Porcentaxe de voces galegas segundo o NSC



Gráfico 13. Distribución de voces galegas segundo o NSC

Podemos observar que só hai diferenzas salientables nalgúns dos CI, nos cales os informantes do NSC baixo producen porcentaxes de voces galegas superiores ás dos informantes dos outros dous grupos: nos CI 11 'O campo' e 13 'Traballos do campo e do xardín' a distancia entre o NSC baixo e o alto é case de dous puntos; no CI 18 'O mar' é aproximadamente dun punto e no CI 14 'Os animais' apenas chega a medio punto. Tendo en conta o reparto das formas galegas en ámbitos temáticos (vid. § 2) e mais a distribución social dos nosos informantes en relación coas variables *Lingua habitual* e *Tipo de residencia* (vid. táboas 2 e 3), convén comprobar se son estes dous factores, e non o do NSC, os que poden explicar as porcentaxes reflectidas no gráfico 13 nos CI sinalados. Para facelo, medimos a influencia do NSC cando non actúan estas outras variables. Calculamos, entón, a porcentaxe de voces galegas seleccionando a poboación en función do hábitat e da lingua; é dicir, dun lado, dos rapaces que habitan nas cidades e dos que habitan nas poboacións rurais e, doutro lado, dos que falan só castelán e dos que falan só galego. Debemos advertir, non obstante, que os resultados destes cálculos teñen que tomarse con enorme cautela, dada a desproporción que existe entre uns grupos e outros de informantes e, sobre todo, dado que dous deles son excesivamente pequenos: só contabilizamos 6 rapaces do NSC alto que habitan no rural (fronte aos 93 do NSC medio e os 81 do baixo) e 5 que falan só galego (fronte aos 69 do NSC medio e os 73 do baixo).

Se eliminamos, en primeiro lugar, o factor hábitat, comprobamos que as porcentaxes varían algo respecto ás xerais (táboa 14): non observamos diferenzas salientables no CI 18 se o reconto se fai nas poboacións rurais e tampouco no CI 14, neste caso na poboación urbana; ademais, aínda que os informantes pertencentes ao NSC baixo seguen proporcionando en xeral maior porcentaxe de formas galegas independentemente de cal sexa o seu hábitat, observamos que as distancias coas porcentaxes dos outros grupos son menores nas poboacións urbanas, sobre todo no CI 11, no que a distancia entre o NSC alto e o baixo descende ata o medio punto, e que no CI 18 se inverte a situación: se na táboa xeral eran os informantes do NSC baixo os que ofrecían máis formas galegas, agora son os informantes do NSC alto os que acadan as porcentaxes máis elevadas. Este cambio tamén se produce no CI 14 nas poboacións rurais.

	Poboación rural		
	alto	**medio**	**baixo**
11 O campo	1,49	3,76	5,95
13 Traballos do campo e do xardín	1,01	3,31	5,92
14 Os animais	1,62	1,01	1,43
18 O mar	1,95	1,37	3,64
	Poboación urbana		
	alto	**medio**	**baixo**
11 O campo	1,79	1,67	2,23
13 Traballos do campo e do xardín	3,16	3,42	4,62
14 Os animais	0,68	0,48	0,99
18 O mar	1,72	1,39	1,28

Táboa 15. Porcentaxe de voces galegas segundo o NSC nos falantes das poboacións rurais e urbanas

Máis rechamantes son os resultados se eliminamos o factor lingua habitual, sobre todo nos recontos realizados entre os informantes que se declaran monolingües en galego, xa que neste caso os mozos do NSC alto ofrecen unha proporción de formas galegas moito maior ca os do NSC medio, e mesmo máis alta ca os do NSC baixo nos CI 11 e 13; e, no que se refire aos que din falar exclusivamente castelán, de novo os estudantes do NSC alto achegan maior proporción de formas galegas, esta vez nos CI 14 e 18.

	Só galego		
	alto	**medio**	**baixo**
11 O campo	7,07	3,41	5,38
13 Traballos do campo e do xardín	7,14	3,58	6,38
14 Os animais	1,30	1,35	1,34
18 O mar	0	1,46	2,38
	Só castelán		
	alto	**medio**	**baixo**
11 O campo	1,39	0,89	2,34
13 Traballos do campo e do xardín	2,20	3,02	4,40
14 Os animais	0,57	0,40	0,23
18 O mar	1,63	1,10	1,57

Táboa 16. Porcentaxe de voces galegas segundo o NSC nos falantes de galego e de castelán

Parece, polo tanto, que as cifras recollidas na táboa 14 no relativo a estes catro centros se explican, máis ben, polas variables do hábitat e da lingua, singularmente por esta segunda, e no sentido que xa sinalamos con anterioridade: existen determinados ámbitos do léxico que se ven claramente complementados nas listaxes con palabras galegas; nalgún caso, como as denominacións das especies mariñas, son especialmente numerosos os préstamos integrados, e son coñecidos e empregados sobre todo polos habitantes das zonas litorais, independentemente da lingua que falen; noutros casos, como todos os relativos á vida e ás actividades que se desenvolven no campo, ademais destes préstamos, coñecidos sobre todo polos galegofalantes, contabilízase unha porcentaxe especialmente alta de lapsus bilingües ou cambios de código, tanto entre galegofalantes como entre alumnos que declaran falar máis castelán ca galego.

En todo caso, o NSC non parece influír na presenza das formas galegas nas listaxes, aínda que se cadra podería ser un factor a ter en conta no que se refire ao tipo de léxico rexistrado, xa que as voces que caracterizamos como lapsus bilingües ou cambios de código son difíciles de atopar nas listaxes dos informantes do NSC alto, sexa cal sexa a lingua que declaran falar e vivan no tipo de poboación en que vivan: *pataca* (CI 11), *gandeiro* (CI 13), *tartaruga* (CI 14) ou *azul mariño* (CI 18) son algúns exemplos; nestas listaxes, por contra, abundan palabras coma *faiado*, *tendal* (CI 03), *grelo*, *rapante* (CI 05), *pota* (CI 07), *carballo*, *sacho* (CI 11), *sachar* (CI 13), *mariola* (CI 15), *chapapote* ou *meiga* (CI 18), todos eles,

cremos, palabras completamente integradas no castelán de Galicia. Agora ben, debe terse en conta que o número de informantes do NSC alto que declaran falar galego é moi reducido (só 8 rapaces), de tal xeito que a validez dos datos é relativa. Os informantes do NSC baixo producen moitas máis formas do primeiro tipo, pero neste caso está claro que a lingua e, en relación con ela, o hábitat, son factores determinantes.

3.5. A variable *Sexo*

O sexo dos informantes é a variable social que menos inflúe na presenza de palabras galegas nas listaxes de léxico dispoñible, ata o punto de que poderiamos afirmar que non ten ningunha incidencia, segundo se pode constatar na táboa 17, que recolle as porcentaxes de aparición de voces galegas nos nove CI seleccionados:

	home	**muller**
03 Partes da casa (sen mobles)	1,28	1,00
05 Alimentos e bebidas	1,60	1,04
06 Obxectos colocados na mesa	1,18	1,10
07 A cociña e os seus utensilios	1,91	2,13
11 O campo	1,78	2,27
13 Traballos do campo e do xardín	4,83	3,55
14 Os animais	0,97	0,76
15 Xogos e distraccións	0,49	0,79
18 O mar	1,83	1,53

Táboa 17. Porcentaxe de voces galegas segundo o sexo

Os homes presentan porcentaxes máis elevadas en seis dos nove CI, aínda que nalgúns deles, como o 06 'Obxectos colocados na mesa para a comida', a distancia é imperceptible; só destaca o 13, 'Traballos do campo e do xardín', centro no que a porcentaxe de formas galegas dos rapaces supera en máis dun punto á das rapazas[28]. Algo similar podemos dicir dos catro CI nos que as porcentaxes son

[28] En López Meirama (en prensa) observouse unha diferenza relevante entre o léxico de homes e mulleres no que atinxe ao CI 13 que tal vez incida na maior porcentaxe de voces galegas que aquí detectamos: os homes exhiben un léxico máis rico no que se refire ao traballo desenvolvido no ámbito rural, xa que actualizan antes, e en maior medida, as palabras que designan oficios e actividades asociadas ao campo, así como os que designan apeiros, ferramentas ou vehículos, e é precisamente nestes núcleos temáticos

maiores nas listaxes do léxico feminino: a distancia non chega a medio punto, nin sequera no CI 11 'O campo', onde é maior. O gráfico 14 permite observar estes datos dun xeito máis directo:



Gráfico 14. Distribución de voces galegas segundo o sexo

Tampouco atopamos diferenzas destacables na análise das palabras galegas emitidas por cada un dos dous grupos, ata o punto de que a proporción de lemas que son comúns chega a ser bastante elevada en todos os CI, de xeito que podemos concluír que a variable social *Sexo* non intervén apenas na produción de palabras galegas nin na selección léxica das mesmas.

4. CONCLUSIÓNS

A análise dos datos sobre a produción de formas galegas nas listaxes do léxico dispoñible de alumnos de 2º de Bacharelato de Galicia amosa, como cabía esperar,

onde se localizan máis formas galegas (nas listaxes das mulleres, por contra, está máis presente o xardín e a paisaxe). Compárense, como exemplo, as seguintes listaxes, que recollen os verbos máis dispoñibles exclusivos de cada un dos dous grupos:

Homes: *andar en tractor, apañar, atar, cazar, cortar árboles, cuidar (las) plantas, dar de comer, dar de comer a las vacas, deforestar, descansar, deshojar, desinfectar, echar abono, enfardar, ensuciar(se), esfollar* [g], *esquilar, estercar* [g], *gradar, lavar, mallar* [g], *pastorear, picar, recortar, reforestar, rodrigar, sachar* [g] *patatas, secar, serrar, transportar, vesar* [g].

Mulleres: *cortar flores, cuidar animales, ordeñar (las) vacas, pescar, plantar árboles, plantar flores, plantar plantas, plantar semillas, recoger (el) maíz, recoger (la) hierba, recoger (las) frutas, recoger hojas (secas), remover la tierra, sacar (malas) hierbas, semillar, trabajar.*

que son os informantes que máis falan galego os que producen un maior número de transvasamentos e que estes están tematicamente vinculados sobre todo coa natureza galega e co mundo tradicional. Esta idea confirma as conclusións obtidas noutros traballos elaborados sobre corpus máis reducidos ou sobre a propia intuición do investigador, así como as impresións resultantes da observación directa da realidade (véxanse sobre a cuestión Herrero e Lago 1991, Acín Villa 1996, García e Blanco 1998, Rojo 2004 ou Porto Dapena 2008). A correlación obtida no LDEG correspóndese coa existente na realidade entre o mundo rural e o emprego do galego, de tal modo que o hábitat no que residen a maior parte dos galegofalantes determina fortemente a natureza conceptual ou temática das formas galegas introducidas nas listaxes. O vínculo non só se deixa percibir entre os préstamos do galego integrados no castelán de Galicia, senón tamén entre as formas extraídas directamente do galego.

Os primeiros son na súa gran maioría préstamos culturais, isto é, expresións introducidas no castelán polo descoñecemento (ou pola inexistencia) dun significante propio desta lingua (*androlla*, *carrilana*, *estrume*, *grelo*, *penal*, *pinto*...). As especifidades propias da fauna galega, moi especialmente dos peixes, das ferramentas agrícolas, dos labores de gandería e campo ou da casa e dos xogos tradicionais, así como o feito de que esas realidades se expresen en Galicia esencialmente a través do galego, determina que sexa precisamente neses campos temáticos onde atopemos un maior número de transferencias léxicas.

Nos segundos, nos cambios de código e nos lapsus bilingües, tampouco pasa desapercibida a forte vinculación entre o galego e o hábitat rural, posto que é precisamente no ámbito das tarefas agrícolas e gandeiras onde atopamos un maior número de expresións deste tipo (*apañar as malas herbas, coidar as pozas, facer aguardiente, facer o viño*...), como unha mostra do vencello pragmático existente entre a lingua (o galego) e a realidade (os traballos do campo).

Agora ben, a influencia do hábitat na produción de formas galegas non se explica tan só pola presenza de maior número de galegofalantes nas zonas rurais. Os alumnos galegofalantes que residen en zonas rurais producen maior número de voces galegas ca aqueles que o fan en cidades, de tal xeito que se pode concluír que o hábitat, tomado de maneira independente, tamén é un factor de incidencia na produción de formas galegas. Non ocorre o mesmo coas outras dúas variables de estratificación social analizadas, o NSC e o sexo, para as que non atopamos

resultados que mostren a súa influencia cuantitativa nas voces galegas rexistradas. Deste xeito, e deixando a un lado xustificacións particulares debidas ás especifidades de cada CI, son esencialmente a lingua usual dos falantes e o hábitat os elementos que determinan, en número e tipoloxía[29], a produción de formas galegas no Léxico Dispoñible do Español de Galicia.

Referencias bibliográficas

Acín Villa, E. (1996): «Galleguismos en la prensa gallega escrita en castellano», en M. Casado Velarde *et al.* (eds.), *Scripta Philologica in memoriam Manuel Taboada Cid*, vol. I. [A Coruña]: Universidade da Coruña, 267-277.

Álvarez de la Granja, M. (2011): «La presencia del gallego en el léxico disponible del español de Galicia. Análisis formal y funcional», en B. López Meirama (ed.), *Estudios sobre disponibilidad léxica en el español de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 17-102.

Bartol Hernández, J.A. (2006): «Disponibilidad léxica», *Revista española de Lingüística* 36, 379-384.

García, C. / L. Blanco Rodríguez (1998): *El castellano de Galicia: Interferencias lingüísticas entre gallego y castellano*. Madrid: Anaya.

Herrero Figueroa, M. C. / J. R. Lago Saavedra (1991): «Aspectos sobresalientes del contacto gallego-castellano en las aulas», en A. Marco López / A. Rodríguez López-Vázquez (eds.), *Actas do 1º Simposio Internacional de Didáctica da Lingua e a Literatura*. Santiago de Compostela: Universidade, 195-201.

Instituto Galego de Estatística (2010): *Enquisa de condicións de vida das familias. Coñecemento e uso do galego. Ano 2008*. Santiago de Compostela: IGE.

López Chávez, J. / C. Strassburger Frías (1987): «Otro cálculo del índice de disponibilidad léxica», *Actas del IV Simposio de la Asociación Mexicana de Lingüística Aplicada. Presente y perspectiva de la lingüística computacional en México*. México: UNAM, 1006-1014.

López Chávez, J. / C. Strassburguer Frías (1991): «Un modelo para el cálculo de disponibilidad léxica individual», en H. López Morales (ed.), *La enseñanza del español como lengua materna*. Río Piedras: Universidad de Puerto Rico, 91-112.

López Chaves, J. / C. Strassburguer Frías (2000): «El diseño de una fórmula matemática para obtener un índice de disponibilidad léxica confiable», *Anuario de Letras* 38, 227-251.

López Meirama, B. (2008): *Léxico disponible en el español de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

López Meirama, B. (2011): «Léxico rural y léxico urbano», en B. López Meirama (ed.), *Estudios sobre disponibilidad léxica en el español de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 103-155.

[29] Lembremos que, como se indicou no apartado 3.1, as diferenzas no número de formas galegas producidas por galegofalantes e castelanfalantes son moito máis destacadas nos lapsus bilingües e cambios de código ca nos préstamos integrados.

López Meirama, B.: «La incidencia de la variable social 'Sexo' en el léxico disponible del español de Galicia», en O. Loureda *et al.* (eds.), *Liber amicorum. Homenaxe a Álvaro Porto Dapena*. Universidade da Coruña. En prensa.

López Morales, H. (1999): *Léxico disponible de Puerto Rico*. Madrid: Arco Libros.

Matras, Y. (2009): *Language contact*. Cambridge: Cambridge University Press.

Porto Dapena, A. (2008): «La lengua española y Galicia», en J. A. Moya Corral / M. Sosinski (eds.), *El español en los territorios bilingües: Actas de las XIII Jornadas sobre la lengua española y su enseñanza*. Granada: Universidad de Granada, 53-76. (Dispoñible en: http://www.ugr.es/~hum430/Actas_XI_Jornadas.pdf).

Rojo, G. (2004): «El español de Galicia», en R. Cano (coord.), *Historia de la lengua española*. Barcelona: Ariel, 1 087-1 101.

APÉNDICE. LISTAXE DE LEMAS GALEGOS ORGANIZADOS EN CLASES LÉXICAS[30]

- **Animais (106): Peixes e outros animais mariños** (52): ameixa, andarica, ariego, arroaz, bacallau, baralloco, berete, boi (de mar), bruño, cabala, cabalo de mar, caramuxo, castañeta, centolo, chincho, choupa, coruxo, croque, escalo, escarapote, golfiño, lapa[31], longueirón, lorcho, lumbrigante, lura, maragota, maruca, meiga, mincha, muxe, navalla, ollomol, ourizo, pancha, peixe, peixe sapo, pinto, quenlla, rabada, raia, rapante, rincha, sanmartiño, sardiña, serrán, tabeirón, voandeira, xarda, xouba, xurelo, zamburiña. **Animais domésticos e de granxa**[32] (19): año, besta, boi, cabalo, cachena, carneiro, conexo, cuxo, egua, galiña, gallina poñedora, gando, gando vacuno, gando porcino, ovella, (perro) palleiro, perico, porco, vitela. **Aves non domésticas** (14): anduriña, bubela, corvo, merlo, miñato, moucho, papagaio, paporrubio, pardal, parrulo, pega, pomba, rula, vichelocrego. **Mamíferos non domésticos** (6): donicela, ourizo (cacho), porco espiño, rato, toupa, xabaril. **Insectos e arácnidos** (7): bolboreta, carracho, cheirona, escornabois, piollo, saltón, vacaloura. **Réptiles, moluscos terrestres e anélidos** (7): escáncer, lesma, miñoca, sapoconcho, serpe, tartaruga, verme.

[30] Ofrecemos lemas (formas estandarizadas) e non variantes concretas, as cales, como xa indicamos, poden consultarse no apéndice que figura en Álvarez de la Granja (2011). Os lemas desdobrados aparecen situados entre parénteses cadradas.

[31] As variantes recollidas son *lámparo* e *llápara*.

[32] O límite entre este subgrupo e os seguintes é difícil de establecer. Situamos aquí os coellos, pero consideramos os parrulos, as pombas e os papagaios como animais non domésticos, sendo conscientes de que poderían transvasarse as clases.

- **Accións propias do campo ou da gandería e o resultado desas accións (76): Actividades agrícolas e gandeiras** (64): abanear, angazar, apañar as malas herbas, barbear, botar patatas, botar a auga, botar abono, botar o purín, capar porcos, chotear, coger el millo, coidar as pozas, colleitar, debullar, destonar, echar (las) patatas, echar la cosecha, enrestrar cebollas, enxertar, esfollar, espalladela, espichar, espolar, estercar, estrar, estrar la corte, estrumar, facer aguardiente, facer estrume, facer o viño, fiar la leña, gadañar, hacer la milleira, hacer los regos, ir a las leiras, ir ao monte a por toxo, labregar, limpar os soutos, mallar, matanza do pavo, matanza do porco, matar o porco, matar toupas, mesar, muxir, muxir (as) vacas, plantar as patacas, plantar cerdeiras, rarear, realizar el barbeito, recoger (el) millo, recogida del millo, recoller, remover la leira, sacar batume, sacar el xurro, sachar, sachar o millo, sachar patatas, segar a herba, seleccionar sementes, tallar, vendimar, vesar. **Elementos resultantes das actividades agrícolas** (12): empallada, esterco, estrume, meda, mulime, [pallar], [palleira], [palleiro], [pallote], rego, rolo, xurro.
- **Árbores, arbustos, plantas, fungos e colectivos e partes correspondentes (41): Árbores e arbustos froiteiros cultivados** (5): maceira, nespereira, pereira, pexegueiro, vide. **Plantas cultivadas** (12): cebola, centeo, chícharo, faba, garavanzo, grelo, millo, pataca, [pataqueiro], pemento, repolo, xudía. **Outras árbores** (9): aciñeira, acivro, ameneiro, carballo, castiñeiro, faia, piñeiro, salgueiro, sobreira. **Plantas espontáneas** (9): chuchamel, estruga, fento, herba para as ovellas, matogueira, pampullo, silva, toxo, xesta. **Fungos** (2): choupín, cogomelo. **Colectivos** (2): carballeira, souto. **Partes das plantas** (2): faísca, semente.
- **Construcións e partes destas (34): Construcións** (20)**:** alboio, alpendre, [canastro], caseto, caseto del perro, cocho de los cerdos, corte, cortello, curral, [garaxe], invernadoiro, [pallar], [palleira], [palleiro], [pallote], palloza, pendello, piorno, valado, zurreiro. **Partes das construcións** (15): andar, cheminea, cociña, cornixa, cumio, faiado, [garaxe], lareira, penal, porta, reixa, rocho, tella, tendal, vertedoiro.
- **Alimentos e bebidas (32): Alimentos preparados** (18): androlla, atún con grelos, bandullo, bica, botelo, cachelo, chula, conxelado, filloa, guiso de choupa, iogur, lacón con grelos, marmelada, molete de pan, pan de millo, pulpo á feira, ventrullo, zorza. **Partes de animais** (7): cabeza de boi, cacheira, croca,

óso de caña, raxo, soá, zanco. **Bebidas** (6): auga, augardente, caña de herbas, leite, licor de mazá, viño. **Outros** (1): prea.

- **Apeiros e máquinas de labranza e de gandería (32): Elementos non mecánicos** (28): aixada, apeiro, carro de bois, cavadoiro, forcada, forquita, fouce, fouciña, fouciño, fouzaña, gadaña, galleta, [gancha], ganchilla, grade, legón, legoña, machada, machado, macheta, rodo, sacha, sachadora, [sacho], sachola, [sementadora], talladora, veso. **Elementos mecánicos** (5): chimpín, colledora, espelidor, muxidoira, [sementadora].
- **Electrodomésticos e utensilios de cociña (30): Electrodomésticos** (5): [batedor], cociña de butano, cociña de leña, fritideira, lavalouza. **Utensilios** (26): baeta, [batedor], cazola, cazola de barro, coitelo, cuchara fonda, cunca, escorredoiro, escumadeira, garfo, pedra para as filloas, pisapotas, plato fondo, posapotas, pota, pota a presión, pota grande, pota para pasta, pota pequeña, raspadeira, reposapotas, rolla, sartén de filloas, soporte para pota, sujetapotas, testo.
- **Partes do corpo humano e elementos que se poden atopar nel (27): Partes** (24): aparello reproductor, bochecha, cóbado, cona, coxa, cranio, cu, deda, epiderme, epiglote, glándula salivar, íleo, intestino groso, orella, óso, pálpebra, papo, pé, peito, pestana, pixota, queixo, ril, [tecido]. **Outros elementos** (3): bile, glícido, xene.
- **Oficios, profesións e ocupacións (24):** albanel, becerreiro, carpinteiro, cociñeiro, deputado, estanqueiro, ferreiro, fogueteiro, gandeiro, gandería, investidor, labrego, montador de bestas, muxidor, peixeira, percebeiro, pescantín, poñedor, sementador, surfeiro, tecedor, tendeiro, xastre, xornaleiro.
- **Xogos e distraccións (22): Xogos** (18): agachadas, carrilana, cascallo, casiñas, chave, chena, chopa, corda, estornela, mariola, merda, montar en carrilana, paturra, peletre, pita cega, trécolas, trompicallo, xogo de borracho. **Outras distraccións** (4): encrucillado, ioga, queimar contenedores, saltar a cacharela.
- **terreos dedicados á agricultura ou á gandería (10):** barbeito, campo de millo, cultivo de secaño, devesa, horta, leira, [pataqueiro], secaño, terra, veiga.
- **Formas e accidentes xeográficos (9):** esteiro, illa, illote, outeiro, pena, penedo, praia, relevo, rocha.

- **Elementos usados na pesca ou marisqueo (7):** [baca], cana, canastra, [gancha], [sacho], [tarrafa], trueiro.
- **Embarcacións e partes destas (7): Embarcacións** (6): [baca], dorna, foraborda, gamela, iate, [tarrafa]. **Partes** (1): zapón.
- **Pezas de roupa e tecidos (7): Pezas de roupa** (5): faixa, mantelo, pucha, pucho, zoco. **Tecidos** (2): liño, [tecido].
- **Labores do fogar (4):** bater, cociñar, fritir, rustrir.
- **Cores (4):** amarelo, azul mariño, branco, verdecente.
- **Vías de comunicación ou de paso (4):** autoestrada, carreiro, estrada, paso de peóns.
- **Mobles e obxectos da casa (3):** espello, farrapo, mesado.
- **Obxectos da aula (3):** papeleira, regra, subliñador.
- **Outros (51):** a rebolos, a rolos, abafante, agua salgada, area, arrabaldes, avellentado, billa, caladoiro, caldeira, [canastro], carro de rodas, chapapote, cheo, Ciencias da Terra, cirúrxico, concello, corrente, deputación, durmir, encoro, escaseza, estoupar, estudar, facho, femia, ferrado, fungar, furgalla, guindastre, húmido, lamber, latar, lecer, madera de carballo, miañar, muller, pasmar, pegada, perigo de extinción, piche, preamar, quente, rabiar, rapa das bestas, rascar a barriga, rechamante, risco, ronsel, sarillo, tomar o sol.

A FRONTEIRA ENTRE GALEGO E PORTUGUÉS. A PERSPECTIVA PORTUGUESA

Xosé Afonso Álvarez Pérez
Centro de Linguística da Universidade de Lisboa

O tema que nos foi proposto examinar é, obviamente, un asunto poliédrico que excede, con moito, os límites da Lingüística, para atanguer tamén aspectos etnográficos, históricos, políticos, sociais, etc., inherentes a calquera aproximación ao concepto de *fronteira* (ou, mellor, *espazo fronteirizo*). Do mesmo modo, subxace unha cuestión terminolóxica ou, máis ben, de perspectivas, no que respecta ao obxecto de estudo, pois as etiquetas *galego* e *portugués* poden designar, nunha perspectiva estritamente lingüística, dúas ramas dun mesmo sistema lingüístico (integradas, por súa vez, dentro dun amplo *continuum* románico), coa súa natural variación diatópica, diafásica e diastrática. Porén, desde outro punto de vista, eses mesmos nomes designan dúas linguas estándar ben delimitadas, con cadansúa normativa oficial e diferente estatuto en termos legais e de prestixio. É con este segundo ollar que se suscitan as disputas sobre se galego e portugués son unha ou dúas linguas (ou, se callar, trino), que ornan o espírito fratricida do noso país e sobre as cales a Lingüística *stricto sensu* non ten a palabra decisiva.

Dadas as naturais limitacións de espazo, os apartados desta contribución serán necesariamente sumarios. En primeiro lugar, daranse unhas notas sobre o nacemento do reino de Portugal e o establecemento progresivo dunha fronteira que o afasta de Galicia. No segundo apartado reflexionarase sobre o propio concepto de *espazo fronteirizo*, as relacións que se tecen entre os dous lados da Raia e as súas implicacións lingüísticas, exemplificadas sobre todo co clásico estudo de Maria José de Moura Santos. A terceira sección dá conta das reflexións dalgúns lingüistas portugueses contemporáneos sobre o estatuto do galego e do portugués. O cuarto capítulo quere comentar diferentes materiais lingüísticos ou bibliográficos que poden ser de interese para o estudo dos falares portugueses setentrionais, mentres que o quinto está consagrado á (breve) presentación de diferentes proxectos e traballos, desenvolvidos desde Portugal nos últimos dez anos, dedicados

* A elaboración deste traballo beneficiouse de axudas dos programas de recursos humanos do Ministerio de Ciencia e Innovación (Goberno de España) e da Fundação para a Ciência e a Tecnologia (Goberno de Portugal).

ao estudo do portugués setentrional e, na maioría dos casos, ao establecemento de comparacións coa lingua falada do outro lado da Raia[1].

1. A CONFORMACIÓN HISTÓRICA DA FRONTEIRA

Como é sabido, Galicia e o norte de Portugal, a grandes trazas, o territorio da antiga *Gallaecia*, separaron os seus camiños nos inicios do s. XII. En 1096, D. Henrique de Borgoña e Dona Teresa recibían de D. Afonso VI o goberno do *Condado Portucalense*, unha división administrativa de límites imprecisos, pois flutuaba segundo fose avanzando ou recuando a *Reconquista*. Á morte de D. Henrique en 1112, Dona Teresa asume o goberno do Condado, nunha época convulsa. Diferentes conflitos internos, a guerra cos almorábides e a súa relación co nobre galego Fernando Pérez de Traba foron consolidando unha oposición contra a súa figura, encabezada finalmente polo seu propio fillo Afonso Henriques, que a derrota na batalla de San Mamede, evento que a historiografía portuguesa considera, cunha visión mitificada, a acta de nacemento de Portugal, se ben que non foi ata 1139 que Afonso Henriques se proclamou formalmente rei e só en 1143, mediante o Tratado de Zamora, o seu primo D. Afonso VII de León e de Castela, aspirante á coroa imperial, recoñeceu a independencia do Reino.

A delimitación das fronteiras entre o novo reino de Portugal e os reinos de León e Castela foi un proceso gradual e demorado, especialmente na franxa oriental, a fronteira norte-sur, se ben que Galicia non estivo exenta de problemas. No ano 1137, o Tratado de Tui declarou o cese das hostilidades, mais non impediu as frecuentes incursións das tropas de Afonso Henriques en territorio galego, ata 1169. Con todo, non son só as expedicións militares as que alteran a liña de fronteira ou a *anulan*, pois existen outros factores, como as loitas internas entre os nobres galegos, que simpatizaban ora con León ora con Portugal, ou a dependencia eclesiástica de boa parte do sur de Galicia do arcebispado de Braga, situación que se arrastrou ata o Gran Cisma de Occidente.

[1] Cómpre explicitar que se deixou fóra de modo consciente a variedade falada no val das Ellas, no recanto noroccidental da provincia española de Cáceres, denominada por algúns investigadores «galego de Cáceres», unha etiqueta non exenta de polémica. Trátase dunha cuestión que merecería un comentario polo miúdo que non é posible nos límites asignados a este traballo, xa amplamente excedidos. Convén sinalar, no entanto, que a pesar do papel relevante de filólogos portugueses no estudo desta área nos primeiros tempos –entre eles, Vasconcellos (1927 e 1933), Cintra (1959) e Maia (1977)–, o interese da lingüística portuguesa actual por ese territorio é marxinal.

Cómpre ter tamén presente que na época medieval é errado falar de *liña de fronteira*, pois o que existe é unha *zona de fronteira*, un espazo impreciso, delimitado en varios casos por castelos e fortalezas defensivas, en cuxo interior se sitúa a oscilante liña fronteiriza. A perda progresiva de poder dos nobres en favor dos reis e, en consecuencia, o proceso de creación dos estados modernos implican a necesidade dun control máis eficaz das posesións territoriais e do cómputo dos habitantes susceptibles de pagaren tributos.

En 1864 asínase o Tratado de Lisboa entre España e Portugal[2], coa intención declarada de «fazer dessapparecer a situaçâo anomala em que, à sombra de antigas tradiçôes feudaes tem permanecido até hoje alguns povos immédiates à linha divisoria de ambos os Estados com reconhecido e commun prejuizo destes» (Preámbulo). En efecto, había ao longo da Raia diferentes situacións anómalas que prexudicaban o pleno exercicio da soberanía dos estados. No caso que nos ocupa, a primeira peculiaridade era o Couto Mixto, unha área de 27 km^2 situada entre Montalegre e Xinzo de Limia que gozaba de ampla autonomía respecto de España e Portugal e funcionaba, *de facto*, como un microestado: os seus habitantes podían escoller nacionalidade, tiñan exención de impostos e do servizo militar, gozaban de ampla inmunidade fronte á acción da xustiza real, etc.[3]. A outra *anomalía* eran as numerosas *aldeas promiscuas*, localidades que se foron establecendo sobre a propia liña de fronteira e que, beneficiándose da localización ambigua, eran con frecuencia lugar de paso ou refuxio de criminais escapados de calquera das dúas xustizas, de desertores do servizo militar ou, por suposto, campo de acción de contrabandistas de varios xéneros. A solución acordada no Tratado de Lisboa foi integrar en Galicia o Couto Mixto (hoxe está repartido entre os actuais concellos de Calvos de Randín e Baltar) e en Portugal as aldeas promiscuas de Soutelinho da Raia, Cambedo[4] e Lama de Arcos.

---

[2] Dispoñible nunha tradución galega en http://gl.wikisource.org/wiki/Tratado_de_Lisboa_de_1864 (última consulta: 11/01/2011).

[3] Non están claras as orixes deste peculiar territorio raiano. Pénsase que naceu como couto ligado ao castelo da Picoña no momento de separación de Galicia e Portugal. Xa en 1531 o censo de João III daba conta da súa existencia. A partir da década de noventa do século pasado multiplicouse o interese polo Couto Mixto, apareceron diversas publicacións e estudos (véxase, por exemplo, García Mañá 2000) e recuperáronse institucións propias do Couto como os homes de acordo e o xuíz honorario. Isabel Martínez dirixiu no ano 2007 un documental sobre o Couto Mixto, *A república dos soños*. No ano 2010, Eloy Enciso presentou a longametraxe *Arraianos*, que tamén se desenvolve nesas terras, con participación incluso dun grupo de teatro do antigo Couto Mixto.

[4] Facendo honra á súa historia de pobo promiscuo, despois do golpe militar franquista de 1936, a aldea de Cambedo foi lugar de refuxio de innúmeros exiliados e guerrilleiros galegos. En decembro de 1946, as autoridades ditatoriais españolas e portuguesas puxéronse de acordo para asaltar a aldea na busca de tres

2. O ESPAZO FRONTEIRIZO: LUGAR DE SENTIMENTOS E COMPORTAMENTOS CONTRADITORIOS

Cómpre examinar a existencia dun *espazo (trans)fronteirizo*, territorios dun e doutro lado dunha Raia trazada con criterios arbitrarios que flutuou ao longo do tempo. Esta liña de fronteira actúa como unha membrana celular, con permeabilidade selectiva en diferentes tempos e lugares, desde a indefinición medieval, pasando pola rixidez dos tempos franquistas e salazaristas ata a levidade actual, despois de 15 anos de aplicación do Tratado de Schengen, que permite a libre circulación entre España e Portugal.

En xeral, ao longo da historia, a Raia galego-portuguesa caracterizouse por un alto nivel de intercambio, favorecido non só pola proximidade cultural, senón tamén pola xeografía, xa que boa parte da fronteira é *Raia seca*, sen grandes barreiras naturais, e a outra está delimitada polo curso do río Miño; sendo que as fronteiras hidrográficas favorecen a cooperación entre as ribeiras, boa parte do deslinde hispano-portugués foi construído sobre límites fluviais.

Nesta *borderland* (Wilson e Donnan 1998, *apud* Martins 2009) os comportamentos adoitan ser contraditorios. A constante circulación de persoas entre ambas as marxes, en intercambios sexa puntuais (comercio legal ou ilegal, festas e romarías, visitas médicas, etc.) sexa máis permanentes (matrimonios mixtos, tradicionalmente entre homes portugueses e mulleres galegas, posto de traballo no outro país, etc.), ou a súa situación periférica, non só no aspecto xeográfico, respecto dos estados aos que pertencen, favorecen a adopción dun sentimento de comunidade, acompañado ás veces de xentilicios como *[ar]raianos*. Hai quen chegou a falar, incluso, de *cultura de fronteira*, aínda que cómpre recoñecer que se trata dun concepto problemático (Medina García 2005: 719-723). Non podemos deixar de sinalar distintas iniciativas económicas e culturais, como o *Eixo Atlántico* (Souto 2006) ou *Ponte nas ondas* (http://www.pontenasondas.org), que naceu como unha experiencia educativa de radio escolar coa participación de 16 centros de Monção e Salvaterra de Miño e acabou por ser o vehículo

guerrilleiros fuxidos (caracterizados na propaganda como bandoleiros e criminais), incursión acompañada dun brutal bombardeo e, claro está, da constante represión posterior exercida pola PIDE. Para máis información sobre estes sucesos, coñecidos máis en Galicia que en Portugal, pódese consultar o blogue http://cambedo-maquis.blogs.sapo.pt/, que recolle numerosa documentación gráfica. No ano 2009, Maria Júlia Fernandes presentou o documental *Cambedo - A luta politica fronteiriça dos opositores de Franco*.

impulsor da candidatura da cultura inmaterial galego-portuguesa a patrimonio da humanidade.

Mais, doutro lado, a existencia dunha fronteira arrastra toda unha serie de implicacións que afectan os poboadores do espazo transfronteirizo e que crean, en certo modo, unha dinámica contraria, de oposición. Como na coñecida viñeta de Castelao, os da banda de alá son estranxeiros, son *eles*, mentres que os da banda de acá somos *nós*. Por inherencia, non se pode tratar dunha mesma comunidade, realizada nunha mesma cultura, porque deste lado da Raia é a *nosa* cultura, a *nosa* lingua, as *nosas* tradicións... e a do outro lado é a *deles*. Observamos, por tanto, como unha fronteira política, en orixe a liña ata a que se estende a soberanía dun estado, acaba por transformarse nun límite social, cultural, identitario, en suma[5]. Non son alleos a esta dinámica de oposición os diferentes brazos do estado moderno que, durante o século XX, van alcanzando todos os recunchos do territorio: a ideoloxía do poder central (maiormente con réximes totalitarios que exacerban os nacionalismos español e portugués), o sistema escolar, as forzas de seguridade, os alfandegueiros que executan os tributos e taxas de importación e dificultan o comercio transfronteirizo, o aparato administrativo, etc.

Para dar conta da situación (socio)lingüística na fronteira portuguesa acudirase a un traballo clásico que hoxe xa ficou desactualizado no que respecta á descrición, vista a forte expansión da lingua estándar nese territorio nos últimos anos[6]. Trátase da monumental tese de licenciatura de Maria José de Moura Santos (1967) que analiza 45 localidades portuguesas transmontanas, 7 galegas e 5 leonesas. Como non se centra nunha única localidade, senón que toma en consideración toda a zona de fronteira transmontana, pode observar aspectos ignorados noutras monografías, como o proceso de conformación da fronteira ou as dinámicas existentes no espazo fronteirizo, especialmente do lado portugués, mais non só.

Como é esperable, infórmasenos de que a lingua da zona non se corresponde coa oficial de Portugal, se ben que a distancia non é grande e está a diminuír

[5] Os traballos de Medeiros achegan consideracións moi interesantes a este respecto.

[6] Posto que non é un traballo desenvolvido por investigadores portugueses, deixamos de lado o recente estudo de Beswick (2005), unha análise con metodoloxía sociolingüística desenvolvida nas localidades de Tui e Valença do Minho, cunha mostra de 20 persoas de cada localidade, a metade homes e a metade mulleres, de entre 20 e 50 anos; neste estudo avalíanse tres aspectos: a) conduta lingüística, b) intelixibilidade mutua entre as dúas localidades, c) actitudes dos falantes con respecto á propia variedade lingüística.

rapidamente. As noticias que refire para a parte galega tampouco sorprenden: o galego, aínda que con bastantes *castrapismos*, é o idioma falado correntemente por novos e vellos, que na súa grande maioría tamén saben falar o castelán, aínda que bastante mesturado con formas locais (Santos 1967: 107-113).

No que respecta ao bilingüismo portugués/galego (ou español)[7] existente na zona, Santos distingue catro graos:

a. *Bilinguismo pràticamente inexistente*: Naquelas zonas en que agora case non hai contacto entre as comunidades, como acontece no oriente, concellos de Mogadouro e Freixo de Espada à Cinta. Poden coñecer algún termo español solto.

b. *Bilinguismo «potencial»*: Dáse nas zonas que, no momento de realizar as enquisas, non presentaban relacións constantes con España, senón esporádicas. Cubriría a zona do Barroso (excepto Tourén, que non en balde estivera unido ao Couto Mixto polo camiño privilexiado) e o norte do concello de Bragança (excepto Montesinho, Portelo, Rio de Onor e Guadramil). A súa lingua non é percibida como distinta polas poboacións algo máis afastadas da fronteira. Trátase dun bilingüismo pasivo, aínda que pode infiltrarse algún termo esporádico. A este respecto, relátase que:

> É bastante vigoroso o «patriotismo linguístico», que leva a uma reacção pouco favorável perante a interferência espanhola consciente e não habitual. Numa destas aldeias ouvi chamar, com ar de troça, «galego mal arranjado», a um rapaz que empregou a palavra ventana em vez de janela, e mais vezes observei reacções semelhantes. Não querem ouvir dizer que «falam galego» ou «quase galego»; protestam convictamente se lhes dizem tal coisa (Santos 1967: 119).

c. *Bilingüismo parcial*: Son aquelas zonas de fronteira viva, con frecuente circulación de persoas: Tourém no Barroso; Portelo, Montesinho e a Lombada en Bragança; Vimioso e, especialmente, as rexións de Chaves e Vinhais.

[7] Téñase presente o que apunta a autora: «Em toda a nossa fronteira norte não existe em geral uma noção clara da diferença entre «galego» e «espanhol». Na zona que confina com a Galiza, «galego» é o termo corrente para designar tudo o que diz respeito a Espanha [...] No Norte do concelho de Bragança usa-se mais «espanhol» que «galego», mas a identidade de significado é a mesma» (Santos 1967: 118n).

Neste caso, o contacto lingüístico é tan denso que as aldeas dos arredores senten estas localidades como diferentes e acuñan designacións particulares, como *falar raioto ou raiano* ou *fala atrabessada*, porque se atravesa co español (Santos 1967: 108). Cando atravesan a fronteira nesas áreas para visitar as localidades veciñas, os portugueses non teñen necesidade de falar español, pero si que procuran empregar algúns recursos desa lingua. Iso si, o español é usado activamente en brincadeiras, en usos irónicos ou noutras circunstancias: «Quando se exaltam, especialmente os homens, recorrem em larga medida a imprecações e pragas, em que, como é sabido, a língua de Espanha é particularmente rica; nessa altura, perdem a noção da separação entre as línguas, e algumas dessas expressões podem passar a tornar-se habituais» (Santos 1967: 122).

d. *Bilingüismo propiamente dito*: Son tamén zonas de «fronteira viva», pero cunha intensidade especial, motivada ben por unha pertenza anterior ao territorio español (é o caso de Soutelinho, Cambedo e Lama de Arcos) ou ben por estaren illadas do resto do territorio portugués, o que favorece unha relación especial con España (trátase de Segirei, no concello de Chaves, e de Cisterna e Pinheiro Velho no concello de Vinhais). Nesta zona, a lingua é unha mestura de portugués e galego (con elementos casteláns vindos a través do segundo). Debido á súa posición marxinal e illada, presentan tamén características arcaicas. A diferenza dos tipos anteriores, a propia comunidade recoñece abertamente a situación: «Não falamos português nem espanhol» (Cambedo); «A nossa fala é meia galega» (Lama de Arcos); «Entendemos melhor o espanhol que o português» (Cisterna) (Santos 1967: 123)[8].

Algunhas das características lingüísticas recollidas por Santos (1967: 411) confirman a presenza de trazos *galegos* en Portugal e á inversa. Entre eles: 1. Existe a terminación *-ã* en aldeas galegas, especialmente en Terroso, e, pola contra, encontramos *-á* en Tourém. No que respecta ao xénero masculino, documéntase

[8] Unha situación semellante, por outro lado, ao que acontece do outro lado da Raia: «O meu informador de Feces disse-me convictamente: «No falamos español nim galego, nim português, é ũa mezcla». E em Terroso, a povoação onde encontrei mais semelhanças com o português, surpreendeu-me bastante ouvir a um operário de lá, dirigindo-se a um conhecido de S. Vicente; «Sou tan portugués como usted»» (Moura Santos 1967: 124-125). Con todo, é verdade que do lado galego o grao de patriotismo lingüístico é menor e moito máis grande a influencia castelá.

-ão nas aldeas de Feces e Terroso, pero dise *-au*, ao modo galego, en catro localidades portuguesas da Raia. 2. A forma *mai* aparece en catro aldeas portuguesas. 3. Os lugares de Rabal, Feces, Mandín e Terroso non teñen *gheada*, como en portugués, a diferenza do resto das aldeas galegas da zona. 4. Cinco localidades portuguesas presentan, como o galego, enxordecemento de /ʒ/. 5. No lado galego da fronteira hai restos de sibilantes sonoras semellantes ás portuguesas. 6. Os pronomes galegos *che* (dativo) e *ti* (suxeito) aparecen en 3 e en 6 aldeas portuguesas, respectivamente. 7. Existe unha grande cantidade de arcaísmos. 8. Hai castelanismos que penetran nas localidades fronteirizas portuguesas.

Varios etnotextos comentados por Santos (1967: 385-401) dan boa conta dos comportamentos (socio)lingüísticos da comunidade. Son moitas as brincadeiras en que se ridiculiza aos do outro lado da Raia, como cando afirman os portugueses que «nem duzentos galegos fazem um homem, mas só o fazem quando comem». Nesas composicións é frecuente utilizar a lingua do outro, como nesta copla que mestura portugués, galego e castelán: «Os galegos da Galiza / quando se vão casar / levam la barriga llena / de patacas por cascar». Moura Santos reproduce unha curiosa *loa de Natal* (recollida por Firmino Martins en 1928) en que un patrón portugués e o seu criado galego se dirixen ao presepio, falando cada un a súa lingua: «[criado] Vaya, vaya, vo los otros, / sperai pelo pequeninho! / Vamos todos a ver a Dios, / aquele rico meninho / Ai que rico meninho / que lá está temblando! / yo quero le falar, / pero xá vou caminando / [...] Ai meu meninho Gasuz, / quitai-vos daí!... / non venga mi amo / que vos faga como a mi!... // [amo] ao meu menino Jesus / livrai-me os anéis dos dedos! / E livrai-me de me ver / em o poder de galegos!...» Noutros casos, a reflexión metalingüística é máis explícita, como na cuadra recollida por Cortés Vázquez en Entrimo no ano 1948 e que tamén transcribe a nosa autora: «Eu non falo castellano / galego nin portugués: / falo entremesellano / que participa dos trés».

É obvio que a aparición e o mantemento dunha fronteira política ten repercusións sobre a lingua falada no territorio, en dous eixos, a súa entidade real e a súa percepción. Dito doutro modo, o establecemento dun límite político, que divide unha comunidade, implica unha alteración no mapa social, cultural e económico do territorio, mudanza que se consolida a medida que se afirma a fronteira, especialmente coa chegada do estado moderno, das súas estruturas e brazos executores: ensino, médicos, vixilancia aduaneira, medios de comunicación, etc.

Así, dúas aldeas arraianas, que distaban pouco menos de cinco quilómetros unha da outra, e que, por suposto, falaban unha lingua moi próxima, pasaron a estar divididas por unha fronteira política. Nos primeiros séculos, realmente pouco importa, pois, como quedou dito anteriormente, a fronteira é unha zona etérea e imprecisa que non dificulta o intercambio entre as comunidades (ir á igrexa dun lado, ao mercado do outro, ir traballar campos doutro país,...). Porén, coa fixación da fronteira, o establecemento de pasos e o reforzo da vixilancia policial e alfandegueira, a circulación de persoas e mercadorías vese dificultada. A estrutura burocrática e comercial organízase de modo independente en cada un dos países e os centros de poder dos que «dependen» estas aldeas son distintos, polo que cada vez se afastan máis unha da outra. Do mesmo modo, a chegada de medios de formación de masas e, é esencial, da escola, expoñen os habitantes a unha influencia constante dos modelos estándar da lingua (portugués dun lado; en Galicia, esencialmente castelán, cunha presenza minoritaria do galego). Por suposto, non se trata de modelos estáticos, senón dinámicos diacronicamente. Nos primeiros tempos, a liña de fronteira tivo moi pouca incidencia, ao contrario do que na maior parte do século XX. Falta por ver o que dá de si o Acordo de Schengen, aplicado desde hai quince anos entre Galicia e Portugal e que, sen dúbida, axilizou a circulación comercial e persoal, inda que nada cambiou no que respecta, por exemplo, a escola.

Por tanto, a división dunha comunidade entre dous países contribúe para a súa separación lingüística, ao implantar linguas-teito distintas e ao encamiñar as persoas para distintos centros de prestixio social. Mais as fronteiras tamén teñen un papel relevante á hora de explicar e de interpretar o comportamento lingüístico dese espazo fronteirizo. Determinar que dúas variedades son linguas distintas ou «simplemente» unha variedade da mesma é imposible atendendo a criterios lingüísticos. Existen, obviamente, límites que son fixados de acordo a determinadas características (por exemplo, a ditongación de Ĕ/Ŏ latinos, que separaría o galego e portugués do asturiano, leonés e castelán), pero non deixan de ser eleccións convencionais e simplistas dentro dun *continuum* de linguas románicas (ou escandinavas, eslavas, xermánicas...) constitutivas.

Queda claro, pois, que unha cuestión que intuitivamente podía parecer simple, delimitar unha variedade lingüística doutra, revélase unha tarefa enormemente complexa e condicionada non só por aspectos lingüísticos, senón tamén

por criterios culturais, políticos, sociais, etc. Obviamente, isto non implica que a lingüística non poida achegar elementos para o debate. Por suposto que o pode facer, especialmente a dialectoloxía, unha disciplina que moitas veces queda un pouco á marxe, pois moitos estudos contrastivos entre variedades limítanse a tomar como referencia o estándar (que non deixa de ser unha ficción).

3. O GALEGO VISTO POR LINGÜISTAS PORTUGUESES

Neste apartado daranse unhas rápidas notas sobre a concepción do galego nos filólogos e lingüistas portugueses. Non me deterei moito neste aspecto, pois nos últimos anos apareceron moitas contribucións que sintetizan varias opiniións sobre esta cuestión[9]; darei apenas unhas informacións sobre os autores máis recentes, especialmente os pouco tratados nos traballos de sintese. Cómpre sinalar que a cuestión do galego é un tema marxinal nos estudos lingüísticos portugueses.

3.1. O polifacético José Leite de Vasconcellos deu a súa opinión sobre o tema en dous traballos practicamente contemporáneos. Un deles, publicado no primeiro volume da súa *Revista Lusitana*, é unha moi dura recensión da *Historia de la Literatura Gallega* do avogado tudense Augusto González Besada. Vasconcelos reacciona con especial virulencia á afirmación de que foi o galego quen deu orixe ao portugués e que, por tanto, este sería un subdialecto de aquel. Como afirma tamén no artigo «Lingua é Litteratura Gallega», publicado en 1888 no xornal compostelán *El País Gallego* e estudado por Hermida (1987), a lingua peninsular *português-gallego,* debido á separación de Portugal e de Galicia, escindiuse en dúas, que se foron afastando co tempo, se ben que a diferenza actual non é demasiada:

[9] Vázquez Corredoira (1988) e Monteagudo (1989) examinaron a situación entre os séculos XVI e XVIII. Duarte (2007) examina as opinións de gramáticos e lingüistas portugueses do s. XIX, ata 1881, ano en que comeza Maia (2002), que se estende ata a actualidade. Castro (2006) cobre todo o arco cronolóxico; é a versión impresa dunha conferencia pronunciada dez anos antes, publicada como opúsculo tamén no 2002. O profesor da universidade de Lisboa presenta en Castro (2008) unha reflexión crítica sobre o concepto de Lusofonía, exposta nunha mesa redonda dese ano en que participaron tamén os galegos Rosario Álvarez e Elias Torres, dispoñible en vídeo en http://consellodacultura.org/mediateca/video.php?id=211; lamentablemente, Elias Torres non publicou a súa contribución, mais ocupouse recentemente deste problema en Torres Feijó (2010).

> Como porém o português é a lingua nacional de um país independente, historicamente definido, e é alem d'isso o orgão de uma litteratura notabilissima e abundante, ao passo que o gallego se limita ao uso doméstico de uma simple provincia e possue uma literatura por ora modesta, devemos considerar este último idioma, numa classificação glottologica, como um co-dialecto do primeiro. E já en lhe concedo mais do que lhe concederam muitos philologos que o consideram apenas como dialecto da lingua do meu país (apud Maia 2002: 13).

Na súa tese de doutoramento, defendida no 1901 en París e posteriormente publicada, co título *Esquisse d'une dialectologie portugaise*, reitera esa distinción[10]: «je ferai donc entrer, et les *dialectes* proprement dits, c'est-à-dire les différentiations locales du portugais, et les codialectes, c'est-à-dire les idiomes particuliers qui, quoique n'étant pas aujourd'hui rigoureusement portugais, sont cependant dans un intime rapport avec cette langue» (Vasconcellos 1970: 27). Nesta monografía fai referencias esporádicas ao galego, nun caso para examinar algúns materiais de interese para a análise lingüística e noutro para facer unha sucinta caracterización, contrastiva respecto ao portugués: (Vasconcellos 1970: 65 e 163-164).

Tamén en relación co tema que nos ocupa neste traballo, importa sinalar que Leite deu unha grande atención ás variedades lingüísticas faladas en zona de fronteira, dun e doutro lado da Raia. Os estudos galegos foron antoloxizados no vol. IV dos *Opúsculos* (Vasconcellos 1929: 623-669); hai no seu interior moitas recollas de etnotextos e incluso unha breve análise da linguaxe de Ferreiros, no concello de Entrimo. Pouco antes (Vasconcellos 1929: 595-619) hai un capítulo que inclúe referencias a algunhas variedades fronteirizas; interesan especialmente as referencias a Lobios e a Ermisende. Será no vol. II dos *Opúsculos* onde se publique unha ampla monografía, titulada *Dialecto interamnense*, dedicada ao estudo das variedades da zona de Entre-Douro e Minho; a respecto do concello de Melgaço, indícase que ten un falar moi arcaico, «transição para o galego» (Vasconcellos 1928: 526). A segunda parte do volume aparecería postumamente, como volume VI, con estudos sobre falares transmontanos e da Beira, algúns redactados

[10] Porén, na reedición do *Mapa Dialectológico do Continente português*, publicado orixinalmente en 1897 e reproposto nos *Opúsculos*, vol. IV (1929: 793-796), Leite de Vasconcelos exprésase con maior ambigüidade: «À Galiza pertence o galego, que não é mais que um dialecto português, ou, se se quiser, um seu co-dialecto [...] Como aqui só se trata do Continente português, ficam de fora vários falares do reino de Hespanha ìntimamente relacionados com a nossa língua: por exemplo, o de Ermisende, de Alamedilha ou Almedilha, e de San Martin de Travejo [...] Exclue-se pelo mesmo motivo o galego, apesar da sua connexão com o português, o falar de Lobios [...] e o português de Olivença» (1929: 793, 795).

directamente polo propio Leite e outros elaborados pola editora da obra, Maria Adelaide Valle Cintra, a partir de materiais que ficaran inéditos.

3.2. Leite de Vasconcellos chamou para a Facultade de Letras de Lisboa a Manuel Rodrigues Lapa, quen traballará alí ata a súa expulsión do ensino universitario pola dictadura salazarista en 1935. Lapa, nacido na Anadia, considerábase galego, no sentido histórico e xeográfico da palabra (Lapa 1979: 1). En 1932 fai a súa primeira visita a Galicia, da que dá conta na célebre e polémica conferencia *A política do idioma e as Universidades* do ano 1933:

> V. Exas. sabem que para cima da risca prateada do Minho vive e sofre um grupo de dois milhões de homens, que falam a nossa língua e sentem a nossa alma [...] Essa civilização terá como veículo expressivo uma língua, que já nos encantou no verso indefinível de Rosalia e agora nos anda a deliciar na prosa romântica de Pedrayo. Aprenderão os galegos o seu idioma oficialmente e aprenderão o castelhano por intermédio da sua língua materna. Vai haver pois necessidade de se resolver o seu problema ortográfico. Os portugueses ainda não se compenetraram das enormes responsabilidades que esse simples facto nos pode trazer e das grandes vantagens de ordem política, cultural e económica que nos podem vir da sua decente resolução (Lapa 1983: 63).

En especial tras a súa volta do exilio brasileiro, Lapa insistirá no problema da codificación ortográfica do galego. A súa postura (manifestada, por exemplo, en Lapa 1979: 63) é que as falas populares non poden servir para construír o galego culto, como tampouco a literatura «escrita sobre um dialecto oral e corrompido, mistura informe de português arcaico e castelhano, que os escritores não souberam ou não puderam aperfeiçoar, para que atingisse a categoria de língua de cultura [...]. Como pois resolver o problema da recuperação literária do galego? É evidente que só através do português, o qual pode considerar-se como a forma literária do galego» (nunha entrevista para o *Diário de Notícias* en 1977, recollida en Lapa 1983: 298).

3.3. Unha clasificación de referencia dos dialectos portugueses é a establecida por Manuel de Paiva Boléo, en colaboración coa súa discípula Maria Helena Santos Silva, baseada fundamentalmente nos datos do *Inquérito Linguístico Boléo*[11]. Un avance da proposta foi presentado en dous encontros transcorridos

[11] Esta investigadora traballou tamén sobre os falares miñotos (Silva 1962).

en Lisboa, o *III Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros* (Boléo 1960) e o *IX Congresso Internacional de Linguística Românica* (Boléo e Silva 1961); a redacción definitiva é a publicada en Boléo (1974: 309-352). Os autores restrinxen o seu estudo ás variedades faladas en Portugal continental, nin sequera inclúen os dialectos azorianos e madeirenses ou as comunidades lusófonas en territorio español, así que o galego quedaría fóra da clasificación en calquera caso, fose ou non considerado dialecto portugués.

Sinalemos, no que respecta ás variedades fronteirizas, que «de todos os falares marcados no *Mapa*, o minhoto é, sem dúvida, o de características mais vincadas e que mais sistematicamente se verificam em todo o seu território [...] Situação diferente é a do falar trasmontano. Os traços gerais e característicos deste falar são menos acentuados que os do minhoto [...] Igualmente o Mondego não serve de fronteira dialectal» (Boléo 1974: 344-345).

3.4. É bastante discutible a clasificación tripartita establecida na *Gramática da Língua Portuguesa* da galega Pilar Vázquez Cuesta e da portuguesa Maria Albertina Mendes da Luz. A obra, editada por primeira vez en 1949 en español, con reedicións ampliadas en 1961 e en 1971 (esta última, responsabilidade só de Pilar Vázquez Cuesta, por defunción da outra autora), foi traducida para portugués e acadou unha notable difusión.

Con respecto ao galego e a súa relación co portugués, especifícase que a situación varía segundo o tipo de lingua (literaria, familiar ou popular) a que nos esteamos a referir:

> Embora os falares das duas margens –galega e portuguesa– do rio Minho sejam mais parecidos entre si que qualquer deles e o de um *caipira* paulista ou o de um *matuto* nordestino, existem entre a língua literária galega e portuguesa divergências que não se dão, no interior desta, num e noutro lado do Atlântico. É possível, contudo, que tais divergências sejam mais aparentes que reais. Afectam o vocabulário (tão contaminado, no galego, de castelhanismos) e em alguns aspectos a morfologia. Aparecem, no que se refere à fonética, exageradamente reflectidas na língua escrita[...] Mas não correspondem em absoluto à sintaxe, que se mantém sem quebra dentro do âmbito peninsular, enquanto se vai diferenciando progresivamente numa e noutra margens do Atlântico (Vázquez Cuesta e Mendes da Luz 1971: 46).

Na terceira edición da obra, Pilar Vázquez Cuesta reservou para o galego un capítulo propio. Como ben indica no prólogo, trátase dunha innovación discutible, mais tamén era problemática a postura adoptada en edicións anteriores, tratar o galego dentro da sección *linguagens fronteiriças*[12], a pesar da súa vasta extensión territorial. Anos máis tarde, a autora galega publicou contidos desta sección nun opúsculo claramente orientado ao público portugués, Vázquez Cuesta (2002).

3.5. A clasificación dialectal portuguesa máis empregada aínda hoxe é a establecida por Luís F. Lindley Cintra con base nas enquisas feitas para o *Atlas Lingüístico da Península Ibérica* na década de cincuenta do século xx. Cintra parte do principio de «considerar o território linguístico galego-português no seu conjunto» (Cintra 1964-1971: 99), o que implica que o galego e as variedades portuguesas faladas en España fan parte, a pleno dereito, da clasificación. O filólogo portugués establece unha división tripartita: a) dialectos galegos (cunha posterior subdivisión en occidentais e centrais baseada na existencia ou non de *gheada*), b) dialectos setentrionais, c) dialectos centro meridionais. Os criterios elixidos para acuñar esta proposta son sete características fonéticas que, a xuízo de Cintra, son ben percibidas polos falantes; desas, hai dúas que separan os dialectos portugueses setentrionais e o galego e cuxas isoglosas se sobrepoñen, con bastante exactitude, á fronteira política entre España e Portugal: a ausencia no galego de fricativas sonoras e e redución de vogais átonas e o seu menor grao de pechamento. A estas características lingüísticas cumpriría sumar a conciencia metalingüística dos falantes, que

> distinguen perfeitamente, pelo modo de falar, um homem do Norte [...] de um homem do Sul. De ambos distinguem ainda perfeitamente um Galego (que compreendem quando fala o seu dialecto, mas em cuja linguagem não vêem normalmente, a não ser que tenham certa cultura histórica ou linguística, uma variedade do português, apenas porque a consciência da separação política os impede de sentir «linguìsticamente» da forma que seria a mais normal) (Cintra 1964-1971: 101).

[12] Nesa mesma sección faise unha breve mención ao falar de Ermisende: «Na província de Zamora e vizinha do concelho lusitano de Bragança, encontra-se a aldeola de Ermisende, que pertenceu a Portugal até ao ano de 1640 e cujos habitantes falam uma variedade de português transmontano cada vez mais influenciada pelo espanhol, que se lhe sobrepõe como língua oficial» (Vázquez Cuesta e Mendes da Luz 1971: 69).

3.6. O lingüista lisboeta Eduardo Paiva Raposo, establecido desde 1984 en Santa Bárbara (California), reflexiona nun moi citado artigo, publicado ese mesmo ano, sobre a noción de lingua portuguesa e os seus criterios definitorios. A tradición clásica limítase a enumerar tres variantes (portugués europeo, brasileiro e galego) e a describir os seus sistemas gramaticais, asumindo tacitamente a inclusión desas tres variantes dentro do concepto *lingua portuguesa*, mais falta unha sólida definición cualitativa, baseada nas propiedades ou características dos obxectos incluídos dentro dese concepto. Raposo constata que as xustificacións lingüísticas para agrupar o galego e o portugués residen esencialmente en que as dúas variedades tiveron unha evolución fonética común fronte ao castelán. Mais:

> em múltiplos pontos da sua estrutura fonética, fonológica e sintáctica, o galego está, hoje em dia, sem dúvida mais próximo do castelhano que do português. porque não então falar dum complexo galego-castelhano distinto do português mas apresentando com este pontos de contacto? Ou porque não falar de uma língua galega, próxima em certos aspectos do português e noutros do castelhano? Do ponto de vista da estrutura gramatical sincrónica, não se poderia dizer que qualquer destas soluções fosse mais acertada do que a outra. O que se passa, então? O que se passa é que existem, por um lado, factores subjectivos, de natureza historicista, relativos à tradição filológica clássica e, por outro lado, factores objectivos, de natureza política, ideológica e cultural, exteriores à estrutura gramatical da língua, que se conjugam para favorecer «uma só língua» (Raposo 1984: 588).

O elemento preponderante para que a noción clásica de lingua portuguesa inclúa o galego é o histórico: a existencia en tempos pasados dun tronco común indiferenciado (o que, por coherencia, sinala Raposo, levaría a que se falase hoxe en día do latín como lingua e do francés, castelán ou portugués como dialectos). A conclusión reitera que a realidade da noción de *lingua portuguesa* descansa, máis do que na lingüística, nos dominios da historia, da cultura e da política. Como a percepción destas realidades mudará co decorrer do tempo e das xeracións, consecuentemente a extensión da noción de *lingua portuguesa* mudará tamén (Raposo 1984: 592).

3.7. Clarinda de Azevedo Maia emprendeu para a súa tese de doutoramento, publicada en 1986, a edición e estudo lingüístico de 168 documentos medievais galegos e do noroeste de Portugal. A profesora da universidade de Coimbra defende que:

> A atitude científica que assenta na análise estrutural do galego e do português só permite considerá-los como duas línguas muito aparentadas, mas duas línguas, contudo, diferentes: elas oferecem uma situação muito particular, pois se situam, uma relativamente à outra, exactamente no limite onde começa o bilinguismo, sendo possível, por esse motivo, em determinadas circunstâncias, a intercompreensão entre os respectivos falantes. Nesta perspectiva, parece evidente que a normalização do galego tem que ser feita a partir do galego e, paralelamente, o estabelecimento das suas características ortográficas deve basear-se no conhecimento da tradição gráfica do galego, desde a época medieval (Maia 2002: 28-29).

3.8. No ano 1986 viron a luz dous traballos[13] de Maria Helena Mira Mateus que examinan, no marco teórico da gramática xenerativa, as principais semellanzas e diferenzas fonolóxicas existentes entre galego e portugués, así como as características comúns que posúen fronte a outros sistemas lingüísticos. A idea central destes textos é que as semellanzas corresponden a aspectos de base que remontan ao momento constitutivo da lingua; por contra, as diferenzas resultan da actuación de regras aplicadas a un nivel superficial en fases posteriores e, nalgúns casos, ligadas á influencia do castelán.

En Mateus (1986b) deféndese claramente unha postura reintegracionista que potencie a recuperación de formas do galego antigo e teña o portugués como modelo privilexiado para os neoloxismos, mais que manteña tamén as peculiaridades galegas e non aplique mimeticamente a ortografía portuguesa ao galego. Se ben que en Mateus (1986a) non exista unha toma de posición tan explícita, conclúese en ambos os traballos que o problema da relación entre galego e portugués non é exclusivamente lingüístico:

> Mas a pergunta fulcral persiste: a partir de que ponto da sua evolução se pode afirmar que dois sistemas linguísticos constituem duas línguas distintas? O que dizer das normas do português falado em territórios geográfica e politicamente independentes, normas que possuem características específicas que permitem o contraste precisamente porque não é a identidade que está em causa? Talvez possamos apenas concluir que a consciência de falar uma língua – forma privilegiada do comportamento dos homens- está intimamente ligada, e até certo ponto dependente, das suas convicções e dos seus receios, dos seus desejos e, em última análise, da sua vontade. (Mateus 1986a: 303).

[13] Mateus (1986b) desenvolve e amplía Mateus (1986a), un traballo que fora presentado no *I Congresso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza* celebrado en Ourense en 1984.

Con todo, cómpre mencionar que Mateus (1986b) non foi incluído en colectáneas posteriores da autora, quen tampouco retomou a cuestión nos seus traballos. En Mateus e Andrade (2002) a única referencia que se fai ao galego figura na primeira páxina da introdución, sen maiores informacións sobre os motivos da exclusión do resto do volume: «In traditional studies on dialectology, and for historical reasons, the dialects spoken in Galicia (Spain) have been grouped with the Galician-Portuguese dialects (see Cintra, 1971a). We shall not consider them here».

3.9. O curso de historia da lingua portuguesa coordinado por Ivo Castro sintetiza deste modo o problema: «a questão do galego não é ortográfica, nem gramatical, nem histórica, é uma questão sociolinguística» (1991: 38). Máis recentemente, Castro (2004) reflexiona sobre a percepción de Galicia polos portugueses e as conseguintes actitudes de identificación e distanciamento; parte do traballo apóiase en varias observacións do grande etnógrafo e xeógrafo portugués Orlando Ribeiro que sinalan a existencia dunha fronteira que correría polas terras do Mondego e do Vouga que inda hoxe en día separaría diferentes características xeográficas, económicas e culturais e que aproximaría galegos e portugueses do norte:

> Para o português comum, incluindo aí alguns filólogos, a Galiza e as questões galegas são estrangeiras. Pior que estrangeiras, são espanholas [...] Em contrapartida, para os portugueses esclarecidos, entre os quais também há alguns filólogos, a visão da Galiza projecta-se com uma dupla natureza, próxima e distante, idêntica e distinta, vindo e indo na mesma passada. O que é perturbante, mas deriva de uma boa razão: os principais factores separativos dispõem-se em um feixe com orientação geográfica relativamente precisa e que, surpreendentemente, não coincide com a região fronteiriça definida pelo rio Minho e seus prolongamentos na raia seca transmontana [...] Esse feixe corresponde à fronteira meridional da Galécia Magna (Castro 2004: 16-17).

3.10. O escritor, tradutor e profesor Fernando Venâncio, residente na Holanda desde 1970, tense ocupado en diversas ocasións das relacións entre galego e portugués e da recepción de Galicia en Portugal. É tamén un activo opinante en

xornais, foros cibernéticos e portais da Internet[14]. Para el, é evidente que galego e portugués son a mesma lingua:

> Are Galician and Portuguese the same language? Some Galician linguists as well as Portuguese think they are not. They insist on the differences between the specific way of expressing of Portuguese and Galicians. They do recognise a very special kind of closeness between the two modes of expression, a closeness that is essentially different from the one between Portuguese and Spanish. Yet they emphasize the differences that can be found already in Middle Age texts or even affirm that at no moment both sides of the river Minho spoke the same language. I'm sure those are merely *political* statements. In fact acceptance of the opposite point of view – that states that Galician and Portuguese were and are the same language – has a lot of consequences. To begin with, your own identity as a Galician or a Portuguese could be challenged. [...] For now, what is *my* opinion on this issue? Well, I state that Galician and Portuguese are *the same language*. I base this opinion on structural grounds. Indeed, *all* important phonological, lexical, morphological and syntactic features of Galician and Portuguese – that is, the features in which they differ from any other Latin language – are common to both (Venâncio 2006b: 4-5).

En repetidas ocasións, Venâncio chama a atención sobre a insuficiencia de afirmar unha identidade entre galego e portugués sen acompañalo de demostracións e amósase crítico con determinadas actitudes de lusistas radicais. É necesario presentar propostas concretas que contribúan ao coñecemento en Portugal do caso galego, á preservación desta lingua e a un progresivo achegamento ao portugués, iso si, sen diluírse nel:

> Start [...] mapping all Galician peculiarities on lexicon, on idiomatic constructions, on phraseology, on pragmatics [...] Make full use of it, save it from disappearing in contact with Spanish *and* with Portuguese. Look as well, if it can inspire you, at the language of the Portuguese. Study how, in a systematic way, terminology can be taken from Portuguese if an original Galician form is not desirable. Study how you can influence Galician daily speech and writing with authentic terminology and phraseology, whether taken from Portuguese or not. [...] And don't imitate

[14] Véxase, por exemplo, o artigo *Pontes sólidas*, publicado na web da AGAL en outubro de 2008: http://www.pglingua.org/index.php?option=com_content&view=article&id=321:pontes-solidas&catid=3:opiniom&Itemid=80&Itemid=36 ou a serie de cinco artigos *Carta a Marina por causa do galego*: http://aspirinab.com/visitas-antigas/fernando-venancio/carta-a-marina-por-causa-do-galego-1/ (última consulta: 7/7/2012).

us too much. Think of yourselves after all. We are not going to imitate you, Brazilians are not going to imitate us, we are not going to imitate Brazilians. There are authentic Brazilian vocabulary, idiom, phraseology, pragmatics. We are proud that *they* are so rich, as we are proud that *we* are rich too. So hold in honour your patrimonial Galician language. In a word, don't *submit* to Portuguese standard, the accidental form we've been giving to an ancient language. Be sure: the most Galician keeps its recognisable expression, the most it will be interesting too for us. And the other way around: the most Galicians try to look like us, or try to loose themselves in our expression, the less interesting they will become (Venâncio 2006b: 17-18).

4. MATERIAIS LINGÜÍSTICOS PARA O ESTUDO DO LADO PORTUGUÉS DA RAIA[15]

4.1. Preséntanse neste apartado catro recollas bibliográficas. Obviamente, isto non significa que non existan outros traballos que merezan ser tidos en conta nunha análise lingüística da fronteira entre galego e portugués[16].

A primeira obra comentada é a *Bibliografía Dialectal Galego-Portuguesa*, publicada en 1976 como parte dos traballos complementarios do ALEPG. Como era esperable, pola referida postura teórica de Luís F. Lindley Cintra, o galego fai parte de pleno dereito da escolma bibliográfica, con 409 entradas, mais outras 40 sobre as áreas asturiana, leonesa e zamorana. O resto do dominio lusófono conta con 1967 referencias, das cales só 887 son para Portugal continental; en cada unha das áreas xeográficas en que se divide a obra, o material aparece en orde alfabética, dentro de dúas seccións: *Linguagem* dun lado e *Palavras e coisas. Etnografia* do outro. Con excepción do ALEPG, as principais recollas de material dialectal portugués –especialmente as numerosas teses que estudan as falas de localidades concretas ou as denominacións de determinados conceptos en todo Portugal,

[15] Pódense consultar máis detalles sobre estes e outros materiais en Álvarez Pérez (2011), un estudo preparatorio para investigacións transfronteirizas que amosa diferentes posibilidades de investigación contrastiva entre galego e portugués a partir dalgunhas das fontes primarias e secundarias que agora se comentan.

[16] Por exemplo, Boléo/Ferreira (1974), Ferreira (1989) ou, para o lado galego, Regueira (coord.) (1996). Centrada nas relacións entre galego e portugués está Venâncio (2006a). Pódese referir aínda a *Bibliografia Corrente de Linguística do Português* (http://dupond.ci.uc.pt/celga; última consulta: 7/7/2012), responsabilidade do CELGA da universidade de Coimbra, centrada nos traballos aparecidos a partir do ano 2000. No que respecta á lingüística de corpus do portugués, é imprescindible o catálogo de publicacións da *Linguateca* (http://www.linguateca.pt/superb/; última consulta: 7/7/2012).

das que falaremos máis adiante– son anteriores a 1975, polo que esta obra segue sendo unha referencia imprescindible para a obtención de información sobre as variedades lingüísticas de zonas de fronteira.

A seguinte obra, de libre acceso na Internet, é a bibliografía *Língua e história na fronteira norte-sul*, elaborada no *Campo Arqueológico de Mértola* baixo a dirección de Manuela Barros; coñeceu no ano 2010 a súa segunda edición, que conta con 6000 referencias. Abrangue a fronteira oriental entre España e Portugal, franxa que foi dividida en cinco zonas, con tres subdivisións adicionais motivadas por cuestións políticas ou lingüísticas (Barrancos, Miranda e Olivença). Esta recolla tampouco se limita a material lingüístico, senón que contempla tres eixos: *língua, cultura* (etiqueta que inclúe esencialmente contribucións etnolóxicas, antropolóxicas e de literatura oral) e *história*[17]. Cómpre manifestar que unha boa parte dos traballos recollidos son de tipo xeral ou se refiren a unha realidade xeográfica máis ampla ca a delimitada para a obra; a súa concepción e exhaustividade convértena en obra imprescindible para o estudo da fronteira entre Galicia e Portugal.

A *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega* (BILEGA) é unha base de datos en liña desde 1998 –complementada con volumes impresos que recollen parte do contido, sexa por períodos cronolóxicos, sexa por contidos temáticos– dirixida por Francisco García Gondar no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (http://www.cirp.es/bdo/bil)[18]. Con data de 7 de xullo de 2012, superaba as 17 600 entradas bibliográficas e, destas, máis dun 90% incluían unha sinopse do contido. A pesar do título, a BILEGA non se limita a traballos galegos, senón que recollía nesa altura 1097 rexistros *de ámbito portugués*, isto é, estudos sobre a lingua portuguesa que teñen interese para o galego, sexa por referirse á etapa medieval (historia da lingua, edicións de textos, gramática histórica, etc.), sexa, por exemplo, por analizar falas fronteirizas. Cómpre salientar o minucioso tesauro de temas, con máis de 500 posibilidades[19].

---

[17] A sección dedicada ás terras mirandesas afástase lixeiramente deste esquema.

[18] Máis información en García Gondar (2003).

[19] Algunhas delas son de indubidable interese para localizar material secundario referido a fronteiras: *1311 Galego e portugués; 161 Estudos contrastivos galego / ...; 5122 Fronteira do galego co portugués; 52142 Contacto do galego con outras linguas,* etc. Outros códigos permiten recuperar material primario localizado en zonas fronteirizas: *416 Traballos lingüístico-etnográficos; 427 Vocabularios dialectais; 4313 Repertorios de topónimos; 4322 Traballos sobre xentilicios; 4325 Repertorios de antropónimos; 5111 Recolecciónsde textos orais; 514 Traballos monográficos sobre falas; 5141 Traballos parciais sobre falas*, etc.

Por último, referireime á *Bibliografia de Linguística Portuguesa*, proxecto desenvolvido no Centro de Linguística da Universidade Nova de Lisboa e dispoñible no enderezo http://clunl.fcsh.unl.pt/bilp/. Se ben no momento de redactar este traballo era unha iniciativa en desenvolvemento, de dimensións reducidas e con funcionalidade limitada, a finais de outubro de 2012 botou a andar unha nova versión de máis doada consulta e con maior número de rexistros, se ben que aínda queda moi lonxe da BILEGA (2 627 entradas en abril de 2013). Inclúense tamén traballos de lingüística galega de interese para o portugués (fundamentalmente, lingua medieval), pero son moi poucos.

4.2. Nesta sección falarei de dous atlas lingüísticos de gran envergadura, un atlas temático e mais unha pescuda dialectal microscópica da zona de fronteira. Como se trata de obras ben coñecidas, serei moi breve, aínda que non podía deixar de referilas, xa que, para estudar materiais da fala viva, os atlas constitúen a nosa primeira opción, por seren investigacións realizadas de forma sistemática, con criterios homoxéneos; obviamente, as pautas poden variar dependendo de cada obra, mais iso non ten que ser negativo, pois pode servir para establecer comparacións diacrónicas, como contrastar a fala de diferentes xeracións. Non son estas as únicas iniciativas xeolingüísticas que atinxen o territorio portugués, sinalemos só a inclusión nas redes do *Atlas Linguarum Europae* (ALE) e *Atlas Linguistique Roman* (ALiR)[20].

Despois dalgúns proxectos que non chegaron a ver a luz (García Mouton 2006), o *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI) foi o primeiro intento de estudar as falas románicas da Península Ibérica no seu conxunto, entre elas o portugués, que foi investigado antes da guerra civil española polo malogrado Aníbal Otero e Armando Nobre de Gusmão e nos anos 1953 e 1954 polo propio Otero e Lindley Cintra. Nótese, por tanto, que para a parte portuguesa contamos con materiais afastados vinte anos entre si[21]. A rede portuguesa é máis densa na parte norte do territorio, lugar de concentración de varias isoglosas; algúns dos

[20] Véxanse http://www.clul.ul.pt/pt/investigacao/209-atlas-of-the-european-languages-ale e http:/www.clul.ul.pt/pt/investigacao/208-linguistic-atlas-of-the-romance-domain-alir (última consulta: 25/01/2011), que informan sobre o proxecto global e sobre a rede portuguesa.

[21] Ricós Vidal (2007) debate sobre a oportunidade de tratar conxuntamente enquisas afastadas dúas décadas no tempo. Tamén se dan detalles sobre a elección do investigador portugués que acompañaría a Aníbal Otero e sobre as disputas entre este e Lindley Cintra, das que tamén queda constancia en Cortés Carreres e García Perales (2009).

puntos, nun e noutro lado da Raia, serán estudados tamén por atlas posteriores, o que permitirá realizar estudos de tipo diacrónico. O ALPI sufriu numerosas peripecias[22] que atrasaron os traballos de publicación dos materiais; só chegou a aparecer un volume, en 1962, cando Manuel Alvar xa comezara o seu proxecto de atlas español por rexións. Actualmente, Pilar García Mouton dirixe no CSIC a edición dixital dos materiais.

Evidentemente, o atlas de referencia para o estudo do portugués será o *Atlas Linguístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza* (ALEPG)[23]. Salvos algúns antecedentes, o proxecto presentouse en 1957 (Boléo *et al.* 1960), mais só comezaron os traballos en 1970. As enquisas sobre o terreo estendéronse de 1974 a 2004 e na actualidade estase rematando a transcrición das gravacións e a súa inclusión nunha base de datos. A súa rede está constituída por 212 puntos, distribuídos da seguinte forma: 176 en territorio continental portugués, 17 no arquipélago dos Azores, 7 no arquipélago da Madeira e 12 en zonas fronteirizas de España[24]. Un produto derivado do ALEPG é o *Atlas Linguístico-Etnográfico dos Açores* (ALEAç), xa redactado na súa totalidade; os primeiros volumes xa foron publicados e a totalidade da obra está dispoñible na Internet (http://www.culturacores.azores.gov.pt/alea).

Non podemos deixar de referir o *Atlas Linguístico do Litoral Português*, obra emprendida por Gabriela Vitorino de modo complementar á súa participación no ALEPG e no ALEAç. Os traballos iniciaron en 1984 e 1985, coa aplicación en 23 localidades de Portugal continental dun cuestionario reducido, de 300 preguntas, que investigaba nomes da flora e fauna mariña. Esta investigación deu orixe a dous tomos, que inclúen análise dialectométrica e que tiveron unha distribución reducida, en fotocopia; parte dos datos foron publicados en Vitorino (1990) e os materiais referentes aos Azores integran o volume IX do ALEAç.

---

[22] Máis detalles en Cortés Carreres & García Perales (2009).

[23] A pesar de incluír o nome *Galiza*, a demora na realización dos traballos e a aparición do *Atlas Lingüístico Galego* levaron a abandonar a intención inicial. Con todo, foron estudados nos últimos anos catro puntos ao norte da Raia: Goián, Torneiros, Oímbra e Ermisende. Os dous últimos foron tamén investigados para o ALPI, o que, xunto cos datos do ALGa, permitiría trazar toda unha perspectiva diacrónica das evolucións desas falas fronteirizas durante os últimos 80 anos.

[24] Máis detalles, incluído un mapa da rede, no enderezo http://www.clul.ul.pt/pt/investigador/205-linguistic-and-ethnographic-atlas-of-portugal-and-galicia-alepg (última consulta: 25/01/2011). O ALEPG foi descrito minuciosamente por Saramago (2006).

Para rematar, cómpre dar conta dunha obra dedicada especificamente ao estudo do espazo fronteirizo, a monografía *Die Isoglossenstaffelung in der galicisch-portugiesisch-spanischen Kontaktzone und im Lombada-Aliste-Grenzgebiet* de Fred Boller (1995), quen tamén publicou diversos artigos dedicados á interferencia e contactos de linguas en dúas zonas a un e outro lado da fronteira nororiental portuguesa, onde acaban confluíndo o galego, o portugués, o leonés e o castelán. O groso da investigación examina trazos fonético-fonolóxicos e de morfoloxía verbal obtidos da aplicación dun cuestionario en numerosas localidades da Raia. A visión microscópica é particularmente interesante, porque ten un nivel de detalle moi elevado que demostra que as imaxes proporcionadas polos atlas de medio ou gran dominio son simplistas (necesariamente, xa que a súa rede de puntos ten que debuxar unha malla moito máis larga). Unha utilidade desta obra é comprobar que existen tanto fenómenos cuxas isoglosas seguen escrupulosamente a liña de fronteira como reparticións territoriais que saltan por riba da separación estatal.

4.3. A carón dos atlas é necesario situar o *Inquérito Linguístico Boléo*, un nome que agrupa unha serie heteroxénea de datos dialectais recollida baixo os auspicios do profesor coimbrán Manuel de Paiva Boléo (1904-1992)[25]. A maioría do material procede de sucesivas versións dun cuestionario por correspondencia enviado desde 1942 a párrocos e mestres do ensino primario; noutras ocasións serán alumnos seus quen se ocupen da recolla *in situ* dos datos. A última versión contiña 783 preguntas, moitas das cales de resposta múltiple.

O ILB esténdese por unha inmensa rede que cobre todo o territorio portugués, cunha densidade inimaxinable nos atlas lingüísticos tradicionais, aínda que, obviamente, hai que hai que gardar unha certa precaución, pois, a diferenza destes, os informantes teñen un perfil moi heteroxéneo e a preparación metodolóxica dos enquisadores é dispar, como dispar é tamén a súa capacidade para interpretar e transcribir as respostas.

Paiva Boléo aproveitou os cuestionarios do ILB para establecer a súa proposta de clasificación dialectal e para mostrar a distribución de diferentes isoglosas ou lexías por todo o territorio portugués. Herculano de Carvalho (1953) utilizouno

[25] Descrito, entre outros, en Boléo (1974/1975: 3-43). Actualmente consérvanse na Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra máis de 3000 enquisas.

na súa tese de doutoramento consagrada ao estudo dos sistemas de debulla na Península Ibérica e o profesor alemán Gunther Hammermüller tivo a ocasión de presentar varios traballos dedicados tanto ao propio ILB coma ao seu aproveitamento para o estudo de diferentes campos lexicais. O propio Paiva Boléo (1982) presentou no Coloquio de Tréveris unha contribución sobre o nome dos cogomelos no norte de Portugal, postos en relación con designacións galegas. Unha interesante perspectiva de análise diacrónica consistiría no confronto dos datos do ILB cos recollidos, normalmente tres ou catro décadas máis tarde, nalgún punto próximo do ALEPG[26].

4.4. Durante todo o século xx, con especial incidencia entre os anos 40 e 70, abundan as investigacións monográficas sobre a fala dun lugar ou zona, ou ben sobre as designacións pertencentes a un determinado concepto (o liño, o muíño, os instrumentos de debulla,...) nunha zona máis alargada, que ás veces comprende todo Portugal. Na primeira metade do século, non foron poucos os traballos dese teor publicados na *Revista Lusitana*.

Moitas destas obras foron presentadas no seu momento como traballos académicos, normalmente teses de licenciatura. Gottschalk e Barata (1973) contaron ata 53 teses de tipo dialectal presentadas só na Universidade de Lisboa, un bo número das cales examinan falares portugueses setentrionais. Hai, incluso, investigadores que foron máis alá, e que atravesaron a Raia, como é o caso de Bacelar (1966), que estudou a vila galega de Cambados. A estrutura destas teses adoita ser semellante: unha introdución xeográfica e etnográfica, unha caracterización lingüística global, un glosario e a transcrición de diferentes textos orais (adiviñas, cantigas, lendas, refráns, etc.). Estas fontes son, á par que numerosas e valiosas, tamén de difícil acceso. Do mesmo modo, é moi incómodo manexar estas fontes, xa non só porque estean dispersas por diferentes bibliotecas, ou pola heteroxeneidade do formato, senón tamén porque teñen que ser consultadas unha a unha.

Consciente dos atrancos para a consulta deste rico material e da necesidade de transferilo a un soporte informático, que permita, en cuestión de segundos, dispoñer os resultados de forma cómoda e ordenada, o Instituto da Lingua Galega botou a andar o proxecto do *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*, con

[26] En Álvarez e Saramago (2012) tivemos ocasión de realizar esta análise contrastiva, aínda que só a título experimental, pois o número de cuestionarios manexado foi bastante reducido.

ramas en Brasil, Galicia e Portugal. Este último subproxecto, o *Tesouro Dialectal Português* (TEDIPOR), comezou recentemente, grazas a un subsidio da *Fundação para a Ciência e a Tecnologia* para o bienio 2010/2012; desenvólvese entre as universidades de Lisboa e Coimbra. Mentres que a primeira fase deste proxecto, descrito en Álvarez *et alii* (2009), prevé a introdución dos glosarios existentes nas teses de licenciatura e monografías similares, etapas posteriores contemplan a incorporación doutras fontes: bases de datos do ALGa e do ALEPG, arquivos dialectais como o ILB ou contribucións etnográfico-lingüísticas de diferentes investigadores (Ebeling, Schröder, etc.).

4.5. As dúas últimas décadas do século xx son as do agromar, por toda Europa, de proxectos dedicados ao estudo da sintaxe dialectal. Nesa altura, o coñecemento da sintaxe portuguesa, como a de moitos outros dominios, estaba lonxe de ser satisfactorio. As referencias existentes en traballos dialectais eran moi esporádicas e marxinais e o propio cuestionario do ALEPG rexeitaba explicitamente, por razóns prácticas, incluír aspectos sintácticos nas súas pescudas.

Para solucionar esta situación, en 1999 nace o proxecto *Corpus Dialectal para o Estudo da Sintaxe*[27], CORDIAL-SIN, dirixido por Ana Maria Martins no Centro de Linguística da Universidade de Lisboa (CLUL) e descrito, entre outros, por Carrilho (2010). O material de partida son as gravacións de discurso libre e semidirixido recollidas entre mediados dos anos 70 do século pasado ata os inicios do s. xxi, en diferentes proxectos de xeografía lingüística do CLUL. No seu estado actual, o corpus abrangue 600000 palabras, en 42 localidades de Portugal continental e dos arquipélagos. A ferramenta pode ser consultada libremente na Internet, en tres formatos distintos: transcrición conservadora, transcrición normalizada e anotación morfosintáctica por palabra. A anotación por palabra vai poder ser pescudada en conxunto con outros córpora e bases de datos dialectais dentro da ferramenta de busca que está a ser desenvolvida para o proxecto *Edisyn*[28]. A equipa traballa actualmente nun sistema de anotación sintáctica que permita a pescuda automática en estruturas anotadas, através de ferramentas de busca xa dispoñibles noutros recursos de sintaxe dialectal.

[27] http://www.clul.ul.pt/pt/investigacao/212-cordial-sin-syntax-oriented-corpus-of-portuguese-dialects (última consulta: 25/1/2011).

[28] http://www.dialectsyntax.org/wiki/About_Edisyn (última consulta: 7/7/2012).

Diferentes contribucións científicas do grupo refírense, de forma tanxencial, á situación galega. Moi recentemente, iniciáronse tamén colaboracións con investigadores de Galicia para realizar estudos contrastivos (Carrilho e Sousa 2010).

5. ESCOLMA DE TRABALLOS DA ÚLTIMA DÉCADA

5.1. O proxecto *Atlas Multimédia Prosodique de l'Espace Roman* (AMPER), coordinado por Michel Contini (Grenoble) e Antonio Romano (Turín) ten como obxectivo a realización de investigacións sobre o acento e a entoación no espazo románico subordinadas a unha metodoloxía unificada de traballo, un aspecto extremadamente complexo[29].

No seo do AMPER estableceuse unha frutífera rede de colaboración entre o equipo portugués, liderado por Lurdes de Castro Moutinho (http://pfonetica.web.ua.pt/AMPER-POR.htm; última consulta: 25/1/2011), e o equipo galego, coordinado por Elisa Fernández Rei. Entre os resultados hai varios traballos dedicados ao confronto da prosodia galega e portuguesa, especialmente nas rexións fronteirizas. Fernández Rei e Moutinho (2006) compararan a prosodia das dúas beiras do río, o Alto Minho portugués e o Baixo Miño galego para observar se a fronteira política se constituía tamén en fronteira prosódica e concluíron que aínda que existen diferenzas entre ambas variedades, estas son menores das que estas falas teñen con respecto ao resto de Galicia e Portugal. Moutinho e Fernández Rei (2008) ampliaran a zona de pesquisa, pois comparan os rexistros de dúas informantes, unha de Braga e outra do Hío (Cangas de Morrazo, Pontevedra). Nas súas conclusións (necesariamente provisorias, vista a reducida mostra de traballo) sinálase que as diferenzas na frecuencia fundamental son moito maiores nas enunciativas ca nas interrogativas e que o portugués ten máis marcada a diferenza de duración das tónicas con respecto ás átonas; as autoras postulan, retomando tamén os datos do seu traballo anterior, a existencia dun *continuum* prosódico que abranguería a faixa atlántica galega ata o territorio portugués do Minho (actuais distritos de Braga e Viana do Castelo). No ano seguinte aparece Moutinho, Coimbra e Fernández Rei (2009), un traballo máis ambicioso sobre

[29] Véxase Romano (2003) para unha aproximación ao aspecto metodolóxico e Contini *et alii* (2009) para unha das descricións máis recentes do proxecto.

a fronteira prosódica entre galego e portugués, expandindo a zona de estudo e o número de informantes. Desta vez, analízase a produción de oracións interrogativas sen extensión en catro puntos galegos (Cangas e O Grove na provincia de Pontevedra, Cariño na Coruña e O Incio en Lugo) e outros catro en Portugal (Alfândega da Fé no distrito de Braganza, Anadas en Aveiro, Prado en Viana do Castela e Trinta na Guarda). Os datos revelan que as dúas localidades do norte de Galicia afástanse do resto da rede en varios aspectos, o que reitera a existencia dese *continuum* entre o oeste de Galicia e o norte de Portugal.

Os numerosos traballos que se veñen desenvolvendo no Laboratório de Fonética do Centro de Linguística da Universidade de Lisboa (http://www.fl.ul.pt/LaboratorioFonetica) tamén proporcionan datos sobre o sistema de entoación do portugués europeo, que poden servir para establecer comparacións. Unha mostra é Frota e Vigário (2007), que sinala que os dialectos septentrionais están afastados do padrón prosódico do estándar e presentan maiores similitudes con outras áreas románicas: «the Standard variety departed from the more conservative and more Romance-like Northern variety and has undergone a process of reduction of phrase-internal accents licensing the construction of larger prosodic phrases» (p. 21 da edición dixital).

5.2. Mota (2001), a pesar do seu título xenérico, examina un aspecto moi concreto da morfoloxía, os mecanismos de ligazón fonolóxica entre o verbo e o pronome acusativo enclítico e entre o verbo e o artigo indefinido no portugués setentrional. Nas conclusións obsérvase que no portugués setentrional existen algunhas solucións que non se coñecen no portugués estándar, mais si en variedades fronteirizas galegas.

Elisabete Soalheiro realizou, baixo a dirección da citada Antónia Mota, unha completa tese de mestrado (Soalheiro 2002). Trátase dun estudo de diferentes aspectos da flexión verbal en nove localidades setentrionais portuguesas, baseado en datos orais de 1977 a 1996. Os resultados son contrastados co portugués estándar e mais co galego. A autora constata a existencia de solucións comúns a galego e portugués setentrional, que poderían explicarse ben por unha conservación mutua de características da etapa galego-portuguesa ben por contacto lingüístico entre as dúas variedades. Sinálase o rol especial de Castro Laboreiro, freguesía do concello de Melgaço, case sobre a liña de fronteira con Galicia, que

en moitos trazos se aproxima máis ao galego que ao portugués[30]. Sobre as características definitorias de Castro Laboreiro voltaría o ano seguinte, en Soalheiro (2003), que describe (e analiza desde un punto de vista teórico) a expresión da P4 do pretérito imperfecto de indicativo nesa vila, que mantén, como boa parte do galego, a acentuación paroxítona etimolóxica.

5.3. Para rematar, darei conta brevemente dalgúns traballos dedicados ao léxico dialectal.

Saramago (2002) empregou técnicas dialectométricas para comparar as designacións de 45 conceptos en 93 puntos da rede portuguesa do ALPI e 61 da galega do ALGa. As súas conclusións revelan que a Raia é tamén unha liña moi importante de diferenciación lexical, mais iso non exclúe relacións de proximidade entre puntos galegos e portugueses: a análise do índice relativo de distancia de Oímbra, no extremo sur de Galicia, cos outros puntos da rede revela a existencia de afinidades lexicais co noroeste portugués.

Álvarez e Saramago (2012) valéronse dos materiais modernos do ALEPG para estudar as áreas lexicais establecidas no clásico estudo de Cintra (1962), que tamén foron analizadas para o galego por Dubert e Sousa (2002). As súas conclusións son que, nas grandes liñas, segue vixente a estrutura lexical proposta por Cintra, que distinguía a) unha área setentrional con formas latinas e unha meridional con respostas de orixe árabe (*soro* / *almece*); b) unha área occidental con formas máis antigas e unha oriental con innovacións vindas do centro da Península (*maninha* / *machorra* e *queixo* / *barba*); c) unha área (nor-)occidental con formas arcaicas e unha zona que abrangue todo o Algarve, Alentejo, Beira Baixa, a faixa oriental da Beira Alta e Trás-os-Montes, con formas máis recentes (*mungir* / *ordenhar*; *úbere* / *amojo*; *anho* / *borrego*; *espiga* / *maçaroca*). Con todo, a análise demostra a existencia de varias discrepancias, motivadas non tanto por variacións diacrónicas como polas limitacións dos materiais de Cintra; en especial, a pouca densidade da rede do ALPI no sur do territorio impediulle constatar a existencia de áreas conservadoras nesas rexións, así como a presenza de bastantes máis tipos lexicais por todo Portugal.

[30] Xa declaraba un informante no documental *Fronteiras* dirixido por Rubén Pardiñas que cando se desprazaban ao interior de Portugal, sobre todo a Porto, eran calificados de galegos.

Por último, comezou recentemente un proxecto, desenvolvido en parcería entre o Centro de Linguística da Universidade de Lisboa e o Instituto da Lingua Galega (USC), que ten como obxectivo a cartografía conxunta, acompañada de comentario, de datos galegos e portugueses referidos a distintos dominios da lingua, esencialmente fonética, fonoloxía e léxico. O material de base do proxecto está constituído por unha selección de datos provenientes do Atlas Lingüístico Galego (ALGa), parcialmente publicado, e do Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza (ALEPG), xa pescudado e que actualmente está en proceso de preparación para a publicación. No total, a obra presentará uns 250 puntos de enquisa, pertencentes a Galicia, a Portugal continental e a varias localidades españolas de fala portuguesa. No comentario que acompañará os datos, engadirase material adicional de distinto tipo, especialmente o proveniente doutras pescudas dialectais e do xa referido *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*, mais estes datos non serán representados cartograficamente. Álvarez (2010) e Álvarez (2013) son dúas mostras desta perspectiva comparativa.

6. CABO

Co agromar do novo século, multiplicáronse en Portugal os traballos que, dun modo ou outro, examinan o portugués setentrional e, en non poucos casos, establecen vínculo co galego ou, incluso, propoñen análises contrastivas. Son varios, ademais, as iniciativas conxuntas de persoas dun e doutro lado da Raia, sexa na Lingüística, sexa na Antropoloxía, na Etnografía ou, obviamente, na Economía. Por desgraza, non sempre son ben coñecidos todos estes proxectos, incluso en ámbitos académicos.

É desexable que durante esta década que comeza se poña o ramo aos proxectos do ALGa e do ALEPG, abrindo a porta, xunto co *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*, a unha exploración sistemática da lingua falada en Galicia e Portugal, que escribirá moitas páxinas dos capítulos das semellanzas e das diferenzas. Dentro dos proxectos de futuro, sería moi revelador un estudo sistemático da franxa fronteiriza que integrase o aspecto lingüístico con informacións sociolingüísticas e identitarias.

Referencias bibliográficas

Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2010): «*E os da banda d'alá son máis estranxeiros ca os de Madrí?* Estudo contrastivo de designacións galegas e portuguesas no campo semántico da gandaría». *Verba. Anuario galego de Filoloxía* 37, 57-88.

Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2011): «Sprachliches und sprachwissenschaftliches Material zur Untersuchung an der Grenze zwischen Galicien und Portugal», in A. Endruschat / V. Ferreira, *Sprachdokumentation und Korpuslinguistik - Forschungsstand und Anwendung: Akten des 8. Deutschen Lusitanistentags*. München: Meidenbauer, 189-220.

Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2013): «Cartografía lingüística de Galicia e Portugal: presentación dun proxecto e estudo de dous casos», en E. Casanova / C. Calvo (eds.), *Actas del xxvi Congreso Internacional de Lingüística y Filología Románicas, 6-11 septiembre 2010,* Valencia, vol. vi, 29-40.

Álvarez Pérez, Xosé Afonso / João Saramago (2010): «Áreas lexicais em zona de fronteira: um olhar de síntese para a/da raia luso-espanhola na zona da Extremadura», en María Jesús Fernández García / Silvia Amador Moreno (eds.), *Al Límite: I Congreso de la SEEPLU (Facultad de Filosofía y Letras, Cáceres, 5 y 6 de noviembre de 2009)*, Cáceres: Editorial Avuelapluma: 15-39. (Edición electrónica: http://seeplu.galeon.com/textos1/xose.html [última consulta: 7/7/2012]).

Álvarez Pérez, Xosé Afonso / João Saramago (2012): «Áreas lexicais galegas e portuguesas: um novo olhar para a proposta de Cintra», *Estudis Romànics* xxxiv, 55-97. (Dispoñible en: http://publicacions.iec.cat/repository/pdf/00000181%5C00000009.pdf [última consulta: 7/7/2012]).

Álvarez, Rosario / Xosé Afonso Álvarez / João Saramago / Xulio Sousa (2009): «Presentación de un corpus digital de léxico tradicional: *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués», Fonetică şi Dialectologie,* vol. 28 , 5-19.

Andrade, Ernesto d' (1984): «Sobre os plurais em galego», *Boletim de Filologia* xxix/1-4 [= *Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, II], 173-180. (Dispoñible en: http://cvc.instituto-camoes.pt/bdc/lingua/boletimfilologia/29/boletim29_pag173_180.pdf [última consulta: 7/7/2012]).

Andrés-Díaz, Ramón de (2007): «Linguistic borders of the Western Peninsula», *International Journal of the Sociology of Language* 184, 121-138.

Bacelar, Marília Luz Muñoz (1966): *Cambados, palavras e coisas*. Tese de Licenciatura inédita. Lisboa: Universidade de Lisboa.

Beswick, Jaine (2005): «Linguistic Homogeneity in Galician and Portuguese Borderland Communities», *Estudios de Sociolingüística* 6/1, 39-64. (En liña: http://www.sociolinguistica.uvigo.es/descarga_gratis.asp?id=149 [última consulta: 7/7/2012]).

bilega = García Gondar, Francisco (dir.) (1998-): *Bibliografía informatizada da lingua galega*. Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. (Dispoñible en liña: www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html [última consulta: 7/7/2012]).

bilp = Caetano, Maria do Céu (dir.) (2007-): *Bibliografia de Linguística Portuguesa*. Lisboa: Centro de Linguística da Universidade Nova de Lisboa. (En liña: http://clunl.fcsh.unl.pt/bilp/ [última consulta: 7/7/2012]).

Boléo, Manuel de Paiva (1950): «Dialectologia e história da língua: isoglossas portuguesas», *Boletim de Filologia* xii, 1-44. (En liña: http://cvc.instituto-camoes.pt/bdc/lingua/boletimfilologia/12/pag1_44.pdf [última consulta: 7/7/2012]).

Boléo, Manuel de Paiva (1960): «O estudo dos falares portugueses antigos e modernos e sua contribuição para a história da língua», en *Actas do III Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros*, II, *(Lisboa, 1957)*, II, Lisboa: Universidade, 418–428.

Boléo, Manuel de Paiva (1974/1975): *Estudos de Linguística Portuguesa e Românica*. 2 vols. Coimbra: Universidade de Coimbra.

Boléo, Manuel de Paiva (1982): «O interesse do material do I.L.B. para o estudo dos falares da fronteira galego-portuguesa», en Dieter Kremer / Ramón Lorenzo (eds.), *Tradición, actualidade e futuro do galego: Actas do Coloquio de Tréveris (Tréveris, 1980),* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, 131-151.

Boléo, Manuel de Paiva / José Gonçalo C. Herculano de Carvalho / Luís F. Lindley Cintra (1960): «Projecto de um atlas linguístico-etnográfico de Portugal e da Galiza». *Actas do III Colóquio Internacional de Estudos Luso-Brasileiros (Lisboa, 1957)*, II, Lisboa: Universidade, 413-417.

Boléo, Manuel de Paiva / Maria Helena Santos Silva (1961): «O *Mapa dos Dialectos e Falares de Portugal Continental*», *Boletim de Filologia* XX, 85-112. (En liña: http://cvc.instituto-camoes.pt/bdc/lingua/boletimfilologia/20/pag85_112.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Boléo, Manuel de Paiva / António Gomes Ferreira (1974): «Amostras de uma bibliografia crítica dialectal portuguesa», en Manuel de Paiva Boléo (1974/1975), *Estudos de Linguística Portuguesa e Românica,* vol. I, tomo I, 95-121.

Boller, Fred (1995): *Die Isoglossenstaffelung in der Galicisch – Portugiesisch – Spanischen Kontaktzone und im Lombada – Aliste – Grenzgebiet*. Kiel: Westensee-Verlag.

Cabeleira, Susana (2006): «Atitudes e preconceitos linguísticos face a variedades dialectais», en Joaquim Barbosa / Fátima Oliveira (orgs.), *XXI Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística*, 245-260. (En liña: http://www.apl.org.pt/docs/actas-21-encontro-apl-2005.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Cairo Carou, Heriberto / Paula Godinho / Xerardo Pereiro (eds.) (2009): *Portugal e Espanha. Entre discursos de centro e práticas de fronteira*. Lisboa: Edições Colibri.

Cairo Carou, Heriberto (2009): «De las fronteras de la primera modernidad a las de la condición postmoderna: el laboratorio ibérico», en H. Cairo Carou *et alii*: *Portugal e Espanha. Entre discursos de centro e práticas de fronteira*. Lisboa: Edições Colibri.

Carrilho, Ernestina (2010): «Tools for dialect syntax: the case of CORDIAL-SIN (an annotated corpus of Portuguese dialects)», en Gotzon Aurrekoetxea / Jose Luis Ormaetxea (eds.), *Tools for Linguistic Variation*. Bilbao: Universidad del País Vasco, 57-70.

Carrilho, Ernestina / Xulio Sousa Fernández (2010): «Embedded subjects of causative infinitival constructions in Galician and Portuguese», comunicación presentada no *6th International Constrastive Linguistics Conference, Freie Univ. Berlin, October*. (Texto provisorio na web da co-autora: http://www.clul.ul.pt/files/ernestina_carrilho/CarrilhoSousa2010tx.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Carvalho, Joaquim Brandão de (1988): «Nasalité et structure syllabique en portugais et en galicien: approche non linéaire et panchronique d'un problème phonologique», *Verba. Anuario galego de Filoloxía* 15, 237-263.

Carvalho, José Gonçalo Herculano de (1953): *Coisas e palavras. Alguns problemas etnográficos e linguísticos relacionados com os primitivos sistemas de debulha na Península Ibérica*. Coimbra: Universidade. Separata de *Biblos*, vol. XXIX.

Carvalho, José Gonçalo Herculano de (1994): «As orações de gerúndio no galego e no português. Ensaio de Linguística Contrastiva», en Ramón Lorenzo (ed.), *Actas do xix Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*, *VI, Sección VI: Galego*. A Coruña: Fundación «Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa», 317-325.

Castro, Ivo (2004): «Galegos e mouros», en Rosario Álvarez Blanco / Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: historia e actualidade: Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, IV. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 3-20. (Editado tamén como opúsculo pola Cátedra de Estudos Galegos da Universidade de Lisboa. Lisboa: Edições Colibri, 2002). (Dispoñible en liña: http://consellodacultura.org/mediateca/extras/lingua_vol_iv.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Castro, Ivo (2005): «Convergências e Divergências no Espaço da Língua Portuguesa», en *A Língua Portuguesa: Presente e Futuro (Conferência, Dezembro 2004).* Lisboa: Gulbenkian, 279-282.

Castro, Ivo (2008): «Galiza no espaço cultural e simbólico da Lusofonia», *Grial* xlvi, 80-89. (Dispoñible na web do autor: http://www.clul.ul.pt/files/ivo_castro/2008_Galiza_e_Lusofonia.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Castro, Ivo (2009): «Galicia no espazo cultural da Lusofonía», en H. Monteagudo (ed.), Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 219-252. (O vídeo da conferencia está en: http://consellodacultura.org/mediateca/video.php?id=211; as actas, en: http://consellodacultura.org/mediateca/extras/sociedades_plurilingues.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Castro, Ivo / Rita Marquilhas / J. Léon Acosta (1991): *Curso de História da Língua Portuguesa*. Lisboa: Universidade Aberta.

Cintra, Luís F. Lindley (1959): *A linguagem dos foros de Castelo Rodrigo. Seu confronto com a dos foros de Alfaiates, Castelo Bom, Castelo Melhor, Coria, Cáceres e Usagre. Contribuição para o estudo do leonês e do galego-português do séc. xiii*. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda.

Cintra, Luís F. Lindley (1962): «Áreas lexicais no território português». *Boletim de Filologia* xx, fascículos 3 e 4. Lisboa: Centro de Estudos Filológicos, 273-307. (Dispoñible en liña: http://cvc.instituto-camoes.pt/bdc/lingua/boletimfilologia/20/pag273_307.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Cintra, Luís F. Lindley (1964-1971): «Nova proposta de classificação dos dialectos galego-portugueses», *Boletim de Filologia* xxii, 81-116. (Dispoñible en liña: http://cvc.instituto-camoes.pt/bdc/lingua/boletimfilologia/22/boletim22_pag81_116.pdf [última consulta: 11/1/2011]). (Reeditado en Cintra 1983).

Cintra, Luís F. Lindley (dir.) (1976): *Bibliografia dialectal galego-portuguesa*. Lisboa: Centro de Linguística das Universidades de Lisboa.

Cintra, Luís F. Lindley (1983): *Estudos de Dialectologia Portuguesa*. Lisboa: Sá da Costa.

Contini, Michel (2006): «Présent et passé: la notion de frontière dans une lecture interdisciplinaire de l'espace linguistique», en R. Álvarez *et alii* (eds.): *Lingua e Territorio*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 23-54. (Dispoñible en liña: http://consellodacultura.org/mediateca/extras/lingua_territorio.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Contini, Michel *et alii* (2009): «L'avancement des recherches en géoprosodie et le Projet AMPER», *Estudios de Fonética Experimental* xviii, 109-122. (Edición electrónica en: http://www.ub.edu/labfon/xviii-11.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

CORDIAL-SIN = Martins, Ana Maria (dir.) (2001-): *Corpus dialectal para o estudo da sintaxe*. Lisboa: Centro de Linguística da Universidade de Lisboa. (En liña: http://www.clul.ul.pt/index.php?option=com_content&view=article&id=229%3Acordial-sin&catid=61&lang=en [última consulta: 7/7/2012]).

Cortés Carreres, Santi / Vicent García Perales (2009) (eds.): *La historia interna del Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI). Correspondencia (1910-1976)*. València: Universitat de València.

Cuidado com a língua - «O galego»: http://www.youtube.com/watch?v=uNpACtIlv8g [última consulta: 11/1/2011].

Duarte, Maria Clementina dos Prazeres (1950): *Alguns aspectos geográficos da dialectologia portuguesa: estudo baseado no «Inquérito Linguístico por Correspondência» (1942) organizado por M. Paiva Boléo*. Tese de Licenciatura inédita presentada á Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra.

Dubert García, Francisco / Xulio Sousa Fernández (2002): «Áreas lexicais galegas e portuguesas. A proposta de Cintra aplicada ao galego», en Rosario Álvarez / Francisco Dubert García / Xulio Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e Léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 193-222. (Dispoñible en liña: http://consellodacultura.org/mediateca/extras/dialectoloxia.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Fernández Rei, Elisa / Lurdes de Castro Moutinho (2006): «A fronteira xeográfica do Miño: ¿tamén fronteira prosódica?», en Cristina Mourón Figueroa / Teresa Iciar Moralejo Gárate *et alii* (eds.), *Studies in Contrastive Linguistics: Proceedings of the 4th International Contrastive Linguistics Conference (Santiago de Compostela, September, 2005)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, 265-276.

Ferreira, Carla Sofia da Silva (2009): «Percepções dialectais e atitudes linguísticas. O método da Dialectologia perceptual e as suas potencialidades», en Alexandra Fiéis / Maria Antónia Coutinho (orgs.), *xxiv Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística. Textos seleccionados*, 251-263. (Dispoñible en liña: http://www.apl.org.pt/docs/actas-24-encontro-apl-2008.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Ferreira, Manuela Barros (1992): «Dialectologia da área galego-portuguesa», en A. L. Ferronha (org.), *Atlas da Língua Portuguesa na História e no Mundo*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 30-40.

Ferreira, Manuela Barros (dir.) (2010[2]): *Língua e história na fronteira norte-sul Bibliografia (LHF)*. Mértola: Campo Arqueológico de Mértola. (Dispoñible en liña: http://www.geolectos.com/livro.pdf [última consulta: 7/7/2012]).

Frota, Sónia / Marina Vigário (2007): «Intonational Phrasing in two varieties of European Portuguese», en T. Riad / C. Gussenhoven (eds.), *Tones and Tunes*. Vol. i. Berlin: Mouton de Gruyter, 265-291. (Dispoñible en liña: http://www.fl.ul.pt/LaboratorioFonetica/Vig_Fro03.PDF [última consulta: 7/7/2012]).

García Gondar, Francisco (2003): «*De re bibliographica*: BILEGA entre os recursos sobre o galego e o portugués na Internet». *Revista Galega de Filoloxía* 4, 59-95.

García Mañá, Luís Manuel (2000): *Couto Mixto. Unha república esquecida*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

García Mouton, Pilar (2006): «El desarrollo de la cartografía lingüística en la Península Ibérica a partir de la propuesta de Bernhard Schädel», en Maria Pilar Perea / Germá Colón Doménech (eds.), *Primer Congrés Internacional de la Llengua Catalana: Reflexos i projeccions*. Barcelona: PPU, 157-172. (Dispoñible en liña: http://digital.csic.es/handle/10261/13683 [última consulta: 11/1/2011]).

Gargallo Gil, José Enrique (1995): «De *fronteras lingüísticas* peninsulares: paralelismos, afinidades, peculiaridades», *Lletres Asturianes* 57, 23-40.

Gottschalk, Maria Filipa / Maria da Graça Themudo Barata (1973): «Dissertações de licenciatura de carácter dialectológico», *Boletim de Filologia* xxii, 427-446. (Dispoñible en liña: http://cvc.instituto-camoes.pt/bdc/lingua/boletimfilologia/22/boletim22_pag427_446.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Hammermüller, Gunther (1995): «O I.L.B. à margem dum atlas linguístico de Portugal?», en M. Fátima Viegas Brauer-Figueiredo (coord.), *Actas do 4.º Congresso da Associação Internacional de Lusitanistas. Universidade de Hamburgo, 6 a 11 de Setembro de 1993*. Lisboa / Porto / Coimbra: Lidel, 131-144.

Hammermüller, Gunther (1999), «Bom dia - boa tarde - boa noite - As saudações diárias em Portugal segundo os materiais do I.L.B.», en Gabriela Funk (org.), *Actas do 1° Encontro sobre Cultura Popular (Homenagem ao Prof. Doutor Manuel Viegas Guerreiro)*, 25 a 27 de setembro de 1997. Ponta Delgada: Universidade dos Açores, 181-195.

Hammermüller, Gunther (2001): «*Alguns também chamam ao jantar merenda*. Designação e repartição das refeições diárias em Portugal segundo os materiais do I.L.B.», *Actas do 6º Congresso da Associação Internacional de Lusitanistas*. (http://www.geocities.ws/ail_br/algunstambemchamamaojantarmerenda.html [última consulta: 21/8/2013]).

Hermida Gulías, Carme (1987): «Leite de Vasconcelos e o galego. Notas sobre un artigo esquencido», *Verba. Anuario galego de Filoloxía*, 489-496.

Hinskens, Frans / Jeffrey L. Kallen / Johan Taeldeman (2000): «Merging and drifting apart. Convergence and divergence of dialects across political borders», *International Journal of the Sociology of Language* 145, 1-28.

Iannàccaro, Gabriele / Vittorio Dell'Aquila (2001): «Mapping languages from inside: notes on perceptual dialectology», *Social & Cultural Geograpghy*, vol. 2. Nº 3, 265-280

Labraña Barrero, Sabela / Elisabete Pais de Jesus Ramos / J. F. Santos (2004): «A raia galego-portuguesa em debate. Perspectivas multidisciplinares sobre uma estrutura administrativa herdada», en Juan A. Márquez Domínguez / Mercedes Gordo Márquez (eds.), *Fronteras en movimiento*. Huelva: Universidad de Huelva, 153-176.

Lagares Diez, Xoán Carlos (2008): «Sobre a noção de galego-português», *Cadernos de Letras da UFF* 35, 61-82.

Lapa, Manuel Rodrigues (1979): *Estudos Galego-Portugueses: Por uma Galiza renovada*. Lisboa: Sá da Costa.

Lapa, Manuel Rodrigues (1983): *As Minhas Razões: Memórias de um idealista que quis endireitar o mundo*. Coimbra: Coimbra Editora.

Maia, Clarinda de Azevedo (1977): *Os falares fronteiriços do concelho do Sabugal e da vizinha região de Xalma e Alamedilla,* Suplemento iv da *Revista Portuguesa de Filologia*. Coimbra: Universidade de Coimbra.

Maia, Clarinda de Azevedo (1986), *História do Galego-Português. Estado Linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o Século xiii ao Século xvi*. Coimbra: INIC. (Reimpreso en 1997 pola Fundação Calouste Gulbenkian e a Junta Nacional de Investigação Científica e Tecnológica).

Maia, Clarinda de Azevedo (1992): «A situação linguística da Galiza do século xiii ao século xvi», *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega (Santiago de Compostela, 1990)*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura e Xuventude, 361-370.

Maia, Clarinda de Azevedo (2001): «Fronteras del español: aspectos históricos y sociolingüísticos del contacto con el portugués en la frontera territorial», *ii Congreso Internacional de la Lengua Española. Unidad y diversidad del español.* (Dispoñible en liña: http://congresosdelalengua.es/valladolid/ponencias/unidad_diversidad_del_espanol/5_espanol_y_portugues/azevedo_c.htm [última consulta: 11/1/2011]).

Maia, Clarinda de Azevedo (2002): *O galego visto pelos filólogos e linguistas portugueses*. Lisboa: Colibri / Cátedra de Estudos Galegos da Universidade de Lisboa.

Marcos de Dios, Ángel (2007): «Aproximación a las relaciones lingüísticas luso-españolas (1901-1974)», en Gabriel Magalhães (ed.), *Relipes: Relações linguísticas e literárias entre Portugal e Espanha desde o início do século* xix *até à actualidade*. Covilhã: Universidade da Beira Interior, 331-375.

Martins, Humberto (2009): «Nótulas sobre a vida dos indivíduos em zonas fronteiriças e sobre o conceito de fronteira [e outras margens]», en Heriberto Cairo Carou *et alii* (ed.), *Portugal e Espanha. Entre discursos de centro e práticas de fronteira*. Lisboa: Edições Colibri.

Mateus, Maria Helena Mira (1986a): «Fonologia do galego e do português», *Actas do I Congresso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza (Ourense, 1984).* Ourense: AGAL, 295-304. Reeditado en: *A face exposta da língua portuguesa*. Lisboa: Imprensa Nacional - Casa da Moeda, 2002, 153-161.

Mateus, Maria Helena Mira (1986b): «Galego e português: uma só língua?», *Estudos Linguísticos e Literários. Publicação do Curso de Mestrado em Letras da Universidade Federal da Bahia*, 5, 17-33.

Mateus, Maria Helena Mira / Ernesto d'Andrade (2002): *The Phonology of Portuguese*. Oxford: Oxford University Press.

Medeiros, António (2006): *Dois Lados de Um Rio. Nacionalismo e Etnografias na Galiza e em Portugal*. Lisboa: ICS.

Medina García, Eusebio (2006): «Orígenes históricos y ambigüedad de la frontera hispano-lusa (La Raya)», *Revista de estudios extremeños*, Vol. 62, Nº 2, 713-724. (Dispoñible en liña: http://www.gessa-ex.es/documentos/publicaciones/Or%C3%ADgenes%20hist%C3%B3ricos%20y%20ambig%C3%BCedad%20de%20la%20Raya.pdf [última consulta: 7/7/2012]).

Monteagudo, Henrique (1988): «Portugués e galego nos gramáticos portugueses do quiñentos», en Dieter Kremer (ed.), *Actes du* xviii*e Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes (Trèves, 1986),* v*: Section* iv*: Linguistique pragmatique et linguistique sociolinguistique*. Tübingen: Max Niemeyer, 144-158. (Dispoñible en http://webspersoais.usc.es/export/sites/default/persoais/henrique.monteagudo/Descargas/Portuguxs_e_galego_nos_gramxticos_portugueses_de_quixentos_xTrxverisx_1986x.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Monteagudo, H. (coord.) (2009): *Sociedades plurilingües: da identidade á diversidade*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. (Dispoñible en liña: http://consellodacultura.org/mediateca/extras/sociedades_plurilingues.pdf [última consulta: 21/8/2013])

Mota, Maria Antónia Coelho da (2001): «O português na fronteira com o galego», *Revista de filología románica* 18, 103-116. (Dispoñible en liña: http://revistas.ucm.es/index.php/RFRM/article/view/RFRM0101120103A/11028 [última consulta: 11/1/2011]).

Mota, Maria Antónia Coelho da / Celeste Rodrigues / Elisabete Soalheiro (2003): «Padrões flexionais nos pretéritos fortes, em PE falado setentrional», en Ivo Castro / Inês Duarte (orgs), *Razões e Emoção. Miscelânea de estudos em homenagem a Maria Helena Mira Mateus*, ii. Lisboa: Imprensa Nacional, 129-156.

Moutinho, Lurdes de Castro / Elisa Fernández Rei (2008): «Do sul da Galiza ao norte de Portugal: uma viagem através da frequência fundamental = From Southern Galicia to Northern Portugal: A Journey Through Fundamental Frequency», *Fórum Lingüístico* 5/1, 63-75. (Dispoñible en liña: http://www.periodicos.ufsc.br/index.php/forum/article/viewFile/11643/11059 [última consulta: 7/7/2012]).

Moutinho, Lurdes de Castro / Rosa Lídia Coimbra / Elisa Fernández Rei (2009): «Novos contributos para o estudo da fronteira prosódica entre o galego e o português europeu», *Cadernos de Letras da UFF* 39, 67-78. (Dispoñible en liña: http://www.uff.br/cadernosdeletrasuff/39/artigo3.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Raposo, Eduardo Paiva (1984): «Algumas observações sobre a noção de *língua portuguesa*», *Boletim de Filologia* xxix/1-4 [= *Homenagem a Manuel Rodrigues Lapa*, II], 585-593. (Dispoñible en liña: http://cvc.instituto-camoes.pt/bdc/lingua/boletimfilologia/29/boletim29_pag585_594.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Regueira Fernández, Xosé Luis (coord.) (1996): *Guía bibliográfica de lingüística galega*. Vigo: Xerais.

Regueira Fernández, Xosé Luis (2007): «Vocais finais en galego e en portugués: un estudio acústico», in Helena González Fernández / María Jesús Lama López (eds.), *Actas [do] vii Congreso Internacional de Estudos Galegos: «Mulleres en Galicia» / «Galicia e os outros pobos da Península» (Barcelona 28 ao 31 de maio de 2003)*. Sada: Ediciós do Castro / Asociación Internacional de Estudos Galegos (AIEG), 859-875.

Ricós Vidal, Amparo (2007): «España, Portugal y el 'ALPI'. Notas para una historia inacabada», en Ángel Marcos de Dios (ed.), *Aula Ibérica: Actas de los congresos de Évora y Salamanca (2006-2007)*. Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca, 183-194.

Romano, Antonio (2003): «Un projet d'Atlas multimédia prosodique de l'espace roman (AMPER)», en Fernando Sánchez Miret (ed.), *Actas del xxiii Congreso Internacional de Lingüística y Filología Románica (Salamanca, 24-30 septiembre 2001)*, i. Tübingen: Max Niemeyer, 279-294. (Dispoñible en liña: http://www.personalweb.unito.it/antonio.romano/2001_SALAMANCA_Romano.pdf [última consulta: 7/7/2012]).

Santos, Maria José de Moura (1965): «Histoire et bilinguisme: faits et problèmes autour de la frontière hispano- portugaise», en Georges Straka (ed.), *Actes du xe Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes (Strasbourg, 1962),* ii. Paris: Klincksieck, 1253-1259.

Santos, Maria José de Moura (1967): *Os falares fronteiriços de Trás-os-Montes*. Separata da *Revista Portuguesa de Filologia*. Coimbra: Universidade de Coimbra. Publicada orixinalmente como: «Os falares fronteiriços de Trás-os-Montes», *Revista Portuguesa de Filologia* xii/2, 1962-1963:509-565; xiii/1-2, 1964-1965:65-261; xiv/1-2, 1966-1968:213-415.

Saramago, João (2002): «Diferenciação lexical interpontual nos territórios galego e português (Estudo dialectométrico aplicado a materiais galegos do ALGa)», en Rosario Álvarez / Francisco Dubert García / Xulio Sousa Fernández (eds.), *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 41-68. (Dispoñible en liña: http://consellodacultura.org/mediateca/extras/dialectoloxia.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Saramago, João (2006): «O Atlas Lingüístico-Etnográfico de Portugal e da Galiza (ALEPG)», *Estudis Romànics* XXVIII, 281-298. (Dispoñible en liña: http://publicacions.iec.cat/repository/pdf/00000018/00000002.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Saramago, João / Xosé Afonso Álvarez (2010): «Um novo olhar sobre áreas lexicais portuguesas», en Maria João Marçalo *et alii* (eds.): *Língua portuguesa: ultrapassar fronteiras, juntar culturas*. (actas do *II Simposio Mundial de Estudos de Língua Portuguesa* [SIMELP]). Évora: Universidade de Évora, 80-105. (Edición electrónica en http://www.simelp2009.uevora.pt/pdf/slg44/05.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Silva, Maria Helena Santos (1962): «Características fonéticas do falar minhoto», *Boletim de Filologia* xx, 309-321. (Dispoñible en liña: http://cvc.instituto-camoes.pt/bdc/lingua/boletimfilologia/20/pag309_321.pdf [última consulta: 21/8/2013]).

Soalheiro, Elisabete da Loura (2002): *Flexão verbal em português europeu: Estudo de padrões flexionais no Português falado no Norte de Portugal com elementos de comparação para o galego*. Tese de mestrado inédita presentada na Faculdade de Letras de Lisboa.

Soalheiro, Elisabete da Loura (2003): «A acentuação do pretérito imperfeito do indicativo em Castro Laboreiro e a sua segmentação morfológica em Português», en Amália Mendes / Tiago Freitas (orgs.), *Actas do xviii Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística (Porto, 2-4 de Outubro de 2002).* Lisboa, Associação Portuguesa de Linguística, 771-783. (Dispoñible en liña: http://www.apl.org.pt/docs/actas-18-encontro-apl-2002.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Souto, Xosé Manuel (2006): «Xeografía do Eixo Atlántico e cultura territorial», en Rosario Álvarez / Francisco Dubert García / Xulio Sousa Fernández (eds.), *Lingua e Territorio*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 157-174. (Dispoñible en liña: http://consellodacultura.org/mediateca/extras/lingua_territorio.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Torres Feijó, Elias J. (2010): «Mudanças nos estudos de ciências humanas e desafios concretos para vertebrar a Lusofonia: docência, investigação e política cultural», en Petar Petrov (org.): *Lugares da Lusofonia. Actas do Encontro Internacional*. Lisboa: Edições Colibri, 9-28.

Vasconcellos, José Leite de (1887-1889): «Português e galego: a propósito da 'Historia de la Literatura Gallega' de A. Besada», *Revista Lusitana* I, 183-185. (Dispoñible en liña: http://cvc.instituto-camoes.pt/bdc/etnologia/revistalusitana/01/lusitana01.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Vasconcellos, José Leite de (1902): «Linguagens fronteiriças de Portugal e Hespanha» *Revista Lusitana* VII/2, 133-145. (Dispoñible en liña: http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/etnologia/revistalusitana/07/lusitana07.html [última consulta: 11/1/2011]).

Vasconcellos, José Leite de (1903-4): «Dialectos interamnenses», *Revista Lusitana* viii/1, 51-62. (Dispoñible en liña: http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/etnologia/revistalusitana/08/lusitana08.html [última consulta: 11/1/2011]).

Vasconcellos, José Leite de (1927): «Linguagem de San Martín de Trevejo (Cáceres: Espanha)», *Revista Lusitana* xxvi, 246-259. (Dispoñible en liña: http://cvc.instituto-camoes.pt/bdc/etnologia/revistalusitana/26/lusitana26_pag_247.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Vasconcellos, José Leite de (1928): *Opúsculos* ii. Coimbra: Imprensa da Universidade. (Dispoñible en liña: http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/etnologia/opusculos/vol02/opusculos02.html [última consulta: 11/1/2011]).

Vasconcellos, José Leite de (1929): *Opúsculos* iv. Coimbra: Imprensa da Universidade. (Dispoñible en liña: http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/etnologia/opusculos/vol04/opusculos04.html [última consulta: 11/1/2011]).

Vasconcellos, José Leite de (1933): «Portugués dialectal da região de Xalma (Espanha)», *Revista Lusitana* xxxi, 164-265. (Dispoñible en liña: http://cvc.instituto-camoes.pt/bdc/etnologia/revistalusitana/31/lusitana31_pag_164.pdf; véxanse as *addenda* e *corrigenda* aparecidas no vol. xxxiii, 301-304: http://cvc.instituto-camoes.pt/bdc/etnologia/revistalusitana/33/lusitana33_pag_301.pdf [última consulta: 11/1/2011]).

Vasconcellos, José Leite de (1970[2]): *Esquisse d'une dialectologie portugaise (com aditamentos e correcções do autor, preparada com base no exemplar conservado no Museu Etnológico «Dr. Leite de Vasconcellos», por Mª Adelaide Valle Cintra)*, Lisboa: Centro de Estudos Filológicos. (Dispoñible en liña: http://purl.pt/160 [última consulta: 11/1/2011]).

Vasconcellos, José Leite de (1985): *Opúsculos*, vi. Lisboa: Imprensa Nacional. Organizado por Maria Adelaide Valle Cintra: http://www.instituto-camoes.pt/cvc/bdc/etnologia/opusculos/vol06/opusculos06.html (última consulta: 11/1/2011).

Vázquez Corredoira, Fernando (1998): *A construção da língua portuguesa frente ao castelhano: o galego como exemplo 'a contrário'*. Santiago de Compostela: Laiovento.

Vázquez Cuesta, Pilar / Maria Albertina Mendes da Luz (1971[3]): *Gramática portuguesa*. Lisboa: Edições 70.

Vázquez Cuesta, Pilar (2002): *O que um falante de Português deve saber acerca do Galego*. Lisboa: Colibri.

Veloso, Rita (1997): «Rodrigues Lapa, professor da Faculdade de Letras de Lisboa», in Ivo Castro (ed.), *Actas do xii Encontro Nacional da Associação Portuguesa de Linguística (Braga - Guimarães, 30 de Setembro a 2 de Outubro de 1996), II: Linguística Histórica. História da Linguística*, Lisboa: Associação Portuguesa de Linguística, 587-604. (Dispoñible en liña: http://www.apl.org.pt/docs/actas-12-encontro-apl-1996_vol2.pdf (última consulta: 11/1/2011]).

Venâncio, Fernando (2006a): «Bibliografia da língua na Galiza». (Disponible en liña: http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Downloads&d_op=getit&lid=128 [última consulta: 11/1/2011]).

Venâncio, Fernando (2006b): «*I see my language everywhere*. On linguistic relationship between Galicia and Portugal». (Conferencia pronunciada en Cork (Irlanda); dispoñible en liña: http://www.agal-gz.org/modules.php?name=IndyNews&MediaOp=get&idMediaAss=s2790&MediaName=venancio_cork_03_2006.pdf&MediaNum=1 [última consulta: 7/7/2012]).

Venâncio, Fernando (2007): «Palavras doutra tribo. Sobre traduções de literatura galega», *Viceversa* 13, 25-54. (Dispoñible en liña: http://webs.uvigo.es/webatg/viceversa/files/13/VICEVERSA%2013_2007.pdf [última consulta: 7/7/2012]).

Venâncio, Fernando (2010): «Unha proposta portuguesa para o léxico galego», *Grial* XLVIII/186, 102-107.

Vitorino, Gabriela (1990): «L' *Atlas Linguístico do Litoral Português* (ALLP) - I. Fauna e Flora. Essai d'analyse dialectométrique», *Géolinguistique* iv, Bulletin du Centre de Dialectologie. Grenoble: Université des Langues et Lettres de Grenoble, 15-91.

AS FORMAS TIPO *TIVO* E O CONTACTO LINGÜÍSTICO COS ROMANCES CENTRAIS

Francisco Dubert García
Instituto da Lingua Galega -
Universidade de Santiago de Compostela

O contacto lingüístico galego / castelán é unha preocupación constante nos discursos sobre o galego; acostuma ter unha raíz purista que ve o contacto e os seus resultados como unha anormalidade histórica. Rara vez se estuda só con fins descritivos*. Porén, galego e castelán levan en contacto desde as súas orixes e o castelán foi a variedade de prestixio, polo que é natural que houbese consecuencias lingüísticas; a meu ver, o galego *non perdeu nada da súa galeguidade neste contacto*; ademais, creo que non se pode disociar a súa constitución como lingua da súa situación de contacto.

Neste traballo pretendo tomar un ítem lingüístico cuxa historia nunca resultou sospeitosa: o sufixo de número persoa (doravante, SNP) -/o/ da 3SG.IND.PRT.PFV nos pretéritos fortes, tipo *tivo*. Vou aplicarlle a este SNP o método de detección de interferencias que Freixeiro Mato (1998) explicita e tentar levantar sospeitas razoables sobre a orixe converxente desta forma. Se consigo tal, deixarei aberto un desafío: ¿Debemos condenar esta forma e recomendar outras non converxentes, como se fai coas segundas formas dos dobretes *dicir ~ dicer, recibir ~ receber, vivir ~ viver*?

Falarei de contacto do galego cos romances centrais, en que inclúo nun bloque o asturleonés e o castelán; unifico contacto xeográfico co asturleonés, e contacto vertical, por superposición, co castelán.

Para lanzar este desafío presento en § 1 unhas reflexións básicas sobre o cambio lingüístico, o préstamo como un fenómeno máis de cambio; en § 2 analizo a detección do castelanismo gramatical como problema; en § 3 trato da orixe histórica das formas tipo *tivo*; finalmente, en § 4 expoño as miñas dúbidas e as súas razóns.

1. ¿COMO FUNCIONA O CAMBIO LINGÜÍSTICO?

Sexa o cambio [aw] > [ow], que nunha explicación mecanicista é un caso de asimilación. O cambio [aw] > [ow] é natural, non obrigatorio: moitas linguas pre-

* Este traballo realizouse coa axuda do Ministerio de Ciencia e Innovación, dentro do proxecto «Cambio lingüístico en el gallego actual" (FFI2012-33845)». Agradézolles a Inés Fernández Ordóñez, Paul O'Neill e Ramón Mariño Paz os comentarios con que axudaron a mellorar versións previas deste traballo. Os erros son só meus.

sentan a secuencia [aw] e non a cambian a [ow] (Lausberg 1962: 146). Ademais, non tódalas secuencias [aw] cambian a [ow] ó mesmo tempo: debido á *difusión lexical*, o cambio actúa antes nas palabras máis frecuentes. A necesidade de mencionar a frecuencia (Bybee 2001 e 2010) mostra a insuficiencia da explicación mecanicista. Con todo, a suma de difusión léxica e explicación mecanicista segue sendo insuficiente: «A 'phonetic law' is not an explanation, but something to be explained; it is nothing else but a mere statement of facts, a formula of correspondence, which says nothing about the cause of change, and we are therefore justified if we try to dig deeper and penetrate to the real psychology of speech» (Jespersen 1922: 269).

Os falantes deben ter *razóns*, factores psicosociais, para modificar a súa lingua:

> El oyente —aunque, lo más a menudo, de una manera inmediata y no reflexiva— compara siempre su saber con el del hablante y está dispuesto a aceptar los modos lingüísticos de éste si reconoce su superioridad cultural o tiene dudas acerca de la excelencia de su saber (Coseriu 1988: 87).

> El oyente puede adoptar también modos lingüísticos de sujetos de cultura inferior, si le resultan funcionalmente útiles o particularmente expresivos. Y, aun sin ello, puede adoptarlos por la tendencia a hablar «como los otros»: para no «aislarse» lingüísticamente de la comunidad. También el no distinguirse ostentativamente de la comunidad lingüística es asunto de gusto, ya se considere bueno o malo (Coseriu 1988: 87, n. 37).

No cambio xogan elementos coma o *prestixio aberto* e o *encuberto* (Milroy e Milroy 1991: 57). Da interacción entre estas forzas xorde a necesidade de escoller entre o *status* e a *solidariedade*:

> If a member of a close-knit working-class group begins to adopt speech that is not exactly the common speech of the network [...], he must again weigh up the potential benefits and disadvantages of this behaviour. To he extent that he values the moral, emotional and practical support of his network peers, he will opt for their familiar speech-patterns. To the extent that he chooses the standardised or high-prestige form of the language, he is opting for *status* rather than solidarity. In so doing, he is taking a decision to distance himself from the norms of his group in the interests of his own social mobility (Milroy e Milroy 1991: 59).

Pero ademais, o cambio non está constrinxido a unha lingua: pode actuar ó longo dun territorio, atravesando varias linguas. O cambio [ow] > [o] actuou no castelán, parte do leonés, parte do portugués, o aragonés e o catalán (máis exemplos en Dubert 2010 ou Fernández-Ordóñez 2011). Podemos chamar *monoxenético* a un cambio creado nunha parte do territorio e exportado a outra, e *polixenético* ó nado en varias partes non conectadas. O galego presenta os posesivos *meu*, *teu*, *seu*. Non é o sistema herdado do latín: *teu* e *seu* foron creados por analoxía con *meu* (Fernández Rei 1990: 73). No asturiano aparecen *mio*, *to, so* (García Arias 2003: 277-278); no castelán antigo, *mío ~ mió, to, so*; todos descenden de MĔUM, TŬUM, SŬUM. En catalán reaparecen *teu, seu*, descendentes analóxicos de MĔUM, similares ós galegos (Moll 1952: 1193).

Entre os diferentes tipos de innovacións, Coseriu (1988: 79) distingue tamén o *préstamo*, que, para el, é outra forma de creatividade dos falantes, que refán a lingua deste xeito. Se se toma un préstamo por considerar a forma nova máis prestixiosa, actúase creativamente, pois búscase modificar os efectos pragmáticos do acto de fala: «la adopción no es un acto de imitación mecánica, sino un acto inteligente y selectivo» (Coseriu 1988: 82). O préstamo tamén está suxeito a restricións psicosociais e constrinxido por crenzas e actitudes; este proceso avaliativo mostra outra vez o seu carácter creativo.

Algunhas persoas cren que a estrutura dunha lingua goza dun poder axentivo capaz de rexeitar trazos gramaticais. Fálase do *xenio* da lingua, un elemento que dirixe a súa deriva evolutiva. Porén, os estudos de contacto mostran que non existe área da gramática que non poida ser atinxida nunha situación de contacto[1], sen importar a distancia tipolóxica nin estrutural das linguas. Vexamos os seguintes datos do vasco, lingua que se supón o suficientemente distinta dos romances veciños como para verse libre da súa influencia.

No vasco tradicional a modalidade potencial exprésase cun morfema ligado ó verbo; en romance exprésase mediante un complexo verbal co verbo *poder* como auxiliar e o verbo principal en infinitivo. En (1) vemos a representación morfolóxica do vasco *dago* 'é/está' e a do castelán *está*:

[1] «Borrowed forms are easier to detect than borrowed patterns, and this is why many linguists think – in all likelihood, erroneously – that they are always more common. A careful inductively based analysis of individual language contact situations suggests the opposite. Languages with few if any borrowed forms tend to show a variety of borrowed patterns» (Aikhenvald 2007: 40).

1)	*vasco*	*castelán*
	dago	es, está
	SER:3SG.IND.PRS	SER:3SG.IND.PRS
	'é, está'	'é, está'

2)	*vasco conservador*	*castelán*	*vasco innovador*
	dago-**ke**	puede ser	egon daiteke
	SER:3SG.PRS-**POT**	PODER:3SG.IND.PRS SER:INF	SER:INF PODER:3SG.PRS
	'pode ser'	'pode ser'	'pode ser'

Como se aprecia en (2), o vasco conservador presenta unha forma *dagoke*, en canto o innovador presenta o complexo *egon daiteke*. A diferenza entre a construción *egon daiteke* e a románica é a orde de palabras: a orde románica é [auxiliar principal]; a vasca [principal auxiliar]. A construción perifrástica resulta da influencia románica. O lector pode encontrar máis exemplos no traballo de Jendraschek (2007).

Cando os préstamos gramaticais cruzan linguas prodúcese *converxencia:* o feito de que «bilingual contact is prolonged, often extending over more than a millennium, has important consequences» (Hock 1991: 492). Galego, portugués, asturleonés e castelán comparten trazos que os agrupan fronte ó catalán. Uns quizais remonten á época latina: os tipos léxicos *querer ~ voler, mazá ~ poma, tío ~ oncle, perna ~ cama* (Rohlfs 1954). Outros explícanse dentro do latín vulgar: as tres conxugacións con vogais temáticas /a/, /e/, /i/ e a inexistencia de formas coma *batre* 'bater'; máis tardiamente, a presenza en galego, portugués e castelán de tres demostrativos (*este*, *ese*, *aquel*) e dous en catalán moderno. Para Moll: «las continuas relaciones políticas, eclesiásticas, comerciales y culturales de Cataluña con los países ultrapirenaicos hasta principios del siglo XIII, explican el parentesco existente entre nuestra lengua y los dialectos lenguadocianos» (1952: 36).

Segundo Hock (1991: 493), non tódolos membros dunha comunidade teñen que ser bilingües para que haxa converxencia. Estes movementos de converxencia dan lugar a *áreas lingüísticas* ou *sprachbünde*:

> Convergence has ever more far-reaching and interesting effects in areas where adstratal languages are in long-standing bilingual contact. Under these circumstances, languages which may be quite distantly related or which exhibit no discernable genetic rela-

tionship may come to converge to the extent that they form a group that is structurally quite distinct from the surrounding and/or genetically related languages. Such a group of languages is commonly referred to as a **sprachbund** (Hock 1991: 494, trazo groso no orixinal).

A área lingüística máis famosa en Europa está nos Balcáns, onde linguas distintas pasaron co paso do tempo a compartir trazos, moitos dos cales parecen provir do grego (Bynon 1977: 337):

a. búlgaro, romanés e albanés presentan un artigo posposto, fan os numerais do *once* ó *dezanove* cun esquema cuxo significado é «un sobre dez», «dous sobre dez»...;

b. en grego, macedonio, serbio e búlgaro eliminároнse complexos [verbo + inf] por complexos con completivas:
Grego Moderno: *θelo na ɣrafo*
Serbio: *hoću da pisam*
'quero que escribo' < *quero escribir*

c. en grego, romanés, albanés ou servo-croata úsase o verbo *querer ~ desexar* para construír o Futuro; xeralmente o verbo auxiliar non se flexiona e é seguido por unha completiva:
Grego: *θa (< θelo na) ɣrafo*
Romanés: *o să scriu*
eu [*querer* [*que escribo*]] 'eu escribirei'

Schleicher (1821-1868) dicía destas linguas que eran «os membros máis corruptos das súas familias respectivas».

2. A DETECCIÓN DO CASTELANISMO GRAMATICAL COMO PROBLEMA

O conflito normativo galego tivo como unha das súas manifestacións un debate sobre o establecemento do catálogo de castelanismos que xerou fenómenos estrela: as terminacións *-ción ~ -çom*, *-ble ~ -vel*, etc. Outros fenómenos sospeitosos, por exemplo as formas *fago, faga* do verbo *facer*, nunca gozaron dese protagonismo.

Nos textos medievais, Maia (1986: 791) detecta formas tipo *fago ~ faga* «apenas registadas em documentos da Galiza». Como son documentacións dos séculos XV e XVI, conclúe que «poder-se-ia ser levado a interpretá-las sem hesitação como resultado da penetração do castelhano nesta zona». Ora ben, como estas formas foron tamén usadas en Portugal nalgúns dialectos de Entre Douro e Miño e como autores coma Gil Vicente as usaron para caracterizar personaxes populares, quizais non deban ser consideradas castelanismos en galego, senón que talvez «a influência do castelhano tenha contribuído para alterar o estatuto sociolinguístico das referidas formas [en Galicia], facto que facilitou o seu emprego em textos desta natureza. Penso ser igualmente a mesma circunstância que contribuiu para que as formas do tipo considerado tenham acabado por generalizar-se em galego» (Maia 1986: 791).

Polo tanto, as formas poderían ter orixe galego-portuguesa, pero a súa difusión xustificaríase pola presenza do castelán. As formas *fago* aparecerían en galego e castelán por un proceso de polixénese (?), mais o seu triunfo en galego deberíase á presenza do castelán en Galicia, que favoreceu a converxencia. Ramón Lorenzo critica este método:

> Maia ten a tendencia a querer explicar como autóctonas todas aquelas formas idénticas ás castelás que aparecen en documentos galegos e do N. de Portugal, deixando só o calificativo de «castelhanismo» para as que aparecen unicamente nos galegos, e isto non é válido (Lorenzo 1987: 465).

> A relación co castelán é innecesaria e falsa e supón un sometemento total dunha lingua á outra, cousa que nunca se deu. A substitución de *faço* por *fago* é paralela á substitución de *peço, peça* por *pido, pida* [...]. Todas elas se explican polo mesmo proceso analóxico dentro do verbo, o que levou a unha profunda transformación do sistema primitivo, e a coincidencia nalgúns casos co castelán é pura casualidade, debido a que nesta lingua tamén se deu o mesmo proceso (Lorenzo 1987: 472).

Lorenzo, falando de *pura casualidade*, nega a *existencia dun sometemento*. A gramática do galego non se viu afectada polo castelán e non todo o que en galego coincide co castelán é castelanismo. Ora ben, as hipóteses se Maia non son *inválidas* de raíz e, como viamos atrás, teñen sustento teórico suficiente:

a. As linguas non se someten; sométense os falantes; e o seu somentemento manifféstase no seu uso das linguas. O rei dirixíase ós galegos en castelán e os galegos non se dirixían ó rei en galego (Monteagudo 1999: 127-128). Esta situación favorece a crenza de que a lingua usada para a relación coa coroa é máis importante cá lingua de *circulación interna*; á súa vez, esta crenza favorece a evolución converxente.

b. Non fai falta sometemento para que haxa converxencia, como mostran os datos dos Balcáns.

c. Para dar unha visión completa do cambio lingüístico non se pode apelar só a explicacións mecanicistas ou casualidades e deixar de lado os factores psicosociais. Cómpre deixar claro o contexto social e lingüístico en que se produciu un cambio, pois pode ser pertinente para explicar por que un cambio avanza dun xeito ou noutro.

d. As coincidencias evolutivas co castelán e asturleonés poden ser fenómenos de polixénese e non de monoxénese, pero non podemos desprezar o feito de que algunhas delas triunfaron nas áreas *contiguas* en que galego, asturleonés e castelán convivían máis intensamente.

e. Debemos evitar aplicar a nosa visión actual, con linguas claramente compartimentadas, a outras en que as fronteiras lingüísticas son máis difusas:

> A fronteira lingüística principal (fronteira estilística, non espacial) que se foi delineando ó longo do período, era a que separaba o latín das falas vulgares, os romances. O *romance* era percibido como unha entidade lingüística difusa, no seo do cal a duras penas se distinguían fronteiras que permitisen enxergar subunidades nidiamente definidas, xa que as variacións entre as falas duns territorios e os contiguos eran progresivas e a penas perceptibles, sen que existisen modalidades de referencia que fixasen e asegurasen trazos distintivos. Conforme ían xurdindo e consolidándose tradicións escritas minimamente estables, arredor delas comezaron a callar agrupamentos lingüísticos máis ou menos recoñecibles, nun proceso lento, que soamente atinxirá o seu cume co acceso dos vulgares á imprensa á franxa alta de funcións, elaboración e prestixio (Monteagudo 1999: 84-85).

É posible que Lorenzo negue a natureza converxente galego-castelá de *fago* porque se negue a admitir que todo aquilo en que o galego se distingue do portu-

gués sexa castelanizante, coma se o galego non puidese xerar formas autónomas; alén disto, se se demostrase a natureza converxente dalgúns destes fenómenos, quedarían automaticamente *comprometidos, lixados*.

Freixeiro Mato (1998), movéndose na liña de Maia, propón un método para atribuír unha orixe castelanizante á gheada:

> Todo cambio lingüístico producido nun contexto diglósico na lingua dominada en dirección á lingua dominante, para acabar coincidindo total ou parcialmente con ela, en principio, e mentres non se demostre o contrario, é suspeitoso de se producir por interferencia da mesma (Freixeiro Mato 1998: 154).

> A razón principal a favor da tese castelanista é a ausencia total de gheada en portugués, comportándose a fronteira política como fronteira do fenómeno lingüístico da gheada. [...] O problema estaría, pois, non só en explicar a orixe da gheada galega, senón tamén en explicar por qué non se dá en portugués (Freixeiro Mato 1998: 154-155).

O resto do artigo resulta de aplicar este método ás formas tipo *fixo, quixo, dixo* dos verbos fortes.

3. O CONTACTO GALEGO / ROMANCES CENTRAIS E AS FORMAS TIPO *TIVO*

Outros sospeitosos esquecidos no debate normativo son as formas de palabra das 3SG.IND.PRT.PFV dos pretéritos fortes: *fixo, quixo, dixo, puxo, estivo*, etc. AGAL (1988 e 1989) non comenta nin a altura da vogal radical (VR) nin a presenza do SNP /o/ e dá como únicas normativas *fizo ~ fijo*, *tivo, pujo, dixo*, *coubo*, etc., a pesar de que existen ben documentadas como vivas formas coma *fexo, fezo* ou *poxo*. Abonda un simple cotexo coas formas correspondentes castelás, asturianas e portuguesas de (3) para comezar a sospeitar:

3)	Castelán	Asturiano	Galego	Portugués
	hizo	fizo ~ fixo	fixo	fez
	puso	punxo	puxo	pôs

As formas galegas comparten coas castelás e asturleonesas dous trazos: unha VR alta tónica (*p<u>ú</u>xo*, *f<u>í</u>xo*); e unha vogal final dorsal /o/ (*pux-<u>o</u>*, *fix-<u>o</u>*), inexistente

nas formas portuguesas. A isoglosa de *tivo* case coincide coa fronteira política hispano-portuguesa: ¿por que non se estenderon en Portugal as formas *tivo* e por que triunfaron en Galicia?, ¿por que case non quedan vestixios de *tivo* en Portugal e, cando aparecen, teñen sempre os romances centrais cerca?, ¿por que non quedan restos de *tivo*, se é que existiu realmente, en Lisboa ou en Coimbra ou en Braga? Outros fenómenos dialectais que comparten galego e portugués en territorios sen continuidade xeográfica débense sen dúbida a polixénese: no nordeste de Portugal, e sen contigüidade co galego, aparecen formas coma *cantí*, 1SG.IND.PRT.PFV de *cantar*, similares ás *cantín* do occidente galego[2]. No caso de *tivo*, a contigüidade é co asturleonés e castelán.

3.1. Orixes das formas tipo *tivo*. Explicacións mecanicistas

Comecemos coa explicación canónica que nos ofrece Santamarina (1974):

> SNP: *-o* < lat. *UT (<UIT). Se trata del resultado fonético normal de lo que originariamente era sufijo aspectual -U-, que acabó vocalizándose después de la síncopa: CLAMAVIT > *CLAMABT > *CLAMAUT > *chamóu*. Este SNP que en principio era propio solamente de los perfectos débiles (*chamóu, partíu*) y de los perfectos convertidos en débiles por la analogía (*debéu, respondéu*) acabó aplicándose a los perfectos fuertes en su alomorfia silábica [-o] para aquellos que pierden la VT en la P[3] del Pf.: *fixo, dixo, puido, tuvo, soubo, puxo, houbo, coubo* (Santamarina 1974: 66).

A maioría dos autores (Huber 1933: 242, Maia 1986: 745-746, Ferreiro 1995: 320, Mariño 2008: 93-94) explican a aparición de *-o* en *tivo* no galego como resultado de analoxía coas vogais *-u* / *-o* dos perfectos débiles, tipo *cantou ~ comeu ~ partiu*. Esta explicación non ten en conta a presenza do castelán nin a veciñanza do asturleonés, a pesar da coincidencia de proceso e resultado.

Segundo Ferreiro (1995: 320), antes do cambio a 1SG.IND.PRT.PFV e a 3SG. IND.PRT.PFV eran sincréticas en moitos verbos como resultado da evolución fonética regular: *houve* < HABUĪ e HABUĬT representaba a 1SG ou a 3SG. Pola contra, nos casos en que se producira a metafonía de ī final sobre a vogal media tónica

[2] Galego das Rías de Arousa e de Pontevedra, *cantín* en 1SG.IND.PRT.PFV (Fernández Rei 1990: 81). Tamén en Trás-os-Montes (Moura Santos 1967), Riba-Tejo e Beira Baixa (Leite de Vasconcellos 1901: 132), sen contigüidade co galego.

(['fedzi] > ['fidzi] > ['fits]) non se daba tal sincretismo, pois a 1SG (*fiz*) distinguíase da 3SG (*fez*). Así quedaban diferenciados dous tipos de perfectos fortes, os sincréticos e os non-sincréticos:

	non-sincrético	sincrético
1SG.IND.PRT.PFV	*fiz, pus*	*houve, soube*
3SG.IND.PRT.PFV	*fez, pos*	*houve, soube*

Fiz e *pus* non eran as únicas formas galegas. Varela Barreiro (1997) recolle a existencia no XIII de formas da 1SG.IND.PRT.PFV dos pretéritos fortes sigmáticos coa consoante radical palatalizada e que conservan -/e/ ~ -/i/ < -ī: *aduxe, dixe, quige, quigi, fige, figi* nas Cantigas de Santa María e na lírica profana; Maia (1986) documenta *pogi* en 1281, *puge* en 1278, *pugi* en 1269, *figi* no 1289. Só posteriormente se xeneralizou a raíz palatalizada a todo o tema de perfecto.

O IND.PRT.PFV do verbo *vir* constitúe un caso especial, cunha forma *vin* < VĒNĪ para a 1SG e *vẽo* < VĒNŬT < VĒNĬT para a 3SG. Este feito adoita pasar desapercibido: *vẽo* evoluíu en galego para *veu* (contrastando, por exemplo, con *cheo*, *freo*, *seo*) e en portugués para *veio* (concordando con *cheio, freio, seio*). As formas coma *vẽo, chẽo, chẽa, mão,* froito da queda dunha consoante intervocálica constituían hiatos (Neto 1988: 412). A evolución estritamente fonética de *vẽo* (sen que a morfoloxía do verbo interviñera), indica que a forma da 3SG era autónoma (no sentido de Bybee 2001).

Outra vez segundo Ferreiro (1995: 320), tras o período trobadoresco (i.e., após 1350, Neto 1988: 405), a 3SG «comeza a verse alterada pola progresiva tendencia á ruptura da coincidencia formal mediante a aparición da terminación *-o* na P3 (houve > houvo, etc.)». Porén, estas formas xa aparecen nas *Cantigas de Santa María* e nas cantigas profanas, o que adianta a súa aparición, cando menos, ó século XIII. Máis adiante, Ferreiro segue: «A xénese do cambio reside no incremento dun SNP *-o*, analóxico cos pretéritos fracos (cfr. *amou*, *deveu ~ deveo*, *partiu ~ partio*), favorecido, ademais, pola necesidade de ruptura da homonimia entre persoas verbais (*houve* vs. *houvo*, *soube* vs. *soubo*, *trouxe* vs. *trouxo*, etc.). [...] Posteriormente, a identificación formal da P1 aínda se verá reforzada por *-n*» (Ferreiro 1995: 320).

Estas formas con consoante nasal na 1SG aparecen nos perfectos fracos a partir de principios do século XV, aínda que existen documentacións de finais do XIII, coma un *ſcrivjn* de 1299 (Maia 1986: 743). Maia non informa de cando comezan a aparecer as formas nasalizadas na 1SG dos pretéritos fortes, polo que pode ser un fenómeno posterior ós textos que ela analiza. Polo tanto, o reforzo da distinción entre a 1SG e a 3SG parece ter pouco que ver coa inserción de *-n*, pois cando se introduce a nasal na 1SG xa existían formas da 3SG con -/o/. A perda do sincretismo é máis consecuencia do cambio ca causa.

3.2. As formas *tivo* como indicadores dialectais

A presenza de -/o/ nas formas *tivo* hoxe agrupa galego, asturleonés e castelán fronte a portugués, algúns dialectos aragoneses e o catalán. Os estudosos da lingua medieval destacan o carácter *xeograficamente* galego das formas *tivo* e a súa rareza nos textos portugueses:

> Uma outra particularidade relativa à terceira pessoa dos perfeitos fortes e que assinala uma clara diferenciação regional no antigo galego-português diz respeito ao emprego, na Galiza, de formas terminadas em *-o*, em contraste com a zona de Entre-Douro-e-Minho, onde se registam apenas formas terminadas em *-e* ou com omissão desta vogal. A sul do Minho, a única forma registada foi *diſſo*, num documento localizado em Valença (Maia 1986: 745).

> Estamos em presença de uma particularidade que distinguia, já no período medieval, as duas zonas da área galego-portuguesa: a Galiza, onde se usava com bastante frequência as formas em *-o*, sendo mais raras as formas terminadas em *-e*, e a zona a sul do Minho, onde estavam generalizadas estas últimas, sendo muito raras as formas com *-o* analógico (Maia 1986: 746-747).

> As formas sem *-o* analógico são características do domínio linguístico galego-português — onde as formas com *-o* estão no entanto longe de ser desconhecidas. Há apenas, dentro deste domínio, desde época antiga, diferenciação regional no que se refere ao emprego de umas ou de outras: em textos galegos antigos e no galego actual são normais as formas em *-o*, esporádicas as formas em *-e*; em textos portugueses antigos as formas com *-o* analógico são raras; vieram a desaparecer totalmente na fase moderna da língua (Cintra 1959: 452).

> Semellante troca é antes peculiar ao galego e por isso encontra-se principalmente em escritos nos quais, como as poesias dos trovadores e outros, os seus autores eram mais ou menos influenciados por aquela língua (Nunes 1933: 311).

> Naturalmente os trovadores que eram naturais da Galiza, usavam de preferência as formas em *-o*; assim João Garcia de Guilhade só emprega *disso* (a partir de *dixe*) e *quiso*, enquanto D. Dinis, sem pôr totalmente de parte os *fezo* e *quiso* galicianos, prefere-lhes os *feze* ou *fez* e *quis* portugueses. [...] Na *Crónica da Ordem dos Frades Menores* [...], embora raramente, lá se encontram, ao lado dos nacionais *feze*, *fez*, *pose*, *pos*, *quis, quise*, os galegos *fezo, poso* e *quiso* (Nunes 1933: 311, n. 3).

Quizais o uso de -/o/ nos textos portugueses fose un caso de *interdialectalismo*, un eco do uso que se ía espallando nos textos galegos e que xa estaba consolidado en textos leoneses e casteláns. Piel (1944) non se detén a explicar as orixes das formas *tivo* no seu estudo da flexión do verbo portugués; canto a *vẽo*, refire: «Esta forma [*veio*, FDG] em *o* é, aliás, a única de tipo espanhol *quiso*, *fezo*, etc., que se salvou em português» (Piel 1944: 231). Williams (1938) tampouco menciona as formas *tivo* e refírese a *veno* como «comum em espanhol arcaico» (1938: 249). D'Ovidio denomina *español* o *-o* das formas *tivo*: «Qualche 3ª ag. di perf. in *-o*, al modo spagnolo, apparisce ogni tanto nel pg. arcaico» (D'Ovidio 1881: 46, n.3). Diez tamén chama *españolas* as formas *tivo: «*L'*o* espagnol est étranger à la 3e pers.: elle emploie *e* ou rejette toute voyelle, d'où il résult que dans quelques cas, comme en provençal, la 1re et la 3e pers. se confondent, tandis qu'elles se distinguen dans d'autres par le changement de la voyelle. Dans le plus anciens textes on trouve aussi quelques traces de l'*o* : ainsi dans le *Canc. ined. fezo,* dans le *Canc. vat.*, par ex. dans les poésies de D. Diniz 64, *quiso*, dans le même recueil aussi *prugo* (*placuit*)» (1874: 179).

3.3. As formas *tivo* no noreste de Portugal: mirandés e linguas de fronteira

Santos (1967) clasifica como *españolas* as formas *tivo* recollidas na década de 60 do século xx na fronteira hispano-portuguesa: «São bastante frequentes os pretéritos perfeitos do tipo espanhol *estuve — estuviste — estuvo — eu quise — ele quiso*» (Santos 1967: 231); máis adiante: «Para o perfeito de indicativo usa-se

bastante a desinência da terceira pessoa, semelhante à espanhola, *-o*: *tibo, tebo*; é vulgar [común, FDG] a flexão *tube, tubiste, tubo, tubimos, tubisteis, tubierun*» (Santos 1967: 237).

Estas formas foron recollidas *ó longo da fronteira* en territorios de fala portuguesa e leonesa. Santos confesa prudentemente que non é sinxelo saber se estamos ante innovacións modernas ou ante formas antigas:

> A maioria das vezes, portanto, a semelhança é antiga; deve-se a uma localização já remota, muitas vezes coetânea do seu estabelecimento nas regiões contíguas de Espanha, e não a uma osmose mais ou menos frequente entre os dois lados da fronteira (Santos 1967: 430).

> Os factos que abrangem em geral uma região bastante extensa, ocupando por vezes cidades e outros centros de certa importância cultural, oferecem possibilidade de serem afinidades antigas, parecendo mais normal que sejam importados factos restritos a pequenas zonas onde é maior o contacto com Espanha (Santos 1967: 432).

> Devem incluir-se entre as afinidades antigas os sistemas fonológicos, os elementos morfológicos que fazem parte de sub-sistemas mais estruturados, algumas construções sintácticas mais generalizadas... (Santos 1967: 432).

Cardoso (1995: 240) clasifica as formas *tivo* de Deilão como «traços comuns ao galego», xunto con *andibemos* ou *estubiste*. En Deilão tamén aparecen *qualquera, sequera, sirbes (tu) ~ sirbe (ele)* 'servir', *andube, estube, tube*..., trazos que deixan «patenteado o carácter de mescla lingüística de Deilão justificado pela sobrevivência (conjunta) de traços dialectais de origem diversa na linguagem corrente dos habitantes da comunidade focalizada» (Cardoso 1995: 247).

Xa Vasconcellos (1901) recollera formas *tivo* en Moimenta (Vinhais), Deilão (Bragança), Petisqueira (Brangança), Campo de Víboras (Vimioso) e Mogadouro. Deilão e Petisqueira son áreas de *lingua mista*; Campo de Víboras pertence a un concello de fala leonesa: son formas asociadas ó contacto. Cando Vasconcellos describe os dialectos trasmontanos sinala a existencia «des prétérits forts en *-o*, *houbo, quijo, tebo* (ce qui établit une transition à l'espagnol)» (1901: 149). Neste sentido, volven a parecerme iluminadoras as palabras de Maia (2001) sobre os fenómenos da fronteira lingüística hispano-portuguesa:

> Quien pretende estudiar la situación lingüística de las poblaciones fronterizas, siente la dificultad de distinguir las características lingüísticas que son el resultado de antiguas afinidades entre las modalidades dialectales de regiones, que han sido (artificialmente) separadas por la frontera política, y los rasgos que son el resultado reciente del contacto entre las poblaciones y del contacto de lenguas (o dialectos) a través del bilingüismo de los hablantes. Debemos subrayar además que, en las zonas fronterizas, los contactos de lenguas (y/o dialectos) son seculares y complejos.
>
> [...] El contacto del portugués y del español en el ámbito fronterizo (entendido en toda su amplitud) se hace, en general, mediante variedades idiomáticas locales de los respectivos territorios, en algunos casos muy afines [...]. En la situación lingüística de la frontera de Galicia y de León con la provincia portuguesa de Trás-os-Montes: las variedades dialectales relacionadas «umas com as outras por quase insensíveis pontos de transição», constituían un verdadero *continuum* dialectal, constituyendo así, toda esa zona, una compleja región de cruce de rasgos gallego-portugueses y leoneses (Maia 2001, *passim*).

¿Resultan as formas *tivo* de Trás-os-Montes de afinidades antigas ou de innovacións modernas? Se antigas, ¿foron creadas nestes puntos ou importadas? Estamos nunha área de continuum xeolectal con dialectos constitutivos. Estas formas puideron aparecer co moderno contacto... ou con contactos antigos. Que sexan antigas non nos di nada sobre a súa orixe monoxenética ou polixenética: puidéronse tomar por contacto doutras falas máis occidentais que as crearon. Recórdese que é un feito que o contacto existiu: «De la frontera de Trás-os-Montes venían trabajadores rurales a Galicia, a León (Sanabria, Alcañices, etc.), produciéndose incluso migraciones de trabajadores portugueses de la zona fronteriza de Beira Alta a los llanos de la cercana provincia de Salamanca, en donde permanecían durante dos o tres semanas o, incluso, durante un mes o dos» (Maia 2001, *passim*).

3.4. A orixe de -o en castelán e revisión crítica da explicación para o galego

A orixe de *-o* en *dijo* en castelán adoita vencellarse á presenza desta vogal nos verbos fracos da C2 e da C3, *pidió*, *comió* (Lapesa 2000, Menéndez Pidal 1940): «Él con *-o* final analógica de las débiles: dixit, *dixo*, para evitar que **dixe*

se confundiese con Yo (excepción única es *fué* [...]); esta *-o* se halla también en gallego desde los tiempos más antiguos: *tevo, soubo, estevo, quiso, fezo*, pero no en portugués, que conserva la final latina: *teve, soube, quis, fez*» (Menéndez Pidal 1940: 315).

Con todo, Craddock (1983), Lloyd (1987) e Penny (2002) defenden que a adxunción do SNP ás 3SG dos pretéritos fortes produciuse no latín vulgar hispánico: «the ending of *dixo* was probably also extracted [...] from that of the wake preterites, at the stage *CANTĀUT, *IMPLĒUT, *AUDĪUT» (Penny 2002: 224). De feito, Penny (2002: 219, 223 e 229) propón formas latinovulgares coma as de (4) para as bases históricas das formas castelás:

4)	CANTĀĪ	AUDĪĪ	DĪXĪ	FĒCI
	CANTĀSTĪ	AUDĪSTĪ	DĪXISTĪ	FĒCISTI
	CANTĀUT	AUDĪUT	DĪXIT > DĪXUT	FĒCIT > FĒCUT
	CANTĀMUS	AUDĪMUS	*DĪXÍMUS	*FĒCIMUS
	CANTĀSTIS	AUDĪSTIS	DĪXÍSTIS	FĒCISTIS
	CANTĀRUNT	AUDĪRUNT	*DĪXERUNT	FĒCERUNT

Craddock (1983) sitúa o motor do cambio castelán na adxunción de -UT a VĒNĬT > VĒNUT, que acabou dando orixe a *vino* e que, como vimos, é o étimo de *vẽo*, base do galego *veu* e do portugués *veio*, que xa viña con vogal dorsal final do Latín Vulgar Hispánico:

> The operation of this analogy did not cease with the creation of the regular preterite triad [aw, ew, iw, FDG]. The evidence is compelling, I believe, that in the majority of Hispano-Romance vernaculars the ending -/ut/ was extended to the 3sg preterite of irregular verbs, whose most notable structural characteristic is that they are root-stressed, as opposed to the regular 3sg preterites, which were, in Proto-Hispano-Romance, and, to this day, in Galician-Portuguese, stressed on the teme vowel. OGal.-Ptg. /vẽo/ 'he came' (Mod. Ptg. veio) and OCast. /véno/ (>/vino/) jointly presuppose a base /vénut/ whose ending reflects that of the PHR [Proto-Hispano-Romance, FDG] regular paradigms just described rather than that of Classical Lat. *uenit*» (Craddock 1983: 6).

Nin o latín vulgar hispánico nin o castelán antigo tiveron que extraer [o], silábico, a partir de [w] asilábico, senón que no latín vulgar hispánico [u] vocálico alternaba con [w] semivocálico:

> It is the unstressed ending -/wt/ that appears to have had an especially lively history in Hispano-Romance. The fact that the vocalic portion of the ending is a semivowel in the preterite forms just mentioned follows simply from its standing in hiatus with a stressed vowel. I submit that this strictly phonetic adjustment in no way inhibited the potential recognition of the final segment -/wt/ as a marker of the 3sg preterite, which, when attached to a verbal root ending in a consonant, would quite inevitably have the fully sillabic shape /-ut/ (Craddock 1983: 6).

Craddock ve un problema na extensión analóxica dunha semivogal para crear unha vogal con diferente grao de abertura. E detense a propor unha xustificación: eran os mesmos segmentos básicos, dorsais altos, un silábico [u] e outro asilábico [w], nunha distribución complementaria estritamente fonolóxica automática (non morfolóxica). As condicións de cambio segundo Craddock poderían ser formuladas conforme (5):

5) 3SG.IND.PRT.PFV
V́]TEMA + /ut/SNP]V (*cantaut, audiut*)

Este esquema xeneralizouse ás formas fortes, sen máis problema; só houbo que eliminar as restricións referidas ó tema, dando lugar ó esquema de (6):

6) 3SG.IND.PRT.PFV
/ut/SNP]V (*cantaut, audiut, venut, fezut*)

Para Craddock, esta operación analóxica debeu de ser moi antiga, antes de que ŭ átono final se abaixara a /o/. Este abaixamento creou unha cuña fonolóxica entre os pretéritos regulares e os irregulares rematados en consoante:

> The shift of /vénut/ to /vénot/ shattered the transparency of the structural pattern, since the semivowel in /-wt/ was not affected. Once a few leader forms had been created among the irregular 3sg preterites, the change of its ending from -/ut/ to /-ot/ would have no necessary impact on the eventual extension of the innovation to other irregular verbs. In Old Portuguese the spread of -/ut/, or its descendant -/ot/, was largely thwarted, but in most other Hispanic-Romance dialects outside de Catalan domain, including, curiously enough, Old Galician, almost all 3sg irregular preterites followed suit (Craddock 1983: 7).

Polo tanto, na historia do castelán, primeiro creouse VĒNUT, ó lado de DĔDUT ou VĪDUT, por analoxía con AUDIUT. A vogal final de VĒNUT abaixouse a *veno* e a partir de aí estendeuse ós pretéritos fortes, con independencia do que pasase coas formas dos perfectos débiles. De feito, a forma *veno* < *venot* , previa á caída so N interválico latino, era unha boa base para a creación de formas analóxicas coma *quiso, fezo, ovo*. O verbo *vir / venir* é dos máis usados e, dentro do seu paradigma, a 3SG é unha das persoas máis usadas, polo que as formas tipo *venot* contaban cunha presenza relativamente alta. Nótese que a ligazón que antes establecía entre o -[u] de *venut* e o -[w] de *cantaut*, *impleut* e *partiut*, como variantes dunha mesma vogal posterior alta, non se sostén tralo abaixamento de [u] a [o]: os verbos regulares presentan -[w] e os irregulares -[o] e xa existe unha cuña (*wedge*) que destrúe (*shattered*) o padrón morfolóxico que ligaba -[w] ~ -[u] con 3SG.IND.PRT.PFV.

Que as formas VĒNUT, VĪDUT e DĔDUT son moi antigas próbao que sexan compartidas por galego, castelán, leonés e portugués, pois están detrás das formas *vino ~ veu ~ veio*, *vió ~ viu* e *dio ~ deu*; como vemos en (7) o portugués non presenta descendentes de VĒNIT, VĪDIT ou DĔDIT como si presenta descendentes de FĒCIT, HABUIT, DĪXIT, POSUIT, etc.

7)	Latín vulgar	Portugués	Galego	Castelán
	DĔDIT > DĔDUT	deu	deu	dio
	VĒNIT > VĒNUT	veio	veu	vino
	VĪDIT > VĪDUT	viu	viu	vio
	FĔCIT	fez	fixo	hizo
	DĪXIT	disse	dixo	dijo

Así, tras defender que as formas centrais *comió* e *partió* son analóxicas de *dió* e que este provén un antigo DĔDUT > [djew] > [djow] > [djo], Craddock sostén algo de especial interese para o caso que nos ocupa: «It should be noted in this context that the hypothetical forms /komío/, /partío/ cannot be held accountable for the 3sg of irregular preterites, as in OCast. /véno/, /fédzo/, etc. since the same types emerged in Old Galician, a language faithful to the PHR prototypes /komew/ and /partíw/» (Craddock 1983: 11).

Con isto Craddock está a dicirnos que a semivogal -[w] dos perfectos débiles galegos non puido nos dialectos noroccidentais galegos disparar un proceso analóxico que insira unha vogal final -[o] nos perfectos fortes. Se isto é así, e creo

que existen razóns teóricas suficientes para que así sexa, *tivo* non puido tomar a súa vogal final de *cantou, comeu*, *pediu ~ pedío*, nin puido influír sobre ela a semivogal de *deu* nin a de *viu*[3]. A única fonte da vogal era *vẽo*, que na fase medieval era un hiato. E isto preséntanos problemas de cronoloxía que despois terei que enfrontar[4].

Analicemos detidamente agora os cambios supostos para o galego pola explicación tradicional. Santamarina propón para o galego actual SNP cun alomorfo /o/ ante consoante (*fixo, quixo*) e outro /w/ ante vogal (*deu, comiu*); e parece establecer unha relación de derivación: «P[3]: SNP /Ø/, en general. Alomorfo: [-o] para el Pf., que al no ser núcleo silábico se realiza [-u̯]: *dixo*, *cantóu*» (Santamarina 1974: 23). Polo tanto, Santamarina parece propor un esquema coma o de (8):

8) Morfoloxía: [o] no 3SG.IND.PRT.PFV e [Ø] no resto;
(Morfo)Fonoloxía: [o] realízase [o] se núcleo de sílaba (*fixo*) e [w] se marxe (*comeu*)

A selección de [o] e [Ø] en (8) está gobernada morfoloxicamente; a selección [o] e [w], aparentemente, por vía fonolóxica. A situación descrita para o galego actual en (8) é similar á que se daba no século XIII trala adxunción de /o/. Ora ben, se fose certo que a creación de *tivo* se produciu por analoxía cos perfectos fracos, os falantes tiveron que crear un novo alomorfo [o] vocálico a partir dun vello morfo semivocálico [w] previo, para despois pólos en distribución complementaria; antes da aparición das formas *tivo*, en galego reinaba un esquema coma o de (9):

9) 3SG.IND.PRT.PFV
V́]TEMA + /w/SNP]V (*cantou, colleu, partiu*)

Este esquema de (9) representaba as condicións lingüísticas previas ó cambio. A partir deste esquema, que analiza formas coma *cantou, comeu* e *partiu,* para poder producir formas coma *tivo* os falantes tiveron extraer un tipo de regularidade coma a de (10):

[3] Trala caída en latín vulgar de /d/ en DĔDUT e en VĪDUT, produciuse un hiato que pronto debeu resolverse en ditongo: [dɛdut] > [dɛ.ut] > [dɛwt] e [βidut] > [βi.ut] > [βiwt]; en galego, este *deu* e *viu* xa se fundiron coas outra formas dos perfectos febles. Dado que o /d/ de DĔDUT e VĪDUT caeu antes ca /n/ de VĒNUT, [βɛnut] > [βɛnot] mantívose o tempo suficiente para a crear *fezo*.

[4] No galego de Fisterra, Cee, Carnota existe unha forma *ven* para a 3SG.IND.PRT.PFV que quizais remonte a VĒNĬT. En principio dubido dunha evolución semellante á de -ANUM > *án*.

10) 3SG.IND.PRT.PFV
/vogal dorsal/SNP]V

que se expresaría de dous xeitos diversos, segundo (11a, b):

11) a) V́C]RAÍZ + /o/SNP]V (*fez* + *o* > *fé.zo*)
b) V́]TEMA + /w/SNP]V (*come* + *u*> *co.méu*)

O proceso analóxico debería ignorar a diferente calidade das vogais SNP, as diferenzas na posición e na estrutura silábicas e as diferenzas na posición do acento: formas verbais oxítonas rematadas en ditongo (*comeu*) crean verbos paroxítonos rematados en vogal (*tivo*).

Con todo, existe unha diferenza fundamental entre os dialectos noroccidentais e os dialectos centrais. A evolución dos romances centrais provocou a monotongación de [ow], de xeito que, na primeira conxugación, formas coma [kan'tow] evoluíron moi cedo a [kan'to]; e unha serie de cambios analóxicos pouco coñecidos, levaron á creación de formas coma *comió* e *bebió* nos romances centrais (salvo algúns dialectos asturleoneses occidentais que, coma o galego, mantiveron [ew] ~ [iw] nos pretéritos febles e introduciron [o] nos pretéritos fortes). Estas evolucións aumentaron significativamente a presenza de *-o* (aínda que tónico) como marca de 3SG.IND.PRT.PFV, o que puido axudar na consolidación ou expansión de *-o* (nese caso átono) nos pretéritos fortes casteláns[5].

É notorio que ningún destes cambios fonolóxicos nin analóxicos actuou en galego (Fernández Rei 1990: 87-88):

- As formas galegas da C1 seguen mantendo o ditongo [ow].
- As formas da C2 manteñen [ew] na maioría dos dialectos; menos dialectos presentan [iw] e, ás veces, [iǫ].
- As formas da C3 manteñen [iw] na maioría dos dialectos, e ás veces [iǫ]; menos dialectos presentan [ew].

A cuestión é saber cal era a natureza, silabicidade e grao de abertura das vogais finais de formas coma *pediu* ~ *pedío* na Idade Media. Se nos fixamos na situación medieval descrita por Maia (1986) vemos que, na C1 na 3SG «encontra-se a terminação *-ou*, a mesma que se conserva ainda no português e no galego» (1986: 743). Na C2, nos documentos da rexión portuguesa «encontra-se a terminação

[5] Nótese que estas prevencións sobre os romances centrais carecen de sentido se Craddock, Penny e Lloyd están no certo, como eu creo.

-eo ou *-eu*». Nótese que unha grafía *-eo* non significa necesariamente que a vogal final sexa unha vogal silábica [o] e non unha semivogal [o̯]. Porén, «diferente é a situação revelada pelos documentos da Galiza», pois os verbos que se «enquadram regularmente» na C2 ofrecen formas terminadas en *-eu* (Maia 1986: 744); só nos verbos que oscilan entre a C2 e a C3 aparecen formas tipo *-eu* e *-eo* e formas tipo *-ío*: *escreveu, escreveo* e *escriviu*. Nada di das formas da C3, que posiblemente terían consistentemente [o̯] final. De feito, a pesar do rigoroso estudo sobre as vogais dorsais finais, Maia non profunda na realización do segmento final das secuencias *-eo, -eu, -ío, -iu* dos verbos.

Nunes comenta que, en virtude da caída do ĭ da terminación -āuĭt e -īuĭt, aquela semivogal *u* uniuse á vogal temática dos verbos «as quais continuaram acentuadas e, consonte a regra» formaron os ditongos *ou*, *eu* e *iu* (1933: 307). Sería difícil explicar o paso dun ditongo decrecente tónico a un hiato na historia da fonoloxía do galego neste contexto. Comentando as grafías *eo* ou *ío*, Nunes sinala que «é duvidoso se pelo primeiro processo [escribir *eo*, FDG] os antigos queriam indicar que não consideravam ditongo esse dígrafo» (312, n. 2).

O que estamos a ver na oscilación dos documentos galegos parece ser unha preferencia clara pola disimilación do segundo elemento do ditongo: *-eu*, consistentemente, nas formas da C2, cunha vogal media pechada seguida dunha semivogal pechada; e *-ío* na C3, con preferencia por unha vogal pechada no núcleo seguida dunha semivogal media pechada na marxe; e todo isto, simplemente no caso de que *-ío* non fose máis ca unha variante gráfica de *-iu,* ou sexa, que *-ío* simplemente representase -[iw]. Hoxe -[iw] é a terminación maioritaria na C3.

Esta non é unha cuestión segura, pero parece que a realización prototípica do SNP dos pretéritos febles era máis ben [w] ca [o̯] (moito menos [o]). Pouca presenza de -[o̯] para desenvolver procesos analóxicos tan poderosos.

Por todas estas razóns considero que se debe someter a revisión a explicación da orixe da vogal final de *tivo* como analóxica da vogal final de *cantou*, *comeu* e *partiu*. De feito, non son o primeiro en desconfiar desta explicación. Xa Leite de Vasconcellos, apoiándose na leve dúbida de Diez (1874) para explicar o *-o* en español[6], propuña para formas similares do mirandés unha orixe distinta:

[6] «Il est difficile d'expliquer l'*o* de la 3e sing. autrement que par une influence de la conjugaison faible, dont l'*o* correspondant est du reste accentué» ['é difícil explicar o *o* da 3ª sg como non sexa pola influencia da conxugación feble, cuxo *o* correspondente é, en todo caso, tónico'] (Diez 1874 : 168).

O *-o* poderá explicar-se por analogia com a labial final da 3.ª pessoa do plural, e pelo desejo de distinguir a 1.ª e a 3.ª pessoa do singular entre si, ou como lembra Diez, por influencia do *-o* dos pretéritos fracos, razão porém que elle attenua, notando que este *-o* é accentuado. O não haver *-o* em português, onde a distincção entre a 1.ª e a 3.ª pessoa, quando se opera, —e opera-se quasi sempre—, resulta do que se chama metaphonia (*tive — teve, vim — veio, pus — pôs, fiz — fês, pude — pôde, li —leu*) depõe a favor da minha explicação, pois, do contrario, poder-se-hia tambem nesta lingoa esperar *-o*, como em gallego acontece. Esta influencia, que supponho se exerceu do plural no singular, é inversa da que se deu com relação á 3.ª pessoal do plural dos preteritos em *-ór*ũ. Fica assim certo parallelismo:

tub-o tubir-ũ
bin-o benir-ũ
puʃ-o punir-ũ

Note-se que o *-o* das primeiras fórmas se pronuncía *-u*» (Vasconcellos 1900: 393-394).

Vasconcellos propón a extensión analógica do /u/ final de *punir*-ũ. Para o galego e o castelán, habería que pensar nunha extensión analóxica igual do /o/ final de *puxeron ~ pusieron*. Isto suporía que o falante crea un padrón morfofonolóxico entre o /o/ da terminación *-ron* e a propiedade morfosintáctica 3ª persoa e que leva ese padrón á 3SG. Ademais, debe ignorar que a vogal final de *punirũ* é nasal e a de *puxo* é oral, de modo que o proceso analóxico non ve *toda a vogal.*

Dado que as formas con *-o* final na 3SG existen hoxe só en Trás-Os-Montes, esta explicación levanta máis problemas dos que soluciona. Segundo razoa Vasconcellos, como en portugués estándar a 3PL é *cantaram*, en que *-am* encobre un ditongo átono -[ɐ̃w̃], non habería sustento para a extensión analóxica de *-o* na 3SG nesta lingua. Porén, hoxe sabemos que:

a. A aparición de *-o* en *tivo* é anterior á extensión analóxica das vogais altas radicais das 1SG.IND.PRES.PFV á 3SG. Deste xeito, *teve*, *fez*, *pos* aínda eran suficientemente distintas de *tive, fiz, pus* cando se crearon *fezo*, *poso*; as formas *fizo* e *puso* son máis tardías ca *fezo* e *poso*, que aínda existen nos territorios de fala galega[7]. Polo tanto, neste grupo de verbos non eran necesarias para desfacer ningún sincretismo. Máis aínda, o antigo *vẽo* resultou en galego *veu* e

[7] Formas coma *tevo ~ tivo* recóllense en Luarca; tamén aparecen en asturiano *feixo* e *fexo* (García de Diego 1959: 167).

non **viño*, paralelo ó mirandés e castelán *vino*. Polo tanto, a aparición de *-o* na 3SG, de *-n* na 1SG en formas tipo *fixen, quixen, dixen, houben* e a extensión da vogal radical da 1SG a todo o IND.PRT.PFV son procesos independentes. En galego, produciuse en primeiro lugar o incremento de *-o* e, só despois, de xeito independente, a extensión da VR a todo o IND.PRT.PFV (*tiveches, tivo, tivemos, tivestes*) e a nasalización da 1SG (*tiven*, que xa non era necesaria des que existían formas na 3SG rematadas en *-o*).

b. A ditongación portuguesa de *-ron* a *-ram* é posterior á aparición de *-o* en *tivo*; a ditongación e fusión das terminacións nasais en [ɐ̃w̃] comeza a proliferar entre os séculos XIV e XV e consolídase, no centro e sur de Portugal, no XVI; pola contra, a adxunción de *-o* comezou a deixar pegadas a partir do XIII, tanto na documentación da prosa notarial coma nas cantigas. Polo tanto, o *-o-* de *-ron* estaba dispoñible en portugués para disparar o proceso de analoxía. Por exemplo, Maia (1986: 740) afirma para os documentos portugueses de entre o XIII e o XVI:

> Quanto à terminação latina -UNT, as formas da 3.ª pessoa do plural do pretérito perfeito terminam normalmente em *-ó*, *-om* ou *-on* durante todo o período estudado. [...] Registam-se ainda alguns exemplos, pouco numerosos, de formas terminadas en *-ũ, -um*, durante o século XIII e primeira metade do século XIV. [...] As terminações inicialmente distintas — *-á* > -ANT e *-ó* > -UNT — começam a confundir-se desde o século XIII, mas mais intensamente a partir do século XV (Maia 1986: 738-741, *passim*).

Máis aínda, na rexión de Entre Douro e Minho, a vogal que se consolida na confusión das terminacións -ANT, -UNT e -ANUM é *-o*, pronunciado [u], sen que facilite a aparición ou consolidación de formas con *-o* na 3SG:

> Le lat. -VNT dans les verbes est représenté en portugais ancien par *-om*. Dans la langue de Guimarães au XVIIe siècle, on trouve encore dans les mss.: *vierom*, *despacharom, mandarom*. Aujourd'hui l'*-ó* (= *-om*) se conserve dans une grande partie du Sud, où il alterne avec *-ũ* et avec *-o'* (*-u̯'*); en Entre-Douro-e-Minho, à Sinfães et à Rèsende, on dit couramment *-o'* (*-u'*). Dans la Beira, de même qu'à Tras-os-Montes, on trouve *-ũ* et *-ão*. Exs.: *forõ, forũ, foro, forão* «foram» (Vasconcellos 1901: 102)[8].

[8] Segundo Boléo e Silva (1962: 325-326), no falar miñoto *á* > *ão* (*manhã* > *manhão*), mais aínda se mantén a antiga terminación *-om* en palabras coma *pão* ou *irmão*.

Sequeira (1957) rexistra no falar interamnense *eu estebe ~ ele estibe, eu fez ~ ele fiz ~ eles fizero, eu pôde ~ ele pude, eu pôs ~ ele pus, eu quês ~ ele quis* ou *quês ~ eles quijero, eu tebe ~ ele tive ~ eles tibero*. Nesta área, «o ditongo *-ão* (grafado *-am* ou *-ão*) reduz-se sucessivamente a *-om* e a *-um*, e a seguir, perda a ressonância para ficar apenas a vogal *-o* (proferida -u, claro está)» (Sequeira 1957: 21). Isto determina que a 3PL.IND.PRT.PFV de *andar* sexa *andaro*.

En definitiva, as formas *tivo* só sobreviven en Trás-os-Montes, cerca da área en que se fala mirandés e onde son frecuentes os contactos co galego, leonés e castelán.

3.5. Cronoloxía relativa en galego e nos romances centrais

A adxunción de *-o* é máis antiga nos dialectos centrais. Menéndez Pidal (1950: 364-366) encontra *fezot, venot* nas *Glosas Emilianenses* (século x), *conuvo* 'coñeceu' en *Mio Cid*, *adduxo* e *aduxo* nun texto latino leonés (?) de 953, *presot* 'prendeu' nun texto latino de Clunia de 1030 e noutro de Huesca de 1095, *remaso* 'remaneceu' en textos de Eslonza (León) do 1050. Lapesa dá con asterisco (*) as formas con *-e* para o castelán antigo: «Así, fēcĭt dio *hizo*, y no *feze, y lo mismo ocurrió en los demás casos: vēnĭt > *vino* (no *vene), habuĭt > *hubo* (no *hobe), dĕdĭt > *dio* (no *diede), prēsĭt > *priso* (no *prese)» (Lapesa 2000: 770). As formas con asterisco non se documentan en castelán.

A introdución e consolidación de *-o* en galego parece máis tardía:

> En las fuentes del siglo XIII se fueron imponiendo las variantes con una desinencia *-o* analógica de la que podían tener los pretéritos regulares de la segunda y de la tercera conjugación [...] La alternancia entre las desinencias *-o* (*disso, diso, dixo*; *ouuo* 'hubo, ha habido'; *coubo* 'cupo: ha cabido'; *fezo*; *estevo* 'estuvo, ha estado'; etc.), *-e* (*disse, dise, dyse; ouve, coube, feze, esteue,* etc.) y 'cero' (*fez* 'hizo, ha hecho; *pos* 'puso, ha puesto'; *quis* 'quiso, ha querido'...), con tendencia al predominio de la primera, es patente en la traducción de la *Primera Crónica General* y de la *Crónica de Castilla*, mientras que en la *Crónica Troiana* Fernán Martís utilizó casi exclusivamente la innovadora en *-o*, que predomina también, aunque menos rotundamente, en la parte de esta traducción no escrita por él y en los títulos de los capítulos (Mariño 2008: 93-94).

As traducións da *Primera Crónica General* e da *Crónica de Castilla* son de 1295-1312; a tradución da *Crónica Troiana* é de 1373. As atestacións máis anti-

gas de *-o* que Maia (1986: 746) localiza son *plougo* 1247 en Lugo, *prouvo* 1278 en Lugo, *teuo* 1281 en Lugo, *fezo* 1298 en Lugo, *eſteuo* 1310 en Lugo, *quiſo* 1325 en Pontevedra, *diſſo* 1333 na Coruña e Ourense, *ouuvo* 1414 en Lugo e *trouxo* 1500 en Ourense; as atestacións máis modernas de formas con *-e/Ø* son: *fez* en 1450 en Lugo, *ouve* 1506 en Pontevedra, *teue* 1290 en Pontevedra e *prougue* 1299 en Pontevedra. Boullón Agrelo e Monteagudo (2009: 68) localizan *dixu, figu* en 1241.

Aponme Ramón Mariño que as formas con *-o* puideron existir en galego antes na fala ca na escrita; os romances centrais diferenciaríanse do galego só nun problema de cronoloxía: aceptaron antes có galego as formas escritas con *-o*, aínda que todos as tiñan desde a súa orixe na fala. Desgraciadamente, carezo de datos sobre o comportamento destas formas verbais nos documentos galegos latinos anteriores ó xurdimento do romance; tampouco sabemos como era a lingua falada na Galicia entre os séculos XI e XIV. As atestacións escritas galegas poden tanto representar antigas formas faladas que pasan pouco a pouco á escrita coma resultar da aparición de innovacións; poden, incluso, representar os primeiros usos, aparecidos no mundo dos letrados, precisamente, aqueles que máis contacto podían ter co castelán... De feito, que o galego de Fisterra aínda conserve *vén*, posible descendente directo de VĒNĬT, constituiría un último indicio da penetración tardía das formas con *-o* en galego. Parafraseando a Maia poderiamos dicir que a consolidación das formas con *-o* en castelán puido *alterar o estatus sociolingüístico* de posibles formas antigas galegas con *-o*. As formas con *-o* triunfaron onde o castelán estaba cerca (ou máis cerca) e non onde non estaba tan presente.

Parece prudente concluír que as formas con *-o* son máis antigas nos romances centrais e posteriores nos romances occidentais; e é seguro que as formas *teve* e *fez* duran máis nos romances occidentais e desaparecen antes dos romances centrais. Este parece un claro indicio de avance gradual de oriente a occidente. Posiblemente as formas con *-o* naceron no centro da Península e foron importadas no occidente; ¿axudou o seu triunfo no centro á súa difusión no noroeste? A fronteira política que separa Galicia de Portugal supuxo un obstáculo para o avance da introdución de *-o*, que se estendeu por todo o galego e só nas áreas de Portugal en que se verifica un contacto entre o portugués, leonés, castelán e galego, i.e., na faixa norleste de Portugal. No resto de Portugal, o cambio ben nunca se consolidou, ben nunca se produciu.

4. É O SNP -/O/ EN *FIXO* RESULTADO DUN PROCESO DE CONTACTO COS ROMANCES CENTRAIS?

Na lingüística de contacto fálase de *pivotes*, estruturas da lingua replicante que eran aproveitadas para introducir elementos da lingua replicada. Cando Yaron Matras (2009: 241) analiza o fenómeno de *pivot-matching* sinala que os «speakers map abstract functions from one language onto word-forms of another».

Os falantes do galego medieval presentaban no seu repertorio lingüístico un esquema con moita forza léxica (véxase Bybee 2001, 2010) que ligaba 3SG.IND.PRT.PFV con /o/ silábico precedido de sílaba tónica nunha forma verbal tan usada coma *vẽo*; algúns falantes coñecían un esquema parecido produtivo para algunhas formas castelás ou leonesas moi comúns (*quiso, vino, puso*); as formas leonesas mesmo estaban en contacto xeográfico coas solucións galegas, no contíuum xeolectal do norte da Península. Como consecuencia, é posible que estendesen o esquema de *vẽo* ás formas galegas que están marcadas coas mesmas propiedades morfosintácticas 3SG.IND.PRT.PFV e que deixarían o /o/ silábico en posición final e precedido de sílaba tónica: *fez* > *fezo*, *quis* > *quiso*, *soube* > *soubo*; nisto, quizais seguían o modelo castelán a partir dun pivote galego: *vẽo*. Factores sociais coma o prestixio e a presenza do castelán consolidaron este novo padrón aplicado a *fezo, soubo*, etc. A contigüidade xeográfica coas falas leonesas puido tamén axudar.

Por partes do aragonés tamén se produciu a extensión do SNP /o/ (aínda que dun xeito, que aquí non podo abordar, radicalmente distinto ca no galego), como mostran os escasos datos que ofrece Zamora Vicente (1989: 270-274): *dié* 'deu' en Ansó, Hecho, Campo de Jaca, Aragüés; *dió* 'deu' en Ansó, Martillué, Bielsa; *fizo* 'fixo' en Jaca, Panticosa, Loarre, Biescas, Bolea, Buesa; *fice* 'fixo' en Embún; *estié* 'estivo' en Aragüés, en Hecho; *estió* 'estivo' en Bielsa.

O repertorio lingüístico non inclúe só palabras, «but also their formation and combination rules»; neste caso, o padrón que liga 3SG.IND.PRT.PFV con /o/ silábico final precedido de sílaba tónica nunha forma verbal. Este proceso non implica isomorfismo, de modo que houbera que tomar as palabras españolas completas, senón «a one-to-one match between constructions or even just construction types», de modo que simplemente se pode replicar unha regra ou padrón coma o que liga 3SG.IND.PRT.PFV con /o/ e acento na sílaba á esquerda. Como era de esperar, este proceso é creativo porque o falante selecciona e xunta «building blocks

that will ensure maximum communicative effectiveness in carrying out the task and accomplishing the communicative goal» (Matras 2009: 243).

O argumento en contra desta hipótese máis poderoso é que o castelán tiña escasa presenza na Galicia da Baixa Idade Media. Recalde (2002/2003: 51-58) válese intelixentemente deste poderoso argumento para criticar a *hipótese castelanista da gheada*. Ora ben, a teoría das *Sprachbünde* e da converxencia non precisa de grupos numerosos de bilingües, da existencia do fenómeno urbano, de cambios desde arriba, dunha escola forte ou dunha sociedade pouco estratificada ou con facilidades para a mobilidade. Só precisa da existencia dalgúns bilingües (nin sequera de bilingües perfectos) e de contacto lingüístico entre os membros de diversas comunidades de fala..., porque os fenómenos entre as falas de varias linguas se estenden e comparten (incluso desde abaixo) coma os das falas dunha mesma lingua; o resto son dinámicas sociais, pois as comunidades medievais e modernas galegas non estaban illadas: os seus habitantes movíanse, emigraban; as comunidades intercambiaban os seus membros: ¿como se poden explicar, se non, as áreas xeolectais, definidas como espazos xeográficos que comparten trazos?

En todo caso, se aplicamos o método de Freixeiro Mato que viamos arriba para detectar castelanismos, creo que as formas *tivo* cumpren todos os requisitos (e algúns máis) para seren sospeitosas:

a. é un cambio compartido por galego, asturleonés e castelán que non se dá no portugués;

b. é un caso de converxencia coa lingua dominante e máis prestixiosa;

c. a fronteira política case coincide coa fronteira lingüística;

d. as formas *tivo* en Portugal aparecen en contexto de contacto cos romances centrais;

e. o fenómeno é máis antigo nos romances centrais ca en galego e consolidouse antes nos romances centrais ca no galego;

f. existen dúbidas razoables sobre as causas estritamente lingüísticas á hora de propor unha explicación unicamente baseada na analoxía coas formas dos perfectos fracos, en canto a explicación para o castelán é máis natural en termos lingüísticos.

Por todas estas razóns sería razoable explorar máis detidamente a hipótese de que as formas *tivo* son converxentes cos romances centrais en xeral e co castelán en particular. A penetración ou a creación / consolidación das formas *tivo* puideron axudarse de factores verticais e horizontais: o contacto xeográfico galego / leonés, dun lado, e o contacto sociolingüístico galego / castelán, do outro.

Se alguén cunha análise máis demorada conseguise demostrar a orixe castelanizante de *tivo*, unha orixe aparentemente igual de castelanizante do que formas coma *posible, Galicia, dicir, recibir,* etc., ¿que facemos con *fixo, quixo, tivo, houbo*?: ¿condenalas e borralas coma esoutras formas indesexables que deturpan a pureza primitiva da lingua galega?, ¿usalas con coa normalidade con que usamos formas coma *fixemos*?

Referencias bibliográficas

AGAL (1988): *Guia prático de verbos galegos conjugados*. AGAL.

AGAL (1989): *Estudo Crítico das Normas Ortográficas e Morfolóxicas do idioma galego (Instituto da Lingua Galega - Real Academia Galega 1982)*. Ourense: AGAL.

Aikhenvald, A. (2007): «Grammars in Contact: A Cross-Linguistic Perspective», en A. Y. Aikhenvald / R. M. W. Dixon (eds.), *Grammar in contact. A cross-linguistic typology.* Oxford: Oxford University Press, 1-66.

Boullón Agrelo, A. I. / H. Monteagudo (2009): *De verbo a verbo.* Santiago de Compostela: Universidade.

Bybee, J. (2001): *Phonology and language use*. Cambridge: Cambridge University Press.

Bybee, J. (2010): *Language, usage and cognition.* Cambridge: Cambridge University Press.

Bynon, T. (1977): *Historical linguistics.* Cambridge: Cambridge University Press (cit. pola tradución española: *Lingüística histórica*. Madrid: Gredos, 1981).

Cardoso, J. N. P. Corrêa (1995): «O dialecto misto de Deilão», *Biblos* lxxi, 228-258.

Cintra, L. F. Lindley (1959): *A linguagem dos foros de Castelo Rodrigo.* Lisboa: Publicações do Centro de Estudos Filológicos.

Coseriu, E. (1988): *Sincronía, diacronía e historia*. Madrid: Gredos.

Craddock, J. R. (1983): «Descending diphthongs and the regular preterite in Hispano-Romance», *Bulletin of Hispanic Linguistics* 60, 1-14.

D'Ovidio, F. (1881): *Portoghese (e gallego).* Imola: Tip. d'Ignazio Galeati e Figlio.

Diez, F. (1874): *Grammaire des langues romanes. Tome Deuxième.* Paris: Librairie A. Frank.

Dubert García, F. (2010): «As formas *camín* e *chen* en galego e asturiano: solucións supra-rexionais, solucións rexionais e contínuum xeolectal», *Revista de Filología Románica* 27, 29-58.

Fernández-Ordóñez, I. (2011): *La lengua de Castilla y la formación del español.* Madrid: RAE.

Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega.* Vigo: Xerais.

Ferreiro, M. (1995): *Gramática histórica galega*. Santiago de Compostela: Laiovento.

Freixeiro Mato, X. R. (1998): *Gramática da lingua galega I. Fonética e fonoloxía*. Vigo: A Nosa Terra.

García Arias, X. Ll. (2003): *Gramática histórica de la lengua asturiana*. Uviéu: Academia de la Llingua Asturiana.

García de Diego, V. (1959): *Manual de dialectología española*. Madrid: Cultura Hispánica.

Hock, H. H. (1991): *Principles of Historical Linguistics.* Berlin: Mouton de Gruyter.

Huber, J. (1933): *Altportugiesisches Elementarbuch.* Heidelberg: Carl Winter (cit. pola tradución portuguesa: *Gramática do português antigo.* Lisboa: Fundação C. Gulbenkian, 1986).

Jendrascheck, G. (2007): «Basque in contact with Romance Languages», en Alexandra Y. Aikhenvald / R. M. W. Dixon (eds.), *Grammar in contact. A cross-linguistic typology.* Oxford: Oxford University Press, 143-162.

Jespersen, O. (1922): *Language. Its nature, devolpment and origin.* London: George Allen & Unwin Ltd.

Langacker, R. W. (2000): «A dynamic usage-based model», en M. Barlow / S. Kemmer, *Usage based models of language*. Standford: CSLI, 1-63.

Lapesa, R. (2000): «Morfosintaxis histórica del verbo español», en R. Cano Aguilar / M. T. Echenique Elizondo (eds.), *Estudios de morfosintaxis histórica del español. Tomo ii*. Madrid: Gredos, 730-888.

Lausberg, H. (1962): *Romanische Sprachwissenschaft*. Berlín: Walter De Gruyter (cit. pola tradución portuguesa: *Linguística românica*. Lisboa: Fundação C. Gulbenkian, 1981[2]).

Lloyd, P. M. (1987): *From Latin to Spanish. Vol. 1: Historical phonology and morphology of the Spanish language*. Philadelphia: American Philosophical Society (cit. pola tradución española: *Del latín al español*. Madrid: Gredos, 1993).

Lorenzo, R. (1987): «Algunhas consideracións sobre a *História do galego-portugués* de Clarinda de Azevedo Maia», *Verba* 14, 441-488.

Maia, C. de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estado linguístico da Galiza e do Noroeste de Portugal desde o século xiii ao século xvi.* Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian / Junta de Investigação Científica e Tecnológica.

Maia, C. de Azevedo (2001): «Fronteras del español: aspectos históricos y sociolingüísticos del contacto con el portugués en la frontera territorial», en *ii Congreso Internacional de la Lengua Española: El español en la sociedad de la información, Valladolid, 16-19 de octubre de 2001*. Edición dixital en: http://congresosdelalengua.es/valladolid/ponencias/unidad_diversidad_del_espanol/5_espanol_y_portugues/azevedo_c.htm#Llamada0 [consultado o 10/02/2011].

Mariño, R. (2008): *Historia de la lengua gallega*. Muenchen: Lincom GmbH.

Matras, Y. (2009): *Language contact.* Cambridge: Cambridge University Press.

Menéndez Pidal, R. (1940): *Manual de gramática histórica española*. Madrid: Espasa-Calpe.

Menéndez Pidal, R. (1950): *Orígenes del español. Estado lingüístico de la Península Ibérica hasta el siglo xi.* Madrid: Espasa-Calpe.

Meraio Belasco, P. (2009): «De híbridos e liberdades», en *Vieiros*. Edición dixital: http://www.vieiros.com/columnas/opinion/888/de-hibridos-e-liberdades [consultada o 10/02/2011].

Milroy, J. / L. Milroy (1991): *Authority in Language*. London/New York: Routledge.

Moll, F. de B. (1952): *Gramática histórica catalana*. Madrid: Gredos.

Monteagudo, H. (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Neto, S. da Silva (1988): *História da língua portuguesa.* Rio de Janeiro: Presença.

Nunes, J. J. (1933): *Compêndio de gramática histórica portuguesa.* Lisboa: Clássica Editora.

Penny, R. (2002): *A History of the Spanish Language*. Cambridge: Cambridge Univerity Press.

Piel, J.M. (1944): «A flexão verbal do português (estudo de morfologia histórica)», Biblos 20, 359-404 (cit. pola edición de *Estudos de linguística histórica galegoportuguesa.* Lisboa: Imprensa NacionalCasa da Moeda, 1989, 213-244).

Recalde, M. (2002/2003): «The Castilianist theory of the origin of the *gheada* revisted», *Estudios de sociolingüística* 3(2) / 4(1), 43-74.

Rohlfs, G. (1956): *Die lexikalische Differenzierung der romanischen sprachen*. Munchen: Bayerischen Akademie der Wissenschaften (cit. pola tradución española: *Diferenciación léxica de las lenguas románicas*. Madrid: CSIC, 1960).

Santamarina, A. (1974): *El verbo gallego.* Santiago de Compostela: Universidade.

Santos, M. J. de Moura (1967): *Os falares fronteiriços de Trás-os-Montes*. Coimbra: Instituto de Estudos Románicos.

Sequeira, F. J. Martins (1957): *Apontamentos acerca do falar do Baixo-Minho.* Lisboa: Edições da 'Revista de Portugal'.

Vasconcellos, J. Leite de (1900): *Estudos de filologia mirandesa*, Vol. 1. Lisboa.

Vasconcellos, J. Leite de (1901): *Esquisse d'une dialectologie portugaise.* Lisboa / Paris: Aillaud & Cie.

Varela Barreiro, X. (1997): «A evolución do radical dos pretéritos irregulares sigmáticos», en R. Álvarez / D. Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe a Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade, vol. 1, 1 047-1 072.

Williams, E. B. (1938): *From Latin to Portuguese. Historical Phonology and Morphology of the Portuguese Language*. Philadelphia/London: Oxford University Press (cit. pola tradución portuguesa: *Do latim ao português*. Rio de Janeiro: Tempo Brasileiro, 1975).

Zamora Vicente, A. (1989): *Dialectología española.* Madrid: Gredos.

«EU FALO CASTRAPO» - ACTITUDES DOS ADOLESCENTES ANTE A MESTURA DE LINGUAS EN GALICIA (ESTUDO PILOTO)

Ana Iglesias Álvarez
Universidade de Vigo

O paradigma da hibridación ou hibrididade, presentado por Eva Gugenberger neste mesmo volume, ofrece, na nosa opinión, o marco teórico idóneo para estudar as consecuencias sociolingüísticas do contacto que se dá entre o galego e o castelán na nosa comunidade. Estamos a falar dunha perspectiva totalmente novidosa, mesmo revolucionaria, que, como tal, nos obriga a revisar e reformular o traballo anterior, permitíndonos superar vellos tópicos e obrigándonos a analizar os mesmos fenómenos a través duns lentes distintos. Este enfoque sitúa o falante no centro de atención, partindo da súa capacidade creativa como actor social. Ademais, enfróntase ao estudo do contacto de linguas desde a mestura, rexeitando as cualificacións apriorísticas que esta adoita recibir. Polo tanto, a perspectiva hibridista preséntanos o reto de intentar comprender cómo os falantes xestionan o seu repertorio lingüístico, cómo levan a cabo as súas escollas e que estratexias utilizan, máis alá de que se sitúen ou os situemos nunha lingua ou noutra, como galegofalantes ou castelanfalantes. Deste xeito, o prioritario é o contacto, a mestura, e non as linguas como construtos independentes e illados. En calquera caso, non se pode falar de híbrido se non se parte de categorías opostas, que no noso caso serían as variedades normativas correspondentes: nun extremo do contínuum o galego estándar e no polo oposto o español estándar, situándose no medio todas as variedades híbridas, con maior ou menor grao de mestura. Nestas centrarase o noso interese.

1. CUESTIÓNS METODOLÓXICAS

O noso obxecto de estudo é a percepción e uso por parte dos falantes das diferentes variedades lingüísticas que teñen á súa disposición e que conforman o seu repertorio lingüístico, desde as variedades estándar e, polo tanto, formais, ata as máis coloquiais. Con este fin, decidimos delimitar o universo de estudo a un perfil sociolingüístico moi concreto: adolescentes que viven nun ambiente galegófono.

A restrición en canto á idade asegúranos que se trata de individuos xa escolarizados desde o seu ingreso no sistema educativo en contacto coa lingua galega. Isto supón que estiveron expostos á variedade lingüística estándar, característica do ámbito escolar, non só no caso do castelán, senón tamén do galego. Por suposto, a cantidade de lingua galega presente no currículo non a podemos precisar, pois a lexislación neste sentido cambiou en varias ocasións e, ademais, o incumprimento da lei estivo bastante estendido. Desde un punto de vista estritamente lexislativo, o uso do galego como lingua vehicular, e non só como materia, é obrigatorio desde a Orde 1987/1988, e vese aumentado no decreto 247/1995. Polo tanto, a partir destas datas a lingua galega debe estar presente no currículo do alumnado galego, por unha parte como materia (clases *de* galego), pero tamén como lingua vehicular (clases *en* lingua galega). De todos os xeitos, tal como se recolle no estudo coordinado por Monteagudo e Bouzada (2002), na práctica a situación varía moito dun centro a outro, tanto en función da súa adscrición (público/privado), como do tamaño do municipio no que se sitúa.

A outra variable que temos en conta é o tipo de hábitat, de xeito que cinguimos o noso universo de estudo aos habitantes do hábitat rural, pois o que nos interesa é un contexto no que as linguas estean en contacto real, isto é, contextos nos que os galegofalantes e os castelanfalantes convivan. Polo tanto, descartamos o hábitat urbano, as sete cidades e as vilas máis grandes, dado que o seu nivel de castelanización é hoxe en día xa moi elevado, aínda que somos conscientes de que tamén existen importantes diferenzas entre elas. En calquera caso, deixamos aberta a posibilidade de introducir no futuro algúns grupos urbanos co obxectivo de que sirvan de comparación con respecto aos grupos rurais. Dentro do hábitat rural, enfocamos o estudo especialmente ás vilas intermedias, nas que, polos estudos demolingüísticos existentes (IGE 2008 ou Seminario de sociolingüística 2008), atopamos un maior contacto entre grupos galegofalantes e castelanfalantes, así como presenza de representantes das posicións intermedias (bilingües con diferentes graos de instalación en cada unha das linguas).

Como técnica de produción de datos, recorremos á entrevista grupal semidirixida, a medio camiño entre a entrevista en profundidade ou aberta (individual) e o grupo de discusión. Trátase de técnicas cualitativas, tamén denominadas técnicas de conversa, xa que o seu obxectivo é a produción do discurso por parte dos suxeitos (Valles 1997). A metodoloxía cualitativa non pretende medir a porcenta-

xe de ocorrencia dun fenómeno, senón establecer modelos ou patróns de comportamento, así como actitudes e ideoloxías lingüísticas tipo. A súa principal vantaxe consiste en dar a palabra ao suxeito investigado, provocando un discurso máis próximo á conversa espontánea. Ademais, no que se refire ao estudo das actitudes e ideoloxías, as técnicas cualitativas reducen en gran medida os efectos do fenómeno coñecido como «desexabilidade social» e permiten crear contextos moito máis naturalizados. A entrevista grupal que nós empregamos supón unha variante do grupo de discusión, que predomina sobre todo na investigación anglosaxona (focus groups). Nela os participantes responden ás preguntas formuladas polo moderador, fronte ao grupo de discusión, cuxo obxectivo é provocar un debate libre. En calquera caso, con respecto ao grupo de discusión, como sinala Callejo (2001: 16), «son más las diferencias formales que las concretas», de maneira que na práctica as dúas modalidades acaban fusionándose, sobre todo se temos en conta as formas máis flexibles e abertas dos grupos focalizados ou entrevistas de grupo, como foi a que aplicamos nós. Outra diferenza con respecto ao grupo de discusión ortodoxo é que no noso caso os participantes si se coñecen entre eles e, de feito, pertencen ás mesmas redes sociais. Isto axuda a acadar o máximo grao de espontaneidade posible, a risco de obter menor nivel de explicitación nos discursos, pois existe entre os membros do grupo un coñecemento social compartido. Este equilibrio entre a necesaria situación de excepcionalidade do grupo e a espontaneidade é difícil de conseguir, máis aínda con individuos adolescentes, que, pola súa curta idade, aínda non teñen os discursos propios moi elaborados. De aí que nos decantásemos por primar a creación dun ambiente espontáneo no desenvolvemento do grupo. En efecto, tal como nos recorda Martín Criado (1997: 98), «cuanto más formal sea la situación, mayor será la censura estructural sobre los productos lingüísticos, que intentarán acomodarse lo máximo posible a lo que se considera legítimo». E nós pretendemos precisamente escapar do discurso oficial e introducirnos nas actitudes e ideoloxías lingüísticas profundas dos suxeitos, co fin de captar como estes constrúen e dan sentido aos acontecementos e circunstancias que os rodean. En cambio, o requisito que si consideramos imprescindible, e que polo tanto mantemos nas nosas entrevistas, é o carácter colectivo do discurso, pois só a través dos membros dun grupo poderemos acceder ao significado de fenómenos sociais como son as actitudes e ideoloxías. Ao contrario, os cuestionarios e as entrevistas individuais producen unicamente opinións, actitudes e valores tamén individuais.

Canto á parte empírica da investigación, polo momento unicamente levamos a cabo o estudo piloto, para o que escollemos alumnos que cursaban 2º da ESO no momento da realización do traballo de campo (curso 2010-2011), que contaban con 13 ou 14 anos de idade e residían nunha vila de 9000 habitantes aproximadamente (Caldas de Reis). Segundo as categorías establecidas por exemplo polo Seminario de Sociolingüística (2008), baseadas no número de habitantes, este concello situaríase no segundo tramo de ruralidade (menos de 5000 habitantes, entre 5001 e 10 000, entre 10 001 e 20 000, entre 20 001 e 50 000 e máis de 50 000). Porén, dentro do mesmo concello, cómpre levar a cabo unha distinción entre dous niveis diferentes de ruralidade: o centro urbano e as parroquias da periferia. Esta distinción realízana os propios individuos e atópase intimamente relacionada coas súas prácticas lingüísticas, de xeito que os galegofalantes predominan nas parroquias e os castelanfalantes no casco urbano. Non obstante, todos eles conviven no mesmo centro de ensino. Por conseguinte, sexan ou non galegofalantes, en maior ou menor medida, o galego está sempre presente no seu grupo de iguais. Por este motivo afirmamos que viven nun ambiente galegófono, independentemente da súa lingua de instalación, pois todos eles escoitan o galego, como mínimo, na escola, por parte dos seus compañeiros, e en moitos casos esta é a lingua tamén do contorno (veciñanza) e/ou da familia.

Para a realización do estudo piloto que estamos a presentar, levamos a cabo tres entrevistas grupais, que se diferencian entre si polo tipo de perfil lingüístico dos seus participantes, isto é, pola súa lingua de instalación habitual. Mentres nunha entrevista reunimos tanto alumnado castelanfalante como galegofalante, nas outras dúas procuramos cinguirnos a un único perfil, nunha alumnado maioritariamente castelanfalante e na outra galegofalante. De todos os xeitos, tal como xa adiantabamos na introdución, neste contexto as etiquetas «castelanfalante» e «galegofalante» non sempre están nidiamente separadas, senón máis ben ao contrario, mestúranse nun mesmo individuo. Nalgúns casos os propios informantes dubidan en que opción lingüística situarse, xa que empregan unha lingua ou outra en función de distintos factores. O cambio de lingua vai máis alá da tradicional distinción por ámbitos (na casa unha e na escola outra, por exemplo), xa que poden cambiar de lingua en función do membro da familia, compañeiro de escola ou amigo en concreto co que estean a interactuar; ou cambiar de lingua ao

longo dunha mesma interacción (o denominado *code-switching*). Polo tanto, co fin de establecer o seu perfil lingüístico, seguimos a súa propia adscrición a unha opción ou outra, recollida nun cuestionario que todos os participantes deberon cubrir previamente á realización das entrevistas e, no que, entre outras cuestións, tiñan que indicar cal era a súa lingua habitual: galego / castelán / as dúas. Insistimos en que baixo estas etiquetas poden agocharse realidades ben distintas, como intentaremos aclarar na breve presentación dos grupos que recollemos a continuación:

- **Grupo A: Grupo mixto, formado por galegofalantes e castelanfalantes canto á súa lingua habitual.** Todos os participantes falan galego durante a entrevista, aínda que entre eles hai diferentes graos de instalación nesta lingua na súa vida cotiá, desde os que empregan o galego de xeito totalmente maioritario, ata os que só o utilizan en ocasións excepcionais (na clase de galego por exemplo). Neste caso, os castelanfalantes converxen cara ao galego no momento da gravación, comportamento que sen dúbida está condicionado polo feito de que a encargada de realizar a entrevista é a súa profesora de lingua galega, pero tamén pola presenza dos seus compañeiros galegofalantes. De feito, no grupo C, no que todos se presentan como castelanfalantes habituais, manteñen esta mesma lingua na entrevista, a pesar de que as preguntas e comentarios da profesora seguen a ser formulados en galego.
- **Grupo B: Grupo galegofalante canto á súa lingua habitual.** Todos os integrantes do grupo preséntanse como total ou maioritariamente galegofalantes. O galego é a lingua que escollen no cuestionario, ante a pregunta pola súa lingua habitual, e esta é tamén a lingua que empregan durante a gravación, aínda que como eles mesmos explican na súa vida cotiá cambian ao castelán en ocasións:

«M.: Suelo falar gallego así con quen cadre pero a veces cambio con compañeiros pois cambio ao castelán. Non sei, se empezan a falar así tamén en castelán pois eu sigo porque tou acostumada a seguir, entón sigo.

C.: Eu falo galego porque desde pequeniño faláronme así meus pais e cos meus amigos tamén falo galego e si falan castelán a veces falo castelán a veces falo galego.

D.: eu tamén falo galego pero a veces cando estou cos compañeiros que falan castelán, mezclo castelán e galego e falo castrapo.

V.: eu falo gallego sempre menos cando marcho de vacacións (…) e cos meus pais e cos amighos sempre falo gallego.
L.: a min pásame máis ou menos como M.»

- **Grupo C: Grupo castelanfalante, canto á súa lingua habitual.** Trátase dun grupo formado por individuos que se decantan polo castelán no cuestionario escrito e que se autopresentan como castelanfalantes aínda que dous deles pertencen a familias galegofalantes e, polo tanto, esta é a súa lingua inicial e a que falan na casa. En cambio, fóra do ámbito familiar instálanse no castelán maioritariamente. O resto dos membros fala castelán tanto na casa coma cos amigos e pertence a familias tamén castelanfalantes. Durante a entrevista utilizan case sempre o castelán, con algúns cambios esporádicos cara ao galego.

As entrevistas tiveron unha duración aproximada de media hora e nelas participaron entre 5 e 6 individuos, por suposto previa autorización do pai, nai ou titor legal. Cada entrevista foi gravada mediante cámara de vídeo e posteriormente transcrita.

Por último, cómpre insistir en que os resultados que imos presentar son necesariamente provisionais, como corresponde a un estudo piloto, á espera de ser confirmados unha vez que se avance na parte empírica da investigación.

2. AUTOIDENTIFICACIÓN LINGÜÍSTICA

Como é habitual neste tipo de entrevistas, nas que o tema xira arredor das linguas, o primeiro que fan os informantes é situarse a si mesmos como falantes dunha ou doutra lingua, sen necesidade de que a pregunta sexa formulada de xeito explícito por parte do entrevistador-moderador. No caso que nos ocupa e especialmente no grupo B, o contacto de linguas co que conviven diariamente faise patente desde o inicio, xa nas primeiras intervencións. Así, inmediatamente despois de identificarse como falantes de galego, pasan a explicar en que medida combinan esta lingua co castelán e en que casos empregan unha ou outra. Comentan como fan converxencia cara ao castelán cando os seus interlocutores empregan esta lingua. Pero neste contexto de alternancia galego-castelán, a dis-

tinción nidia entre ambas linguas enseguida desaparece para pasar a referirse ao que eles mesmos denominan como «castrapo». En efecto, aínda que nun principio empezan empregando os termos «gallego/galego» e «castelán» e presentándose como galegofalantes, non tardan en autoidentificarse como falantes de castrapo:

> M.: Suelo falar gallego así con quen cadre pero a veces cambio con compañeiros pois cambio ao castelán (…).
> C.: Eu falo galego (…) e cos meus amigos tamén falo galego e si falan castelán a veces falo castelán a veces falo galego.
> D.: Eu tamén falo galego pero a veces cando estou cos compañeiros que falan castelán, mezclo castelán e galego e falo **castrapo**.
> (…)
> L.: Eu falo **castrapo**.
> C.: **Castrapo**.
> Mod.: A ver, pois explicádeme un pouco iso, **todos falades castrapo**?
> Todos: **Si**.
> C.: Basicamente.

Como se pode apreciar, en canto un dos participantes se identifica co castrapo, todos os demais se suman a el, mesmo nalgún caso nunha especie de rectificación con respecto á súa escolla anterior como falante de «galego».

É importante destacar que son os propios falantes os que se refiren en primeiro lugar ao «castrapo» e que só unha vez que estes sacan á luz o termo, por iniciativa propia, é cando a entrevistadora empeza a formularlles preguntas sobre esta variedade. Isto parécenos relevante, así como o pronto que aparece nos discursos este tema, xa na propia autopresentación, porque pon de manifesto ata que punto ocupa un lugar central no seu imaxinario colectivo. Necesitan recorrer ao castrapo á hora de explicar a súa identidade como falantes.

3. O CASTRAPO COMO VARIEDADE HÍBRIDA

Ante a petición da entrevistadora de que expliquen en que consiste o castrapo e a que se refiren cando se recoñecen como falantes de castrapo, o tipo de respostas que xorden son as seguintes:

«falar castrapo é mezclar as linguas do gallego con palabras do castelán e se estás falando castelán pois mezclar palabras do gallego mentres que estás falando castelán»
«é cando mezclas ghallegho e castellano»
«é unha mezcla»
«un conxunto de castelán e galego»

Polo tanto, no nivel explícito e segundo a información que proporcionan os propios falantes, poderiamos definir o castrapo como unha variedade híbrida a medio camiño entre o galego e o castelán. Non sería nin galego nin castelán, senón o resultado da mestura entre ambos idiomas. Non obstante, se profundamos un pouco máis, os suxeitos acaban remitindo o castrapo ao galego, isto é, seguen presentándoa como unha variedade híbrida pero integrada no galego. En primeiro lugar e como xa adiantamos na epígrafe anterior, os informantes que afirman falar castrapo son aqueles que se autopresentan previamente como falantes de galego e os mesmos que no cuestionario escrito, ante a cuestión sobre a lingua habitual, se decantan así mesmo polo galego.

O castrapo vincúlase de tal xeito co galego que estes dous termos acaban confundíndose nos discursos e son utilizados de maneira alternativa, co mesmo significado e, polo tanto, equiparándoos. Mesmo cando a entrevistadora intenta asociar o castrapo tamén ao castelán, eles acaban volvendo a remitilo ao galego.

Mod.: E os que falan **castellano**, falan o castellano normativo ou falan tamén **castrapo**, que pensades vós?
L.: Depende.
M.: Depende.
Mod.: De que?
M.: Non sei, do costume que tamén teñan eles. Si na casa lle falan castrapo, se lle están acostumbrados a falarlle **castrapo**, ao mellor eles collen a costumbre e tamén mezclan.
L.: E tamén depende no lugar que esteas. Se estás falando con un cliente terás que falarlle o **galego normativo** e se estás falando cun amigo o **castrapo**. Se o amigo fala tamén castrapo, se non teste que esforzar e falar galego.

M.: Si, porque a min pasoume con I. e así. Antes, o ano pasado, I. e C. sempre falaban castelán e S. e eu, ao andar con elas, pois nós falamos galego e ahora este ano pois elas

tamén falan galego, así moitas veces. C. non cambiou tanto, pero I., foi un cambio bastante ghrande.

Mod.: Aghora dixeches galego en lugar de castrapo?

M.: [Xestualiza].

Mod.: É o mesmo que castrapo?

M.: Si.

L.: Si.

V.: Si.

C.: Si.

D.: Basicamente si.

L.: Basicamente si.

Mod.: Porque claro, como dicides que castrapo é mezclar ghallegho e castelán?

M.: Si, pero maioritariamente as palabras son en galego, cando…

L.: En galego.

M.: Cando nos poñemos a falar… por exemplo eu falo máis castrapo cando falo galego non cando falo o castelán, aínda que algunhas palabras si, cando falo castelán tamén as meto.

Como vemos polos dous extractos anteriores, a oposición establécese entre o castrapo, o galego normativo e o castelán, pero non ao mesmo nivel, de xeito que por unha parte estaría o castrapo fronte ao galego normativo e estes dous, á súa vez, opostos ao castelán. Aínda que en realidade estas tres opcións non semellan ser vistas tanto como categorías enfrontadas, contrapostas, senón como alternativas que se combinan e entrecruzan.



O galego é percibido como unha entidade multidialectal, no sentido de entidade abstracta que se materializa en diferentes variedades ou dialectos, sexan estes

xeográficos, sociais ou situacionais. En contraste, o castelán preséntase de xeito moito máis monolítico, como se non existise variación no seu interior. Como consecuencia, atopamos entre os galegofalantes un maior repertorio lingüístico que entre os castelanfalantes. Compárense estes dous extractos discursivos, pertencentes o primeiro ao grupo B (galegofalantes) e o segundo ao C (castelanfalantes).

Mod.: hai outros galegos á parte do castrapo?
L.: si.
C.: galego normativo.
L.: o galego normativo.

Mod.: que castelán falades vós?
(Silencio)
A.: como que castellano?
Mod.: si, como é o castelán que falades vós?
C.: normal, así corriente.
(…)
C.: es que en gallego hay distintos pero castellanos son todos iguales.
Mod.: a ver, estades de acordo?
A.: si.
An.: si.

Segundo esta distribución de variedades lingüísticas, o castrapo defínese por presentar palabras que non son admitidas no galego normativo ou estándar, é dicir, principalmente a nivel léxico. A existencia do estándar é a que marca determinado vocabulario como «incorrecto» e, por conseguinte, é a escola a que lles fai ver aos falantes esta distinción, tomar consciencia destas diferenzas. De feito, ao pedirlles que poñan exemplos concretos, todos os termos que citan pertencen ao ámbito escolar: silla / cadeira, libreta / caderno, castellano / castelán, etc.

Mod.: E como explicaríades que é o galego normativo, entón?
(…)
L.: O galego normativo.
C.: Sin mezclar palabras do castellano co galego.

L.: Claro.
M.: Poñer as palabras propias do ghalegho.
L.: Do ghalegho, ghalegho.
Mod.: Vale, un exemplo?
M.: O de cadeira, en vez de decir silla, cadeira.
Mod: E así outros que se vos ocorran?
L.: Libreta, caderno.
Mod.: Vale.
D.: En vez de decir castellano, castelán.

Unha informante conta como foi o profesorado o que lle ensinou que algunhas palabras da súa maneira de falar eran incorrectas, por proceder do castelán, palabras que para ela ata ese momento eran tan galegas como castelás. Ademais, esta experiencia é vivida de xeito traumático en certo modo, pois o emprego desas formas, marcadas a partir dese momento, provocara a recriminación e sanción por parte do profesorado.

L.: nos exámenes.
Mod.: Por que?
L.: Porque había palabras que non sabía e que as poñía en castelán, palabras que non sabía en galego, poñíaas en castelán.
Mod.: E baixábanche nota por iso?
L.: Si. E sempre me berraban.

En contraste, aqueles que se presentan como monolingües en castelán en ningún momento asocian o seu xeito de falar co castrapo. Repárese en que esta percepción non quere dicir que á hora de falar castelán non se produza así mesmo unha mestura co galego (introdución de elementos propios do galego no castelán de Galicia), senón simplemente que os falantes non o senten así. En efecto, moitos dos casos nos que o uso do español se afasta do estándar, para aproximarse ao galego, non son recoñecidos polos falantes, que consideran estar «falando ben» (= de acordo co estándar / sen «intromisións» doutras linguas / de xeito puro). Mentres que na outra cara da moeda, os casos de afastamento do estándar galego, para aproximarse ao castelán, son moito máis recoñecibles polos falantes e, ao mesmo tempo, máis destacados e corrixidos polo profesorado.

Por suposto, esta diferenza débese tamén a que os dous tipos de influencia adoitan darse en niveis de lingua distintos. Como sabemos, a influencia do castelán no galego predomina no léxico, mentres que a influencia do galego no castelán se dá en maior medida nos niveis fónico e morfosintáctico[1]. Para os falantes, o nivel léxico resulta máis fácil de detectar ca outros niveis da lingua, polo que este feito contribúe a aumentar os diferentes graos de percepción en cada caso. Non obstante, consideramos que existen outros motivos, relacionados precisamente co diferente prestixio social de cada lingua e o grao de dependencia entre ambas, así como co nivel de consolidación das súas respectivas variedades estándar.

Neste sentido formulamos a hipótese de que, entre o alumnado, o coñecemento da variedade estándar é maior no caso da lingua galega ca no caso da española, en parte debido ao recente proceso de estandarización do galego, pero tamén porque o profesorado de linguas corrixe en maior medida os denominados 'castelanismos' ca os 'galeguismos'. É dicir, detectamos un maior afán purista con respecto ao galego, tanto por parte do profesorado como do alumnado, o cal é síntoma precisamente da súa situación de subordinación á lingua dominante, o castelán. En calquera caso, esta hipótese deberá ser obxecto de estudo en fases futuras da investigación.

4. O VALOR SIMBÓLICO DO CASTRAPO

En resumo, os informantes definen o castrapo como unha variedade do galego na que se mesturan palabras do castelán, palabras que son consideradas incorrectas desde a perspectica do galego normativo ou estándar (cualificadas por este motivo como 'castelanismos'). En consecuencia, trataríase dun galego que non está «ben falado»? Eles mesmos se encargan de matizar isto nos seus discursos, liberando o castrapo das súas previsibles connotacións negativas e presentándoo como unha elección consciente pola súa parte.

[1] Silva (2006: 12) afirma que nas últimas décadas os niveis de lingua do galego que están sufrindo máis alteracións, canto ás «interferencias», son os da morfosintaxe e a fonética, sobre todo na poboación máis nova. «É certo que nalgúns ámbitos de vocabulario se conseguiu frear o proceso de substitución e que mesmo se recuperaron voces autóctonas que estaban case perdidas, pero en niveis como o morfosintáctico a castelanización foi en aumento» (Silva 2006: 14). Porén, isto dáse sobre todo nun modelo de lingua asociado aos neofalantes urbanos, aínda que non sexa exclusivo deles.

Mod.: Pero a ver acabas de dicir ao mellor fálanche un galego ben falado, entón falar castrapo non é falar ben?
L.: Non.
M.: Non, non é eso, é mezclar.
L.: É mezclar o galego co castelán, entonces non é ben falado.
M.: A ver, ben falado é (tallante).
L.: Bueno, pero…
M.: Ti estás falando ben.
D.: Pero non é o galego normativo.
M.: Aí ta.
L.: Pero non é un galego…
Mod.: A ver D., non é?
D.: Non é o galego normativo.
Mod.: Pero, vós coñecedes o galego normativo?
Todos: Si.
C.: Si, pero non o falamos, falamos…
M.: Se o tuvéramos que empregar…
L.: Empregaríamos.
M.: Seríamos capaces.
L.: Si.
Mod.: Entón a miña pregunta é por que falades **castrapo**?
M.: Porque nos dá máis xeito.
L.: Porque nos… claro… estamos acostumbrados.
D.: Dános máis xeito.
M.: Estamos acostumbrados, costume desde sempre, desde pequenos.
D.: E as nosas familias faláronnos **ghallegho** sempre.
L.: Claro.
Mod.: Ese castrapo que dicides?
L.: Claro, porque na miña casa todo o mundo fala castrapo.
M.: Na miña tamén.
L.: Claro.
V.: En todas.

Isto contrasta cos discursos recollidos hai anos entre xente de máis idade: «non é porque queira mezclar, a min encantaríame falar un idioma ben pero (…) foi o que me enseñaron» (Iglesias 2002: 220).

As novas xeracións si manifestan coñecer a variedade estándar e, en consecuencia, posúen unha maior seguridade na propia competencia lingüística en galego. De aí que sexa necesario reinterpretar o mantemento dos «castelanismos» pola súa parte ou, mellor dito, a elección dun código mixto ou híbrido no seu uso cotián e coloquial da lingua. Isto xa non se pode atribuír a un descoñecemento do estándar, senón a unha escolla máis ou menos voluntaria, nun proceso intimamente relacionado coa xestión das identidades. É dicir, o falante (novo) coñece a alternativa estándar ou normativa, pero na súa fala espontánea prefire a «popular», considerada esta ou non como «castelanismo». Así, estes suxeitos afirman coñecer o galego estándar, ao que accederon a través do sistema educativo e co que están en contacto diariamente a través do profesorado, libros de texto, etc., pero resérvano a certos usos, moi concretos e mesmo pouco frecuentes na súa vida cotiá. Para os contextos coloquiais prefiren o castrapo, que é a variedade que funciona como símbolo de grupo, a que aprenderon no ámbito familiar. De aí que estea tamén cargada afectivamente, pois é esta e non a estándar a que os vincula coas xeracións anteriores.

Presentan, polo tanto, o castrapo e o galego normativo como diferentes variedades condicionadas polo contexto e a relación co interlocutor. Trátase de variación situacional, na que prima o criterio de adecuación sobre o de corrección normativa.

L.: E tamén depende no lugar que esteas. Se estás falando con un cliente terás que falarlle o galego normativo e se estás falando cun amigo o castrapo.

(…)

Mod: Entón, no traballo, máis ben dicides que habería que usar…?

Todos: Galego normativo.

Mod.: E en que máis sitios?

M.: Non sei, cando esteas falando con alguén importante, que che vaia facer algún ben para ti ou…

L.: Un xefe.

De todos os xeitos, percibimos na denominación de «castrapo» reminiscencias das súas tradicionais connotacións negativas, como lingua impura, contaminada, en definitiva, inferior. Isto, que semella contraditorio co que acabamos de presentar, o uso do «castrapo» como unha escolla voluntaria do falante, débese a que nos atopamos nun contexto de cambio e transformación sociolingüística. É dicir, as novas xeracións reafírmanse no castrapo, pero precisamente por seren conscientes da súa imaxe social negativa, senten a necesidade de reivindicalo. Por este motivo, o mantemento do castrapo acada un certo matiz de rebelión contra o establecido cando o seu uso se converte en algo decidido, voluntario: utilízoo porque quero, pois no momento en que queira podo empregar tamén o estándar, e ademais presumo en certa medida de falalo e gábome de que o que falo é precisamente castrapo.

Por suposto, neste mantemento do «castrapo» non podemos infravalorar a compoñente do hábito ou a inercia, polo que cómpre ser cautos ao empregarmos termos como «**decidido**, **escollido** ou **voluntario**». Sen dúbida, para este perfil de falante, aínda que estea familiarizado coa variedade estándar a través do ensino e os medios de comunicación, resulta máis cómodo empregar a súa variedade coloquial (o «castrapo») no uso espontáneo da lingua. Porén, o feito de que eles mesmos se presenten como falantes de «castrapo», en lugar de intentar ocultar ou «suavizar» esta situación, parécenos suficientemente relevante e indicativo dun cambio na valoración desta variedade lingüística.

Resulta tamén novidoso que estes suxeitos non manifestan rexeitamento cara ao galego normativo, non o senten como unha ameaza para a súa variedade híbrida e «popular», como si ocorría en cambio anos atrás, tal como quedou recollido en diversos estudos (Kabatek 2000; Iglesias 2002; Seminario de Sociolingüística 2003)[2]. Podemos falar dunha certa normalización neste sentido. O galego normativo xa é percibido por estes actores sociais como o que é, unha variedade situacional que cómpre usar en determinadas situacións, fronte ao que ocorría hai anos, cando o galego estándar non se aceptaba nin sequera nos ámbitos formais:

[2] Naquel momento do proceso de estandarización do galego aínda non se acadara un amplo consenso arredor dunha variedade normativa, como si ocorreu despois coa denominada «normativa de concordia» (aprobada no 2003), que sen dúbida contribuíu a mellorar a imaxe social cara ao estándar. De feito, os nosos informantes, dada a súa idade, apenas viviron xa o debate sobre as distintas propostas normativas.

> O problema en Galicia radica en que, como veremos, a variedade estándar vai acadar connotacións negativas no imaxinario social (...), conflicto entre o galego estándar (...) e o galego tradicional (Iglesias 2002: 205 e 219).

> Os informantes asocian a difusión da norma escrita cun estándar oral que caracterizan negativamente e que perciben imposto (Seminario de Sociolingüística 2003: 101).

Os nosos informantes utilizan, polo tanto, a hibridación por elección propia. De feito, mesmo introducen palabras doutros idiomas, á parte do galego e o castelán, isto é, botan man de todos os recursos idiomáticos dos que dispoñen, amosando así a súa capacidade creativa como falantes, sen preocuparse da pureza lingüística ou da separación de linguas.

> M.: nós aí mezclamos de todo, non sólo castelán e ghallego.
> I.: o que cadre, portughés, inghlés, francés e aínda máis…
> M.: e porque non sabemos máis, eh?

En definitiva, estes falantes manteñen, de xeito consciente e voluntario, a variedade lingüística transmitida interxeracionalmente, a que aprenderon dos seus avós e pais, o castrapo, pero ademais aprópianse non só do galego normativo, senón tamén do castelán, sen que isto pareza provocarlles un conflito identitario. Nesta liña, Mauro Fernández (2000: 56) sinala: «me parece a mí que esta duda es la que manifiestan los gallegos en sus respuestas, ese rechazo del 'o esto o aquello', manteniendo y considerando que ambas lenguas forman parte de su identidad social, manteniendo el gallego, tras haberse apropiado del castellano». De todos os xeitos, isto habería que aplicalo sobre todo aos ámbitos que nós aquí denominamos galegófonos, nos que as diferentes variedades están presentes, posto que, como xa comentamos, hai tamén en Galicia contextos moi castelanizados, nos que a diversidade lingüística e, polo tanto, as opcións de escolla se ven claramente reducidas.

Se neste ambiente galegófono, un novo individuo se instala parcial ou totalmente no galego, isto é, comeza a falar galego, sobre todo por converxencia cos seus compañeiros galegofalantes, instálase nesta variedade de galego: no castrapo. É dicir, trátase dun novo falante (pertence a unha familia castelanfalante), pero o seu galego non é como o dos neofalantes urbanos, o denominado *novo galego*

urbano (Regueira 1999, Dubert 2002), senón a variedade de galego que empregan os seus compañeiros, incluídos os marcadores lingüísticos propios da zona e do grupo (sexan estes trazos fónicos, como a gheada ou o seseo, o emprego de «castelanismos» léxicos, etc.). Esta situación reforza a idea de que o castrapo funciona como símbolo identitario grupal, pois neste contexto todos falan esta variedade de galego, que os fai sentirse como membros dun mesmo grupo lingüístico e social.

5. CONCLUSIÓNS

No perfil sociolingüístico estudado aquí, adolescentes que viven nun ambiente galegófono, a hibridación que supón o castrapo entendémola como un síntoma dun rico repertorio lingüístico, no que cómpre incluír, ademais do galego normativo, o castelán e as variedades diatópicas e diafásicas correspondentes. Os falantes empregan a hibridación como un recurso comunicativo: utilizan unha variedade ou outra ou todas á vez en función dos seus obxectivos. Esta multiplicidade de normas e a resistencia a converxer co estándar, polo menos na fala coloquial, é o que José del Valle denomina «comunidade de fala difusa» e representa, ao meu entender, tamén unha identidade múltiple ou híbrida, moi acorde coa posmodernidade. Segundo del Valle (1999: 128), «modernity has not caused the convergence of linguistic behavior, it has in fact broadened the linguistic repertoire of Galicians».

Precisamente os que se identifican como falantes de galego-castrapo son os que afirman cambiar de lingua segundo a situación: falan normalmente galego pero adáptanse ás veces ao castelán dos seus compañeiros, é dicir, son bilingües activos e levan este bilingüismo á práctica. Ademais, eles mesmos afirman que utilizan o castrapo porque queren, pero que coñecen o galego normativo e que tamén o empregan nos contextos nos que o consideran necesario. Trátase dunha ampliación do repertorio lingüístico, no que se engaden todas as variedades dispoñibles no contorno. De todos os xeitos, o castrapo é unha variedade máis, pero non unha variedade calquera, xa que goza, fronte ás demais, dun elevado poder simbólico e emocional, aínda que non excluínte. Non parece entrar en conflito nin co castelán nin co galego normativo, pero é a que funciona para eles tanto a nivel afectivo como identitario.

Mod.: Pero vós, vós dicides que escolledes falar castrapo?
Todos: si.
Mod.: E logho ghústavos o castrapo?
Todos: Si.
D.: Home.
L.: Porque a min é algo… a min do galego, do castelán, do inglés, do francés, é o que máis me gusta, o castrapo.
D.: Porque é o que falas.
M.: É o máis fácil.
L.: É o máis fácil de todos.
D.: Porque de pequenos xa nos empezaron a decir…
L.: Claro, a min de pequena aprendíanme a falar castrapo.

Para finalizar, non queremos rematar o noso texto sen realizar un breve apuntamento sobre as consecuencias didácticas do cambio de perspectiva que propoñemos. Inspirámonos para isto nas recomendacións de Marta Fairclough, aplicadas a un contexto sociolingüístico diferente, pero que, na nosa opinión, se poden estender perfectamente ao noso.

> Suele aconsejarse que se parta de la base que el estudiante trae al aula para luego aumentar su conocimiento lingüístico a través de la enseñanza del español estándar. Lamentablemente aún hay muchos profesores y maestros que piensan que la única forma de imponer el español normativo es a costa de la variedad local. No ven que se trata de unha cuestión de registros (el registro académico o estándar para situaciones formales; la modalidad del estudiante para contextos familiares). (…) Por lo tanto, una pedagogía bidialectal parece ser el camino más indicado (...). Mientras que el vernáculo debe apreciarse por su valor emotivo y por reflejar la identidad del individuo, el estándar debe inculcarse por su valor instrumental. (Fairclough 2003: 197)

Referencias bibliográficas

Callejo Gallego, J. (2001): *El grupo de discusión: introducción a una práctica de investigación*. Barcelona: Ariel.

Dubert, F. (2002): «Os sociolectos galegos», *Cadernos de lingua* 24, 5-27.

Fairclough, M. (2003): «El (denominado) Spanglish en Estados Unidos», *Revista internacional de lingüística iberoamericana*, vol. 1, nº 2, 185-206.

Fernández, M. (2000): «Cuando los hablantes se niegan a elegir: multilingüismo e identidad múltiple en la modernidad reflexiva», *Estudios de Sociolingüística*, vol. 1, 1, 47-58.

Gugenberger, E. (2008): «El castellano y las lenguas regionales de España: bilingüismo e hibridación», en P. Cichon / M. Doppelbauer (eds.), *La España multilingüe: lenguas y políticas lingüísticas de España*. Wien: Praesens, 31-52.

IGE (Instituto Galego de Estatística): *Datos Estatísticos básicos de Galicia 2008.* Dispoñible en liña: http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?idioma=gl&codigo=0206004 [consultado o 08/04/2013].

Iglesias, A. (2002): *Falar galego: 'no veo por qué'. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia.* Vigo: Xerais.

Kabatek, J. (2000): *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual.* Vigo: Xerais.

Martín Criado, E. (1997): «El grupo de discusión como situación social», *Reis* 79, 81-112.

Monteagudo, H. / X. M. Bouzada (2002): *O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000. Volume II. Educación*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Regueira, X. L. (1999): «Estándar oral e variación social da lingua galega», en R. Álvarez / D. Vilavedra (coords.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade, 854-75.

Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (2003): *O galego segundo a mocidade. Unha achega ás actitudes e discursos sociais baseado en técnicas experimentais e cualitativas*. A Coruña: Real Academia Galega.

Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (2008): *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004. Volume II. Usos lingüísticos en Galicia*. A Coruña: Real Academia Galega.

Silva, B. (2006): *Castelanismos morfosintácticos no galego. Avaliación da competencia do alumnado*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico.

Valle, J. del (1999): «Monoglossic policies for a heteroglossic culture: misinterpreted multilingualism in Modern Galicia», *Language and communication* 20, 1, 105-132.

Valles, M. S. (1997): *Técnicas cualitativas de investigación social. Reflexión metodológica y práctica profesional*. Madrid: Síntesis.

O CONTATO ENTRE LÍNGUAS E A ORIGEM DO PORTUGUÊS BRASILEIRO

Dante Lucchesi
Universidade Federal da Bahia-CNPq

Uma das características que mais destacam a sociedade brasileira é sua pluralidade étnica. Historicamente, isso se explica pelo fato de o povoamento do Brasil ter sido feito através de um processo contínuo de imigração maciça. Com o início da colonização do Brasil pelos portugueses, no século XVI, a população autóctone de mais de um milhão de índios foi rapidamente reduzida, sendo substituída, sobretudo a partir do século XVII, por milhões de africanos importados como escravos. Disso resulta a tradicional visão das três matrizes étnicas de formação do povo brasileiro: o índio, o português e o africano, devendo-se salientar o elevadíssimo grau de miscigenação que confere o tom preponderante à sociedade brasileira. Esse mosaico étnico se tem enriquecido desde meados do século XIX, com a imigração, inicialmente de alemães, italianos e japoneses, e desde então de dezenas de outros povos, dentre os quais se podem citar: poloneses, ucranianos, pomeranos, coreanos, chineses, bolivianos, paraguaios, angolanos e haitianos.

Contudo, essa pluralidade étnica não se traduz de forma clara no plano linguístico. Conquanto ainda subsistam no Brasil cerca de 200 línguas indígenas, às quais se agregam algumas dezenas de línguas de imigração, mais de 98% da população brasileira é monolíngue em português. A homogeneização é, portanto, o processo predominante na história sociolinguística do Brasil, com a imposição da língua do colonizador português à custa de um violentíssimo processo de opressão simbólica, cultural e física dos povos autóctones e do contingente africano, nos primeiros séculos da história do país; repressão essa que se estendeu, até o século XX, recaindo sobre os imigrantes, particularmente, italianos, alemães e japoneses, que tiveram suas línguas proibidas e suas escolas étnicas encerradas, no período da Segunda Guerra Mundial, sob a razão da segurança do Estado Brasileiro.

No que concerne à ciência da linguagem, uma questão que se impõe é: quais teriam sido as consequências da assimilação da língua portuguesa por tantos falantes de um grande número de línguas tão diversas entre si? A questão despertou

a atenção, não apenas de filólogos, mas também de outros estudiosos, que, já no final do século XIX, chamaram a atenção para a influência das línguas africanas, porquanto africanos e seus descendentes perfaziam, na época, cerca de dois terços da população do Brasil. Nas primeiras décadas do século XX, estudiosos como Renato de Mendonça (1933) e Jaques Raimundo (1933) tentaram escrutinar as influências africanas no português brasileiro, mas esbarraram na falta de uma teoria mais elaborada e na deficiência dos métodos de pesquisa empírica então disponíveis.

Em meados do século XX, essa influência africana, bem como a indígena, foi minimizada pelos grandes filólogos brasileiros, particularmente Serafim da Silva Neto (1988[1963]), que reduziu a ação dos chamados *aloglotas* à de precipitar as tendências já embutidas na deriva secular da língua, lançando mão da expressão *efeito de gatilho*, cunhada pelo linguista norte-americano Uriel Weinreich. Não obstante suas contradições internas, tal visão se ajustava, por um lado, à posição teórica hegemônica do Estruturalismo linguístico, que desprezava axiomaticamente o efeito dos chamados fatores externos no estudo da história das línguas e, por outro, à ideologia dominante na época, que propugnava pela superioridade cultural do colonizador europeu. Dessarte, a questão do contato linguístico seria relegada ao esquecimento, nas décadas de 1960 e 1970, quando a linguística brasileira era inteiramente dominada por visões formalistas do Estruturalismo e do Gerativismo, não obstante tivesse afirmado Mattoso Câmara (1975), grande introdutor do Estruturalismo Linguístico no Brasil, que as influências do substrato indígena e africano, irrelevantes na formação da norma culta brasileira, não deveriam ser desprezadas no enfrentamento da origem do chamado *português popular*.

A questão só retornaria à cena na linguística brasileira na década de 1980, com a intervenção de dois linguistas norte-americanos. Em sua tese de doutoramento, Gregory Guy (1981) postulou que as condições sociais dos primeiros séculos da colonização do Brasil eram muito favoráveis à crioulização e que o português popular do Brasil seria o resultado de um acelerado processo de descrioulização de um crioulo que se teria formado no século XVII. Já o crioulista John Holm (1987 e 1992) resgatou o conceito de *semicrioulo*, utilizado por Serafim da Silva Neto na década de 1950, defendendo que, devido ao contato linguístico, o português teria passado no Brasil por um processo de *reestruturação parcial*, conceito que viria a sistematizar, de maneira mais abrangente, em 2004, ao traçar paralelos

entre o que teria ocorrido no Brasil e o que ocorreu no sul dos Estados Unidos, no Caribe, na África do Sul e em colônias francesas no Oceano Índico.

Dentro dessa perspectiva, iniciamos, no ano de 1992, na companhia de Alan Baxter, uma pesquisa de campo junto a comunidades rurais afro-brasileiras isoladas do interior do Estado da Bahia, algumas delas oriundas de antigos quilombos, para recolher evidências empíricas que comprovassem o efeito de mudanças induzidas pelo contato na formação das variedades populares do português brasileiro. Mais de quinze anos depois, essas pesquisas resultaram na publicação de um expressivo volume intitulado *O Português Afro-Brasileiro* (Lucchesi, Baxter e Ribeiro 2009). O livro reúne resultados de análises de dezesseis aspectos da morfossintaxe da fala de quatro comunidades rurais afro-brasileiras isoladas de diferentes regiões do interior do Estado da Bahia. Fundamentado teoricamente no conceito de *transmissão linguística irregular* (Baxter e Lucchesi 1997, Lucchesi 2003 e 2008a, Lucchesi e Baxter 2009), o livro reúne uma expressiva quantidade de evidências empíricas de que o contato entre línguas desempenhou um papel central na formação das variedades populares do português brasileiro.

Temos argumentado que as condições particulares da formação da sociedade brasileira não deram ensejo a um processo amplo e duradouro de crioulização do português, apesar das similaridades entre o Brasil Colonial e algumas sociedades agroexportadoras do Caribe, onde vicejaram muitas das línguas crioulas hoje conhecidas. Porém, essas mesmas condições possibilitaram que as alterações produzidas pela aquisição defectiva do português como segunda língua por parte de milhões de índios aculturados e africanos escravizados se espraiassem na variedade de português que se formou entre os descendentes desses índios e africanos cuja resultante histórica na atualidade são as variedades populares do português do Brasil (Lucchesi 1998, 2000, 2001 e 2009). Dessa forma, a formação do português popular brasileiro deve ser compreendida como um processo de *transmissão linguística irregular de tipo leve*, e não como um processo de transmissão linguística radical, que está na origem das línguas *pidgins* e crioulas típicas (Lucchesi 2004, 2008b e 2012). Diferentemente do processo radical, a transmissão linguística irregular de tipo leve se caracteriza, não por uma reestruturação original da gramática, como ocorre na pidginização/crioulização, mas por uma erosão dos mecanismos gramaticais que não têm valor informacional. Assim, os efeitos mais notáveis do processo de transmissão linguística irregular

no português brasileiro contemporâneo se concentrariam no quadro de ampla variação no emprego das regras de concordância nominal e verbal que se observa em suas variedades populares.

Apesar dessa forte articulação entre fundamentação teórica, interpretação histórica e uma grande massa de dados empíricos, a pesquisa sobre a relevância do contato entre línguas na formação do português no Brasil tem enfrentado muitas resistências e desconfianças, em grande parte devidas à forte tradição formalista que remonta ao nascimento da Linguística Moderna, quando Saussure decretou que a língua deveria ser analisada apenas em função de sua lógica interna. Porém, a maior resistência a essa pesquisa veio de onde menos se esperaria, de dois dos maiores nomes da Sociolinguística no Brasil. Já no início da década de 1990, Anthony Naro e Marta Scherre (1993) afirmaram que a crioulização do português no Brasil seria pouco provável e, invocando o conceito de *deriva* do linguista norte-americano Edward Sapir, afirmaram que o móvel dos processos de variação na concordância nominal e verbal hoje observados no português brasileiro seria uma tendência secular já presente na língua portuguesa antes de se iniciar o processo de colonização do Brasil. Desde então, além de questionar os fundamentos teóricos do conceito de transmissão linguística irregular, Naro e Scherre (2003, 2007 e 2009) vêm-se dedicando à recolha de evidências empíricas no português arcaico e em descrições de variedades populares do português europeu contemporâneo que refutem a hipótese da participação do contato entre línguas na formação do português brasileiro.

Neste texto, vamos traçar um panorama dessa polêmica em torno do papel que teria desempenhado o contato entre línguas na origem do português brasileiro, buscando demonstrar a adequação do nosso ponto de vista. Para isso, o texto se estrutura da seguinte maneira. Numa primeira seção, fazemos uma breve retrospectiva da história social da língua no Brasil. A segunda seção contém uma breve resenha sobre a polêmica em torno das hipóteses da crioulização do português no Brasil e da deriva secular da língua portuguesa. Na terceira seção, apresentamos a hipótese da transmissão linguística irregular de tipo leve como a que melhor dá conta da origem das variedades populares do português brasileiro. Na seção quatro, são apresentados processos de variação nas variedades populares do português brasileiro que podem ser bem vistos como reflexos atuais de processos de mudança que teriam sido desencadeados no passado a partir da

aquisição precária do português por parte de índios e africanos e pela nativização desse modelo defectivo de segunda língua entre os seus descendentes. Por fim, na conclusão deste texto, apontamos para as frentes de investigação empírica que se descortinam, quando se considera adequadamente a hipótese do contato entre línguas no estudo da formação histórica do português brasileiro.

1. BREVE PANORAMA DO CONTATO ENTRE LÍNGUAS NA HISTÓRIA SOCIOLINGUÍSTICA DO BRASIL

O projeto colonial da América Portuguesa assentou, desde sempre, no largo emprego do trabalho forçado, viabilizado inicialmente pelo apresamento da população indígena autóctone e, em seguida, pela importação de africanos escravizados. Esses povos subjugados constituíram a maioria da população do Brasil, durante todo o período colonial e do Império. O panorama sociolinguístico ao longo dos quatro primeiros séculos de história do Brasil foi, portanto, constituído por uma situação de *diglossia*, em que a língua dos colonizadores portugueses só era falada plenamente por um terço da população, que constituía sua elite dominante, enquanto os restantes dois terços falavam centenas de línguas indígenas e africanas, ao lado de variedades defectivas da língua portuguesa, precariamente adquirida como segunda língua, e as variedades dessa mesma língua, ao ser nativizada nesse contexto de multilinguismo pelos descendentes dos africanos e índios subjugados. Radicam nessa diglossia, que perpassa todo o período colonial e do Império, as bases históricas da atual *polarização sociolinguística do Brasil*, que opõe, em seus extremos, a norma linguística da elite letrada à fala de uma grande massa de brasileiros que ainda hoje são economicamente explorados e excluídos do espaço da cidadania (Lucchesi 1994, 2002a, 2002b e 2006).

Porém, a tendência atual seria a de uma diluição dessa polarização sociolinguística, reflexo de uma progressiva inserção dos segmentos socialmente marginalizados no sistema produtivo e no mercado consumidor. Esse processo teria se iniciado em 1850, com o fim do tráfico negreiro. A imigração de mais de três milhões de trabalhadores europeus e asiáticos, entre o final do século XIX e o início do século XX, teria igualmente contribuído para a diluição da realidade diglóssica típica do período colonial. A industrialização e urbanização do país, a partir da chamada *Revolução de 1930*, aceleraram ainda mais esse processo, obnubilando

o matiz étnico da divisão sociolinguística que caracteriza a sociedade brasileira, desde os primórdios de sua formação.

O primeiro foco de efetiva colonização portuguesa do Brasil instalou-se na região do atual Estado de São Paulo, com a fundação da Vila de São Vicente, no litoral, em 1532. Mas, logo os colonizadores seguiram para o interior, subindo o planalto paulista e fundando uma nova vila, que viria a dar origem a atual cidade de São Paulo. À sujeição da população indígena local seguiu-se o aprisionamento dos povos indígenas das regiões vizinhas, mobilizando grandes expedições denominadas *Bandeiras*. A importância desse movimento é tanta que, até os dias de hoje, a sociedade paulista adota o epíteto de *bandeirante*. Do ponto de vista sociolinguístico, o reduzido contingente de colonizadores, em sua imensa maioria homens, deu azo a um amplo processo de mestiçagem, do que resultou a formação de uma *sociedade mameluca*[1], na qual predominava o uso de uma variedade da língua tupi da população nativa, um tanto quanto alterada em função do novo contexto colonial, que viria a entrar para a história com a designação de *língua geral* (Rodrigues 2006). Essa *diglossia* entre a língua geral e a língua dos colonizadores portugueses, que caracteriza a sociedade paulista dos quinhentos e seiscentos, pode ser vista como a primeira manifestação histórica da *polarização sociolinguística do Brasil*[2].

Os povos indígenas que habitavam a costa do Brasil quando do início da colonização portuguesa falavam variedades muito aparentadas da família linguística tupi-guarani, que Aryon Rodrigues (2006: 145) dividiu entre o *tupi*, falado em São Paulo, e o *tupinambá*, falado da extensão costeira que vai do Rio de Janeiro até a foz do Rio Amazonas. A conservação em uso da língua indígena local, com alterações produzidas no novo contexto de colonização, ocorreu em vários pontos da costa brasileira, como o sul do Estado da Bahia, recebendo sempre essa variedade alterada de língua indígena a denominação *geral*. Com a expulsão dos franceses de São Luís, em 1615, uma variedade do tupinambá viria a predominar na sociedade colonial que os portugueses estabeleceram inicialmente no

[1] O termo *mameluco* tem sido usado para designar o mestiço resultante do cruzamento do colonizador europeu com as mulheres indígenas.

[2] Cf. John Manuel Monteiro (1995: 165): «A rigor, a divisão linguística de São Paulo refletia a estrutura bipolar da sociedade colonial; na sua base, os escravos provavelmente de diversos grupos étnicos e linguísticos comunicavam-se na versão paulista da língua geral (...); no topo, a comunidade luso-brasileira diferenciava-se da massa cativa por meio do uso da língua colonial».

Maranhão e que expandiram para a região amazônica, em busca das especiarias da selva e do apresamento de novos povos indígenas, em sua maioria falantes de línguas diversas, inclusive de outras famílias linguísticas, distintas da tupi-guarani, nomeadamente as famílias Aruak e Karib. Entretanto, a língua de intercurso que viria a predominar na colonização da Amazônia seria essa variedade crescentemente alterada de tupinambá, que Aryon Rodrigues (2006) denominou *língua geral amazônica* (em oposição à *língua geral paulista*, de base tupi). Com a denominação de *nhengatu* (lit. 'língua boa'), essa língua de intercurso acabou por se nativizar entre povos indígenas amazônicos e até hoje é a língua materna de algumas localidades do Alto Amazonas, tendo sido alçada recentemente à condição de uma das três línguas oficiais, além da língua portuguesa, do município de São Gabriel da Cachoeira, situado na fronteira do Brasil com a Venezuela.

Porém, nas regiões mais dinâmicas da América Portuguesa – como o entorno das vilas de Olinda e Salvador, no nordeste do Brasil, nos séculos XVI e XVII –, a população indígena local foi rapidamente dizimada, sendo logo substituída por largos contingentes de escravos importados da África. Assim, a principal força motriz do empreendimento colonial português no Brasil foi a mão de obra dos escravos africanos e seus descendentes, denominados *crioulos*; tanto que o chamado *tráfico negreiro* se tornou uma das atividades comerciais mais lucrativas, durante todo o período colonial e em boa parte do período do Império.

Conquanto tenha sido, durante muito tempo, muito pouco visível, em função da violência, não apenas física, mas, sobretudo, simbólica, inerente ao processo de escravidão (Mattoso, 2003), a presença africana constitui um dos componentes fundamentais na formação da sociedade brasileira, nos mais diversos setores da atividade social, inclusive no plano linguístico como bem observou o grande antropólogo Darcy Ribeiro (1995: 166):

> Concentrando-se em grandes massas nas áreas de atividade mercantil mais intensa, onde o índio escasseava cada vez mais, o negro exercia um papel decisivo na formação da sociedade local. Seria, por excelência, o agente da europeização que difundiria a língua do colonizador (...).

Não apenas no Brasil, mas em todo o processo de colonização da América, entre os séculos XVI e XIX, a importação de largos contingentes de mão de obra escrava da África teve um papel crucial, particularmente na região do Caribe.

Estima-se que, ao longo de mais de três séculos, o tráfico negreiro trouxe para o continente americano cerca de dez milhões de africanos. A participação desse contingente na formação das nações que vieram a se constituir no novo contingente foi significativa, não obstante a já referida opressão na qual se buscava apagar a identidade cultural do escravo. Em vários planos da cultura, como a religião, a música e a culinária, a contribuição dos africanos é indelével. Literariamente e com sua ironia mordaz, o escritor argentino Jorge Luís Borges (1989: 01) descreveu essa contribuição da seguinte maneira:

> Em 1517, o padre Bartolomeu de Las Casas sentiu muita pena dos índios que se consumiam nos penosos infernos das minas de ouro das Antilhas e propôs ao Imperador Carlos V a importação de negros para que se consumissem nos penosos infernos das minas de ouro das Antilhas. A essa curiosa espécie de benfeitor devemos fatos incontáveis: os *blues* de Handy, (...), o impetuoso filme *Aleluya*, o mestiço que matou Martín Fierro, a deplorável rumba *El manisero* (...), a cruz e a serpente no Haiti, o sangue das cabras degoladas pela faca do *papaloi*, a habanera de que nasceu o tango, o candomblé.

No plano linguístico, a contribuição africana se destaca na emergência de línguas crioulas, na região do Caribe, em sociedades formadas a partir de grandes propriedades agroexportadoras que empregavam largamente a mão de obra escrava, denominadas *plantações*. Dentre as mais de trinta línguas crioulas que se formaram na região, encontram-se o haitiano, cujo léxico é de origem francesa, e o jamaicano, de base lexical inglesa, além do papiamento, em Curaçao, e o sranan e saramacan, no Suriname. O sudeste dos EUA, onde eram abundantes as plantações de algodão baseadas na escravidão africana, assistiu também ao surgimento de línguas crioulas, como o *Gullah*, cujos falantes se distribuem ainda hoje pelos estados da Carolina do Sul e da Geórgia.

Calcula-se que o destino de quase 40% dos africanos trazidos para o continente americano tenha sido o Brasil, o que nos leva à impressionante cifra de quatro milhões de indivíduos (Curtin 1975). A tabela 1 abaixo, elaborada por Alberto Mussa (1991: 163), com base nos escassos dados de demografia histórica atualmente disponíveis, revela que, até meados do século XIX, aproximadamente setenta por cento da população do Brasil era constituída por índios, africanos e seus descendentes – ou seja, só um pouco menos de um terço daqueles que formaram a sociedade brasileira eram falantes nativos do português filhos de falantes com a mesma língua materna.

Etnia	1583-1600	1601-1700	1701-1800	1801-1850	1851-1890
Africanos	20%	30%	20%	12%	2%
Negros brasileiros	-	20%	21%	19%	13%
Mulatos	-	10%	19%	34%	42%
Brancos brasileiros	-	5%	10%	17%	24%
Europeus	30%	25%	22%	14%	17%
Índios integrados	50%	10%	8%	4%	2%

Tabela 1 - População do Brasil por etnia do século XVI ao XIX

A partir do século XVII, entre esses mais de dois terços daqueles que Serafim da Silva Neto chamou de *aloglotas*, predominaram largamente os africanos e seus descendentes, correspondendo sozinhos a 65% da população do Brasil, em 1850, entre africanos, crioulos e mulatos. Esse contingente formou, quase que exclusivamente, a mão de obra das lavouras de cana-de-açúcar, fumo e algodão do Nordeste, entre os séculos XVII e XIX, da extração de ouro e pedras preciosas em Minas Gerais, no século XVIII, e das fazendas de café do Vale do Paraíba e do Planalto Paulista, no século XIX. O tráfico negreiro só cessou em 1850, e a escravidão africana só foi abolida em 1888. Até o início do século XX, a grande maioria dessa massa de afrodescendentes vivia no campo e era iletrada.

Diante disso, era muito visível, para qualquer observador arguto da realidade sociolinguística brasileira, a influência do contato entre línguas na formação da variedade de português falada pelos negros e mulatos que predominavam na base da pirâmide social brasileira, tanto que um dos grandes precursores do estudo da presença africano no Brasil, o médico e antropólogo *avant la lettre* Nina Rodrigues (2004: 149-150), escreveu no início do século XX:

> Ora, não tem crédito a errônea suposição de que fosse quase nula a influência das línguas pretas no falar brasileiro, quando muito se limitando a legar ao português alguns termos africanos. Menos nessa riqueza de vocabulário do que nas construções sintáticas e modos de dizer, deve buscar-se a origem de numerosos desvios populares brasileiros do genuíno português da velha metrópole.

Entretanto, cerca de três milhões de imigrantes provenientes da Europa e da Ásia entraram no Brasil, no período que reúne as últimas décadas do século XIX às primeiras décadas do século XX, e, a partir da Revolução de 1930, que levou Getúlio Vargas ao poder, a industrialização e urbanização fez migrar boa par-

te dessa massa de afrodescendentes do campo para os grandes centros urbanos, inserindo-os mesmo que precariamente no mercador consumidor e no universo do letramento. Todo esse processo acabou por obnubilar as origens étnicas das diferenças que ainda hoje opõem a norma linguística da grande massa de brasileiros excluídos à norma urbana culta da elite letrada, mitigando os efeitos de mudanças pespegadas à estrutura da língua portuguesa nas variedades que se lhe formaram em situações de maciço multilinguismo.

Assim, a real dimensão da interferência do contato entre línguas na formação histórica do português brasileiro ainda desafia a ciência da linguagem neste início de século XXI, no bojo de uma polêmica cujos elementos seminais foram lançados no final do século XIX e que atravessou todo o século XX. Nesse debate, permeado de influxos ideológicos, estão em jogo concepções teóricas sobre aspectos crucias do fenômeno linguístico, tais como: sua natureza, transmissão e história.

2. A POLÊMICA DA CRIOULIZAÇÃO DO PORTUGUÊS NO BRASIL E A DERIVA SECULAR DA LÍNGUA PORTUGUESA

Em uma passagem muito citada, o filólogo português Adolfo Coelho (1967[1880--1886]: 43-44), pioneiro nos estudos das línguas crioulas, afirmou:

> Diversas particularidades características dos dialectos crioulos repetem-se no Brasil; tal é a tendência para a supressão das formas do plural, (...), quando se seguem artigo e substantivo, adjetivo e substantivo, etc., que deviam concordar, só um toma o sinal do plural. (...). Ouve-se com frequência *os homen* por *os homens*; *as muyé* por *as mulheres*; *duas boa pessoa* por *duas boas pessoas*; *casas grande* por *casas grandes*, etc.

Adolfo Coelho associa o amplo processo de variação no uso das regras de concordância nominal observado na linguagem popular do Brasil ao processo de crioulização. Para além das manifestações de estudiosos e filólogos brasileiros já na mesma época[3], o tema viria a ser tratado por estudos pioneiros das primeiras

[3] Além da manifestação de Nina Rodrigues, citada a cima, veja-se a seguinte passagem do verbete *Elemento Negro* de seu *Dicionário Gramatical* do filólogo brasileiro João Ribeiro, de 1989: «Sob a denominação de *Elemento negro* designamos toda a espécie de alterações produzidas na linguagem brasileira por influência de línguas africanas faladas no Brasil. Essas alterações não são tão superficiais como afirmam alguns estudiosos: ao contrário, são bastante profundas, não só no que diz respeito ao vocabulário, mas até ao sistema gramatical do idioma».

décadas do século xx no Brasil. No contexto cultural do Modernismo, outro filólogo, Renato Mendonça (1933: 50 e ss), aborda a questão da diferenciação do «dialeto brasileiro» do português de Portugal, destacando «outros fatores diferenciais» «que só intervieram com a transplantação da língua» para o Brasil, decorrentes da «contribuição dos elementos indígenas e africanos». Mendonça (1933: 60) também destaca, como um dos mais notáveis efeitos do contato linguístico a ausência de concordância de número no interior do Sintagma Nominal e do adjunto predicativo, «conservado na linguagem dos caipiras e matutos: *as criança tavum quétu*».

Porém, o impacto da introdução no Brasil das ideias de Ferdinand de Saussure viria a mudar a posição dos filólogos brasileiros sobre a questão, em meados do século xx. Da concepção saussuriana de língua como uma estrutura «*où tout se tient*» decorre a visão de que a evolução histórica da língua seria determinada pela configuração interna do sistema linguístico. Dentro dessa visão, os chamados fatores externos – como o contato entre línguas – desempenhariam, na melhor das hipóteses, um papel secundário na implementação das mudanças linguísticas. Baseado em tais concepções, Serafim da Silva Neto, um dos maiores estudiosos da história linguística do Brasil, apesar de reconhecer a ocorrência de processos de crioulização do português, durante a colonização, e relacionar a perda da concordância nominal («*os livro*, *as mesa*»), fato «típico dos crioulos» à interferência dos aloglotas na formação da «linguagem rural ou dialetal no Brasil» (1988[1963]: 595), vai reduzir o papel desempenhado pelo contato entre línguas ao de meramente acelerar tendências já prefiguradas no sistema da língua:

> Não se pode esquecer que a ação dos aloglotas consiste, de modo geral, em precipitar a deriva da língua, isto é, tendências já contidas no sistema. A evolução opera-se no sentido de tendências pré-existentes, que então irrompem e se difundem. É sabido que o aloglota reproduz, acentuando-os e exagerando-os, os traços da pronúncia que ouve. (1988: 604)

Assim, mesmo incorrendo em flagrante contradição, como observou Revah (1963), Serafim da Silva Neto buscava encaixar os fatos da história sociolinguística do Brasil na forma do Estruturalismo, particularmente na concepção de *deriva linguística*, de Edward Sapir (1954[1921]):

> Meio de comunicação e expressão, a língua é um instrumento vivo: move-se pelo tempo em fora num curso que lhe é próprio. Para empregar expressiva imagem do linguista norte-americano Eduard Sapir, tem uma *deriva*, isto é, determinada direção, que já encerra uma série de possibilidades. A rapidez ou lentidão com que se caminha por essa estrada depende de condições histórico-sociais.
>
> Como se sabe desde há muito, há uma deriva indo-europeia que caminha no sentido da simplificação das flexões. Apenas, no caso do aloglota, a simplificação é brusca e extrema, é uma dinâmica que realiza de chofre o que se daria no curso de várias gerações. (Silva Neto, 1988[1963]: 594)

Em linhas gerais, essa posição foi ratificada pelo grande nome do Estruturalismo no Brasil, o linguista Joaquim Mattoso Câmara Jr.. Câmara Jr. (1975: 76-7) reconhece que «os escravos negros adaptaram-se ao português sob a forma de um falar crioulo» e que «nos latifúndios, ou fazendas, da época colonial e do Império, o contato dos senhores brancos com seus escravos negros foi intenso e estreito». Chega a afirmar ainda que «por aí se poderia explicar certas inovações e simplificações do português do Brasil em face do europeu», porém adverte, fazendo valer o axioma estruturalista: «é claro, entretanto, que não se dariam mudanças fonológicas e gramaticais profundas sem correspondência com as próprias tendências estruturais da língua portuguesa».

Com o ocaso do modelo estruturalista na Linguística, criaram-se as condições para que a questão do contato fosse retomada sob outras bases teóricas. É assim que o sociolinguista Gregory Guy (1981) defenderá que o português popular brasileiro contemporâneo seria o resultado de um acelerado processo de descrioulização de um crioulo português que se teria formado entre os séculos XVII e XVIII, tendo como base empírica a análise variacionista de quatro fenômenos linguísticos variáveis (dentre os quais a variação no emprego das regras de concordância nominal e verbal) numa amostra de fala vernácula de falantes iletrados do Rio de Janeiro, constituída na década de 1970. Para Guy (1981: 309), no contexto sociolinguístico do Brasil Colônia, a crioulização seria inexorável:

> Do ponto de vista sócio-histórico, nossa questão provavelmente não seria *o português se crioulizou no Brasil?*, mas sim *como poderia ser possível não ter havido a crioulização?*[4]

[4] Traduzido do original inglês.

Na mesma perspectiva, o crioulista John Holm (1992: 62) definiria o português popular do Brasil como um *semicrioulo* que

> evoluiu do contato entre um não-crioulo (o português coloquial e regional trazido da Europa para o Brasil do século XVI até o presente) e um crioulo (uma variedade de base portuguesa trazida de São Tomé para o Brasil, durante os séculos XVI e XVII e, mais tarde, variedades como o português crioulo de Helvécia)[5].

Mas, surpreendentemente, surgiria, no mesmo campo teórico de Guy, uma contraposição cabal à sua hipótese sobre a origem do português popular brasileiro. Apesar de darem um grande destaque em sua argumentação à expressão *confluência de motivos*, chegando a afirmar que «forças de diversas origens (...), juntas, se reforçaram para produzir o português popular do Brasil», os sociolinguistas Anthony Naro e Marta Scherre (2007: 25) concentram todos os seus esforços para tentar provar a prevalência das forças internas nesse processo. Para esses autores, as características do português popular brasileiro, como a ampla variação na concordância verbal e nominal, resultariam de uma *deriva românica*[6]. Dessa forma, sua posição é sumarizada da seguinte maneira:

> A língua portuguesa falada em Portugal antes da colonização do Brasil já possuía uma deriva secular que a impulsionava ao longo de um vetor de desenvolvimento. No Brasil, este vetor se encontrou com forças que reforçavam e expandiam a direção original. (Naro e Scherre 2007: 47)

Portanto, a base teórica da explicação de Naro e Scherre assenta no mesmo conceito de *deriva linguística* que havia inspirado o filólogo Serafim da Silva Neto na década de 1950. Assim, a primeira grande fragilidade da posição de Naro e Scherre é de natureza teórica. Nos marcos atuais do desenvolvimento da pesquisa linguística, o princípio teórico de uma deriva secular não se sustenta, quer se considere o campo de pesquisa da sociolinguística (ao qual Naro e Scherre se filiam), quer se considere o campo da abordagem formal da teoria da gramática.

---

[5] Idem.

[6] Cf. Naro e Sherre (2007, p. 50): [a concordância variável de número entre o sujeito e o verbo, entre os elementos do sintagma nominal e no sintagma predicativo nos dialetos não padrão do português do Brasil] «têm origem unicamente na antiga deriva secular das línguas indo-europeias em geral, e das línguas românicas em particular, em direção a uma gramática com menos flexão nos termos de Sapir (1949/1921: 145-170).»

William Labov (1982: 59) trata assim a ideia de uma tendência secular da língua à simplificação:

> Princípios unidirecionais produzem logicamente uma teoria desequilibrada da mudança. Qualquer princípio de simplificação requer um princípio de complicação, e uma teoria de transparência crescente deve ser acompanhada de uma explicação sobre como a opacidade foi criada. Parece evidente que a maioria das línguas mantém um razoável equilíbrio a esse respeito[7].

Um dos maiores teóricos da mudança linguística do Programa Gerativista, David Lightfoot (1979: 391), também tratou do tema:

> Línguas são adquiridas e gramáticas são construídas por indivíduos de cada geração. Eles não têm memórias raciais de forma a saber, em qualquer sentido, que suas línguas estão gradualmente se desenvolvendo (...) e que elas devem continuar nesta direção. Além disso, se houvesse uma hierarquia determinada de mudanças a acontecer, como poderia uma criança, confrontada com uma língua exatamente a meio caminho da hierarquia, saber se a língua estava mudando do tipo X para o tipo Y ou vice-versa?[8]

No bojo de uma deriva românica, Naro e Scherre (1993 e 2007) argumentam que a variação na concordância nominal e verbal que se observa hoje no português popular do Brasil teria sua origem, respectivamente, numa tendência primeva à queda do *–s* e do *–m* em final de palavra. Porém, Naro e Scherre não explicam como uma fugidia variação fônica pode-se transformar numa ampla variação que atinge a oposição em formas tão distintas como *é* : *são* e *fez* : *fizeram* (Guy 1989). Além disso, análises da configuração estrutural da variação na concordância nominal e verbal em variedades do português brasileiro contemporâneo revelam que esses fenômenos têm uma natureza morfossintática, e não fônica (Lucchesi 2006 e 2012).

Por outro lado, Naro e Scherre, para demonstrar que a variação na concordância nominal e verbal não seriam fenômenos exclusivamente brasileiros, aludem à existência de processos de variação que se estendem do português arcaico a variedades rurais do português europeu contemporâneo. Em uma análise variacionista sobre um *corpus* de milhares de ocorrências extraídas de textos medievais

[7] Traduzido do original inglês.
[8] Idem.

portugueses, Naro e Scherre (2000 e 2007) encontram uma frequência de variação na flexão verbal junto à 3ª pessoa do plural de menos de um por cento. Certamente contribuíram para essa oscilação fatos de escrita que não correspondem necessariamente a uma oscilação na oralidade. Além disso, uma variação com essa frequência não configura uma variação estruturada (Labov 2003).

No que concerne às variedades populares e rurais do português europeu contemporâneo, Naro e Scherre (2007 e 2009) fazem referências a fatos esporádicos registrados em monografias dialetais portuguesas elaboradas na década de 1960, sem aduzir qualquer evidência quantitativa para a sua argumentação. Em contraposição, um estudo quantitativo feito sobre os materiais do CORDIAL-SIN, disponíveis na Internet[9], Ana Sartori Gandra (2009) encontrou uma frequência de variação inferior a quatro por cento em um *corpus* de mais de novecentas ocorrências de verbos junto à 3ª pessoa do plural extraídas do vernáculo de falantes do interior de Portugal. Deve-se destacar ainda que predominavam entre as ocorrências de falta de concordância as estruturas de predicação nominal e de posposição do sujeito com verbos inacusativos, não havendo uma ocorrência sequer que evidenciasse uma clara falta de concordância (do tipo *eles trabalha muito*), que abundam no português popular do Brasil, onde a frequência de variação no uso da regra de concordância verbal pode exceder o patamar de oitenta por cento do total de ocorrências (Lucchesi 2004 e Lucchesi, Silva e Baxter 2009).

Labov (2003) afirma que uma frequência inferior a cinco por cento não configura um processo de variação encaixada na estrutura linguística. Portanto, o que se observa em Portugal é um fenômeno de flutuação no desempenho linguístico, e não um fenômeno de variação na estrutura da gramática da comunidade de fala, como a ampla variação estruturada que se observa no português popular do Brasil. Além disso, Naro e Scherre (2007) não conseguem explicar por que fenômenos gerais de não concordância verbal que se observam no português popular brasileiro como *tu vai* e *nós trabalha* não têm qualquer paralelo em Portugal[10].

---

[9] *Corpus* Dialectal para o Estudo da Sintaxe (CORDIAL-SIN), disponibilizado na Internet pelo Centro de Linguística da Universidade de Lisboa (CLUL), disponível na Internet no seguinte endereço: http://www.clul.ul.pt/sectores/variacao/cordialsin/projecto_cordialsin.php.

[10] Cf. Naro e Scherre 2007: 180): «não encontramos na documentação portuguesa vista até o momento, menção do uso da desinência verbal da 3ª pessoa do singular em contexto da 1ª pessoa do plural em frases do tipo *nós vai* (...). Outro caso não documentado em Portugal é a variação *tu fala/tu falas*, caso que pode existir sem concordância quase categoricamente em diversas áreas dialetais brasileiras».

Portanto, a visão de uma deriva secular que se superpõe ao contato entre línguas, não se sustenta, tanto no plano teórico, quanto empírico, e sua perpetuação se deve, em grande medida, à força inercial de certos estereótipos, que são mais próprios ao senso comum, do que ao conhecimento científico.

Se a explicação pela evolução interna exibe fragilidades notáveis, a hipótese da crioulização prévia também não ficou imune às críticas. Mikael Parkvall e Laura Alvarez Lopes (2003) argumentam que a caracterização do português popular do Brasil como um semicrioulo feita por Holm (1987 e 1992) não é adequada e chamam a atenção para a fragilidade de sua hipótese acerca de uma relação histórica entre o português brasileiro e o crioulo português de São Tomé. Por outro lado, demonstram, de forma consistente, traçando paralelos com o que se observa no Caribe, que a hipótese de uma rápida descrioulização defendida por Guy (1981) não se sustenta. Diante desse quadro, acreditamos que uma adequada compreensão do papel desempenhado pelo contato entre línguas na formação das variedades atuais do português brasileiro deve superar esse impasse estéril em que se opõe a evolução interna aos processos típicos de crioulização.

Diferentemente do que ocorre no Caribe, não se encontra atualmente no Brasil qualquer variedade crioulizada do português[11]. Também não há registros consistentes que apontem claramente para uma variedade linguística dessa natureza na história do Brasil, apesar de haver depoimentos bastante sugestivos (Silva Neto 1963[1951]). Diante desse quadro, acatamos o ponto de vista de Parkvall e Lopes (2003) de que não é plausível pensar em um amplo processo de crioulização do português em todo o território português do qual derivem, por meio de uma acelerada descrioulização, as atuais variedades populares do português brasileiro. Nesse sentido, concordamos com a posição de Aryon Rodrigues (2006: 155, nota 3):

[11] O único registro de uma variedade crioulizada de português foi feito brevemente, pela dialetóloga Carlota Ferreira, em 1961, por meio de ligeiras transcrições fonéticas de frases produzidas numa entrevista com dois membros idosos de uma comunidade de descendentes diretos de escravos africanos, denominada Helvécia, que se situa no extremo sul do Estado da Bahia (Ferreira 1985). Essa pesquisadora não conseguiu recursos para fazer um registro mais fidedigno dessa comunidade de fala. O nome *Helvécia* se explica pelo fato de a comunidade ter origem em uma colônia de alemães, suíços e franceses que, entre o início e o final do século XIX, estabeleceram na região grandes plantações de café que empregavam largamente a mão de obra de escravos africanos (Baxter e Lucchesi 1999). Gravações da fala de membros da comunidade de Helvécia só foram feitas no final da década de 1980 e início da década de 1990, e não refletem uma variedade crioulizada de português, mas contêm fenômenos linguísticos que apontam fortemente para um passado crioulo (Lucchesi *et alia* 2009).

> Não é improvável que alguns pidgins, ou mesmo crioulos, tenham-se desenvolvido em certos lugares, mas sem ter alcançado a estabilidade que lhes permitiria expandir-se no espaço e sobreviver por longo tempo[12].

Apesar de haver condições sócio-históricas muito similares às das sociedades de plantação do Caribe, sobretudo no nordeste do século XVII (quando acreditamos deve ter corrido a maior parte dos eventuais processos de pidginização e crioulização do português), os contextos sociolinguísticos do Brasil não possibilitaram uma ampla crioulização do português. Dentre os fatores que atuaram nesse sentido, destacam-se (Lucchesi 2009: 70):

i. a proporção de 30% de falantes da língua dominante (o português), durante todo período colonial e do Império; percentual bem maior do que o que se postula para as situações típicas de crioulização;

ii. o emprego de línguas francas africanas no ambiente das senzalas;

iii. a assimilação linguística e cultural dos filhos dos escravos africanos nascidos no Brasil, chamados *crioulos* (Mattoso 2003)

iv. a miscigenação racial maciça do resulta o fato de mais de 40% por cento da população brasileira, no final do século XIX, ser constituída por mulatos (cf. Tabela 1, supra).

Porém, o fato de o português não se ter crioulizado no Brasil está longe de significar que o contato entre línguas é um elemento histórico de somenos importância. As atuais variedades populares do português brasileiro têm a sua origem em um processo de aquisição precária do português por parte de milhões de índios aculturados e africanos escravizados, em sua larga maioria adultos, e, sobretudo, na nativização desse modelo defectivo de segunda língua entre os seus descendentes. Não é plausível que todo esse amplo processo não tenha impingido alterações estruturais significativas nas variedades de português que se formaram nesse contexto.

Temos procurado argumentar que mudanças estruturais podem afetar variedades linguísticas que se formam em situação de contato massivo, nas quais a

[12] Essa posição já havia sido exposta, com muita clarividência por Renato Mendonça (1933: 53): «No Brasil deve ter havido dialetos crioulos em diversos lugares da colônia. Tiveram, porém, existência muito instável e cedo desapareceram».

língua de um pequeno grupo dominante se impõe sobre uma grande maioria de povos dominados falantes de línguas diversas, sem que essa variedade se configure estruturalmente como uma língua crioula típica, ou seja, uma língua que possui uma gramática qualitativamente distinta da língua do grupo dominante, que se impõe na situação de contato (Rougé 2008). Para fundamentar esse ponto de vista, temos desenvolvido o conceito mais amplo de *transmissão linguística irregular*.

3. O PROCESSO DE TRANSMISSÃO LINGUÍSTICA IRREGULAR DE TIPO LEVE NA HISTÓRIA DO BRASIL

A concepção da *transmissão linguística irregular* como um conceito gradual visa a desenvolver um modelo mais amplo de análise das mudanças linguísticas induzidas pelas situações de contato maciço entre línguas que não se restrinja às situações típicas de pidginização e crioulização. A ideia básica é a de que uma situação de contato entre línguas massivo pode conduzir, além da formação de uma língua historicamente nova (uma língua *pidgin* ou crioula, que tem uma gramática qualitativamente distinta da língua alvo), à simples formação de uma nova variedade histórica da língua alvo que apresenta características estruturais semelhantes às que se encontram nas línguas crioulas, no que se denomina *transmissão linguística irregular de tipo leve*[13]. Em ambos os casos, o que está essencialmente em jogo é a necessidade de recomposição das estruturas gramaticais perdidas na fase inicial do processo de aquisição precária da língua do grupo dominante por uma comunidade de falantes adultos dos grupos dominados. Portanto, o fator que determina inicialmente a intensidade do processo de transmissão linguística irregular (do que depende a ocorrência, ou não, de uma reestruturação original da gramática) é a intensidade da erosão gramatical que se dá no momento inicial do contato, em função do pouco acesso aos modelos da língua que se impõe socialmente – a *língua alvo*. Para que haja a reestruturação original que caracteriza os processos de pidginização e crioulização, é preciso que o acesso aos modelos da língua alvo seja igualmente restrito durante o período de formação dessa nova comunidade de fala, o que é determinado por situações sociolinguísticas bem específicas, como as

[13] Uma formulação algo semelhante é feita por John Holm (2004), através do conceito de *reestruturação linguística parcial*.

encontradas em algumas sociedades de *plantation* ou em comunidades quilombolas. Tais situações podem ser sumariamente descritas da seguinte forma:

i. a retirada de populações de seu contexto cultural e linguístico de origem, como ocorreu com o tráfico negreiro;

ii. a concentração de um grande contingente linguisticamente heterogêneo sob o domínio de um grupo dominante numericamente muito inferior (a referência nas situações típicas de crioulização seria a proporção de pelo menos dez indivíduos dos grupos dominados para cada indivíduo do grupo dominante);

iii. a segregação da comunidade que se forma na situação de contato.

Da superioridade numérica do substrato e da segregação da nova comunidade linguística resulta o pouco acesso dos falantes das outras línguas e de seus descendentes aos modelos gramaticais da língua alvo, o que cria as condições para a introdução de novos elementos gramaticais, sejam esses elementos provenientes da gramática da(s) língua(s) do substrato (Lefebvre 1998 e Lumsden 1999), sejam eles o resultado de processos de gramaticalização orientados pelos dispositivos inatos da faculdade da linguagem, que ocorreria durante o processo de nativização (Bickerton 1981, 1984 e 1999). Portanto, o grau de reestruturação gramatical ocorrido nos processos de transmissão linguística irregular é proporcional a esses fatores sócio-históricos e demográficos, pois a originalidade da estrutura gramatical das línguas pidgins e crioulas decorre da impossibilidade de os seus falantes assimilarem os elementos gramaticais da língua alvo, devido à situação de exploração, repressão e segregação a que são submetidos.

Já em um contexto sócio-histórico diferente, um maior acesso dos falantes das outras línguas e/ou de seus descendentes aos modelos gramaticais da língua alvo inibe os processos de transferência de substrato e de gramaticalização, cruciais para a formação das línguas pidgins e crioulas. Portanto, a maior diferença entre os processos típicos de pidginização e crioulização, que representam os casos mais radicais de transmissão linguística irregular, e os processos de transmissão linguística irregular mais leve é que, no primeiro caso, a gramática da variedade linguística que se forma na situação de contato é formada basicamente por elementos exógenos, enquanto, no segundo caso, os elementos gramaticais da língua do

grupo dominante suplantam eventuais processos embrionários de gramaticalização e de transferência do substrato.

Porém, não se deve deixar de ter em conta que, em ambos os casos, ocorre a erosão da morfologia que caracteriza a sintaxe aparente da língua alvo, nas variedades de segunda língua que logo se formam entre os falantes adultos dos grupos dominados (Siegel 2008). Mesmo que essa erosão também seja mais leve, ela não deixa de alcançar aqueles elementos que são mais comumente afetados nas situações de contato maciço entre línguas: a morfologia verbal de pessoa e número, a concordância nominal de gênero e número e a flexão de caso dos pronomes pessoais. No que concerne a esses elementos também cabe uma distinção entre os casos de crioulização e os casos mais leves de transmissão linguística irregular. No primeiro caso, esses elementos são virtualmente eliminados (ressurgindo de modo incipiente no processo de descrioulização); no segundo caso, o que se observa é um amplo processo de variação no uso de tais elementos gramaticais, sem ocorrer a sua eliminação total.

Assim formulado, o conceito de *transmissão linguística irregular* pode dar conta de um amplo espectro de contextos sociolinguísticos presentes na história do inglês, espanhol e do português na América, para além das situações típicas de crioulização, que se concentraram na região do Caribe e seu entorno. Na transplantação das línguas europeias para o continente americano, ocorreram muitas situações de contato linguístico que guardam características em comum com aquelas em que vicejaram línguas reconhecidamente crioulas. Sendo evidentes os radicais efeitos do contato sobre a estrutura das línguas europeias nas situações de crioulização, não é razoável postular que situações de contato muito semelhantes não tenham afetado a formação das variedades populares do inglês, do espanhol ou do português no continente americano, ou que esse efeito se restringiu à mera aceleração de tendências evolutivas já previstas na deriva secular dessas línguas. Assim, algumas variedades do inglês, como o inglês negro norte-americano (*Black English* ou *Afro-American Vernacular English*) e algumas variedades do espanhol popular em vários pontos do continente americano apresentam atualmente traços linguísticos claramente de tipo crioulo, tais como a ausência de cópula, a simplificação da morfologia flexional, e até mesmo processos embrionários de gramaticalização de partículas de tempo, modo e aspecto (Holm 2004 e Lipski 2008), sem se constituírem como uma língua propriamente crioula, ou seja, uma língua qualitativamente distinta da variedade padrão do espanhol ou do inglês.

No cenário atual das variedades populares do português no Brasil, também podemos encontrar fenômenos de variação linguística envolvendo a morfologia flexional que apontam claramente para processos pretéritos de mudança linguística induzidos pelo contato entre línguas que marcam as origens dessas variedades da língua portuguesa no Brasil.

4. REFLEXOS DO CONTATO ENTRE LÍNGUAS NO CENÁRIO SOCIOLINGUÍSTICO ATUAL PORTUGUÊS BRASILEIRO CONTEMPORÂNEO

O português popular brasileiro exibe hoje processos de variação que se encaixam nos processos de mudança estrutural que são desencadeados nas situações de contato entre língua, no sentido em que temos argumentado aqui. Um dos aspectos mais notáveis é a redução na flexão de pessoa e número dos verbos. É bem verdade que, na norma culta brasileira, a flexão de pessoa e número do verbo se reduziu em função de alteração na pauta dos pronomes pessoais, mas nada comparável à maciça variação que afeta a morfologia verbal de pessoa e número nas variedades populares do português brasileiro, independentemente de qualquer mudança na pauta dos pronomes pessoas. Essa variação na morfologia flexional do verbo é ainda mais intensa nas comunidades rurais formadas por descendentes diretos de escravos africanos que se mantiveram isoladas, por muito tempo, em remotas regiões do interior do Brasil. Nessas comunidades, como é o caso da comunidade de Helvécia[14], a variação pode atingir todas as pessoas do discurso, inclusive a 1ª pessoa do singular como representado, esquematicamente, no quadro abaixo:

Norma Padrão	Norma Culta	Norma Popular	Afro-Brasileiro
eu trabalho	eu trabalho	eu trabalho	eu trabalho(a)
tu trabalhas	você trabalha	tu/você trabalha	tu trabalha
ele trabalha	ele trabalha	ele trabalha	ele trabalha
nós trabalhamos	nós trabalhamos	nós trabalha(mo(s))	nós trabalha(mo(s))
vós trabalhais	vocês trabalham	vocês trabalha(m)	vocês trabalha(m)
eles trabalham	eles trabalham	eles trabalha(m)	eles trabalha(m)

Quadro 1: o paradigma da flexão de pessoa e número do verbo em diferentes normas do português do Brasil[15]

[14] Ver nota 11.

[15] Nas colunas da norma popular e do português afro-brasileiro, os parênteses indicam o processo de variação, sendo que a variante entre parênteses é a menos frequente. A variação na norma culta não é registrada porque a ausência de flexão não ultrapassa a frequência de cinco por cento.

Tomando como base a norma difundida pela tradição gramatical (a *norma padrão*, apresentada na primeira coluna do quadro acima), a chamada *norma culta* (representada na segunda coluna do quadro acima), utilizada pela elite letrada do Brasil (normalmente, com nível superior de escolaridade), exibe uma simplificação decorrente, por um lado, do uso generalizado do *você*(*s*) como pronome pessoal, fazendo com que as formas verbais da 2ª pessoa do singular e do plural tenham-se tornado obsoletas na maior parte do território brasileiro. Além disso, o crescente uso da forma nominal *a gente* como pronome da 1ª pessoa do plural, em substituição a forma canônica *nós*, sobretudo na língua falada, reduziu em muito o emprego da forma verbal específica dessa pessoa do discurso, já que a forma a gente se combina com a forma não marcada da 3ª pessoa do singular (*a gente trabalha*). Porém, não se observa qualquer variação significativa no emprego da regra de concordância verbal nesse segmento social. Análises empíricas sobre a variação no emprego da regra de concordância verbal junto a brasileiros considerados cultos revelaram isso. Tal é caso do estudo de Diva Graciosa (1991) junto a falantes da cidade do Rio de Janeiro, com curso universitário completo, que registrou um nível de ausência de aplicação da regra de concordância junto a 3ª pessoa do plural (do tipo: *eles trabalha*) de apenas seis por cento do total de ocorrências analisadas[16].

Já nas variedades populares do português brasileiro, a variação na concordância verbal envolvendo as marcas de plural do verbo, em todas as pessoas do discurso (exemplos: *nós trabalha*; *vocês trabalha*; *eles trabalha*), é um fenômeno muito significativo, com a ausência dessas marcas da ordem de 50% na fala de indivíduos com pouca ou nenhuma escolaridade nos centros urbanos; índice que sobe para quase 80%, na linguagem popular do interior do país em suas regiões mais pobres, como a região nordeste, e passa dos 80% de falta de concordância na fala das comunidades rurais isoladas formadas por descendentes diretos de escravos africanos (Lucchesi 2004 e 2007, Lucchesi, Baxter e Silva 2009). Essa disparidade entre a norma culta e as normas populares, que caracteriza a *polarização sociolinguística do Brasil*, não pode ser explicada por uma deriva secular da língua

[16] Na verdade, a frequência de não aplicação da regra nessa estrutura é de apenas 4%, ficando, portanto, abaixo do nível mínimo de cinco por cento definido por Labov (2003) para reconhecer um processo de variação estruturada na gramática da comunidade de fala. A elevação para seis por cento se deve ao significativo índice de 35% de falta de concordância em estruturas de posposição do sujeito, particularmente com os chamados *verbos inacusativos*, como exemplificado na seguinte frase: *Surgiu alguns problemas ultimamente.*

portuguesa, encontrando uma explicação mais plausível nas mudanças induzidas pelo contato que estariam na origem das variedades populares do português brasileiro, enquanto que a fala de sua elite letrada só teria sido afetada indiretamente por esse processo (Lucchesi 1994, 2002a, 2002b e 2006).

A variação na concordância nominal de número no Sintagma Nominal (como em: *só esses meus primo* e *umas coisa velha*) é outro processo amplo de variação que relaciona as variedades populares do português do Brasil, com o contato entre línguas. Nas comunidades rurais afro-brasileiras isoladas, a falta de concordância de número no SN ocorre em mais de noventa por cento das ocorrências. Esse quadro aproxima mais essas variedades dos crioulos portugueses da África e da Ásia do que da norma linguística dos falantes escolarizados dos grandes centros urbanos, que fazem a concordância nominal em pelo menos setenta por cento dos casos. E quanto à concordância de número entre o predicativo e o sujeito e estruturas passivas (como em: ***essas coisas*** *são* ***caras*** e ***meus primos*** *foram* ***escolhidos***), pode-se dizer que esse mecanismo está virtualmente ausente na fala atual das comunidades afro-brasileiras isoladas, enquanto que, na fala de falantes com escolaridade média nos centros urbanos, a aplicação da regra de concordância fica em torno de 50% dos casos (Lucchesi 2008c). Tanto no nível do SN, quanto na relação entre o sujeito e o seu predicativo, as pesquisas sociolinguística realizadas revelaram que o contato entre línguas produziu uma violenta erosão morfossintática nas variedades populares do português do Brasil (em contraste com o que se observa nos segmentos do topo da pirâmide social), o que põe em evidência o cenário da polarização sociolinguística do Brasil.

Outro processo de erosão morfossintática que o contato entre línguas produziu na formação das variedades populares do português do Brasil é a falta de flexão de caso nos pronomes (como em: *ele viu* ***eu*** e *Maria encontrou* ***nós*** *na feira*). Diferentemente do que ocorre na norma culta brasileira, em que a ausência flexão se restringe ao pronome da 3ª pessoa (como em: *João avisou* ***ela*** *do problema*), em função das características nominais desse pronome (que, como os nomes, exibe flexão de número e gênero: *ele*/*eles*/*ela*/*elas*), na fala popular a falta de flexão atinge, como nos processos de crioulização, todos os pronomes, extrapolando os limites de supostas propensão estruturais (Lucchesi e Mendes 2009).

Portanto, pode-se concluir que, nos casos de transmissão linguística irregular de tipo leve, como o que caracteriza a formação histórica do português popular

brasileiro, as mudanças induzidas pelo contato se concentrariam no nível da erosão morfossintática, sem, contudo, levar à eliminação dos mecanismos gramaticais, como ocorre na crioulização típica, mas produzindo um amplo e profundo processo de variação, como o observado nas variedades populares do português do Brasil. Já a gramaticalização e a transferência de estruturas gramaticais das línguas do substrato, que caracterizam a crioulização, praticamente não ocorreriam na transmissão linguística irregular de tipo leve. Por isso, nesses casos, o resultado é a formação de uma variedade popular da língua dominante, e não uma língua nova, com uma gramática qualitativamente distinta, como ocorre na crioulização. Não obstante, é possível pensar na ocorrência de processos de reestruturação original da gramática, mais típicos da crioulização, em variedades populares do português brasileiro, de forma mais marginal e periférica.

Tal é o caso da chamada *alternância dativa*. Na gramática das comunidades rurais afro-brasileiras isoladas, bem como em algumas outras variedades populares do português do Brasil, é possível encontrar ao lado da estrutura canônica de dativo em português – a construção de dativo preposicionado (CDP), exemplificada em (1) –, a construção de objeto duplo (COD), exemplificada em (2):

(1) Eu dei *o remédio* **aos meninos**.
(2) Eu dei **os menino** *o remédio*.

A COD, que está presente nas línguas germânicas, como o inglês e o holandês, não faz parte do repertório gramatical das línguas românicas, tanto que, para um falante brasileiro urbano escolarizado, a construção exemplificada em (2) se apresenta como *agramatical*. Dessa forma, a presença da COD em variedades populares do português brasileiro pode ser vista como um caso de reestruturação original da gramática desencadeado pelo contato linguístico (Lucchesi e Mello 2009). Essa hipótese é reforçada pelo fato de que a COD é geral entre as línguas crioulas, mesmo aquelas derivadas de línguas românicas, como pode ser visto no exemplo (3), retirado do fa d'ambu, um crioulo de base lexical portuguesa falado na Ilha de Ano Bon, no Golfo da Guiné, na África:

(3) Malía da pe-d'eli tabaku.
(lit.: Maria deu pai-dela tabaco)
'Maria deu tabaco ao pai dela.'

5. CONCLUSÃO

Apesar da polêmica que cerca a questão até os dias atuais, a hipótese de que as características que distinguem atualmente as variedades populares em face da chamada norma culta, no Brasil, derivam de processos de variação e mudança induzidos pelo contato entre línguas, em um contexto de transmissão linguística irregular de tipo leve, apresenta-se como a mais consistente e promissora. O desenvolvimento dos estudos acerca das situações de contato entre línguas ao redor do mundo nas últimas décadas associado às pesquisas sociolinguísticas e de história social da língua realizadas no Brasil no mesmo período abre um amplo campo para a investigação linguística no Brasil, cujas grandes frentes seriam:

i. uma ampla pesquisa historiográfica e de demografia histórica para precisar os contextos sociolinguísticos em que se deu o contato entre línguas no Brasil, desde o início de sua colonização;

ii. uma vigorosa pesquisa empírica nas comunidades rurais isoladas formadas por descendentes diretos de escravos africanos e de aldeias de índios aculturados pelo interior do país para rastrear os reflexos mais notáveis do contato entre línguas no Brasil;

iii. a realização de estudos panorâmicos da realidade sociolinguística do país, cotejando as diferentes variedades do português (português afro-brasileiro, português rural, português popular, português culto) para definir as clivagens sociais (tais como urbano/rural; culto/popular; etc.) e as tendências de mudança em curso atualmente (tais como: os efeitos do êxodo rural; os processos de difusão linguística a partir dos grandes centros urbanos; a influência dos meios de comunicação de massa, etc.).

Não obstante a existência de campos tão promissores de investigação, para que a pesquisa sobre a relevância do contato entre línguas na história sociolinguística do Brasil possa se desenvolver plenamente, é crucial que se faça valer, para essa questão, o princípio fundador da Sociolinguística de que *a estrutura de uma língua e a sua história devem ser analisadas na interação com as estruturas sociais em que essa língua tem sido usada*. Além disso, é preciso superar a força inercial de certos modelos teóricos de evolução interna da língua que remontam aos primór-

dios da ciência da linguagem e que, hoje, nos marcos atuais de desenvolvimento teórico da linguística contemporânea, assemelham-se mais a estereótipos do *senso comum* do que propriamente a formulações científicas.

Referências bibliográficas

Baxter, A. / D. Lucchesi (1997): «A relevância dos processos de pidginização e crioulização na formação da língua portuguesa no Brasil», *Estudos Lingüísticos e Literários* 19, 65-83.

Baxter, A. / D. Lucchesi (1999): «Un paso más hacia la definición del pasado criollo del dialecto afro-brasileño de Helvécia (Bahia)», em K. Zimmermann (ed.), *Lenguas criollas de base lexical española y portuguesa*. Madrid: Iberoamericana. 119-141.

Bickerton, D. (1981): *Roots of language*. Ann Arbor: Karoma.

Bickerton, D. (1984): «The Language Bioprogram Hypothesis», *Behavioural and Brain Sciences* 7, 173-203.

Bickerton, D. (1999): «How to acquire language without positive evidence: what acquisitionists can learn from Creoles?», em M. Degraff (ed.), *Language creation and language change: creolization, diachrony, and development.* Cambridge: The MIT Press, 49-74.

Câmara JR., J. M. (1975): *História e Estrutura da Língua Portuguesa*. Rio de Janeiro: Padrão.

Coelho, A. (1967[1880-1886]): «Os Dialectos Românicos ou Neo-Latinos na África, Ásia e América», *Boletim da Sociedade de Geografia de Lisboa*, 1-234.

Elia, S. (1979): *A unidade linguística do Brasil*. Rio de Janeiro: Padrão.

Graciosa, D. (1991): *Concordância verbal na fala culta carioca*. Rio de Janeiro: Universidade Federal do Rio de Janeiro.

Gandra, A. S. (2009): «A concordância verbal no português europeu rural», em K. Oliveira / H. Souza / L. Gomes (orgs.), *Novos tons de Rosa*. Salvador: EDUFBA, 142-161.

Guy, G. (1981): *Linguistic variation in Brazilian Portuguese: aspects of phonology, sintax and language history*. Pennsylvania: University of Pennsylvania.

Guy, G. (1989): «On the nature and origins of Popular Brazilian Portuguese», *Estudios sobre el Español de América y Linguística Afroamericana*, 227-245.

Holm, J. (1987): «Creole Influence on Popular Brazilian Portuguese», em G. Gilbert (ed.), *Pidgin and Creole Languages: essays in Memory of John E. Reinecke*. Honolulu: Univertsity of Hawaii Press, 406--429.

Holm, J. (1992): «Popular Brazilian Portuguese; a semi-creole», em E. D'Andrade / A. Kihm (orgs.), *Actas do Colóquio sobre Crioulos de Base Lexical Portuguesa*. Lisboa: Colibri, 37-66.

Holm, J. (2004): *Languages in contact: the partial restructuring of vernaculars*. Cambridge: Cambridge University Press.

Labov, W. (1982): «Building on empirical foundations», em W. P. Lehmann / Y. Malkiel (eds.), *Perspectives on historical linguistics*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins, 17-92.

Labov, W. (2003): «Some sociolinguistic principles», em C. B. Paulston / G. R. Tucker (eds.), *Sociolinguistics: the essential readings*. Oxford: Blackwell, 235-250.

Lefebvre, C. (1998): *Creole genesis and the acquisition of grammar: the case of Haitian Creole*. Cambridge: Cambridge University Press.

Lightfoot, D. (1979): *Principles of diachronic syntax*. Cambridge: Cambridge University Press.

Lipski, J. (2008): *Afro-Bolivian Spanish*. Madrid: Iberoamericana.

Lucchesi, D. (1994): «Variação e norma: elementos para uma caracterização sociolinguística do português do Brasil», *Revista Internacional de Língua Portuguesa* 12, 17-28.

Lucchesi, D. (1998): «A constituição histórica do português brasileiro como um processo bipolarizado: tendências atuais de mudança nas normas culta e popular», em S. Grobe / K. Zimmermann (eds.), *«Substandard» e mudança no português do Brasil*. Frankfurt am Main: TFM, 73-100.

Lucchesi, D. (2000): «O português se teria crioulizado no Brasil? – refletindo sobre uma velha questão», *ABP* 2, 25-43.

Lucchesi, D. (2001): «As duas grandes vertentes da história sociolinguística do Brasil», *DELTA* 17:1, 97-130.

Lucchesi, D. (2002a): «Grandes territórios desconhecidos», *Linguística* 14, 191-222.

Lucchesi, D. (2002b): «Norma linguística e realidade social», em M. Bagno (org.), *Linguística da norma*. São Paulo: Loyola, 63-92.

Lucchesi, D. (2003): «O conceito de transmissão linguística irregular e o processo de formação do português do Brasil», em C. Roncarati / J. Abraçado (orgs.), *Português brasileiro: contato linguístico, heterogeneidade e história*. Rio de Janeiro: 7Letras, 272-284.

Lucchesi, D. (2004): «A participação do contato entre línguas na formação do português popular do Brasil: novas evidências empíricas», em M. Fernández / M. Fernández-Ferreiro / N. V. Veiga, *Los criollos de base ibérica*. Madrid: Iberoamericana, 215-226.

Lucchesi, D. (2006): «Parâmetros sociolinguísticos do português brasileiro», *Revista da ABRALIN* 5:1, 83-112.

Lucchesi, D. (2007): «Alterações no quadro dos pronomes pessoais e na aplicação da regra de concordância verbal nas normas culta e popular como evidências da polarização sociolinguística do Brasil e da relevância histórica do contato entre línguas», *Linguística* 19, 52-87.

Lucchesi, D. (2008a): «Aspectos gramaticais do português brasileiro afetados pelo contato entre línguas: uma visão de conjunto», em C. Roncarati / J. Abraçado (orgs.), *Português brasileiro II: contato linguístico, heterogeneidade e história*. Niterói: EDUFF, 366-390.

Lucchesi, D. (2008b): «Africanos, crioulos e a língua portuguesa», em I. S. Lima / L. Carmo (orgs.), *História social da língua nacional*. Rio de Janeiro: Casa de Rui Barbosa, 151-180.

Lucchesi, D. (2008c): «A concordância nominal em estruturas passivas e de predicativo do sujeito em comunidades rurais afro-brasileiras isoladas no contexto da história sociolingüística do Brasil», em S. Votre / C. Roncarati (orgs.), *Anthony Julius Naro e a lingüística no Brasil: uma homenagem acadêmica*. Rio de Janeiro: 7Letras, 148-168.

Lucchesi, D. (2009): «História do Contato entre Línguas no Brasil', em D. Lucchesi / A. Baxter / I. Ribeiro (orgs.), *O Português Afro-Brasileiro*. Salvador: EDUFBA, 41-73.

Lucchesi, D. (2012): «A diferenciação da língua portuguesa no Brasil e o contato entre línguas», *Estudos de Lingüística Galega 4,* 45-65.

Lucchesi, D. / A. Baxter (2006): «Processos de crioulização na história sociolingüística do Brasil», em S. Cardoso / J. Mota / R. V. Mattos e Silva (orgs.), *Quinhentos anos de história lingüística do Brasil*. Salvador: Secretaria da Cultura e Turismo do Estado da Bahia, 163-218.

Lucchesi, D. / A. Baxter (2009): «A Transmissão Linguística Irregular», em D. Lucchesi / A. Baxter / I. Ribeiro (orgs.), *O Português Afro-Brasileiro*. Salvador: EDUFBA, 101-124.

Lucchesi, D. / A. Baxter / J. Silva (2009): «A concordância verbal», em D. Lucchesi / A. Baxter / I. Ribeiro (orgs.), *O Português Afro-Brasileiro*. Salvador: EDUFBA, 331-372.

Lucchesi, D. / A. Baxter / J. Silva / C. Figueiredo (2009): «O português afro-brasileiro: as comunidades de fala analisadas», em D. Lucchesi / A. Baxter / I. Ribeiro (orgs.), *O Português Afro-Brasileiro*. Salvador: EDUFBA, 75-100.

Lucchesi, D. / C. Mello (2009): «A alternância dativa», em D. Lucchesi / A. Baxter / I. Ribeiro (orgs.), *O Português Afro-Brasileiro*. Salvador: EDUFBA, 427-456.

Lucchesi, D. e E. Mendes (2009): «A flexão de caso dos pronomes pessoais», em D. Lucchesi / A. Baxter / I. Ribeiro (orgs.), *O Português Afro-Brasileiro*. Salvador: EDUFBA, 471-488.

Lumsden, J. (1999): «Language acquisition and creolization», em M. Degraff (ed.), *Language creation and language change: creolization, diachrony, and development*. Cambridge: The MIT Press, 129-157.

Mattoso, K. (2003): *Ser escravo no Brasil*, 3ª ed. São Paulo: Brasiliense.

Mendonça, R. (1933): *A influência africana no português do Brasil.* Rio de Janeiro: Sauer.

Monteiro, J. M. (1995): *Negros da terra, índios e bandeirantes nas origens de São Paulo*. São Paulo: Companhia das Letras.

Mussa, A. (1991): *O papel das línguas africanas na história do português do Brasil.* Rio de Janeiro: Universidade Federal do Rio de Janeiro.

Naro, A. / M. Scherre (1993): «Sobre as origens do português popular do Brasil», *DELTA* 9:especial, 437-454.

Naro, A. / M. Scherre (200?): «Variable Concord in Portuguese: the situation in Brazil and Portugal», em J. Whorter (org.), *Language Change and Language Contact in Pidgins and Creoles*, Amsterdam/Philadelphia, 235-255.

Narro, A. / M. Scherre (2003): «O conceito de transmissão linguística irregular e as origens estruturais do português brasileiro: um tema em debate», em C. Roncarati / J. Abraçado (orgs.), *Português brasileiro: contato linguístico, heterogeneidade e história*. Rio de Janeiro: 7Letras, 285-302.

Naro, A. / M. Scherre (2007): *Origens do português brasileiro*. São Paulo: Parábola.

Naro, A. / M. Scherre (2009): «Sobre as origens estruturais do português brasileiro – o garimpo continua», em A. M. Carvalho (org.), *Português em Contato*. Madrid: Iberoamericana, 131-152.

Parkvall, M. / L. A. López (2003): «Português vernáculo brasileiro e a hipótese da semi-crioulização», *Revista da ABRALIN* 2:1, 111-152.

Raimundo, J. (1933): *O elemento afro-negro na língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Renascença.

Revah, I. S. (1963): «La question des substrats et superstrats dans le domaine linguistique brésilien», *Romania* 84, 433-450.

Ribeiro, D. (1995): *O povo brasileiro: evolução e sentido do Brasil*. São Paulo: Companhia das Letras.

Rodrigues, A. D. (2006): «As outras línguas da colonização do Brasil», em S. Cardoso / J. Mota / R. V. Mattos e Silva (orgs.), *Quinhentos anos de história linguística do Brasil*. Salvador: Secretaria da Cultura e Turismo do Estado da Bahia, 143-161.

Rodrigues, N. (2004): *Os africanos no Brasil*, 8ª ed. Brasília: Editora Universidade de Brasília.

Rougé, J.-L. (2008): «A inexistência de crioulo no Brasil», em J. L. Fiorin / M. Petter (orgs.), *África no Brasil: a formação da língua portuguesa*. São Paulo: Contexto, 63-74.

Sapir, E. (1954[1921]): *A linguagem: introdução ao estudo da fala*. Trad.: J. M. Câmara Jr. Rio de Janeiro: Instituto Nacional do Livro.

Siegel, J. (2008): *The Emergence of Pidgin and Creole Languages*. Oxford: Oxford University Press.

Silva Neto, S. (1963[1951]): *Introdução ao estudo da língua portuguesa no Brasil*, 2ª ed. Rio de Janeiro: INL.

Silva Neto, S. (1988 [1957]): *História da língua portuguesa no Brasil*, 5ª ed. Rio de Janeiro: Presença.

CONTACTO GALEGO-CASTELÁN E CAMBIO NO LÉXICO DO CORPO HUMANO

Marta Negro Romero
Instituto da Lingua Galega -
Universidade de Santiago de Compostela

No presente artigo analizaremos cuantitativamente os castelanismos introducidos no campo semántico das partes do corpo humano*. O emprego de métodos cuantitativos no estudo da variación lingüística estivo restrinxido durante moito tempo ao ámbito da sociolingüística, xa que no campo da dialectoloxía sempre houbo reticencias á hora da súa aplicación. No caso galego, o primeiro estudo que emprega métodos estatísticos para analizar as falas galegas foi realizado por Xulio Sousa e data do ano 2006, ano no que ve a luz outro traballo máis extenso das mesmas características da autoría de Rosario Álvarez, Francisco Dubert e do propio Xulio Sousa. O profesor Henrique Costas (2011) emprega tamén este método para analizar o grao de proximidade entre as falas do Val do Ellas e as falas galegas, portuguesas, asturleonesas e castelás. A novidade do noso estudo consiste en utilizar a estatística para realizar unha análise do contacto galego-castelán.

Decidimos traballar sobre as partes do corpo humano porque consideramos que os resultados obtidos axudan a comprender mellor o contacto nun campo semántico constituído por formas de uso frecuente (ou moi frecuente) na fala común, xa que as partes do corpo, como di Juliá (2007: 104), «son una parte fundamental en la comunicación, situación y relación del ser humano con su entorno y con los demás seres humanos». É dicir, a introdución de termos foráneos neste campo semántico non pode explicarse pola necesidade de denominar unha nova realidade debido a que «todos temos corpo». Por este mesmo motivo, a ausencia de resposta nalgunha das cuestións empregadas nesta investigación tampouco pode xustificarse mediante o argumento de que o informante se atopa perante unha realidade descoñecida, á diferenza do que sucede con outro tipo de léxico. Pensemos, por exemplo, nos mapas etnográficos que presentan en numerosas ocasións puntos sen resposta debido ás diferenzas ambientais e culturais existentes ao longo do territorio entrevistado. No campo semántico do corpo humano a falta de resposta pode deberse simplemente a que o falante non posúe unha denominación específica para esa parte do corpo ou a que non a dixo en situación de entrevista.

* Queremos agradecer aos profesores Rosario Álvarez, Francisco Dubert e Xulio Sousa a súa valiosa axuda ao longo do proceso de elaboración do presente artigo. A Xulio Sousa debémoslle ademais a elaboración dos mapas de distribución de castelanismos que presentamos na penúltima epígrafe.

O estudo do léxico das partes do corpo suscitou e suscita interese en numerosas linguas desde distintos puntos de vista (lexicolóxico, semántico e histórico-etimolóxico). Porén, no caso do galego non atopamos moitos traballos que traten con certa extensión este campo semántico[1], aínda que contamos con numerosos datos do *Atlas Lingüístico Galego* (*ALGa*), que son de grande axuda para a realización de investigacións. De feito, os trinta mapas que serven de base a este estudo foron elaborados a partir dos datos do volume v do *ALGa* (2005), adicado ao léxico do ser humano.

Polo tanto, neste traballo realizaremos unha primeira aproximación ao estudo cuantitativo dos castelanismos no léxico do corpo humano. En 1 falamos brevemente sobre os conceptos de interferencia vs. integración e de teito lingüístico e idioma cuberto; en 2 explicamos a metodoloxía empregada; en 3 presentamos os resultados obtidos e en 4 unhas breves conclusións.

1. O CASTELÁN COMO LINGUA TEITO E AS NOCIÓNS DE INTERFERENCIA E INTEGRACIÓN

Nos estudos sobre contacto lingüístico o primeiro que chama a nosa atención é a falta de acordo á hora de definir termos como *interferencia*, *préstamo* ou *cambio de código*. Nós non imos afondar nesta polémica principalmente por falta de espazo. Só faremos mención a unha serie de cuestións relacionadas coa interferencia e o préstamo que nos parecen relevantes.

En primeiro lugar, como xa constatara Weinreich (1974, cit. en Gugenberger, 2002: 1169, e neste mesmo volume), o contacto de linguas é un fenómeno que se sitúa no falante e no nivel da fala (*parole*). Kabatek di no seu traballo *Os falantes como lingüistas*:

> As interferencias son fenómenos da *fala*. Pertencen ó nivel individual dos textos ou discursos dunha lingua (á parole no sentido saussuriano). En canto elementos individuais que teñen a súa orixe no coñecemento doutra lingua (non na empregada no texto/discurso) son actos de fala *novos*; poden cambia-las tradicións dunha lingua e *crear* outras novas. Salvo casos especiais, as interferencias *feren* as normas dunha lingua, non corresponden á súa realización común (2000: 30).

[1] Hai que mencionar o traballo de Romero e Santos (2002) sobre as denominacións dos dedos e o noso propio sobre o léxico patrimonial das partes da cabeza no estándar (2009).

O que acontece, como constata o propio Kabatek (1996), é que moitas palabras acaban por entrar no sistema, na *lingua*, xunto ás formas autóctonas e xa non son recoñecidas como elementos esóxenos, isto é, constitúense en integrantes do sistema. Neste punto parécenos de interese a distinción entre *interferencia* e *integración* realizada por diversos autores. Mackey (1970, citado en Parga Valiña 1997: 791), por exemplo, sinala que a *interferencia* é o uso de elementos doutra lingua ou dialecto mentres se escribe ou se fala; e a *integración* é a incorporación nunha lingua ou dialecto de elementos doutra que pasan a ser norma xeral no uso desa lingua.

Nós empregaremos o termo *castelanismo* para referirnos ás voces de orixe castelá incorporadas no sistema lingüístico galego, posto que consideramos que as voces rexistradas na nosa investigación están plenamente integradas e deixaron de ser interferencias. Non podemos esquecer que o galego leva desde o século XV baixo a influencia do castelán, polo que algúns elementos casteláns están tan integrados que non se perciben xa como alleos. Nun traballo de campo que realizamos no ano 2002 sobre cambio lingüístico e variación no campo léxico da cabeza na vila de Agolada[2] (citarémolo a partir de agora como CLVLC), encontramos que a maioría dos entrevistados usaban o termo castelán *colmillo* para designar os dentes situados a ambos os lados dos incisivos sen ser conscientes da súa orixe foránea, é dicir, estaba totalmente integrado no sistema.

Dous factores son frecuentemente mencionados á hora de falar dos motivos polos que un idioma introduce unidades doutro para reemprazar unha unidade que é operativa no primeiro: necesidade e prestixio; a necesidade de denominar novas realidades e o prestixio da lingua doadora. En situacións de bilingüismo as razóns son máis complexas e hai que mencionar unha serie de factores, entre eles, sociolingüísticos: a intensidade do contacto, a presión cultural e as actitudes lingüísticas.

> Intensity of contact is a function of factors such as demographic ratios, the sociopolitical relationships between the groups, the length of the contact, and the degree of bilingualism across groups. Cultural pressure is a function of the social motivations that promote the adoption of foreign features into a group's L1. These include the social and economic

[2] Entrevistáronse dezaseis persoas, de ambos os sexos e de catro xeracións diferentes, que indicaron nunha primeira fase como denominaban oitenta partes da cabeza, e nunha segunda fase se coñecían determinadas denominacións e, en caso de coñecelas, os motivos polos que non as indicaran na primeira fase ou polos que non as empregaban.

> advantages that follow from such borrowing, among them social advancement, employment, educational opportunity, etc. Finally, degree of borrowing is dependent on the social values attached to each language, that is, their relative prestige, the degree of loyalty to each, and other ideologies regarding the tolerance of foreign interference or language mixture of any type (Winford 2003: 38-39).

Nesta altura parécenos interesante introducir dous conceptos cuñados por Muljačić (1991): o de *teito lingüístico* e o *de idioma cuberto*. Con estes dous conceptos o autor refírese a situacións nas que os falantes dunha lingua (*idioma cuberto*) se ven obrigados a aprender na escola o estándar doutra lingua (*teito lingüístico*) ou realizan unha substancial porcentaxe dos seus actos de fala noutra lingua hexemónica. Se o grao de proximidade entre as linguas é grande, non só lingüística senón tamén social, os falantes do *idioma cuberto* introducirán espontaneamente formas da variedade *teito*, que consideran a súa variedade «culta». É dicir, a proximidade entre as dúas linguas vai facilitar a introdución de formas da lingua teito no idioma cuberto, posto que as palabras integradas van quedar moi facilmente diluídas no sistema lingüístico de acollida e os falantes perden totalmente a consciencia de seren formas pertencentes a outra lingua.

Precisamente a consideración do castelán como variedade culta deu lugar á restrición semántica da palabra autóctona, proceso que é frecuente no campo semántico do corpo humano. En numerosas ocasións a palabra galega asociouse ao vulgar, ao familiar, e o castelanismo ao respecto, á formalidade, como ben indica no seguinte fragmento B. Fernández Salgado (2004: 503):

> O galegofalante ve no termo castelán (*carne de *cerdo, carne de *ternera, *acostarse*…) unha denominación de rexistro lingüístico medio sen connotacións pexorativas, connotacións que si lle parecen que teñen as palabras da súa fala normal *porco*, *cocho*, *becerro*, *xato*, *deitarse*…, e que non senten como respectuosas. En última instancia, o castelán é para moitos galegofalantes a lingua do decoro, da delicadeza e a lingua culta, a do prestixio, da cal poden botar man cando a situación comunicativa así llo dicta.

Tal e como explica Winford (2003: 58): «another effect of heavy lexical borrowing may be the creation of distinct choices of vocabulary reflecting different levels of style, when both native and imported words are retained».

Por tanto, a entrada da forma foránea pode provocar que o termo autóctono acabe restrinxindo o seu significado sen chegar a ser eliminado, isto é, non sempre

se dan procesos substitutivos (por exemplo, *Deus* por *Dios*). Se se consulta o mapa de *ril* no volume v do *ALGa* (mapa nº 64), nas notas sinálase que en corenta dos cento setenta e sete puntos enquisados se utiliza *ril* para referirse ao do porco. Noutros dous puntos indícase que hai diferenza de significado entre *ril* e *riñón*, aínda que non se especifica, pero supomos que a diferenza será a mesma que a dos outros corenta puntos, isto é, *ril* designa o órgano dos porcos e *riñón* o dos humanos. Esta especialización no uso dos dous termos estanos a indicar que *riñón* xa pertence ao sistema, tal e como comentamos antes a respecto de *colmillo*.

A influencia do *teito* castelán sobre o galego tamén se percibe cando en galego existen dous ou máis sinónimos, un coincidente, ou case coincidente, co castelán e outro diferente. A tendencia histórica foi a de privilexiar a forma coincidente coa castelá, como sucede, por exemplo, no par *fronte* – *testa*. No traballo de campo ao que nos referimos antes, só un dos entrevistados de máis idade respondeu *testa*, o resto dixo **frente*. Se acudimos ao *ALGa*, observamos que a mediados dos 70 a forma **frente* convivía xa con *testa* en moitos dos puntos de enquisa.

Mais esta tendencia parece estar a ser invertida na actualidade debido á presenza do galego na escola e nos medios de comunicación (González 1994: 97), isto é, pasouse a primar a solución diferencial tal e como indicaba Muljačić, sobre todo entre os falantes máis cultos e na escrita. De todos os xeitos, a influencia da escola na recuperación de voces autóctonas é moito menor do que se puidera pensar inicialmente (Santamarina 1995: 84), xa que como nós mesmos tivemos ocasión de verificar no traballo referido antes sobre CLVLC, as persoas escolarizadas en galego coñecían as formas autóctonas mais en contados casos as empregaban na súa vida diaria, aínda que fosen galegofalantes (por exemplo, coñecían termos como *pálpebra* e *fazulas*, pero empregaban **párpado* e **mejillas*).

2. METODOLOXÍA

A aplicación da estatística no estudo da xeolingüística supón, como sinalan R. Álvarez, F. Dubert e X. Sousa no seu estudo dialectómetrico sobre as falas galegas, «tratar de xeito global o conxunto dos datos dunha enquisa ou dun atlas lingüístico cunha finalidade clasificatoria» (2006: 462). Tal e como explican estes tres autores, nos estudos xeolingüísticos os *obxectos* analizados son os puntos de enquisa dun territorio, as *variables* son cada unha das preguntas sobre as que se ten información neses puntos e as respostas obtidas para cada pregunta son as *variantes*.

Os nosos *obxectos* de análise son os cento setenta e sete puntos de enquisa do *Atlas Lingüístico Galego* (*ALGa*), as *variables* son trinta preguntas das partes do corpo recollidas no volume v do *ALGa* e as *variantes* son as respostas a cada unha das preguntas. Para poder tratar cuantitativamente os datos tivemos que realizar en primeiro lugar un labor de taxación ou tipificación, isto é, representar os datos por medio de unidades taxatorias. Como o noso obxectivo é o de analizar os castelanismos, traballamos sempre con dous taxats, un para representar as formas galegas recollidas nesa pregunta e outro para os castelanismos (vid. cadro 1); é dicir, a tipificación realízase tendo en conta o trazo que se pretende analizar.

PREGUNTAS			
Corpo		**Dentes caninos**	
Respostas	Taxats	Respostas	Taxats
corpo	1	canteiros	1
cuerpo	2	dentes queiros	
		dentes cairos	
		dentequeiros	
		dentes cabeiros	
		dentes caninos	
		agullas	
		colmillos	2

Cadro 1. Exemplo de taxación de dúas preguntas do *ALGa*

É necesario ter en conta, tal e como indican H. Goebl (1992) e Dubert (2011), que os atlas lingüísticos son unha representación aproximada da realidade dialectal viva. No caso do *ALGa*, e seguindo as ideas lingüísticas da época que primaban a busca de pervivencias dialectais, considerouse que os *informantes idóneos* eran aqueles cun baixo nivel de estudos, nados no lugar da enquisa e que pasasen a maior parte da vida alí, con ascendentes e o cónxuxe tamén de alí e de idades superiores aos 60 anos en xeral. Polo tanto, ao eliminar determinado tipo de informantes, estase a perder outro tipo de información. A nosa base de datos «is a second-order abstraction, a more refined representation, given that it is produced by eliminating even more data» (Dubert 2011: 24).

De feito, nos puntos do *ALGa* onde se rexistra máis dunha resposta por cuestión, algo que é frecuente, o método esixe optar por unha, polo que hai

que decidir que trazos levar ao mapa, xa que os datos que quedan fóra deixan de caracterizar os puntos en que aparecen, de modo que se perden similitudes ou diferenzas. Nalgúns dos mapas do *ALGa* utilizados por nós rexístranse no mesmo punto a forma ou formas galegas ao pé do castelanismo e só nalgunhas ocasións indícase en nota que a forma galega é propia da xente maior ou que a forma castelá é propia da xente nova. A decisión que adoptamos foi a de priorizar sempre as denominacións galegas, polo que no resultado final destacarán máis os puntos que conservan formas galegas, aínda que estas convivan xa coas voces castelás, que figuran como respostas secundarias. Nalgúns mapas conviven a voz galega e a foránea unicamente en dous ou tres puntos, pero noutros, como no de *testa*, o número de puntos onde acontece isto é moito máis elevado, polo que somos conscientes de que se a decisión adoptada fose a de priorizar a voz foránea, a imaxe final de distribución de castelanismos sería outra sensiblemente diferente á observada no mapa 1 e que isto influiría nos índices finais.



Mapa 1. *Testa*

Como xa indicamos anteriormente, empregamos os datos do volume v do *ALGa* para crear a base. Os datos desta obra proceden das entrevistas realizadas por todo o territorio galego entre os anos 1974 e 1976. Neste volume encontramos oitenta cuestións (mapas son algúns máis porque o exceso de datos nalgunha das cuestións obrigou á realización de desdobramentos) sobre as denominacións das partes do corpo humano, das que empregamos trinta para a creación da nosa base (véxase o anexo). Os motivos que nos levaron a desbotar unha grande parte delas son diversos.

En primeiro lugar, desbotamos aqueles mapas con numerosos puntos sen resposta para evitar a distorsión nos datos da base, como os de *pestana*, *papo da orella*, *óso do pulso* e *papo do dedo*. Dos trintas mapas escollidos, dezanove teñen todos os puntos completos e só dous presentan oito puntos sen resposta. Os restantes mapas presentan principalmente un punto sen resposta. Nestes casos á hora de facer a análise exclúese o punto e calcúlanse os índices cun mapa menos, polo que deste xeito as faltas de resposta non contan como resposta distinta[3].

Tamén eliminamos os mapas de resposta única (*cabeza*, *cara*, *barba*, *brazo* e *puño*) por ser o obxectivo deste estudo a análise cuantitativa dos castelanismos. Por este mesmo motivo excluímos mapas que, sen ser de resposta única, só recollían formas galegas (*boca*, *labio*, *dentadura*, *sobaco*, *gorxa da comida*, *estómago*...). Igualmente quedaron fóra aqueles mapas onde o castelanismo só estaba presente en Le5 (Pombriego, Benuza), posto que este punto, como nos amosan os distintos volumes do ALGa, está moito máis próximo dos falares leoneses ca dos galegos, e consideramos que a inclusión de mapas como *ollo*, *dente*, *man* e *cu* desvirtuarían os resultados.

Por outra parte, non incluímos os cinco mapas das designacións dos dedos das mans porque moitas delas fan parte de recitados infantís e empréganse «como fórmula mnemotécnica na aprendizaxe das denominacións dos dedos das mans, e mesmo na percepción sensorial e motriz destes dedos, entre os nenos. Así, moitas das denominacións [...] teñen se cadra máis valor cultural que estrictamente denominativo» (Romero e Santos 2002: 306).

Tampouco utilizamos os mapas das denominacións dos órganos sexuais por ser as formas recollidas voces familiares empregadas só en contextos coloquiais.

Por último, decidimos non contar con aquelas cuestións nas que había mesturas nas respostas, isto é, as respostas non cadraban exactamente co que se preguntaba. Un exemplo témolo na cuestión *caluga*, onde hai termos que designan a 'caluga' e outros a 'pequena depresión existente entre o pescozo e a cabeza'. Noutros casos non

[3] A diferenza do que acontece no método dialectométrico de H. Goebl, onde o programa de ordenador VDM (*VisualDialectoMetry*) empregado para a análise conta as respostas en branco como diferenzas.

podemos falar exactamente de mesturas nas respostas, senón de voces que, aínda que designan o que se pregunta, posúen unha especificidade con respecto ás outras formas recollidas. Isto sucede coas denominacións dos dentes incisivos; o castelanismo **pala* adoita usarse cando os dentes son grandes, ao igual que as formas galegas *chavellos* e *sachos*, o que non sucede coas formas *dentes de diante* ou *dentes do lume*.

3. ANÁLISE DOS DATOS

Unha vez introducidos na base os datos dos trinta mapas seleccionados, realizamos os cálculos pertinentes para obter a porcentaxe de castelanismos para cada un dos puntos sobre a totalidade das respostas recollidas. Para a visualización cartográfica dos resultados, a trama de localidades converteuse nun mapa de polígonos (mapa de Voronoi-Thiessen), onde cada espazo representa cada un dos cento setenta e sete puntos de enquisa do *ALGa*[4]. Ademais, a utilización de cores na elaboración dos mapas (mapas coropletos) permite converter a variabilidade numérica nunha variabilidade cromática.

Decidimos segmentar o continuum de datos en varias agrupacións que nos deron como resultado mapas bastante semellantes, pero que serven para descubrir algunhas diferenzas.

No mapa 2 observamos que as localidades con maior número de castelanismos, entre 11 e 20, isto é, con índices de castelanización que van do 36,66% ao 66,66%, sitúanse nalgúns dos concellos do galego exterior (Carracedelo e Benuza en León; Porto en Zamora, e Coaña, Tapia de Casariego e A Veiga en Asturias) e na área de Ourense e Monforte de Lemos, cos seus arredores (A Pobra de Brollón, Ribas de Sil, Sober, Carballedo e O Pereiro de Aguiar). Na parte occidental os polígonos máis escuros correspóndense cos concellos de Ortigueira, Ferrol, Ares, Betanzos, Santiago de Compostela, Vedra, Cambados e Baiona. A seguir, podemos observar unha área compacta na metade oriental conformada por puntos que presentan entre 8 e 11 castelanismos, con índices de castelanización de entre o 26,66% e o 36,66%, que se estende desde a Mariña, continúa pola Terra Chá e chega ata a metade oriental da provincia de Ourense. Neste grupo tamén están A Coruña e arredores, así como Oroso e Val do Dubra. Pola contra, as áreas con menor número de castelanismos son a da Costa da Morte, unha franxa central que percorre Galicia de norte a sur, os puntos orientais de montaña (serras do Xistral,

[4] Para unha explicación detallada do método de elaboración dos mapas de polígonos véxase o artigo de João Saramago citado na bibliografía.

Courel e Os Ancares) e zonas limítrofes con Portugal (Baixa Limia, puntos do Baixo Miño e O Condado).



Mapa 2

No mapa 3 mantivemos practicamente igual a segmentación anterior, só que o último segmento, o que vai de 11 a 20 castelanismos no mapa anterior, dividiuse en dous, polo que no lugar de catro temos cinco divisións. Deste xeito Benuza e Carracedelo, ambos en León, son os concellos con maior número de castelanismos. De feito, en Benuza rexístranse 20 e en Carracedelo 18, o que nos dá unha porcentaxe de castelanización do 66,6% e do 60% respectivamente. O seguinte punto con máis castelanismos é A Veiga (Asturias), con 15 e unha media do 50%, polo tanto, os restantes puntos presentan índices de castelanización inferiores ao 50%, algo que cómpre ter presente. No segmento que vai de 10 a 15 castelanismos, con porcentaxes entre o 33,33% e o 50%, volvemos ter os tres puntos de Asturias que aparecían no mapa anterior e o concello lucense de

Trabada, as vilas e cidades occidentais indicadas antes e, de novo, as áreas ao pé de Ourense e Monforte, ademais dalgúns concellos da comarca de Valdeorras, xunto cos concellos de Ramirás e Padrenda, que conforman unha zona bastante compacta arredor do Sil e do tramo medio do Miño.



Mapa 3

No mapa 4, cunha segmentación aínda maior que o anterior (vai de dous en dous ata chegar ao tramo de 12 castelanismos), observamos que tras os concellos de Benuza e Carracedelo os máis castelanizados son Tapia de Casariego, A Veiga, Carballedo, Ferrol, Ares, Santiago de Compostela e Vedra, os cales presentan entre 12 e 15 castelanismos e porcentaxes de castelanización que van do 40% ao 50%. A seguir, están Ortigueira, As Pontes, Betanzos, Cambados, Baiona, Triacastela, A Pobra de Brollón, Ribas de Sil, Sober, O Pereiro de Aguiar, Monte-

derramo, Larouco, Vilariño de Conso e Rubiá, concellos onde se rexistran entre 10 e 12 castelanismos e, polo tanto, posúen índices de castelanización que van do 33,33% ao 40%. No segmento que vai de 8 a 10 castelanismos, con porcentaxes entre o 26,66% e o 33,33%, encontramos áreas arredor de Lugo, a Mariña lucense, a parte suroriental de Ourense e outra área que vai desde Sada e A Coruña cara a Santiago. O resto da xeografía presenta menos de 6 castelanismos, isto é, unha porcentaxe inferior ao 26,66%, situándose os valores máis baixos nas mesmas áreas sinaladas para o mapa 2.



Mapa 4

No mapa 5 podemos observar a desviación típica, é dicir, comprobar que puntos se desvían da media tanto por riba como por baixo, isto é, no noso caso que puntos presentan índices de castelanización por riba da media e cales por baixo. Os que se sitúan moi por riba da media por presentar moitos castelanismos son Carracedelo e Benuza, e moi por baixo, por presentar poucos, están os concellos de Corullón, Xermade, Avión, Lobios, A Cañiza e unha área compacta na Costa da Morte integrada polos concellos de Malpica, Ponteceso, Carballo, Vimianzo, Santa Comba e Mazaricos.



Mapa 5

No gráfico 1 amosamos a distribución agrupada dos castelanismos. A coordenada *y* representa cantos puntos posúen o número de castelanismos indicado en *x*. Case as tres cuartas partes dos cento setenta e sete puntos de enquisa do *ALGa* presentan entre seis e doce castelanismos (isto é, índices de castelanización de entre o 20% e o 40%); algo menos dunha cuarta parte sitúase entre un e cinco castelanismos (por debaixo do 20% de castelanización); o 5% dos puntos presenta de trece a quince castelanismos (índices que van do 40% ao 50%) e unha mínima parte, só tres puntos, supera os quince castelanismos (por riba do 50%). Polo tanto, practicamente a totalidade do territorio presenta menos de trece castelanismos, é dicir, sitúase por debaixo do 40% de castelanización.



Gráfico 1. Distribución agrupada dos castelanismos

4. CONCLUSIÓNS

Os tres mapas da anterior epígrafe permítennos descubrir unha maior concentración de castelanismos na metade oriental de Galicia, a excepción das áreas de montaña (serras do Xistral, Courel e Ancares) e da Baixa Limia. Ademais, destaca unha área compacta de castelanización nas terras de Lemos e Ourense.

Por outra banda, tamén observamos que Baiona, Cambados, Ferrol, Ares, Betanzos e Santiago presentan dos índices máis altos de castelanismos, por riba de cidades como A Coruña e Vigo (Vigo aínda presenta índices máis baixos que os da Coruña), dous polos de castelanización importantes na actualidade.

As áreas con menor índice de castelanización son a da Costa da Morte, unha franxa central que vai de norte a sur do territorio, os puntos orientais de montaña (serras do Xistral, Courel e Ancares) e zonas limítrofes con Portugal (Baixa Limia, puntos do Baixo Miño e O Condado).

Sería necesario traballar cun maior volume de datos para poder chegar a unha conclusión que sexa fiable, xa que non podemos esquecer que só empregamos trinta mapas dun campo semántico concreto e pode que os resultados obtidos sexan froito da casualidade. O que si nos permiten os datos é aventurar algunha hipótese sobre a maior presenza de castelanismos en determinadas áreas que terá que ser verificada con novos datos e coa consulta de fontes non só lingüísticas, polo que deixamos unha vía aberta a futuros traballos.

1. Unha vía importante de acceso a Galicia era a que pasaba por Porto e entraba por Pena Trevinca cara a Viana do Bolo, desde onde supomos que sairían distintos camiños. A mancha que sinalamos nos mapas arredor do Sil - Miño vai precisamente desde Porto e Viana do Bolo cara ao canón do Sil, sobre todo pola beira norte, e logo baixa polo Miño. Habería que estudar por onde pasaban exactamente estes camiños e a súa relevancia na entrada de formas foráneas.

2. Non podemos esquecer que a importancia de Vigo e A Coruña é recente. Betanzos foi capital de provincia; Ferrol foi o porto militar máis importante da Península durante séculos e Baiona do sur de Galicia e norte de Portugal, ademais de ter grande importancia a nivel militar, e de Santiago coñécese sobradamente a súa relevancia. É dicir, estes puntos occidentais do territorio galego destacaron a nivel administrativo, militar e relixioso, polo que non nos podemos levar a engano pola situación actual dalgúns deles á hora de analizar os resultados obtidos.

A distribución dos castelanismos, e tendo en conta o que acabamos de sinalar, non desmente a hipótese de que quizais nos atopamos perante un proceso de castelanización antigo e non recente. Ademais, podemos falar dunha vía xeográfica de entrada das voces foráneas que vai de oriente a occidente.

Referencias bibliográficas

Aliaga, J. L. (2003): «Dialectometría y léxico en las hablas de Teruel», *Estudios de lingüística* 17, 25-56.

ALGa = Álvarez, R. / F. Dubert / X. Sousa (coords.) (2005): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. v. Léxico. O ser humano (I)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.

Álvarez, R. / F. Dubert / X. Sousa (2006): «Aplicación da análise dialectométrica aos datos do Atlas Lingüístico Galego», en R. Álvarez / F. Dubert / X. Sousa (eds.), *Lingua e Territorio*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 461-493.

Blas Arroyo, J. L. (2000): *Gramáticas en contacto: un modelo de análisis variacionista para la desambiguación de los fenómenos de contacto en el discurso bilingüe catalán-español*. Muenchem: Lincom Europa.

Casanovas, M. (2002): «Modelos de incorporación léxica en un caso de contacto de lenguas: cuando el español es segunda lengua», *Verba* 29, 261-289.

Costas, X. H. (2011): «A lingua galega no Eo-Navia, Bierzo Occidental, As Portelas, Calabor e o Val do Ellas: historia, breve caracterización e situación sociolingüística actual», *Cadernos de Lingua*, Anexo 8.

Dubert, F. (2011): «Developing a database for dialectometric studies: the ALGa phonetic data. Dialectometrical analysis of 230 working maps», *Dialectologia et Geolinguistica* 19, 23-61.

Fernández Salgado, X. A. (2004): «A interferencia do castelán no léxico galego: o castelanismo como recurso eufemístico», en A. Santamarina / F. Fernández Rei / R. Álvarez (eds.), *A lingua galega, historia e actualidade. Actas do I Congreso internacional*, vol. I. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 501-507.

García, P. (1991): «Dialectometría y léxico en Huesca», en T. Buesa / J. M. Enguita (coords.), *I Curso de Geografía Lingüística de Aragón*. Zaragoza: Institución Fernando el Católico, 311-326.

González, E. (1994): «Variedade e empobrecemento do léxico», *Cadernos de Lingua* 10, 89-102.

Goebl, H. (1992): «Problèmes et methòdes de la dialectometrie actuelle (avec application á l'AIS)», *IKER* 7, 429-475.

Gugenberger, E. (2004): «Consecuencias do contacto lingüístico entre o galego e o castelán: o caso dos inmigrantes Galegos en Bos Aires», en A. M. Lorenzo Suárez *et al.* (eds.), *Actas II Simposio Internacional sobre o Bilingüismo*. Vigo: Universidade de Vigo, 1167-1185.

Juliá, C. (2007): *Léxico y variación: las denominaciones de las partes del ojo*. Barcelona: Bellaterra [http://www.recercat.net/handle/2072/4360].

Kabatek, J. (2000): *Os falantes como lingüistas: tradición, innovación e interferencias no galego actual*. Vigo: Xerais.

Kabatek, J. (2011): «Algunos apuntes acerca de la cuestión de la «hibridez» y de la «dignidad» de las lenguas iberorrománicas», en Y. Congosto / E. Méndez (coords.), *Variación lingüística y contacto de lenguas en el mundo hispánico: in memoriam Manuel Alvar,* 271-289. Madrid: Iberoamericana [http://www.uni-tuebingen.de/kabatek/hibrid.pdf].

Muljačić, Ž. (1991): «Per un approccio relativistico al rapporto: lingua nazionale - dialetti», en Giovan Battista Pellegrini (ed.), xviii Congresso di studi dialettali italiani *Fra dialetto e lingua nazionale: realtà e prospettive*. Padova: Unipress, 247-259.

Negro Romero, M. (2009): «O léxico tradicional no campo semántico das partes da cabeza: proposta de recuperación nos dicionarios normativos», *Estudos de lingüística galega* i, 235-246.

Parga, E. M. (1999): «A interferencia lingüística no galego oral», en R. Álvarez / D. Vilavedra (coords.), *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade, vol. i, 789-808.

Romero, M. / L. Santos (2002): «As denominacións dos dedos das mans: un estudo motivacional», en R. Álvarez / F. Dubert / X. Sousa (eds.), *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 303-327.

Sala, M. (1988): *El problema de las lenguas en contacto*. México: Universidad Nacional Autónoma.

Santamarina, A. (1995): «Norma e estándar», en H. Monteagudo (ed.), *Estudios de Sociolingüística Galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 53-98.

Saramago, J. (2002): «Diferenciação lexical interpontual nos territorios galego e português (estudo dialectométrico aplicado a materiais portugueses do *ALPI* e a materiais galegos do *ALGa*)», en R. Álvarez / F. Dubert / X. Sousa (eds.), *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 41- 68.

Sousa, X. (2006): «Análise dialectométrica das variedades xeolingüísticas galegas», en M. C. Rolão Bernardo / H. Mateus Montenegro (eds.), *Actas do I Encontro de Estudos Dialectológicos* (Ponta Delgada, 2003). Ponta Delgada: Instituto Cultural de Ponta Delgada, 345-362.

Weinreich, U. (1974): *Lenguas en contacto: descubrimientos y problemas*. Venezuela: Universidad Central.

Winford, D. (2003): *An introduction to contact linguistics*. Oxford: Blackwell.

ANEXOS

Preguntas do volume v do *ALGa* empregadas na elaboración da base.

Nº DE MAPA NO *ALGa* V	TÍTULO
1	Corpo
12	Meniña
15	Pálpebra
23	Canteiros
24	Moa
25	Enxiva
26	Ceo da boca
30	Noz da gorxa
31	Pescozo
32	Queixada
33	Queixo
44	Costas
47	Cóbado
49	Pulso
59	Cotelo
64	Ril
68	Ingua
69	Coxa
70	Xogo
71	Xeonllo
75	Nocello
5	Testa
7	Sens
8	Cocote
4	Engurra
42	Rabadilla
72	Canela
76	Nádega
73	Pé
14	Cella

Número de castelanismos por punto de enquisa do *ALGa*

Lugar e concello	Nº de castelanismos
O Barqueiro, Mañón	10
Chímparra, Cedeira	7
San Claudio, Ortigueira	12
A Carreira, Valdoviño	10
San Ramón, Moeche	7
Espiñaredo, As Pontes de García Rodríguez	11
San Cristovo, Ferrol	13
A Queira, Ares	14
Pontedeume, Pontedeume	6
Carnoedo, Sada	10
Mesoiro, A Coruña	9
Barizo, Malpica de Bergantiños	1
Xermaña, A Laracha	6
O Xestal, Monfero	6
Betanzos, Betanzos	12
Ponteceso, Ponteceso	3
Cuíña, Laxe	4
O Outeiro, Carballo	2
Carral, Carral	9
Ponte Aranga, Aranga	6
Xaviña, Camariñas	4
O Ceán, Vimianzo	3
Rodís, Cerceda	4
Labexo, Muxía	8
Xanceda, Mesía	7
Mezonzo, Vilasantar	8
Vilar de Céltigos, Santa Comba	3
Sobrado, Sobrado	7
Salgueiros, Dumbría	5
Bembibre, Val do Dubra	9
Deixebre, Oroso	9
A Lamea, Toques	6

Lugar e concello	Nº de castelanismos
Beba, Mazaricos	1
San Salvador de Duio, Fisterra	9
Sar, Santiago de Compostela	14
Outeiro, Santiso	7
San Mamede, Carnota	4
A Serra de Outes, Outes	4
Ortoño, Ames	5
A Capela, Touro	6
Roo, Noia	6
Cacheiras, Teo	5
Louro, Muros	8
Ribadulla, Vedra	14
Nebra, Porto do Son	7
Vigo, Dodro	7
Rianxo, Rianxo	9
Cabo de Cruz, Boiro	6
Aguiño, Ribeira	8
Pelourao, Viveiro	9
A Senra, Cervo	9
Ourol, Ourol	6
Rinlo, Ribadeo	8
Ferreira, O Valadouro	10
San Cosme, Barreiros	10
Muras, Muras	9
Trabada, Trabada	12
A Beira do Río, Mondoñedo	4
Candamil, Xermade	6
Goiriz, Vilalba	6
O Melle, A Pastoriza	5
Vilarmide, A Pontenova	10
A Feira do Monte, Cospeito	9
Meira, Meira	6
Vilarín do Castelo, A Fonsagrada	7

Lugar e concello	Nº de castelanismos
Guitiriz, Guitiriz	3
Viladonga, Castro de Rei	9
Negueira, Negueira de Muñiz	6
Friol, Friol	5
O Cádavo, Baleira	10
Santa Comba, Lugo	9
Rao, Navia de Suarna	8
Guntín de Pallares, Guntín	9
Costantín, Baralla	8
A Pobra de San Xiao, Láncara	10
Ouselle, Becerreá	9
San Cibrao, Palas de Rei	6
A Lama, Cervantes	4
A Lagoa, Triacastela	12
Taboada, Taboada	10
Seoane do Courel, Folgoso do Courel	6
A Ferrería, O Incio	8
Bóveda, Bóveda	7
A Pobra de Brollón, A Pobra de Brollón	12
A Barrela, Carballedo	13
Outeiro, Quiroga	8
Nogueira, Ribas de Sil	12
Os Pacios, Sober	12
Cea, San Cristovo de Cea	9
Brués, Boborás	4
A Veiga de Cascallá, Rubiá	11
Córgomo, Vilamartín de Valdeorras	10
Abelenda, Avión	3
San Amaro, San Amaro	7
O Pereiro de Aguiar, O Pereiro de Aguiar	12
Larouco, Larouco	11

Lugar e concello	Nº de castelanismos
Robledo, Carballeda de Valdeorras	8
San Cristovo, Ribadavia	10
Vilariño Frío, Montederramo	11
Lamalonga, A Veiga	12
Acevedo, Chandrexa de Queixa	8
Baños de Molgas, Baños de Molgas	8
Calvos, Ramirás	11
Allariz, Allariz	9
Viana do Bolo, Viana do Bolo	10
Soutelo, Vilariño de Conso	11
San Roque de Crespos, Padrenda	11
Xinzo de Limia, Xinzo de Limia	5
A Gudiña, A Gudiña	10
Campobecerros, Castrelo do Val	10
Martiñán, Bande	7
A Mezquita, A Mezquita	9
Cualedro, Cualedro	7
A Terrachá, Entrimo	7
Baltar, Baltar	4
Calvos, Calvos de Randín	7
Vilardevós, Vilardevós	9
Oímbra, Oímbra	10
Bubaces, Lobios	2
Vila de Cruces, Vila de Cruces	9
Agolada, Agolada	6
Baloira, A Estrada	5
Friamonde, A Estrada	4
Moalde, Silleda	8
Dimo, Catoira	6

Lugar e concello	Nº de castelanismos
Santiso, Lalín	8
Rodeiro, Rodeiro	7
Santa Lucía de Moraña, Moraña	6
Forcarei, Forcarei	9
Dozón, Dozón	4
Fefiñáns, Cambados	12
Estonllo, O Grove	9
A Chan, Cotobade	7
Lérez, Pontevedra	8
A Cancela, Sanxenxo	4
A Lama, A Lama	5
Cela, Bueu	10
Lourido, Soutomaior	9
A Graña, O Covelo	5
A Fraga, Moaña	7
Lougares, Mondariz	8
A Cañiza, A Cañiza	3
Moledo, Vigo	5
Guillade, Ponteareas	4
Torneiros, O Porriño	5
Sela, Arbo	4
Sabarís, Baiona	12
O Barreiro, Salceda de Caselas	4

Lugar e concello	Nº de castelanismos
Oleiros, Salvaterra de Miño	6
O Arrabal, Oia	8
Vilachán, Tomiño	4
Salcidos, A Guarda	8
Calvario de Salave, Tapia de Casariego	13
Coaña, Coaña	12
Porzún, A Veiga	15
Boal, Boal	10
Vilanova de Oscos, Vilanova de Oscos	8
Pesoz, Pesoz	9
San Antolín, Ibias	7
Candín, Candín	7
Paradaseca do Bierzo, Vilafranca do Bierzo	8
Cadafresnas, Corullón	3
Carracedo de Monasterio, Carracedo	18
Pombriego, Benuza	20
Porto, Porto	13
Lubián, Lubián	4
Hermisende, Hermisende	9

NEOFALANTISMO

Fernando Ramallo
Universidade de Vigo

Nas últimas décadas, moitas linguas europeas sometidas historicamente a procesos de minoración lograron atinxir visibilidade nos dominios público e institucional[1]. Na práctica, isto non supuxo o abandono da lingua do poder económico, ideolóxico e político. Agora ben, o feito de que unha lingua minoritaria se filtre nas institucións propicia, en moitos casos, unha transformación dos valores simbólicos asociados a ela, ademais dunha reestruturación formal e funcional.

En contextos políticos nos que se favorece a lexitimación dunha lingua minoritaria, o principal dominio sobre o que se constrúe a súa transformación en lingua pública é o sistema educativo. Hai un amplo consenso na consideración do importante rol que a escola exerce respecto das linguas minoritarias. Así, promover unha lingua minoritaria no sistema educativo ten consecuencias na súa produción e na súa reprodución (Williams 2005). Unha delas é a aparición de novos aprendices das linguas minoritarias. Cando estes aprendices acadan un nivel básico das destrezas orais da lingua, e sempre que haxa unha motivación favorable, pódense converter en neofalantes desas linguas. Isto, en moitos contextos, supuxo un acicate no proceso de revitalización lingüística (O'Rourke e Ramallo 2010).

A presenza deste novo grupo de falantes, consecuencia tanto do fomento público dunha lingua minoritaria como dunha posición consciente respecto da súa situación social regresiva, altera a orde sociolingüística e contribúe á emerxencia dalgunhas tensións: interdialectal, identitaria, simbólica. En termos xerais, unha tensión entre o universo representacional dos falantes tradicionais e aqueloutro dos neofalantes. En parte, trátase dun conflito normativo, na medida en que tanto esas tensións como a súas resolucións son accións sociais reguladas culturalmente[2]. A convivencia de ambos sistemas sociolingüísticos, o tradicional e

[1] Este traballo é parte dunha investigación en marcha sobre neofalantes en Galicia. Como se verá, o texto non inclúe datos empíricos. Non obstante, estes poden consultarse na bibliografía (O'Rourke e Ramallo 2010, 2011, 2013a, 2013b, 2014). Agradezo a Bernadette O'Rourke e a Gabriel Rei-Doval os seus útiles comentarios a unha versión previa deste texto. Calquera erro é só atribuíble ao autor.

[2] A natureza multifacética deste conflito precisa dunha análise detida que non estamos en disposición de realizar nesta achega.

o emerxente, dependerá, en boa medida, da recuperación da lingua no ámbito familiar. Do contrario, esas tensións facilitarán ben o declive das falas tradicionais e a fortaleza das neofalas, ben o esmorecemento das linguas minoritarias en calquera das súas variedades.

As neofalas constitúen un continuo que percorre desde formas de expresión altamente ligadas ao estándar, cun uso formal moi esmerado, a aqueloutras moi interferidas pola lingua materna e de primeira socialización dos novos usuarios. Asistimos, xa que logo, a unha conxuntura de transición dun modelo formal e funcional das linguas a outro. O que está por ver é se o futuro das linguas minoritarias está estreitamente relacionado coas neofalas ou se isto non é máis que unha fase, quizais final, no proceso de substitución lingüística. No caso galego, é preciso indagar nas lóxicas inherentes a este novo statu quo a partir da análise das motivacións que levan a unha persoa a converterse en neofalante, tendo en conta que esta decisión implica xestionar as tensións que hai entre falantes tradicionais, neofalantes e falantes de castelán na procura do seu espazo (O'Rourke e Ramallo 2011, 2013a, 2013b, 2014). Neste texto, achegamos unha primeira proposta explicativa para este fenómeno de desprazamento dunha lingua socialmente prestixiada. Para nós, trátase dun movemento social, artellado ao redor dunha minoría activa (Moscovici 1976) e que propoñemos denominar *neofalantismo*[3].

O neofalantismo pretende tamén abrir unha reflexión sobre a metalinguaxe utilizada para describir as linguas en situación de contacto lingüístico. Por exemplo, o termo 'falante nativo' utilízase con frecuencia como un arquetipo restritivo para xustificar xerarquías de falantes. Adxectivos como 'auténtico', 'puro' e 'innato' asócianse cos trazos dos 'falantes nativos', mentres que o uso dunha determinada lingua por falantes non nativos tende a ser descrito como 'artificial', 'contaminado' e 'adquirido' (O'Rourke e Ramallo 2011). Con frecuencia, aos falantes nativos atribúese o papel do 'falante lexítimo' (Bourdieu 1982). Con todo, este concepción do 'falante nativo' como o usuario da forma 'pura', 'auténtica' ou 'lexítima' hai tempo que entrou en crise, particularmente na súa referencia ao inglés (Kachru 1990; Holborow 1999; Crystal 2003). De feito, desde a perspectiva do denominado 'inglés global' lexitímanse as falas dos non nativos asemellándoas ás dos británicos, norteamericanos, etc. (Graddol 2006; Jenkins 2007). En fin, estamos ante conceptos que están moi ligados ás identidades e son substanciais

[3] O termo 'neofalantismo' xurdiu de xeito espontáneo nunha das discusións grupais que utilizamos na nosa investigación con neofalantes de galego (O'Rourke e Ramallo 2013b, 2014).

nas identificacións das minorías (Park 2007). De feito, os propios conceptos de 'minoría' e de 'maioría' lingüísticas cómpre matizalos nunha semántica relacionada co contacto de linguas (Ramallo 2010).

1. A ORIXE CONTEMPORÁNEA DOS NEOFALANTES GALEGOS

Definimos o neofalante de galego como unha persoa que aprendeu a falar en castelán, que tivo este como idioma familiar e que nalgún momento da súa vida decide falar só ou maioritariamente en galego. Este perfil de falantes ten as súas orixes nos primeiros anos 80. Nesa altura prodúcense unha serie de transformacións fortemente relacionadas e de gran transcendencia para entender o contexto sociolingüístico no que ten lugar a emerxencia dos novos falantes do idioma. As máis relevantes foron, por un lado a oficialización do idioma e, por outro, o seu recoñecemento xeneralizado como un símbolo central da identidade de Galicia (Seminario de Sociolingüística 1996). O status xurídico do idioma fíxase a partir das disposicións recollidas no art.º 3 da Constitución Española (1978), no art.º 4 do Estatuto de Autonomía (1981) e na Lei de Normalización Lingüística (1983), que derivaron nun réxime de dobre oficialidade entre galego e castelán, aínda que cun alcance diverso (Arzoz Santisteban 2009). Pola súa banda, o recoñecemento social da lingua favoreceu a súa institucionalización, entendida como a presenza non marcada do idioma no ámbito das actividades públicas.

Ademais, nesa década ponse en marcha o proceso de estandarización lingüística, que comeza a consolidarse en 1982 e que acada un consenso aínda maior en 2003, cando ten lugar a derradeira reforma. Aínda que desde mediados do século XIX houbo distintos intentos de crear unha variedade culta da lingua, hai que agardar ata as últimas décadas do XX para o establecemento dunha normativa con amplo recoñecemento social, mais non exenta de resistencias, particularmente entre os defensores dunha norma máis ligada ao portugués, nalgúns casos chegando a propoñer a adopción do portugués estándar para a codificación do galego escrito (véxase Rei Doval neste mesmo volume). O desenvolvemento do estándar adquiriu unha forte connotación social, na medida que se converteu na variedade lexitimada en moitos ámbitos de uso. En Galicia, a invención do estándar supuxo alterar a orde sociolingüística en, polo menos, dúas direccións. Dun lado, engadiu unha variedade nova no espazo lingüístico do galego. Doutro lado,

a situación de dobre oficialidade citada favoreceu a penetración desa variedade en dominios ata hai poucas décadas reservados ao castelán, tales como o sistema educativo, os medios de comunicación e a administración autonómica e local, modificando a estabilidade dunha situación previa de tipo marcadamente diglósico (Fishman 1967). Ambas as dúas alteracións contribuíron á formación de novas ideoloxías lingüísticas con consecuencias nos valores atribuídos a linguas (O'Rourke e Ramallo 2013a, 2013b).

Por último, a dobre oficialización á que acabamos de referirnos facilitou a posta en funcionamento dun modelo de educación bilingüe universal, é dicir, de aplicación en todo o sistema educativo de carácter público ou concertado de Galicia, no que estuda máis do 95% da poboación estudantil. Este modelo concretouse en programas de educación bilingüe diferentes, en consonancia coas posicións ideolóxicas dos distintos gobernos autonómicos desde 1981 ata a actualidade (Bouzada, Fernández Paz e Lorenzo Suárez 2002; Fernández Paz, Lorenzo Suárez e Ramallo 2008).

A incorporación do idioma galego ao sistema educativo tivo como consecuencia máis inmediata que por primeira vez na historia toda a poboación menor de 40 anos tivo un contacto continuo coa lingua nun ámbito formal. En termos sociolingüísticos, tres son os aspectos que se derivan desta situación. Dunha banda, o aumento das competencias lingüísticas en galego por parte da poboación estudantil. Doutra, o desprazamento xeral dos prexuízos que tradicionalmente ligaban o idioma ao atraso e á incultura[4]. Por último, o xurdimento dunha posición consciente sobre a situación sociolingüística regresiva na que se atopa a lingua, acrecentada desde mediados do século xx. De feito, xunto co estudo de cuestións gramaticais e coa aproximación á literatura galega, a terceira das unidades temáticas na programación educativa obrigatoria relacionada co idioma galego é a que trata as problemáticas entre a lingua e a sociedade. Nela ten espazo desde a historia social da lingua ata a descrición e valoración da actual situación de contacto lingüístico entre galego e castelán.

Pois ben, estes tres escenarios contribuíron a emerxencia dunha nova categoría de falantes de galego. Como en moitas outras latitudes, o perfil das persoas que aprenden galego como segunda lingua é diverso e está formado sobre todo por

[4] Paradoxalmente, o 'avance' social do galego trouxo consigo a aparición de novos prexuízos e mitos sobre o idioma (Freixeiro Mato 2008; Núñez Singala 2009).

inmigrantes foráneos, inmigrantes procedentes doutras partes do Estado español, empregados públicos desprazados por motivos laborais a Galicia (profesores, persoal sanitario, xuíces, etc.), inmigrantes da diáspora galega retornados e persoas nacidas en Galicia pero que aprenderon a falar en castelán e esta foi a lingua de boa parte da súa socialización. É neste último grupo no que atopamos a caracterización máis completa da nosa definición de neofalante: unha persoa que tivo o castelán como primeira lingua e como lingua familiar, e que nun momento da súa vida, o contacto co galego fai que desprace a súa lingua materna a un segundo plano e se transforme en falante (case) exclusivo de galego.

2. PRESENZA DE NEOFALANTES NA GALICIA ACTUAL

Aínda que non é doado cuantificar a porcentaxe de persoas que comparten os trazos que caracterizan un neofalante, a partir da explotación estatística dos censos dos últimos anos consideramos que en Galicia os neofalantes son o 2% da poboación (Ramallo 2012). O seu perfil demográfico é heteroxéneo. Co descenso do uso do galego na maioría dos territorios de Galicia, o neofalante aparece non só nas cidades senón tamén nas vilas de tamaño medio. Aínda que a porcentaxe sinalada poida resultar residual, téñase en conta que son aproximadamente 70 000 as persoas que desprazaron o castelán para convertérense en falantes activos de galego. Non esquezamos que unha boa parte da poboación castelanfalante é candidata potencial a converterse en neofalante. De aí a importancia social deste sector da poboación. De feito, cunha definición menos restritiva que inclúa tamén as persoas que, unha vez adquirido o castelán, aprenderon galego e utilízano esporadicamente ou fan un uso contextual (traballo, ocio, amigos, etc.) do idioma, os neofalantes supoñen case a metade dos castelanfalantes iniciais (Instituto Galego de Estatística 2008). Dun xeito ou doutro, o galego é unha lingua de uso por moitos falantes habituais de castelán, potencialmente neofalantes de galego.

2.1. O perfil do neofalante

O perfil do neofalante galego é o dunha persoa nova, concienciada coa situación social da lingua galega e que opta por utilizar de xeito habitual o galego como unha medida de reivindicación social, política e/ou cultural. É sobre todo, como

xa sinalamos, unha forma de identificación que connota os seus protagonistas dentro do grupo de falantes de castelán pero tamén dentro do grupo de falantes tradicionais ou nativos de galego. O maior número vive en espazos urbanos. Nas cidades máis castelanizadas o único galego que se escoita nos barrios do centro é o dos neofalantes, e quedan residuos de galego tradicional nas zonas periféricas.

Con certeza, non podemos falar só dun tipo de neofalantes (Frías-Conde 2006), aínda que case todos compartan os trazos que acabamos de sinalar. O que os une é unha práctica social; o que os diferencia ten que ver coas razóns para desprazar a lingua materna: o ambiente social de referencia, a construción identitaria, o modelo de lingua aprendido, o dominio formal da lingua ou a biografía lingüística, entre outras (Ramallo 2012).

De feito, no caso galego, dada a proximidade estrutural das linguas en contacto, é evidente que as interaccións bilingües requiren un menor esforzo formal e funcional que no caso doutras linguas. Aínda que o sistema lingüístico educativo se deseñou para ampliar as competencias lingüísticas tanto do castelán como do galego, para un castelán-falante non é imprescindible o paso polo sistema educativo para poder intervir en interaccións lingüísticas nas que a lingua galega teña presenza. É dicir, a lingua tamén se incorpora pola actividade doutras axencias, como a comunidade, a televisión galega, etc. Poderíamos dicir que o galego se aprende tamén por contacto social e por iso practicamente toda a poboación de Galicia é funcionalmente bilingüe, aínda que se trate dun bilingüismo receptivo. De todos os xeitos, convén ter en conta que aínda que o dominio da lingua é unha condición básica para converterse en falante activo, non é suficiente. De feito, a decisión de converterse en neofalante responde tamén a unha posición cultural, política e/ou social.

3. O *NEOFALANTISMO* COMO UNHA MINORÍA ACTIVA

O neofalantismo constitúe un movemento social conformado por suxeitos que adoptan unha práctica consciente de defensa e activismo a prol das linguas socialmente minoritarias, mediante o seu uso, a súa reivindicación pública e a súa dignificación social. A diferenza doutros grupos sociais que teñen obxectivos semellantes, no neofalantismo dáse unha condición excepcional: o desprazamento da lingua materna por unha lingua aprendida na socialización secundaria, polo

xeral con menos prestixio social e, a miúdo, nunha situación sociolingüística regresiva. Malia que o suxeito prototipo do neofalantismo é o *neofalante*, en tanto que movemento social, pode recibir adhesións doutras categorías de falantes: falantes ocasionais, inmigrantes cun uso funcional, falantes profesionais, etc.

Esta práctica sitúanos ante un interrogante que é preciso abordar: como se explica que unha persoa decida desprazar a súa lingua materna, cando esta é a lingua socialmente prestixiada na comunidade? En xeral, a substitución lingüística enténdese como o resultado do abandono dunha lingua por outra nunha determinada comunidade. A lingua abandonada sufriu un proceso previo de minoración, desligándoa dos valores do progreso e da razón, que si mobiliza a outra lingua en contacto (Williams 2005). Agora ben, ademais desta concepción clásica do proceso, por estraño que pareza, a substitución lingüística pode darse á inversa. É dicir, desprazando a lingua considerada de prestixio na comunidade por parte de individuos que aprenderon a lingua minoritaria en procesos de socialización secundaria, particularmente a través do sistema educativo. É verdade que neste caso se trata dun proceso que inicialmente afecta a persoas e non a toda a comunidade. Por iso, propoñemos denominalo *desprazamento da lingua maioritaria* (O'Rourke e Ramallo 2013a).

En consonancia co dito anteriormente, este proceso de desprazamento da lingua maioritaria é, en parte, consecuencia dunha toma de conciencia sobre unha realidade sociolingüística regresiva ligada a procesos comunitarios de substitución lingüística. Aínda que é un proceso que se está a vivir en moitas situacións de contacto con linguas minoritarias, é necesario indicar que non en todos os contextos se presenta da mesma forma. Así, cando as linguas en contacto son estruturalmente próximas (como é o caso do galego e do castelán) é máis doado e máis probable o desprazamento da lingua maioritaria. Se as linguas son estruturalmente distantes, o abandono da lingua maioritaria é máis complexo.

Unha explicación desta práctica encontrámola no concepto de *minoría activa* e nas formas de influencia social propias das minorías (Moscovici 1976; Moscovici, Mucchi-Faina e Maass 1994). Na súa xa clásica crítica ao modelo psico-sociolóxico funcionalista, Moscovici (1976) opón tres formas de influencia social. Dunha banda, a que se basea no consenso, a conformidade e a submisión; doutra, a sustentada na normalización; finalmente, a orientada desde o conflito e a innovación. A primeira é unha modalidade de influencia social que ten a súa

orixe (e o seu control) nas maiorías; a segunda é unha sorte de compromiso, de nivelación de normas consideradas equivalentes; a terceira é a forma de influencia social exercida polas minorías, máis concretamente polas minorías activas. Son cambios desde abaixo, introducidos desde minorías que non parten de posicións sociais privilexiadas pero que contribúen á transformación social.

Unha minoría activa é aquela que ten capacidade «para influír e para producir cambios en función da súa *diverxencia* fronte á maioría» (Moscovici 1976: 105, tradución propia). Con frecuencia, unha minoría activa provoca cambios na maioría creando conflitos nela que conseguen modificar, en primeiro lugar, os seus marcos interpretativos (cognicións e valoracións) e, en segundo lugar, as súas prácticas. En termos de comportamento, a esencia da influencia social dunha minoría activa é a súa *consistencia*, na medida que se interpreta como un sinal de certeza e como «reflexo do compromiso por unha opción coherente e inflexible» (Moscovici 1976: 151, tradución propia). Xa que logo, a minoría influe e fai cambiar á maioría por un comportamento consistente que remata por crear conflito e dúbida entre os membros da maioría e os conduce a examinar e reavaliar a súa propia postura, cognitiva ou valorativa[5]. Sen influencia das minorías non é doado explicar o cambio social. Os datos que sustentan a nosa investigación sobre neofalantes poñen de manifesto estes comportamentos (O'Rourke e Ramallo 2014).

Abordar o neofalantismo como unha minoría activa permite entender parte das motivacións que leva consigo un cambio tan relevante como o de abandonar, sequera dunha forma simbólica, unha lingua materna que, non o esquezamos, é a lingua da maioría social, do poder e da 'normalidade'. Supón tamén aceptar un comportamento innovador que trata de reivindicar un espazo e un compromiso para transformar a sociedade desde abaixo, cunha minoría lingüística que se resiste enerxicamente á decadencia que supón aceptar o statu quo lingüístico, prexudicial, a maioría das veces, para as comunidades lingüísticas minoritarias. Co seu comportamento, o neofalante é un indutor de novos marcos interpretativos sobre a realidade sociolingüística do seu ámbito. En todo caso, a soa presenza de neofalantes, máis alá de supoñer un valor na recuperación do idioma, significa ademais un factor esencial de transformación da orde sociolingüística. Así, na

[5] Moscovici (1976) distingue cinco estilos de comportamento que contribúen a que as minorías logren influencia social: esforzo, consistencia, autonomía, rixidez e flexibilidade. De todos eles, a consistencia é o máis importante.

medida en que as súas prácticas lingüísticas adoitan ser recoñecidas e valoradas polo resto da poboación, non é esaxerado dicir que os neofalantes incorporan capital cultural e prestixio social á lingua.

A partir desta consideración, o propio concepto de 'lingua minoritaria' debe ser sometido a revisión. En primeiro lugar, por lingua minoritaria non sempre se fai referencia ao número de falantes senón ao acceso aos recursos e aos capitais que o dominio dunha determinada lingua permite acumular aos seus falantes. O feito de que unha lingua tradicionalmente considerada minoritaria amplíe o seu *valor* no *mercado lingüístico* (Rossi-Landi 1968; Bourdieu 1982) contribúe a diluír esa dicotomía 'maioritario-minoritario'. E isto pasou en moitas linguas europeas. Se ben durante séculos subsistiron no dominio das tradicións e as emocións, manténdose afastadas da razón e da orde económica (Williams 2005), desde o momento en que se producen cambios na súa lexitimación créanse as condicións para a incorporación das linguas minoritarias ao repertorio lingüístico dos suxeitos. Os neofalantes supoñen un desafío no *habitus* da lingua minoritaria ao activaren a función instrumental que liga o idioma coa mobilidade social, co prestixio e co futuro (May 2011).

Polo dito, en contextos nos que se creou unha variedade estándar dunha lingua minoritaria, cómpre unha revisión conceptual. A referencia ás linguas como 'minoritarias/minorizadas' perde parte do seu sentido a favor das prácticas, que se caracterizan por seren 'prestixiadas' ou 'non prestixiadas'. Cando o suxeito accede á variedade autorizada da lingua converte as súas prácticas en prácticas prestixiadas, no sentido de que acumulou recursos abondo como para ampliar a súa mobilidade social. Isto transfórmaos en falantes máis valorados socialmente; é dicir, incorporan as características que teñen os falantes *lexítimos* (que manexan o estándar, no sentido de Bourdieu) da lingua tradicionalmente dominante na sociedade (no sentido de que incrementa os retornos).

No caso de Galicia, o momento actual é especialmente interesante por coincidiren dous procesos inversos. Mentres que entre a xeración maior de 60 anos, falantes de variedades do galego tradicional, as condicións históricas nas que viviron propiciaron a ruptura do proceso de transmisión lingüística interxeracional; a poboación urbana menor de 40 anos tivo acceso a novas variedades da lingua, máis prestixiadas e protexidas por unha práctica na que os falantes foron ampliando os dominios de uso. Con frecuencia, estas novas funcións e estes

novos falantes recorren a simplificacións formais, con consecuencias innegables na eclosión e intentos de control de prácticas e ideoloxías ligadas ao purismo lingüístico (Sanmartín Rei 2009; Freixeiro Mato 2009; *cfr*. Rei-Doval, neste mesmo volume).

En boa medida, estes novos falantes de galego xa non o son dunha lingua tradicionalmente minoritaria. A acumulación de recursos económicos, simbólicos ou culturais. permite que esta nova xeración de falantes de galego constitúa un grupo social con acceso a estruturas de poder tradicionalmente afastadas dos falantes tradicionais do idioma: educación, medios de comunicación, formacións políticas, sindicatos, industrias culturais, etc. Ademais, en contextos de contacto lingüístico con linguas estruturalmente próximas, como é o noso caso, no que as prácticas lingüísticas hibridizadas son moi frecuentes, a problemática de qué é un falante [nativo] amplifícase. En casos así os repertorios lingüísticos constitúen un modelo dinámico e cambiante que, en función do parámetro que utilicemos, permite unha cuantificación distinta sobre que é un falante tipo, especialmente, aínda que non só, entre os falantes da lingua socialmente minoritaria.

No contexto da maioría das linguas socialmente minoritarias hai outro aspecto a ter en conta. Fronte á autenticidade atribuída á forma lingüística, o falante nativo caracterizouse por ser unha persoa con escaso prestixio, cunha identidade social estigmatizada, e coa percepción de que a recompensa que tiña a transmisión da lingua era mínima na mobilidade social. No caso galego, para tratar de reverter esta visión, a política lingüística orientou parte dos seus esforzos a aumentar o prestixio da lingua. Non obstante, esas mesmas políticas non sempre conseguiron aumentar o status dos falantes nativos, cuxa variedade lingüística a miúdo sofre unha re-estigmatización á luz do novo estándar creado. Ese estándar contribuíu a crear un novo grupo de falantes procedente dos sectores poboacionais urbanos, de clases medias, e tradicionalmente desvinculados dos valores afectivos da lingua e con maior prestixio social. Con todo, o prestixio acadado polos neofalantes é a miúdo inestable como consecuencia do citado discurso purista, que busca primar a forma sobre a función, matizando o prestixio das neofalas, especialmente daquelas máis hibridizadas (O'Rourke e Ramallo 2011). Esta ideoloxía procede tanto de falantes tradicionais, que demandan o recoñecemento da autenticidade da súa variedade, como das novas elites, en si mesmas neofalantes cun alto dominio do estándar (O'Rourke e Ramallo 2013b).

4. FINAL

O neofalantismo é un movemento social que percorre a Galicia urbana na procura dun cambio sociolingüístico. Con máis ou menos intensidade, esta minoría activa está exercendo un papel relevante na transformación das ideoloxías e das prácticas lingüísticas. De momento, está lonxe de poder compensar o proceso de substitución lingüística que se acrecentou de xeito significativo no derradeiro terzo do século pasado. Como grupo innovador, as prácticas dos neofalantes están chamadas a exercer influencia sobre o resto da sociedade, converténdose nun elo fundamental no futuro do idioma galego. Cómpre, pois, reflexionar e actuar a partir deste movemento minoritario, investigándoo, fomentándoo, formándoo e prestixiando as súas prácticas, na medida en que aceptemos que sen neofalantes é difícil albiscar unha solución favorable para a lingua.

Referencias bibliográficas

Arzoz Santisteban, X. (2009): «Lenguas y modalidades jurídicas en la Constitución Española: ¿Dos regímenes jurídicos diferenciados?» en A. Milian i Massana (coord.), *El plurilingüisme a la Constitució espanyola*. Barcelona: Generalitat de Catalunya, 61-122.

Bourdieu, P. (1982): *Ce que parler veut dire*. Paris: Fayard.

Bouzada, X. / A. Fernández Paz / A. M. Lorenzo Suárez (2002): *O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000, volume II: Educación*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Crystal, D. (2003): *English as a Global Language*, 2ª ed. Cambridge: Cambridge University Press.

Fishman, J. (1967). «Bilingualism with and without diglossia; diglossia with and without bilingualism», *Journal of Social Issues* 23:2, 29-38.

Fernández Paz, A. / A. M. Lorenzo Suárez / F. Ramallo (2008): *A planificación lingüística nos centros educativos*, 2ª ed. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Freixeiro Mato, X.R. (2008): «Os prexuízos lingüísticos. Proposta de clasificación» [dispoñible en liña: http://www.galizacig.com/avantar/opinion/3-6-2008/os-prexuizos-linguisticos-proposta-de-clasificacion].

Freixeiro Mato, X.R. (2010): *Lingua de calidade*. Vigo: Xerais.

Frías-Conde, X. (2006): «A normalización lingüística na Romania: a normalización da lingua e normalización dos falantes (o caso dos neofalantes)», *Ianua. Revista Philologica Romanica* 6, 49-68.

Graddol, D. (2006): *English Next*. London: British Council.

Holborow, M. (1999): *The Politics of English*. London: Sage.

Instituto Galego de Estatística (IGE) (2008): *Enquisa de Condicións de Vida das Familias*. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística.

Jenkins, J. (2007): *English as a Lingua Franca: Attitude and Identity*. Oxford: Oxford University Press.

Kachru, B. B. (1990): *The Alchemy of English. The Spread, Functions, and Models of Non-Native Englishes*. Chicago: The University of Illinois Press.

May, S. (2011): «Language policy», en M. Grenfell *et al.*, *Bourdieu, Language and Linguistics*. London: Continuum, 147-169.

Moscovici, S. (1976): *Social influence and social change*. London: Academic Press.

Moscovici, S. / A. Mucchi-Faina / A. Maass (eds.) (1994): *Minority Influence.* Chicago: Nelson-Hall Publishers.

Núñez Singala, M. (2009): *En galego, por que non?* Vigo: Galaxia.

O'Rourke, B. / F. Ramallo (2010): «Los nuevos hablantes de lenguas minoritarias: una comparación entre Irlanda y Galicia», en E. Ridruejo / N. Mendizábal (eds.), *Actas del IX Congreso Internacional de Lingüística General*. Valladolid: Universidad de Valladolid, 1 684-1 700.

O'Rourke, B. / F. Ramallo (2011): «The native-non-native dichotomy in minority language contexts: Comparisons between Irish and Galician», *Language Problems and Language Planning* 35:2, 139-159.

O'Rourke, B. / F. Ramallo (2013a): «Competing ideologies of linguistic authority amongst *new speakers* in contemporary Galicia», *Language in Society* 42:3, 287-305.

O'Rourke, B. / F. Ramallo (2013b): «'A miña variedade é defectuosa': a lexitimidade social das neofalas», *Estudos de lingüística galega* 5, 89-103.

O'Rourke, B. / F. Ramallo (2014): «*Neofalantes* as an active minority: Understanding language practices and motivations for change amongst new speakers of Galician», *International Journal of the Sociology of Language,* 231. Special Issue on New Speakers of European Minority Languages.

Park, J-E. (2007): «Co-construction of Nonnative Speaker Identity in Cross-cultural Interaction», *Applied Linguistics* 28:3, 339-360.

Ramallo, F. (2010): «Cara a unha tipoloxía dos falantes de galego» en B. Silva Valdivia / I. Vaquero Quintela / X. Rodríguez Rodríguez (eds.), *Educación e linguas en Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 15-37.

Ramallo, F. (2012): «El gallego en la familia: entre la producción y la reproducción», *Caplletra* 53, 167-191.

Rossi-Landi, F. (1968): *Il linguaggio come lavoro e come mercato*. Milano: Bompiani.

Sanmartín Rei, G. (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación*. Vigo: Xerais.

Williams, G. (2005): *Sustaining Language Diversity in Europe. Evidence from the Euromosaic Project*. Hampshire: Palgrave.

PURISMO E CONTROL NORMATIVO NA LINGUA GALEGA: ANÁLISE CRÍTICA DUNHA PROPOSTA ACTUAL

Gabriel Rei-Doval
University of Wisconsin-Milwaukee

O purismo constitúe un fenómeno xa antigo na tradición lingüística e sociocultural europea que se remonta polo menos ó século XVII. Na súa versión moderna, a súa orixe está relacionada co humanismo, que tentaba imitar e substituí-lo latín e o grego polas linguas nacionais correspondentes, para así poderen estas cumprir funcións equiparables ás clásicas*. En particular, foi no ámbito da francofonía onde as discusións sobre a pureza lingüística tiveron un maior desenvolvemento no século XVII, en que, non por acaso, xorde tamén a Academia Francesa (1635). A invención e desenvolvemento da imprenta, igual cá chegada da Revolución Francesa e maila aparición dos Estados-nación e os imperios correspondentes, serviron igualmente de fermento para o desenvolvemento das actitudes puristas, alimentadas estas pola pretensión de dotarse dunha variedade lingüística unificada que impoñer a tódolos sectores da sociedade. O ambiente intelectual no que participan autores como Charles de Bovelles encaixa neste contexto sociopolítico, baixo unha ideoloxía nomeadamente centralizante e unificadora. Así mesmo, o papel que as linguas nacionais tiveron nas disputas relixiosas do século XVI favoreceu tamén o desenvolvemento de olladas puristas sobre as linguas nacionais. Esta fácil conexión entre pureza relixiosa e pureza lingüística contribuíu sen dúbida a alicerza-lo discurso ideolóxico necesario para a unificación política e a construción de imperios transoceánicos, nos que as emerxentes linguas *nacionais* foron utilizadas como 'fieis compañeiras' dos seus imperios respectivos.

De especial interese son os desenvolvementos que este debate ten acadado nos estudos lingüísticos. Como ben sinala Wildgen (2003), o purismo forma parte das estratexias deseñadas para establecer e preserva-la forza dunha nación, e esta antiga estratexia tense manifestado relevante tamén desde a perspectiva contem-

* Quero agradece-las lecturas que deste traballo realizaron colegas de diferentes universidades galegas. Especial agradecemento a Francisco Dubert, polos seus comentarios verbo das primeiras versións. Graciñas tamén a Fernando Ramallo, polas súas indicacións sobre versións posteriores. Naturalmente, as análises, interpretacións –e posibles erros– presentes neste artigo son única e estrita responsabilidade miña.

poránea. En efecto, acabou sendo aplicada á configuración de unidades sociopolíticas máis pequenas; de aí a súa relevancia para entende-las linguas minorizadas da Europa contemporánea, malia a diferente natureza dos axentes e os propios procesos de reivindicación dunhas e doutras linguas.

Ben que este contexto favoreceu a aparición do purismo desde unha perspectiva xeral, a realidade en que viven as linguas maioritarias non encaixa nas condicións propias das comunidades minorizadas. Mesmo así, son comúns a estratexia e o desexo puristas de conecta-la lingua estándar coa forza da nación que fala esa variedade promovida como lingua nacional. Eis a razón de que acabase aplicándose tal visión tamén ás linguas minorizadas.

A principal conexión entre a situación de linguas dominantes e dominadas en canto ó purismo é o vencello existente en ámbalas dúas entre as chamadas á unidade e maila resistencia ó cambio. Mais as comunidades minorizadas presentan como especificidade o feito de a pureza da súa identidade se construír por contraste e oposición ó Estado-nación que pretende absorbelas e/ou dominalas, o que axuda a entende-lo seu desexo de se independizaren respecto a este.

1. DEFINICIÓNS DE PURISMO

Semella que baixo a etiqueta 'purismo' –mesmo na súa versión contemporánea– emerxen realidades diferentes e non sempre coincidentes. Por iso pode resultar útil salientar algunhas utilizacións deste termo.

Nunha caracterización xenérica do purismo, podería falarse dun movemento dirixido a limitar formas lexítimas de significado, para deste xeito declarar fóra do aceptable certas dimensións da alteridade, aínda que esa definición, naturalmente, ten como fíos soltos tanto a definición das formas lingüísticas «lexítimas» como o que se considera «alteridade» nun idioma e na súa correspondente comunidade lingüística.

Dunha maneira máis precisa, Wexler (1974) estableceu que o purismo sería o esforzo realizado para *purgar* a lingua de elementos considerados non-nativos, mais tal definición tamén presenta o problema de defini-lo termo «nativo» e establecer se asociamos tal etiqueta co individuo ou coa sociedade no seu conxunto. Con frecuencia xorden dúbidas razoables á hora de definir *nativo* nunha situación bilingüe, xa que tal termo pode aludir tanto ós trazos cos que nace o

individuo coma ós que caracterizan a comunidade da que este forma parte, é dicir, de todos ou a maioría dos seus membros, independentemente da variedade lingüística que falen. Por outra banda, se nos referimos a unha comunidade diglósica (no sentido fergusoniano do termo), o purismo pode estar mesmo axudando a manter e lexitima-lo poder dos falantes da variedade *alta*, fronte ó uso da maioría que utiliza variedades *baixas*.

Pero probablemente no noso contorno esteamos máis acostumados a definicións de purismo como a ofrecida por Annamalai (1989), que o caracteriza como «uso de fontes endóxenas para a planificación lingüística», é dicir, implementación dun acto social dirixido a rexeita-la dominación e afirma-la propia identidade, o que constitúe, en palabras de Michael Shapiro, «un achegamento político ó purismo lingüístico».

Pola proximidade tipolóxica á situación sociolingüística galega, quixera salientar tamén a definición que de purismo ofrece o *Diccionari de Sociolingüística* de Ruiz i San Pascual et al (2001)[1] desde a perspectiva catalá:

> PURISMO: actitude lingüística consistente en mirar de preservar e liberar unha lingua daqueles elementos que se consideren alleos ou indesexables (...). O purismo adoita aparecer como unha manifestación de resistencia á influencia dunha lingua (...) que foi (...) a lingua dominante e causou un grao considerable (...) de interferencias lingüísticas. (…) Cando un proceso de substitución lingüística se encontra nas últimas fases tenden a desaparece-las manifestacións de purismo, xa que os falantes non se resisten a ningún tipo de intrusión (p. 235).

Naturalmente, o fenómeno vese desde a perspectiva dunha lingua minorizada como o catalán, que ten como principal *alleador* o castelán. Esta perspectiva pode considerarse paralela á existente no contexto galego, no que os defensores da promoción do galego se atopan ante dilemas e perspectivas equivalentes, como veremos máis adiante.

En todo caso, o purismo defínese como actitude lingüística relacionada coa liberación fronte a elementos alleos ou indesexables e maniféstase como un medio a utilizar para resistir ante unha lingua máis poderosa en situacións de substitución lingüística, de xeito que, ocultando a súa dimensión ideolóxica, se define o

[1] A tradución deste e doutros textos citados neste traballo e orixinalmente escritos en linguas diferentes do galego é miña. Son tamén meus os subliñados da cita.

fenómeno en positivo, desconsiderando a súa dimensión de estratexia de control normativo e social do estándar lingüístico. Xa que logo, desde esta perspectiva o purismo constituiría unha dimensión do proceso de liberación lingüística fronte á lingua invasora, no noso contexto, o castelán. Tal visión do fenómeno, como veremos, coincide en boa medida cos tratamentos que atoparemos nos textos galegos analizados máis adiante.

2. O PURISMO NAS TRADICIÓNS HISPÁNICA E LUSÓFONA

Como dicimos, o purismo non é exclusivo da tradición galega, a pesar de presentar nesta características peculiares relacionadas coa historia e situación social da lingua, así como coa configuración das elites lingüísticas do noso país. Nun contexto de análise crítica fóra do ámbito das linguas minorizadas, o purismo probablemente resulte un termo pouco atractivo, dada a carga negativa que adquiriu sobre todo na época contemporánea, en canto constrinxidor dos usos lingüísticos e pexa á innovación lingüística. No caso galego, quizais polas especiais necesidades de arrequentamento e difusión da variedade estándar da lingua, a condena do purismo tivo poucos adeptos entre as elites do país.

Sen dúbida, os modelos de análise e estudo de contextos puristas ofrecen múltiples exemplos, tanto nas comunidades lingüísticas minorizadas coma nas *maiorizadas*. Aínda que non é este o lugar para analizar tal cuestión desde unha perspectiva comparada, tal fenómeno e estratexia teñen sido e son aínda relevantes nos ámbitos lusófono e hispánico. Cinxíndomonos a este último, as orixes do purismo na época contemporánea probablemente estean relacionadas co establecemento dun estándar común para o castelán trala fundación da RAE (1714) e o conseguinte obxectivo de *limpar, fixar* e *dar esplendor* á lingua cervantina. Este desexo tería na centuria seguinte como principal referencia a intención de manter un español unificado, no que a preponderancia correspondería á norma peninsular fronte ás heteroglosias que presentan as variedades latinoamericanas (Del Valle e Gabriel-Stheeman 2004), ou a máis recente e igualmente poderosa «ameaza» do español dos EEUU (Del Valle 2007).

No mundo lusófono, o principal reto, sobre todo no final da época moderna, probablemente fose a necesidade de diferenciación e mantemento do portugués fronte á lingua do Imperio español, que dominou o país politicamente entre os

séculos XVII e XVIII e tentou sen éxito acurrala-lo portugués, igual que fixo –de forma máis exitosa– coas outras linguas do Reino de España (vid. Venâncio, neste mesmo volume). Outra das principais empresas do ámbito lusófono foi a reafirmación do eixo lingüístico Coimbra-Lisboa á custa da marxinación das variedades norteñas, máis próximas ó modelo matriz galego, sen esquece-la loita contra os «vicios dos rústicos» a través da imitación do latín, outra batalla non cativa en Portugal (cfr. Silva Neto 1952, Teyssier 1982 e Castro 1991). Naturalmente, a independencia do Brasil e os dilemas sociolingüísticos ós que deu lugar contribuíron a abrir unha nova e hoxe quizais máis efervescente vaga purista, que se vive con grande intensidade no mundo político e cultural brasileiro a partir da segunda metade do século XIX (Leite 1999). Esa actuación prescritiva, que Celso Cunha definiu como «terrorismo purista», deu lugar a múltiples manifestacións na lingua portuguesa, entre os cales un dos máis importantes quizais sexa o debate arredor da configuración do portugués brasileiro (Mattos e Silva 2004; Lucchesi, neste mesmo volume) e do que Marcos Bagno (2003) chama a «norma oculta».

3. PURISMO E ESTÁNDAR LINGÜÍSTICO NA GALICIA CONTEMPORÁNEA

No contexto galego o debate sobre o purismo remóntase a polo menos o século XIX e as discusións xurdidas ó fío da restauración do galego como lingua escrita durante o Rexurdimento. Os dilemas e alternativas puristas neste período foron xa analizados en diferentes traballos, entre eles Hermida Gulías (1992) e Recalde (2008), e diferentes estudos de historia social da lingua teñen avaliado esta cuestión tanto no século XIX coma en boa parte do XIX (cfr. Mariño 1998, 446 e ss. e Monteagudo 1999, 327 e ss.). En canto ó período máis contemporáneo, o tema aparece parcialmente aludido desde unha perspectiva historiográfica en Rei-Doval (1999, 2000), e debullado na súa dimensión normativa en Alonso Pintos (2002, 2006) e Sánchez Vidal (2010).

Dun xeito panorámico, esquemático –e quizais tamén simplificador– podemos dicir que as posturas e estratexias ante a creación dun estándar galego no último terzo do século XX se reducen a tres: a) a reintegracionista ou *lusista* representada pola AGAL e outras organizacións próximas, b) a alternativa de mínimos, abandeirada inicialmente pola AS-PG e máis tarde asumida pola área de

Filoloxía Galega da Universidade da Coruña e c) a autonomista ou *isolacionista*, configurada arredor do ILG e a RAG[2]. O acordo normativo de 2003 permitiu que en boa medida desaparecesen a maior parte das diferenzas entre a postura ILG/RAG e a defendida pola área de Filoloxía Galega da Universidade da Coruña, en canto os dous sectores pasaron a abraza-la reforma normativa do 2003, aínda que os comportamentos e estratexias discursivas, como veremos, con frecuencia reflicten conflitos non plenamente resoltos.

As orixes da configuración dos tres grupos anteriores responden a factores diversos, que provisionalmente calificaría como de índole política e tamén grupal. Por unha banda, coa constitución en 1971 do Instituto da Lingua Galega xorde o grupo de investigación sobre a lingua galega máis amplo, tanto polo número de membros coma pola diversidade nas áreas de estudo, nunca antes creado, moi especialmente implicado na creación de métodos de ensino da lingua galega e na elaboración dunha variedade estándar para o galego contemporáneo (cfr. Lorenzo 1988, Santamarina 1996, Fernández Rei 2008 e González Seoane 2011). Porén, ó longo dos anos e como consecuencia da reacomodación dos grupos de investigación fóronse producindo desercións e distanciamentos do dito grupo por parte de membros que inicialmente formaran parte ou estiveran próximos a el, como Ricardo Carballo Calero ou María do Carmo Henríquez Salido. Por outra banda, os últimos anos do franquismo e a preparación dos grupos políticos para a esperada transición á democracia favoreceron unha toma de postura destes grupos tamén respecto á importancia da lingua galega e as características que a variedade estándar había ter nese novo escenario. Neste contexto, é de destaca-la oposición de certas elites políticas galegas de signo nacionalista ó modelo normativo inicialmente deseñado polo ILG e ó que máis adiante se sumaría a RAG. Este rexeitamento das principais elites políticas nacionalistas desde mediada a década de 1970 ó modelo lingüístico representado polo ILG pexou a consolidación do estándar galego durante as décadas posteriores. Así, tanto o antigo PSG-EG coma o BN-PG (despois BNG) posicionáronse en contra do grupo de investigadores do ILG dedicados a elabora-lo estándar da lingua galega, a pesar de teren sido e seren a maior parte deles militantes ou simpatizantes dalgunha destas dúas

[2] Este último sector ILG-RAG ten sido acusado polos outros dous de practicar e defende-lo hibridismo do galego. Para unha análise de conxunto deste concepto e da súa interacción co purismo en linguas coma a nosa, véxase Gugenberger (neste mesmo volume).

organizacións nacionalistas e as súas sucesoras. O feito de non formar parte da estratexia do ILG a oposición frontal ós poderes políticos galego e español na fin do franquismo e tamén o feito de se apoia-lo ILG en institucións e fundacións cun prestixio e peso específico na época como Fingoi, Sarmiento, Barrié ou Penzol, e maila conseguinte proximidade a persoeiros afastados das organizacións nacionalistas da época como Ramón Piñeiro ou Xerardo Fernández Albor, entre outros, contribuíu tamén a que as elites nacionalistas da época considerasen que o traballo, obxectivos e estratexias do ILG non eran compatibles coa súa loita política, cultural e lingüística ó longo de –polo menos– as décadas de 1970 e 1980.

Por outra banda, foi relevante que Ricardo Carballo Calero, primeiro profesor de lingua e literatura galegas na Universidade de Santiago e tamén membro do primeiro padroado do ILG en 1971[3], fose afastándose progresivamente da institución e dos seus criterios e estratexias; deste xeito, o seu modelo ideal de lingua cada vez se distanciou máis das propostas do ILG e foi postulando un progresivo achegamento ó portugués. Este episodio, ademais de marcar un cisma co Instituto da Lingua Galega ó longo da década de 1970, levou a don Ricardo a se converter no guieiro dunha outra maneira de entende-lo estándar contemporáneo do galego e na figura iniciática tanto do que se daría en chamar «reintegracionismo de mínimos» (AS-PG) coma do reintegracionismo pleno representado pola AGAL[4].

Así mesmo, esta escisión produciuse mentres a educación superior en Galicia estaba representada pola Universidade de Santiago, única institución neste nivel ata a segregación das tres universidades en 1989[5]. Xa que logo, trala oficialización da incorporación da lingua galega ó ensino[6], e de maneira especial trala constitución da Xunta preautonómica en 1977, comezou a sentirse a repercusión real que

[3] Véxase ó respecto http://ilg.usc.es/ilgas/40aniversario.htm (consultado o 15-12-2012).

[4] Un exemplo claro da importancia de Carballo Calero tanto para o «reintegracionismo de mínimos» como para o reintegracionismo pleno é o volume coordinado por Biscaínho Fernandes e Sánchez Rei (2011). Nel unicamente Rosario Álvarez achega unha perspectiva diverxente da reintegracionista. Non é por acaso que o dito volume fose editado pola Universidade da Coruña a partir dun simposio organizado pola súa área de Filoloxía Galega.

[5] As universidades da Coruña e Vigo créanse ó abeiro da Lei 11/1989 da Xunta de Galicia, do 20 de xullo, de Ordenación do Sistema Universitario de Galicia.

[6] A partir da entrada en vigor do Decreto 1433/1975 do 30 de maio sobre a incorporación das linguas nativas ós programas e mailo Decreto 2929/1975, do 30 de outubro, de regulamento das *linguas rexionais españolas.*

o modelo de galego elaborado e ensinado na educación primaria e secundaria de Galicia tiña, e polo tanto as discusións e a loita por se posicionaren e converteren en elites-guieiro pasou a ser unha preocupación principal dos diferentes grupos da época. Con todo, o feito de a Universidade de Santiago ter sido a única institución de educación superior en Galicia e o ILG o único centro especializado na lingua ata 1989 non impediu a aparición de disputas interminables e ben intensas respecto ó estándar da lingua galega.

Da conxunción entre factores xerais, institucionais e políticos coma os anteriores e mailas interaccións persoais condicionadas pola posición académica dos líderes organizativos e intelectuais da filoloxía e a lingüística galegas derivou a situación da que aínda somos debedores. A principal novidade que se produciu sobre o panorama anterior foi a aparición en 1989 da sección de Filoloxía Galega na Universidade da Coruña, que asumiu a discrepancia coas teses normativas do ILG compostelán como base do seu ideario lingüístico. Esta dinámica mantívose, con matices relativamente menores, entre 1989 e 2003, e pode considerarse a orixe da constitución do que denominarei neste traballo o «grupo da Coruña»[7] e as correspondentes teses sobre o estándar actual da lingua galega.

A definición, características e interacción entre estes grupos constitúe un tema multidimensional e con ramificacións varias, o que fai virtualmente imposible nun artigo destas características unha análise polo miúdo das diversas escolas involucradas no poliédrico fenómeno do purismo no caso galego, nin sequera no período contemporáneo. Por esta razón, e coa esperanza de poder retomar tales cuestións nun próximo contributo, a parte central deste traballo estará centrada unicamente na visión purista da lingua galega que caracteriza o «grupo da Coruña». Sen dúbida, esta visión acadou unha gran relevancia no período comprendido entre 1998 e 2009, dentro do cal se publicaron os textos obxecto de estudo neste artigo.

Así, no lapso 1998-2009 son de especial relevancia os traballos de Freixeiro Mato, entre os cales considerarei para esta achega sobre todo o primeiro volume da súa Gramática, dedicado á fonética e fonoloxía e publicado en 1998, ademais

[7] En «A cuestión da lingua» (artigo publicado online o 10/12/2012 no xornal *Galicia Confidencial* (http://galiciaconfidencial.com/nova/12333.html, consultado o 15/12/2012), Manuel Rodríguez Alonso denomina este grupo *escola coruñesa*. Pendente dunha avaliación historiográfica máis detallada e en profundidade, paréceme de momento preferible a denominación «grupo da Coruña».

do seu libro de corte prescritivo-normativo publicado en 2009, e así mesmo o outro volume ó meu ver máis relevante programaticamente neste período: Sanmartín Rei (2009). Parte do mesmo modelo son tamén os traballos de Sánchez Rei (1999, 2011), algún dos cales exceden xa o período estudado; tamén fan parte del volumes aínda máis recentes como Callón (2012), aínda que este último autor –como é sabido– mesmo manifestando proximidade ideolóxico-normativa a este grupo, non pertence ó organigrama da Universidade da Coruña.

4. O PURISMO LINGÜÍSTICO DO «GRUPO DA CORUÑA»

Logo de seren introducidas algunhas ferramentas analíticas e mailo marco historiográfico en que xorde o purismo na Galicia contemporánea, vinculado sen dúbida ó debate sobre a constitución do estándar, quixera pasar a unha análise máis polo miúdo das manifestacións e ideoloxías puristas que aparecen nos textos do paradigma propugnado polo «grupo da Coruña».

O dito grupo, constituído nesta cidade e formado inicialmente por autores como Manuel Ferreiro ou Mª Pilar García Negro, no período mencionado terá como autores máis significados na definición e crítica sobre a estandarización do galego os profesores Xosé Ramón Freixeiro Mato e Goretti Sanmartín Rei[8].

Nunha dinámica social coma a galega, na que a lingua do país foi privada de usos públicos durante séculos, téñense producido múltiples tensións entre, por unha banda, as accións implementadas para consolida-la lingua estándar e, por outra, os esforzos por controla-la fixación de tal variedade. O proceso de reaxuste dos grupos académicos, puntos de vista sobre o estándar e orientación ideolóxica, como indicamos arriba, derivou na concentración na Universidade da Coruña, nomeadamente na súa sección de Lingua Galega, de profesores cunha traxectoria ligada ó mundo reintegracionista, que nunha proporción importante se viñan decantando xa pola opción denominada *de mínimos*. Así, a posibilidade de dispoñer, igual que a área correspondente na Universidade de Santiago, dun atril desde o que difundi-las súas ideas lingüísticas abriu un novo escenario. Os intentos de conseguir un acordo normativo aínda máis amplo que o acadado en 1982 e os

[8] Non me referirei neste traballo nin ó papel desempeñado polo profesor iniciador da área de Filoloxía Galega da UDC, Xosé M. Dobarro, nin ó doutros investigadores que se incorporaron á institución nas seccións de literatura galega ou lingua e literatura portuguesas a partir de 1989.

debates que ó longo dos anos se sucederon ata a consecución do devandito acordo, plasmado na reforma normativa da RAG de 2003, favoreceu a aparición de textos normativos como os catro volumes da gramática de Freixeiro Mato (1998-2003).

Por outra banda, a presenza por primeira vez na historia do nacionalismo galego de esquerdas no goberno da Xunta durante o período 2005-09 alimentou a expectativa de que esta corrente do nacionalismo se sentise capaz de influír na dinámica social e axudou a que o «grupo da Coruña» tentase funcionar como elite-guieiro dese goberno, e así condiciona-la configuración da política lingüística en Galicia. Neste contexto debe entenderse a publicación de volumes como Sanmartín Rei (2009) [9] e Freixeiro Mato (2009)[10].

Deste xeito, estase a documentar con detalle e a xustificar desde a perspectiva normativo-prescritiva a proposta de estandarización da lingua galega alternativa á ofrecida polo ILG –e subscrita polas seccións de Lingua Galega das universidades de Santiago e Vigo. A pesar de a tradición compostelá á que tentan dar resposta estar documentada cun robusto aparato crítico e unha tradición de case tres décadas, ter contado cunha maior repercusión mediática e respecto tanto dentro como fóra de Galicia, o «grupo da Coruña» está a tentar discutirlle o terreo ó ILG, principal protagonista da estandarización durante case medio século na Galicia contemporánea.

---

[9] A propia Goretti Sanmartín formou parte entre 2006 e 2008 da Comisión de Seguimento e Impulso do *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega* creada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Como indica esta autora, o citado volume presenta «unha serie de consideracións que (…) procuran influír para reconducir a política lingüística actual e unificar esforzos neste ámbito» (Sanmartín Rei 2009: 11).

[10] Freixeiro é tamén consciente mentres escribe o seu volume da excepcional ocasión de influír no estándar lingüístico que o contexto do bipartito lle brinda ó grupo da Coruña. Circunstancia que documenta debidamente o «epílogo non previsto» final, onde destaca como o seu libro «trata fundamentalmente de gramática, mais tamén algo de política e, por tanto, non pretende ocultar a vinculación entre ambas, pois inclusive nas cuestións de natureza morfosintáctica, fonética ou lexical intervén dalgún modo a política (…), pois as escollas gramaticais non son alleas ás políticas sobre as linguas e ao seu futuro» (p. 157). A concepción da lingüística, ou da gramática, que latexa baixo a declaración de Freixeiro compadécese mal con pronunciamentos doutra representante cualificada do grupo da Coruña, Pilar García Negro, que rexeitaba como manifestacións do que ela mesma denominaba «suciolingüística» as «páxinas confusas e interesadamente ideolóxicas sobre a cuestión lingüística» (García Negro 2000: 213).

De xeito non menos interesante, Freixeiro salienta na parte final do dito epílogo como trala vitoria do PP en 2009 «a esperanza de avanzarmos na construción dun modelo de galego de calidade e con futuro parece arrefriarse un pouco». Todo isto leva a pensar que o grupo da Coruña concibía o goberno bipartito como unha oportunidade excelente para reler *pro domo sua* o acordo normativo e así modifica-la situación precedente todo o que o contexto e o tempo permitisen.

Pasado o tempo de realizar unha proposta normativa de tendencia claramente reintegracionista ou dun reintegracionsimo *de mínimos* de corte minimamente rupturista, no acordo normativo de 2003 probablemente a perspectiva descrita por Freixeiro Mato (1998-2003) funcionou como contrapeso ó modelo directamente continuador das NOMIG82. Así, o «grupo da Coruña» probablemente percibiu como máis estratéxico influír o máis posible na modificación do estándar galego maioritario e oficializado sen pretender derrubalo explicitamente, o que non implica unha renuncia plena á «utopía realizable» de algún día –mesmo dentro de varias décadas ou xeracións– conseguir que o galego estándar se *reintegre* no portugués continental[11]:

> O aproveitamento de todas as posibilidades recollidas nas normas oficiais, xuntamente co uso e potenciación dos trazos morfosintácticos máis xenuínos, que en nada as contrarían, ben como o explícito recoñecemento do portugués como recurso para o acrecentamento lexical, permiten o asentamento dun modelo de lingua máis auténtico e, por iso, máis «reintegrado» nas propias raíces do idioma e no sistema lingüístico galego-portugués a que pertence (Freixeiro Mato, 2009: 5).

Trátase como vemos dunha dialéctica que, sen fuxir das apelacións á *reintegración* lingüística, tenta buscar tal obxectivo no longo prazo coa coñecida estratexia marxista da 'toupa' que procura afundi-lo sistema dominante a través da escavación de múltiples túneles subterráneos á espera de que se dean as condicións para ocupar un lugar preponderante na historia, neste caso lingüística, de Galicia. Os dous volumes anteriormente citados, escritos durante o cuadrienio do bipartito, encaixan asemade no ambiente que este contexto político parece propiciar: un maior protagonismo das ideas e persoas vinculadas dunha maneira orgánica ó nacionalismo galego dominante naquel momento (o BNG e, nomeadamente, a UPG).

Ese mesmo ton aparece tamén no outro traballo máis destacado do grupo da Coruña neste período (Sanmartín Rei, 2009), no que a carga ideolóxica é aínda máis explícita:

[11] Falo de *portugués continental* porque ese é en realidade o seu modelo de lingua ideal. Nos textos e proclamas reintegracionistas é lugar común falar da 'unidade lingüística galego-portuguesa' botando sempre unha saba por riba da pantasma das discrepancias normativas entre portugueses e brasileiros, discrepancias que os movementos lusistas –a diferencia das elites e as comunidades científicas portuguesa e brasileira– seguen negando ou, en todo caso, ocultando interesadamente.

> Queremos, por tanto, contribuír con este traballo a demostrar que *aquí e agora* só desde a procura da calidade da lingua que empregamos estamos a contribuír á construción nacional (Sanmartín Rei 2009: 12).

No anterior fragmento podemos aprecia-lo paralelismo establecido entre «calidade da lingua» e «construción nacional»; deste xeito, ámbolos conceptos parecen presentarse como dúas caras da mesma moeda. Naturalmente, cabe preguntarse, por unha banda, se tódolos partidarios da construción nacional estarían dispostos a esforzarse pola 'calidade lingüística', en particular entendida esta consonte o modelo proposto por Sanmartín Rei e Freixeiro Mato. Por outra, cómpre preguntarse se os falantes tradicionais de galego e/ou outras persoas ás que podería ir dirixida esta mensaxe (neofalantes concienciados ou non, bilingües que utilizan a lingua de forma *estratéxica*) estarían de acordo con facer depende-los seus usos lingüísticos da construción nacional de Galicia. Noutras palabras, existe dúbida razoable de se todos ou a maioría dos chamados a *purificar* o seu galego estarían de acordo con ese esforzo para conquerir un obxectivo político. Para que así fose, naturalmente, todos deberían comparti-lo mesmo tipo de ideoloxía nacionalista destes autores.

Por outra banda, cómpre preguntarse cal sería o impacto desa directriz sobre aqueles que, sen seren nacionalistas, se achegan ó galego por motivos diversos (redes sociais ou necesidades laborais, por exemplo), e se este discurso pode reforza-la posición social do galego e os seus falantes ou se, pola contra, o discurso de o (auténtico) galegofalante precisar para selo motivacións claramente políticas pode funcionar como efecto disuasorio do seu uso. Finalmente, xorde dúbida razoable de se o comportamento lingüístico (en termos de *calidade* lingüística) pode funcionar na interacción diaria como reacción consciente, e se as persoas desenvolven o seu código e comportamentos lingüísticos en canto busca premeditada de obxectivos políticos.

Ó cualificar traballos coma estes de ideolóxicos en absoluto se pretende afirmar que outros estudos que non formulan abertamente obxectivos políticos non teñan unha dimensión ideolóxica. O que en realidade se quere dicir é que a primeira e máis importante intención dos traballos deste grupo é política e non (socio)lingüística. En realidade, estes textos pretenden servir de guieiro para aquelas persoas que *acreditan* ou poderían chegar a *acreditar* no ideario político dos seus autores. Xa que logo, para o «grupo da Coruña» abraza-lo purismo é unha maneira de diferenciarse da nación e da lingua española, fronte ás que a outridade se

establece lingüisticamente buscando un modelo de lingua tan diferenciado desta como sexa posible.

Aínda que, como dicimos, tódalas visións teñen unha carga ideolóxica e non é posible tratar temas relacionados coa sociedade sen considerar algún tipo de ideoloxía sobre a realidade obxecto de estudo, esta visión da realidade lingüística galega baséase non na análise da realidade sociolingüística senón nun determinado posicionamento ideolóxico. En palabras de Sanmartín Rei (2009: 39-40):

> non deixa de ser verdade que se percibe unha gradación que fai máis frecuente, por máis seguro, por máis armado, o emprego do galego en contextos onde o idioma que se ofreza sexa un modelo digno e diferencial, moi ideoloxizado, con abundancia de reflexións sociolingüísticas, con consciencia e vontade de se construír así.

As palabras anteriores indícannos que, en efecto, o obxectivo destes textos é crear un modelo de interpretación lingüística compacto, (sic) «moi ideoloxizado» e concéntrico arredor das ideas do grupo, modelo no que os usos lingüísticos en canto comportamentos sociais se manifesten de forma plenamente consciente e reflexiva na conduta cotiá. Porén, é claro que os comportamentos lingüísticos na sociedade (ata entre galegofalantes, mesmo conscientes) non seguen adoito ese padrón hiperconsciente. En realidade, esta reflexión continua e sempre premeditada sobre os comportamentos arredor das escollas lingüísticas só sería posible na situación galega entre militantes absolutamente disciplinados que desenvolvan a súa vida social unicamente entre individuos do seu mesmo credo político e vivan alleos a calquera converxencia lingüística, tanto con individuos que usan outra variedade coma con usos sociais diverxentes de tal escolla.

Por tanto, tal modelo de consciencia lingüística aplícase non só á selección do galego como lingua de uso exclusivo senón tamén á variedade concreta de galego empregada e, o que resulta máis sintomático, á actitude purista en canto ó uso desa variedade lingüística propia. Isto quere dicir que o individuo/a debería asumi-lo seu rol de axente propagador dunha actitude e comportamento puristas:

> Desde unha situación de ameaza permanente e de inferioridade manifesta <u>non é posíbel manter ningunha actitude diferente á do purismo</u>, entendido sempre non como reforzo normativo senón como lóxica procura dun modelo de lingua auténtico afastado do español (Sanmartín Rei, ibíd 27, o subliñado é meu).

A ideoloxía purista, como parte fundamental da argamasa discursiva do grupo, funciona como medio para organizar, concienciar e mobiliza-los grupos sociopolíticos que forman parte dun certo tipo de nacionalismo galego, sobre os que estes autores pretenden funcionar como guieiros:

> Velaí a causa de na praxe política ser fundamental dotármonos dunha imaxe sólida e coherente, dun discurso en que acrediten as persoas coas que queremos partillar un proxecto de transformación social radical deste país e da súa esquizofrenia lingüística, e acreditar nel non significa votar nas eleccións, senón que ten de supor adoptáreno como propio e sentíreno como substancial e necesario» (Sanmartín Rei, ibíd. 35).

A cita anterior indica tamén outra característica central deste modelo: está deseñado para que nel «acrediten as persoas coas que queremos partillar un proxecto de transformación social radical deste país». É dicir, o destinatario é non o conxunto da poboación galega, nin sequera as persoas en diferentes graos sensibilizadas ou interesadas na promoción do galego, senón os que crean na «transformación social radical» de Galicia e da situación caracterizada como «esquizofrenia lingüística». Tal actitude, ademais, non pode ser pasiva senón un compromiso «substancial» na vida diaria. Téntase así ofrecer unha «imaxe sólida e coherente», sen fisuras, desa praxe política, claramente diferenciable doutras posturas e, dese xeito, eliminar calquera sombra de dúbida ante posibles disidencias na análise sociolingüística dos cidadáns do país que poidan dar soporte á dita «esquizofrenia lingüística».

Como xa dixen, este grupo pretende funcionar abertamente como elite-guieiro dun tipo de nacionalismo galego moi concreto, nucleado arredor da UPG. Tal feito encaixa perfectamente no paradigma segundo o cal o fenómeno do purismo é iniciado e lexitimado polas elites –tal como documenta Annamalai (1989)– que se benefician del a través da autoridade que se atribúen e que determinados sectores lles confiren como guieiros do grupo. A retórica utilizada, de corte claramente elitista, ten como principal dificultade conseguir visibilidade e prestixio entre os seus seguidores e asemade te-la capacidade de arrastre necesaria para enganchar a sectores de certa relevancia na sociedade galega. Neste caso, dá a impresión de que o grupo de seguidores pode ser realmente limitado, xa que a formulación concreta do seu discurso e estratexias deixa fóra aqueles que non posúan o necesario subtipo de ortodoxia requirido. Así

mesmo, se o individuo non é quen de funcionar socialmente de acordo coa coherencia de ideas e comportamentos establecidos quizais tampouco poida formar parte do dito grupo. Nestas condicións, semella difícil pensar que grupos importantes da sociedade galega poidan non só dedicar tanta enerxía e tempo a funcionar con tal 'coherencia' sociolingüística (mesmo entre aqueles que en principio caberían na mesma carpa ideolóxica) senón mesmo seren capaces de mante-la referida conduta social. Precisaríanse tanto unhas determinadas convicciónns ideolóxicas coma un patrón de comportamento sociolingüístico moi concreto e non susceptible de modificacións ou adaptacións segundo o interlocutor (e tanto verbo da lingua coma da norma oral utilizada) ou o grupo ó que este pertence. Non sería logo posible a converxencia lingüística se o perfil do interlocutor non coincide co do falante, e probablemente este vería seriamente dificultada a interacción con individuos que non correspondesen á mesma ortodoxia sociolingüística e normativa. Por todo isto, é obvio que o alcance e operatividade desta estratexia sería unicamente asumible por aqueles galegos e galegas que non practiquen a converxencia (nin idiolectal, nin dialectal, nin sociolectal) nin a solidariedade lingüística, senón só a exposición pública do seu status lingüístico fronte ó outro.

Igualmente, cúmprese outra das características establecidas por Annamalai (1989), segundo a cal existe unha forte chamada ó purismo cando o cambio en curso pon en perigo o control social que previamente non se percibía como tal (simplemente porque non existía ou non se percibía esa posibilidade como real). Aínda que a orientación purista é claramente anterior e como tal pode atoparse en múltiples textos previos (véxase vgr. Freixeiro Mato 1998), probablemente a existencia de novos nichos e perspectivas de control normativo e poder lingüístico no período 2005-09 animou este sector a intensifica-las súas pretensións puristas.

Como xa suxerín, este discurso está deseñado para contrarrestar posibles heterodoxias que favorezan outros ámbitos nacionalistas e galeguistas. Mais a posible repercusión social, se cadra non abondo valorada, é que se estea tamén a poñer un obstáculo –se cadra insalvable– a todos aqueles/as que tentan achegarse ó galego e que non poden ou queren chegar a ese modelo tan ríxido e encapsulado proposto, ou que como galegofalantes iniciais ou habituais xa están instalados na lingua e non queren renunciar ó *seu* galego.

> Nada máis lonxe da realidade acreditar en que o noso modelo lingüístico pouco ten que ver co noso posicionamento a respecto do galego. A calidade da lingua que empregamos é un sinal inequívoco, público, notorio, do noso compromiso lingüístico. O grao de deturpación, de españolización, de falta de coidado co idioma que mostramos acotío mostra, fai evidente, a relaxación nesta materia. Non é posible acreditar, neste contexto histórico, nun discurso de defensa da lingua galega usando un modelo de galego tan pouco acaído, tan corrompido como escoitamos ao noso redor e como acabamos interiorizando como natural e adecuado. Non abonda con empregar o galego, temos que utilizalo correctamente e restituír aquelas formas hoxe esquecidas ou preteridas por coñecidas circunstancias socio-históricas (Sanmartín Rei, ibíd. 36).

Este tipo de discurso sociolingüístico (ou, se cadra, simplemente *político*) pode funcionar tamén como un eficaz pulo desmotivador para aqueles falantes indecisos que, presa da inseguridade lingüística, ante a dúbida, pasen simplemente a fala-lo español (de Galicia), no que a demostración de trazos lingüísticos galegos ou resultado do contacto co galego non supón rexeitamento por parte do grupo castelanfalante correspondente. E tamén pode ser un eficaz repelente, mesmo se esa non é a súa pretensión, contra aqueles neofalantes que utilizan o galego de xeito esporádico para interactuaren eficazmente e xeraren converxencia lingüística co interlocutor (véxase Ramallo, neste mesmo volume). E, por suposto, tal discurso é alleante cara ós falantes de galego tradicional que manteñen e usan o galego por solidariedade grupal e non por status.

4.1. Purismo e valoración da gheada e o seseo en galego

Aínda que a maior parte das aplicacións deste modelo fortemente purista se ten realizado sobre o léxico e a morfosintaxe do galego, resulta moi reveladora a aplicación de tales baremos ó ámbito da fonética. Un exemplo particularmente salientable de tal orientación é o volume I da *Gramática da Lingua Galega*, dedicado á Fonética e Fonoloxía, do profesor Freixeiro Mato (1998)[12]. As características deste volume foron xa debidamente analizadas por Dubert (1998) nunha extensa recensión crítica, na cal o lingüista muradán destaca o paradoxo

[12] Este autor volve trata-la cuestión do modelo de fonética galega común ou culto en Freixeiro Mato (2009: 27-34). A pesar de matizar algunhas afirmacións, no substancial segue mantendo as opinións expresadas unha década antes.

de trata-la orixe de fenómenos coma a gheada ou o seseo nunha gramática pretendidamente sincrónica e facelo ademais con exemplos correspondentes a textos literarios (polo tanto, non orais) e non estritamente sincrónicos. Como xa indicaba Dubert (1998: 136):

> asómbranos que un estudio sobre a fonética e a fonoloxía do galego contemporáneo se basee na lingua de textos literarios. Realmente, esta é unha das vías para achegarnos ós sistemas fonolóxicos das linguas mortas ou dos estadios preteridos das linguas vivas; sen embargo, obter mostras dunha lingua tan viva coma o galego é unha tarefa tan simple que torna inútil calquera referencia ós textos escritos. Relacionado con este último aspecto, a análise da fala real, tamén resulta sorprendente que nun traballo que se subtitula *Fonética e Fonoloxía* o autor deixe de lado a análise acústica dos sons, sobre todo cando hoxe en día xa contamos con abundante material referido a este aspecto.

Nesta sección quixera logo centrarme no tratamento sobre a gheada e o seseo neste volume, tanto pola importancia que parece ter para o seu autor[13] como pola claridade con que esa dimensión purista se expón no citado volume, que como veremos tivo ademais secuelas contemporáneas en artigos de corte xornalístico, o que indica a importancia que a cuestión ten para o seu autor.

Paréceme especialmente útil a valoración das teses sobre a aparición da gheada en galego, aspecto xa analizado por Recalde (2003). Neste traballo, a sociolingüista de Barreiros desmonta con precisión e sistematicidade a tese castelanista sobre a orixe da gheada galega desde a perspectiva do cambio lingüístico e a socioloxía da lingua. Concordo con Recalde en que nin o pretendido bilingüismo diglósico nos séculos XVI-XVII –de cativa implantación social en tal período– nin a aplicación do concepto de prestixio lingüístico permiten explicar debidamente a aparición da gheada e gueada galegas. Pola contra, considero como ela que son ideolóxicas as razóns polas que Freixeiro Mato (apoiándose en opinións previas de Pensado (1983)) tenta desprestixiar e desterra-la gheada do estándar da lingua galega (Recalde 2003: 60 e ss.).

É certo que o rexeitamento deste trazo fonético desde a lingüística galega xa o iniciara Pensado (1983: 55), ó afirmar que:

[13] O volume dedica á análise da gheada un espazo moi notable (pp. 142-159), mentres «un dos problemas máis interesantes que presenta o estudio da fonoloxía do galego: o silabeo de *unha*, *algunha* (…) non merece unha soa liña no apartado dedicado ó estudio da sílaba» (Dubert 1998: 136).

> Es creencia «popular» que la *geada* es de origen castellano, pero en este caso, para algunos, el pueblo no ha acertado, y eso que hoy, para los sociolingüistas, es muy importante lo que el pueblo, no los lingüistas y los gramáticos, opina de su lengua.

Este argumento populista sobre a importancia das opinións do pobo á hora de construí-lo estándar contrastan coa atención que ó dito pobo e ás súas opinións se lle outorga noutros aspectos. Mais, evidentemente, o argumento foi reciclado e readaptado ó marco ideolóxico de Freixeiro ó afirmar:

> Convén precisar que tal tese [castelanista] non foi defendida en solitario por estas dúas persoas [Pensado 1970 e Pensado e Pensado Ruiz 1983], senón que foi a que viñeron sostendo a case totalidade dos estudiosos da nosa lingua até o período actual, como xa se viu, en concordancia co pensamento popular que a asociou a unha má pronuncia por interferencia do castelán, feito que explica o seu desprestixio e abandono que dela fixeron practicamente todos os escritores en galego, defensores da nosa lingua e por iso mesmo inimigos da *gheada* (Freixeiro Mato 1998: 152).

Neste fragmento observamos a pretensión por parte do autor de atribuírse a *auctoritas* lingüística a través da reválida ofrecida pola tradición anterior e tamén de establecer unha relación causa-efecto entre a defensa do galego e a oposición á gheada. Os dous feitos son amplamente discutibles, por unha banda porque falar da «case totalidade dos estudiosos da nosa lingua» oculta a perspectiva de diversas autoridades que, como Álvarez e Fernández Rei (1977) ou Santamarina (1980), en absoluto concordan con tal proscrición da gheada. E, por outra, porque establecer unha equivalencia entre defende-lo galego e ser inimigo da gheada supón unha insólita e prexuizosa asociación de ideas que excede o ámbito da descrición e análise do sistema fonolóxico galego.

Este intento de deslexitimación da gheada e dos seus falantes ten outro dos seus puntos culminantes nunha achega xornalística de Freixeiro Mato coetánea á *Gramática* e publicada no desaparecido semanario *A Nosa Terra* (nº 819: 26 de febreiro de 1998):

> Mais non semella razoábel sacrificarmos esforzos por beneficiarmos unha característica fonética que naceu baixo o estigma da inautenticidade, a vulgaridade e a incultura e que en máis de douscentos anos non foi quen de superar. A súa orixe foi sancionada como castelanista pola conciencia popular –«o pobo é quen máis ordena»– e pola conciencia ilustrada dos nosos precursores.

Nestoutro traballo, ademais de vincula-la proscrición da gheada por parte dos precursores, Freixeiro Mato engade unha mención a que «o pobo é quen máis ordena», en clara referencia ó coñecido verso de Zeca Afonso, autor paradigmático da resistencia ó fascismo portugués e maila loita pola liberdade fronte á ditadura salazarista, e por ende eslógan de moitas causas xustas posteriores entre as esquerdas galega e ibérica. Supoñemos logo que se está a presentar como un éxito a pretendida liberación do asoballado pobo galego a través da proscrición da gheada, que seica representa a opresión e submisión ó Estado español, mentres a renuncia supostamente voluntaria a esta –trazo considerado 'espurio' e inaceptable en canto resultado da *bastardización* e as impurezas da lingua galega– supoñería lingüisticamente camiñar cara a unha purificación liberadora do pobo galego. Tan poliédrica e multidimensional manipulación discursiva podería ser xa motivo dun artigo de seu; en todo caso, abonde de momento con documentar como Freixeiro Mato pretende aquí establecer unha equivalencia entre, por unha banda, unha interpretación altamente discutible (a teoría castelanista da gheada) e, por outra, unha pretendida conciencia popular de base esquerdista conectada coa tradición reivindicativa e filolóxica galega, de modo que «se establece unha relación causa-efecto entre a defensa do galego e a censura da *gheada*, para o cal a defensa de tanto o galego coma a *gheada* se presentan, por defecto, como unha contradición» (Recalde 2003: 63-64)[14].

Non é casual tampouco a utilización do semanario *A Nosa Terra*, principal medio xornalístico nacionalista naquela altura, como altofalante para difundir tales visións sobre a gheada a lectores en moitos casos sen formación lingüística ou filolóxica abondo. Isto demostra, ó meu ver, que a razón principal desa auténtica «campaña contra a gheada» por parte de Freixeiro é novamente de tipo político-ideolóxico e non (socio)lingüístico. En palabras de Recalde (2003: 63), «esta busca da autenticidade, do verdadeiro galego, está guiada por outro aspecto ideolóxico, a necesidade de crear unha lingua estándar que se convirta nun símbolo de identidade nacional, para o cal é esencial purificalo de elementos estranxeiros, especialmente daqueles que se coidan orixinados na lingua superimposta». No seu libro de 1998, Freixeiro afirmaba que:

[14] A tradución ó galego de tódalas citas orixinalmente en inglés de Recalde (2003) é miña.

> A razón principal a favor da tese castelanista é a ausencia total de gheada en portugués, comportándose a fronteira política como fronteira do fenómeno lingüístico da gheada. (...) Quen quixer aprofundar na separación entre galego e portugués ten na gheada un obstáculo (pp. 154-155).

Resulta asemade sintomático neste texto como ante un fenómeno como a gheada, arquetípico do galego oral e presente historicamente na lingua dos galegofalantes tradicionais e de moitos monolingües en galego desde hai séculos[15], se opte pola súa desconsideración ó constituír un simple trazo fonético un obstáculo para o discurso da unidade lingüística galego-portuguesa, para este autor aparentemente máis importante que a identidade etnolingüística galega. Por outra banda, malia a ser este un fenómeno fonético, e polo tanto non poder conectarse co estándar derivado da tradición escrita, esta perspectiva podería tamén saca-lo debate sobre o estándar do que ten sido o principal ámbito emocional de referencia tanto da sociedade galega coma do galeguismo histórico: o mundo rural tradicional. Así, a través da renuncia ó «galego con gheada» estase tamén renunciando ó pasado rural e á *auctoritas* que este supuxo non só para os lingüistas e filólogos galegos na Galicia contemporánea, senón tamén para o conxunto dos falantes[16].

Pero o máis sorprendente na visión deste autor non é que desbote a gheada por non coincidir coa norma panlusófona, senón a súa aceptación e aplauso ós estigmas e prexuízos que de forma interesada se tiñan establecido sobre a gheada, apoiando explicitamente as máis descarnadas ridiculacións dun trazo fonético característico do galego popular. Di Freixeiro Mato:

> Se desde a súa orixe (...) a gheada (...) é xeralmente desprezada e os que a usan son obxecto de burlas e ridiculización por a consideraren, polo menos desde o ámbito das persoas cultas, un signo de ignorancia e vulgaridade, ¿por qué será? (...) E isto fundamentalmente pola carga pexorativa que historicamente foi acumulando como signo de rudeza e de incultura, proxectada á súa vez sobre o idioma galego no seu conxunto. (...) Non semella razoábel sacrificarmos esforzos por beneficiarmos unha característica fonética que naceu baixo o estigma de inautenticidade e da incultura (Freixeiro 1998, 157-158).

[15] Aínda que non existe consenso absoluto sobre a antigüidade do fenómeno, acostuma establecerse como anterior a mediados do século XVII (Santamarina 1980: 244; Mariño 1994: 210-211) ou ben entre ese momento e finais do XVIII (Pensado 1983: 21-40). Para unha discusión máis polo miúdo sobre a datación do fenómeno, cfr. Recalde (2003: 45-46).

[16] Lémbrese vgr. o «máster de galego na aldea» do que falaba o profesor Xesús Alonso Montero. Cfr. Dobao (1999).

Esta sanción tan negativa por parte dun lingüista demostra como, subvertendo as palabras de Kabatek (2000), ás veces os lingüistas escriben como simples falantes e reproducen os estigmas que estes axudaron a difundir. En todo caso, resulta paradoxal que, despois do esforzo realizado desde a sociolingüística contemporánea por demostrar que non existen formas lingüísticas intrinsecamente peores, máis incultas, vulgares ou ridículas, un volume nacido con vontade de texto de referencia na lingüística galega contemporánea ignore algúns dos principais achados da tradición lingüística da que parece beber, incluída a investigación sobre preconceptos lingüísticos[17]. Así mesmo, desde un punto de vista ético cómpre considerar que «estes argumentos serven para reproduci-la ideoloxía lingüística que vencella fluidez na lingua estándar con superioridade cognitiva e interferencia con inferioridade», de xeito que «caracteriza-la *gheada* como castelanización e atribuí-la súa aparición á «incapacidade» e «ignorancia» dos galegofalantes con menos cultura son dous poderosos argumentos de ilexitimación por parte dos gardiáns da lingua: cando os introducen nos seus discursos como verdades procedentes do sentido común, eses argumentos poden usarse para a discriminación e exclusión social a partir dunha base lingüística» (Recalde 2003: 68, 69-70). Isto constitúe o que Recalde denomina no seu traballo «purismo elitista e xenófobo».

Podería parecer que ó aceptar e servir de altofalante á ridiculización da gheada como trazo vulgar e propio da incultura dos falantes tradicionais de galego estase aceptando tamén a ridiculización histórica e a estigmatización da masa de falantes que teñen utilizado o dito trazo lingüístico. Por suposto, tal liña argumental trae como perigo implícito considerar inculta, ridícula e desprezable non só a gheada senón tamén os falantes rurais monolingües en galego que a teñen utilizado tradicionalmente de forma sistemática nas súas prácticas lingüísticas habituais.

Permítaseme para rematar con esta exemplificación do purismo no ámbito fonético utilizar outra cita igualmente coñecida, que clarexa aínda máis a explicación de por que se aceptan ou rexeitan trazos lingüísticos da fala para a súa incorporación na variedade estándar. Refírome ó razoamento que este mesmo autor ofrece para explica-la aceptabilidade do seseo en galego. Afirma Freixeiro Mato:

[17] Freixeiro Mato (2009) dedica unha sección enteira a «Os preconceptos lingüísticos» (pp. 141-146), apoiándose en Tusón (1989) para rexeitar algúns prexuízos popular ou interesadamente estendidos en Galicia. Lamentablemente, este autor non aproveita o marco interpretativo e as ensinanzas de Tusón respecto a tales prexuízos aplicándoas tamén ós existentes sobre a gheada que, lonxe de rexeitar, acaba xustificando e alimentando de xeito reiterado de novo neste volume de 2009.

> En comparación coa gheada, o seseo non tivo o rexeitamento xeneralizado desta, aínda que tampouco gozou de prestixio entre a maioría da poboación. Mais unha boa parte dos estudiosos considerouno un fenómeno natural e propio do galego, e a maior parte dos escritores utilizouno nas súas obras, sobre todo en posición posnuclear. Moi diferente, pois, este comportamento do que a nosa intelectualidade tivo a respeito da gheada.
> Na percepción das orixes de cada fenómeno, autóctono ou espontáneo un, e espurio ou vulgar o outro, parece radicar tal diferenza; no fondo tamén subxace a idea de que o seseo nos une máis ao tronco común galego-portugués, mentres a gheada nos afasta del. Ora ben, hoxe o seseo, en especial o explosivo, máis limitado xeograficamente e por tanto identificado coa fala popular dunhas áreas moi determinadas ou duns grupos sociais concretos, apresenta grandes inconvenientes para unha posíbel incorporación ao estándar lingüístico, polo que dificilmente poderá saír do reduto dialectal en que agora fica recluído (Freixeiro Mato 1998: 174-175).

Varias valoracións merece a longa cita anterior. En primeiro termo, é de salientar de novo como o desprestixio que, adoito promovido por non-galegofalantes e non-lingüistas, é aceptado como criterio válido nunha Gramática galega que se postula como de referencia. Así mesmo, a deslexitimización dun trazo fonético da fala oral por mor de non ter unha correspondencia na lingua escrita resulta tamén síntoma da prelación de criterios académicos manexados e contradí a natureza inicialmente oral da linguaxe e as linguas. Así mesmo, chama a atención que a valoración de se os escritores galegos aceptan ou non o seseo se realice a partir do seu uso escrito, tendo en conta que o seseo, tanto en galego coma en portugués –onde pertence á lingua estándar– é un trazo que non necesariamente se representa no plano gráfico.

5. CONCLUSIÓN

Os traballos de Freixeiro Mato e Sanmartín Rei analizados ó longo deste artigo poderían achega-lo seu marco interpretativo e maila ideoloxía asociada a el ó que Thomas (1991) e Recalde (2003) denominan purismo elitista e xenófobo. Este modelo tenta desmonta-la validez da lingua oral e o uso lingüístico espontáneo contemporáneo como criterios relevantes á hora de establece-la variedade estándar do idioma, ó tempo que busca un achegamento sistemático ó estándar portugués europeo como estratexia case única para purificar e borra-los efectos

do contacto ou calquera trazo sospeitoso de orixe ou influencia castelá. Así mesmo, o dito modelo purista salienta a volubilidade do criterio con que se trata o achegamento á norma portuguesa, que se serve para rexeita-la gheada non é argumento abondo para aceptar plenamente o seseo no estándar oral galego.

Por outra banda, desde unha perspectiva xeral cómpre salientar de novo que esta forma de purismo é iniciada e lexitimada polas elites cos criterios que estas consideran axiomas acaídos ós seus intereses políticos e de costas á retroalimentación ofrecida desde a sociedade que se afirma servir. Así, o dito modelo caracterízase por non promover nin permitir a construción dunha lingua para tódolos galegos, senón unicamente para aqueles e aquelas que *acreditan* no seu modelo de país e de vida.

Así mesmo, este *purismo* esquece algúns elementos básicos e elementais da sociolingüística e planificación lingüísticas, a saber: a función social inherente á variación lingüística, a imposibilidade de obvia-la existencia da acomodación e a converxencia lingüísticas, os valores identitarios asociados ós trazos lingüísticos (i.e. a gheada e o seseo) e mailos valores que tales trazos presentan para os seus usuarios. Sen o respecto e a consideración destas perspectivas sociolingüísticas e a especial relevancia e sensibilidade que presentan para unha comunidade e lingua minorizada coma a galega, ningún proxecto de planificación e dinamización lingüística poderá ter éxito, por moita mercadotecnia que se aplique á calidade do modelo proposto ou moito entusiasmo que se utilice na súa divulgación.

En todo caso, esta forma de purismo, como xa acontecía coas estimacións de Annamalai (1989) para o contexto da India, ten un carácter en boa medida simbólico e a retórica utilizada para difundilo un perfil fortemente elitista. Ante a posible falta de visibilidade e poder de arrastre do «grupo da Coruña» no seo da academia e a sociedade galegas, cómpre preguntarse se, precisamente por esta razón, acaba abrazando estigmas e prexuízos sociais longamente establecidos (i.e., sobre a gheada) como forma de autolexitimación e busca de protagonismo. Por iso, a capacidade de arrastre desas ideas fóra da célula en que foron creadas pode vir dada non polo prestixio e autoridade de tales ideas ou dos lingüistas que as defenden senón pola inercia social prexuizosa previa que deu lugar a tales estereotipos.

As ideas lingüísticas e os grupos de elite que as propugnan teñen sempre unha natureza dinámica, e nun eido como a sociolingüística dependen sobremanei-

ra tanto de factores políticos como da posición que os grupos académicos e as institucións ás que pertencen estes ocupan na sociedade e no ámbito científico. Cómpre aínda unha máis demorada análise dos liderados intelectuais e organizativos no seo da lingüística galega contemporánea, mais as evidencias salientadas apuntan a que, tras unha fase na que a un grupo cun aparello analítico concreto como o ILG lle correspondeu a definición e delimitación do galego estándar contemporáneo, nos últimos anos do século XX e na soleira do XXI o «grupo da Coruña» tenta discutirlle o terreo e arrebatarlle o temón da estandarización da lingua galega. Naturalmente, esta afirmación deberá ser obxecto de análises historiográficas máis demoradas, e deberán considerarse non só as interaccións e características destes dous grupos, senón tamén as de sectores que teñen resistido desde posicións aberta e indisimuladamente reintegracionistas. Sen dúbida, esa análise tan complexa fica pendente para próximos contributos.

O que si parece moi positivo é que este debate sobre os límites da prescrición e as aproximacións normativas á lingua comece a callar na comunidade académica, a sociedade e as elites lingüísticas e socioculturais galegas. Porque, abordemos como abordemos a cuestión, parece claro que algunhas formas diso que xenericamente coñecemos como purismo lingüístico están na orixe da exclusión social que todos rexeitamos pero que ás veces non somos quen de evitar coas nosas propostas e actuacións sociolingüísticas. Deste tema, como dicimos, volveremos ocuparnos moi proximamente.

Referencias bibliográficas

Alonso Pintos, S. (2002): *Para unha historia do estándar galego. As propostas do período 1966-1980*. Madrid: UNED.

Alonso Pintos, S. (2006): *O proceso de codificación do galego moderno (1950-1980)*. A Coruña: Fundación Barrié.

Álvarez Blanco, C. / F. Fernández Rei (abril-maio 1977): «En defensa da 'geada'», *Teima* 20, 8.

Annamalai, E. (1989): «The linguistic and social dimensions of purism», en B. Jernudd / Michael Shapiro (eds.), *The Politics of Language Purism*. Berlin / Nova York: Mouton de Gruyter.

Bagno, M. (2003): *A norma oculta: língua & poder na sociedade brasileira*. São Paulo: Parábola.

Biscaínho Fernandes, C. C. / X. M. Sánchez Rei (coords.) (2011): *Ricardo Carvalho Calero: ciencia, literatura e nación*. A Coruña: Universidade da Coruña / Servizo de Publicacións.

Callón, C. (2012): *Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez*. Vigo: Xerais.

Castro, I. (1991): *Curso de história da língua portuguesa*. Lisboa: Universidade Aberta.

Del Valle, J. / L. Gabriel-Stheeman (2004): *La batalla del idioma: la intelectualidad hispánica ante la lengua*. Frankfurt / Madrid: Vervuert / Iberoamericana.

Del Valle, J. (ed.) (2007): *La lengua, ¿patria común?* Madrid: Iberoamericana.

Dobao, X. A. L. (1999): «Un máster de galego na aldea. Discursos (e silencios) públicos ó redor do galego oral», en R. Álvarez / D. Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso*. Santiago de Compostela: Universidade, volume 1, 349-366.

Dubert, F. (1998): Recensión da *Gramática da lingua galega. I, Fonética e fonoloxía*. Vigo: Edicións A Nosa Terra, de X.R. Freixeiro Mato. *Cadernos de lingua* 17, 133-137.

Fernández Rei, F. (2008): «A creación do Instituto da Lingua Galega en 1971 e o desencontro normativo coa Academia», en X. L. Axeitos / E. Grandío Seoane / R. Villares (eds.), *A patria enteira: Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Real Academia Galega / Universidade de Santiago, 985-1009.

Freixeiro Mato, X. R. (1998): *Gramática da lingua galega (I, Fonética e Fonoloxía)*. Vigo: A Nosa Terra.

Freixeiro Mato, X. R. (2009): *Lingua de calidade*. Vigo: Xerais.

García Negro, M. P. (2000): Recensión de *Idioma i Prejuici* de Rafael Lluis Ninyoles, Eliseu Climent editor, Valencia, 1997, 4ª edición, *Revista Galega de Filoloxía* 1, 211-214.

González Seoane, E. X. (2011): «Da invención e fundación do ILG», en *Grial* xlix/191, 17-21.

Hermida Gulías, C. (1992): *Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento (1840-1891)*. Vigo: Xerais.

Kabatek, J. (2000): *Os falantes como lingüistas*. Vigo: Xerais.

Jernudd, B. / M. Shapiro (1989): *The Politics of Language Purism*. Amsterdam: John Benjamins.

Leite, M. Q. (1999): *Metalinguagem e discurso: a configuração do purismo brasileiro*. São Paulo: Humanitas / FFLCH / USP.

Lorenzo, R. (1988): «O labor do Instituto da Lingua Galega: 2. Historia e empresas do Instituto» en R. Lorenzo (ed.), *Coloquio de Lexicografía* (=*Verba*, Anexo 29). Santiago de Compostela: Universidade / Xunta de Galicia, 21-29.

Mariño Paz, R. (1994): «Testemuños de *gheada* nos primeiros textos galegos do século xix», en R. Lorenzo (ed.), *Actas do xix Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, vol. 6, 207-221.

Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

Mattos e Silva, R. V. (2004): *Ensaios para uma sócio-história do português brasileiro*. São Paulo: Parábola.

Pensado, J.L. (1970): «Interferencias estructurales castellano-gallegas: el problema de la geada y sus causas». *Revista de Filología Española* 53, 27-44.

Pensado, J. L. / C. Pensado Ruiz (1983): *«Gueada» y «geada» gallegas* (=*Verba*, Anexo 21). Santiago de Compostela: Universidade.

Monteagudo, H. (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Recalde, M. (2003): «The Castilianist theory of the origin of the *gheada* revisited», en *Estudios de Sociolingüística* 3(2) / 4(1), 43-74.

Recalde, M. (2008): «En busca de la pureza perdida: las ideologías lingüísticas en las primeras propuestas de estandarización del gallego», en *Actas del xv Congreso de la ALFAL, agosto de 2008*. Publicación electrónica, 1-22: http://alfal.easyplanners.info/programa/buscar.php?id_tl=886# [consultada o 16/12/2012].

Rei-Doval, G. (1999): *Breve aproximación á historia da sociolingüística galega*. Memoria de Licenciatura. Santiago de Compostela: Universidade / Facultade de Filoloxía. Inédita.

Rei-Doval, G. (2000): «Matériaux pour une histoire de la sociolinguistique galicienne. Antécedents et études macrosociolinguistiques empiriques (1967–1997)», en *Lengas* 47, 159–191.

Ruiz i San Pascual, F. / R. Sanz i Ribelles / J. Solé i Camardons (2001): *Diccionari de sociolingüística*. Barcelona: Enciclopèdia Catalana.

Sánchez Rei, X. M. (1999): *Se o vós por ben teverdes. A interpolación pronominal en galego*. Santiago de Compostela: Laiovento.

Sánchez Rei, X. M. (2011): *Lingua galega e variación dialectal*. Santiago de Compostela: Laiovento.

Sánchez Vidal, P. (2010): *O debate normativo da lingua galega (1980-2000)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Sanmartín Rei, G. (2009): *Nos camiños do entusiasmo: Calidade da lingua e planificación*. Vigo: Xerais.

Santamarina, A. (1980): «Novas consideracións arredor das orixes da *gheada*», *Verba* 7, 243-249.

Santamarina, A. (1996): «O Instituto da Lingua Galega: 25 anos de protagonismo e testemuño», en *A Trabe de Ouro* 28, 73-87.

Silva Neto, S. Da (1952): *História da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Livros de Portugal.

Teyssier, P. (1982): *História da língua portuguesa*. Lisboa: Sá da Costa.

Tusón, J. (1989[5]): *Mal de llengües. A l'entorn dels prejudicis lingüístics*. Barcelona: Empúries. (Versión galega: *Mal de linguas. Arredor dos prexuízos lingüísticos* (1990). Santiago de Compostela: Edicións Positivas).

Wexler, P. (1974): *Purism and language: a study in modern Ukrainian and Belorussian nationalism (1840--1967)*. Bloomington: Indiana University.

Wildgen, W. (2003): «The roots of purism and its relevance for minor languages and dialects (with reference to Plattdüütsch and Lëtzebuergesch)», en J. Brincat / W. Boeder / T. Stolz (eds.), *Purism in minor languages, endangered languages, regional languages, mixed languages. Papers from the conference on 'Purism in the Age of Globalisation' in Bremen, September 2001*. Bochum: Universitätsverlag Dr. N. Brockmeyer, 11-26.

GALEGO E CASTELÁN: ENTRE O CONTACTO E A CONVERXENCIA

Bieito Silva Valdivia
Universidade de Santiago de Compostela

No programa do Simposio «Contacto lingüístico, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias» en que se insire esta contribución os organizadores formulaban como obxectivo repensar os paradigmas da lingüística monolingüe, que concibe as linguas como realidades pechadas e autosuficientes, e ignora ou denuncia como anómalo calquera fenómeno que non responda a lóxicas estritamente internas e se derive do contacto interlingüístico. Detrás, como ben se indica no mesmo programa, están ideoloxías asentadas desde moi antigo nas que prima o academicismo e o purismo, e nas que os idiomas se entenden como artefactos desligados dos falantes e dos contextos; é dicir, do uso real.

Efectivamente, a lingüística estrutural teimou en apoiarse en razóns exclusivamente intrínsecas aos propios códigos para xustificar as modificacións que se produciran historicamente nos mesmos, pero este simplismo explicativo está superado desde hai moitas décadas. Xa a mediados do século pasado (Weinreich 1953) defendía que os cambios lingüísticos debían ser abordados nunha perspectiva pluridisciplinar e integradora, coordinando os estudos puramente lingüísticos cos extralingüísticos sobre o bilingüismo e os fenómenos relacionados con el; e o desenvolvemento da sociolingüística como disciplina científica nas décadas posteriores afondou na importancia dos fenómenos históricos, sociopolíticos e culturais, por considerar que son estes os que condicionan de maneira máis decisiva o tipo de contacto e as súas consecuencias lingüísticas e sociolingüísticas.

Aínda aceptando a tese da «unpredictability of contact effects» (Thomason 2000) e do fracaso das predicións deterministas do cambio inducido polo contacto idiomático, hoxe parece indiscutible a relevancia que teñen os factores sociais tanto na evolución dos códigos lingüísticos como nas escollas formais nos actos de fala que se producen neses contextos. E, se o contacto se produce entre variedades lingüísticas emparentadas e con escasa distancia estrutural, é moi doado que se produzan procesos de converxencia, simplificación e reforzamento de formas comúns en prexuízo das diferenciais e unha debilitación das normas das linguas en

cuestión, como se ten constatado en contextos moi diversos (cfr., como exemplos, Malmberg 1959; Lope Blanch 1981; Payrató 1985).

Pois ben, se o contacto entre variedades lingüísticas foi o motor do cambio mesmo en momentos en que as circunstancias históricas permitían falar de espazos lingüísticos relativamente pechados e compactos, a realidade e a potencia desa interacción son especialmente evidentes na sociedade globalizada e aberta dos nosos días, na que o contacto interlingüístico –presencial ou virtual– se converteu na situación natural de boa parte dos cidadáns a nivel planetario.

Hoxe máis que de fronteiras lingüísticas hai que falar de linguas de fronteira, o modelo tradicional de falante nativo hai que combinalo co de neofalante, a ideoloxía monolingüe debe ser substituída pola da defensa da diversidade, a concepción da competencia plurilingüe como suma de monolingüismos estancos ten que dar paso a outra visión máis fragmentaria e incompleta desas capacidades idiomáticas. E, como consecuencia de todo iso, haberá que relativizar o vello obxectivo do purismo lingüístico, asociado a monolingüismos anacrónicos e a unha visión ríxida e monolítica da norma lingüística, para abrirse á diversidade natural das realizacións idiomáticas, á imperfección inherente a calquera proxecto plurilingüe, e a valorar os usos fronteirizos e interlingües como manifestacións naturais dunha nova realidade sociolingüística.

Abordar este tema desde o contexto galego implica, sen dúbida, asumir esta realidade, pero obriga tamén a ter en conta circunstancias específicas que matizan ese principio xeral; unhas circunstancias que están relacionadas coas características das dúas linguas en presenza e coa súa historia social, e que consolidaron un repertorio de usos caracterizado moitas veces pola indiscriminación entre formas propias e alleas e por un continuum interlingüístico.

Entendemos que esta situación debe ser sometida á descrición e á reflexión; non coa ollada do fiscal que denuncia e acusa, senón coa do analista que observa e interpreta. Formulándonos preguntas como as seguintes: é posible encarar esta temática sen caer nunha cultura lingüística e sociolingüística de resistencia, tan propia dos códigos sometidos a unha presión social e estrutural abusiva por outros códigos dominantes?; é posible defender un espazo autónomo entre variedades formalmente moi próximas e que son compartidas a diario polos mesmos usuarios sen caer nun purismo de trincheira irracional?; é posible asumir non só como inevitable, senón tamén como positiva unha certa febleza dos modelos

normativos en contextos de contacto lingüístico tan intenso como o galego?; é necesario establecer algún tipo de restrición, diferenciando circunstancias, usos ou falantes?

Estes serán os interrogantes básicos que nos guiarán na nosa exposición, pero non tanto co propósito de respondelos como co ánimo de introducilos nun debate que consideramos necesario e urxente.

1. O CONTACTO ENTRE O GALEGO E O CASTELÁN: UN CONTEXTO EN CAMBIO

O prolongado contacto entre o castelán e o galego, unido á proximidade entre os dous códigos, favoreceu que existise unha influencia intensa entre eles que foi observada desde hai moito tempo por diversos autores e que se percibe tanto nos comportamentos sociais coma na elaboración discursiva[1].

A interacción produciuse tanto na dirección galego-castelán como na castelán-galego, pero o distinto estatus dos dous idiomas fixo que as repercusións estruturais e sociais fosen moi diferentes, e que só no caso do galego se perciba como unha cuestión de verdadeira dependencia. Esta é a razón de que a nosa análise se centre fundamentalmente na descrición e interpretación das influencias interlingüísticas que se producen na dirección castelán-galego e das consecuencias que ten sobre este segundo idioma.

As manifestacións desta dependencia foron, non obstante, modificándose en función das circunstancias sociopolíticas, sendo neste sentido especialmente significativos os cambios producidos nas últimas tres décadas, nas que se foi perfilando unha situación sociolingüística inédita na historia do galego. Cambios que afectan tanto á función social (o 'para que' se usan as linguas) como á estrutura dos propios códigos (o tipo de lingua), que van en boa maneira da man, pero que xustifican un tratamento por separado.

As liñas de forza que mellor definen esta transformación entendemos que son as seguintes:

[1] 'Observada' e case sempre 'denunciada', como corresponde á perspectiva purista desde a que se analizou sistematicamente esta cuestión. Nas últimas décadas este enfoque normativista foise completando con outros de carácter máis funcional e sociolóxico, consistente en introducir o falante e a circunstancia comunicativa na análise e interpretación dos usos.

1.1. Sobre a función social das linguas

En canto á funcionalidade, é dicir, á relación dos falantes coas linguas, fóronse consolidando algunhas tendencias detectadas desde hai tempo e seguidas na súa evolución por múltiples investigacións[2]:

a. A ríxida distribución de usos e situacións comunicativas entre o galego e o castelán, que ilustraba de forma paradigmática o concepto clásico de diglosia, foise facendo máis permeable, aumentando os espazos compartidos entre os dous idiomas.

   Isto, que coincidiu coa oficialización da lingua galega en escenarios públicos que foran historicamente privativos do castelán, supuxo unha indiscutible mellora na percepción do valor social do galego, pero levou asociado en moitos casos un trazo de inautenticidade e mesmo de hipocrisía que se tipificou por moitos autores como 'usos litúrxicos' ou 'para a galería'. Se ao anterior se engade que a incorporación do galego aos espazos formais e cultos se acompañou dunha forte perda de protagonismo no eido familiar e coloquial, entenderase que o potencial normalizador destes cambios resultase bastante fracasado.

b. Os resultados ambivalentes descritos no parágrafo anterior foron acompañados dunha perda progresiva e constante de protagonismo do galego como lingua inicial.

   Este indicador mostra, segundo os últimos estudos estatísticos, a seguinte variación entre o colectivo de máis de 65 anos e os que teñen entre 6 e 14: os primeiros, 78,9% de lingua inicial galega fronte a 11% castelá, e os segundos, 27,9% e 37%, respectivamente (Monteagudo 2011 [a partir de datos do Instituto Galego de Estatística 2008]). É dicir, que nos últimos 40 ou 50 anos o galego deixou de ser a lingua de instalación primaria para máis do 50% dos galegos, mentres que o castelán agrandaba o seu protagonismo nun 26%, superando entre os máis novos ao galego en case 10 puntos porcentuais.

[2] Intentar fundamentar a síntese que se ofrece significaría revisar a impresionante bibliografía de estudos empíricos e reflexións teóricas que ofrece a sociolingüística galega das últimas décadas, tanto no que se refire á evolución dos usos e comportamentos lingüísticos como do propio código idiomático. Remitimos a repertorios bibliográficos como os do Centro Ramón Piñeiro (www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html).

Esta evolución, que se corresponde bastante co que sucede coa lingua habitual, resulta especialmente preocupante porque coincide en boa parte co período de institucionalización do idioma galego nos ámbitos que tradicionalmente se consideraban os piares fundamentais da normalización: a administración, o ensino e os medios de comunicación.

c. E a situación paradoxal que se desprende da perda efectiva do idioma no uso real, precisamente cando dispuxo de máis soporte público, levaríanos a dúas hipóteses que non é este o momento de desenvolver: a insuficiencia e/ou ineficacia das medidas formais de promoción da lingua galega nos ámbitos en que se intentou intervir (sinaladamente, o ensino e a administración), e as carencias absolutas noutros que seguramente teñen igual ou maior incidencia (os medios de comunicación, as novas tecnoloxías e, en xeral, o mundo da infancia e da mocidade). É dicir, unha política lingüística incapaz de facer sentir necesario e valioso o singular nun mundo global.

1.2. Sobre o tipo de lingua

Polo que se refire ao tipo de lingua, que é no que se quere centrar máis especificamente esta achega, os cambios tamén son importantes, se ben non foron tan exhaustivamente estudados como os que se produciron na situación social das linguas. Referirémolos a tres dimensións: a socialización do galego estándar, a reorientación da castelanización desde o nivel léxico cara á fonética e á morfosintaxe, e o incremento dos discursos bilingües a través da estratexia do *code-switching*.

a. A socialización do galego estándar

A fixación normativa do galego, a elaboración dunha variedade estándar e a súa difusión e socialización foron algunhas das tarefas máis relevantes, pero tamén polémicas, das actuacións relacionadas co idioma nos últimos 30 anos.

A relevancia vén dada pola necesidade de construír con urxencia unha norma que servise de referencia para os novos usos cos que se atopou o idioma nos comezos dos anos 80; usos escritos, principalmente na administración e no ensino, pero tamén na oralidade formal asociada a ámbitos públicos aos que se abría a lingua nas novas circunstancias de oficialidade que lle recoñecía a lexislación.

A transcendencia sociolingüística desta actuación é doada de entender para calquera usuario consciente da lingua, pero foi acompañada de dúas circunstancias que dificultaron o seu éxito social: unha, a disputa entre distintas opcións normativas, asociadas ás veces interesadamente a opcións ideolóxicas, que introduciu un ruído pernicioso no proceso; e outra, a falta de estratexia ou talvez sensibilidade para divulgala e garantir a súa aceptación polo común dos falantes.

Non nos interesa aquí a primeira, suficientemente estudada e en boa parte superada coa coñecida como «normativa de consenso» do ano 2003. Moito máis transcendente para a cuestión que nos ocupa é a falta de sintonía e desafección que despois de tres décadas seguen mostrando moitos galegofalantes coa norma da súa lingua, ata o punto de que o conflito histórico entre os dous idiomas presentes no territorio se transformou en moitos casos nun conflito interno entre as variedades populares e a estándar.

Referímonos noutras ocasións (Silva 2000 e 2001) ao impacto negativo desta situación por dúas razóns que poden parecer contrapostas: desde a perspectiva dos falantes, a dobre diglosia a que se vía sometida a súa variedade popular ou dialectal pola superposición do castelán estándar, que seguía funcionando como modelo de referencia para moitos, e polo galego normativo, que era percibido adoito aínda como máis alleo; e, desde as expectativas da normalización, o atranco que supuña que os usuarios máis enraizados no idioma non asumisen unha variedade de identificación colectiva.

A situación ten unha implicación especial no eido educativo, tanto no que se refire ao ensino da lingua como ao modelo de lingua que se debe empregar, e o feito de que aínda hoxe sexa un dos focos de polémica máis acendida entre falantes que superaron todos os banzos da escolarización en galego, dá conta de que a socialización da norma non se fixo da maneira axeitada. Pero esta diensión educativa non é máis ca un aspecto dun conflito sociolingüístico que afecta especialmente aos que teñen o galego como lingua de instalación primaria e que denota o fracaso dos axentes e das institucións responsables de xustificar, divulgar e asentar a convivencia entre a variedade común e as particulares; unhas veces, por tratar de impoñer o estándar con estratexias de despotismo ilustrado como única variedade lícita, e outras, por un antiintervencionismo algo paternalista que dá por bo todo o que sucede na lingua e que indirectamente alimentou o rexeitamento da norma e o desleixo con que se emprega o idioma mesmo en usos públicos.

Desta maneira, pódese dicir que o labor de fixación da lingua galega, aínda que con polémicas e atrancos, se realizou con bastante éxito, que na difusión da norma escrita tamén se avanzou de xeito significativo, de modo que hoxe calquera cidadán escolarizado nas últimas décadas é quen de facer uso da lingua escrita con bastante fidelidade a esa norma, pero que a nivel de oralidade segue aberta unha fenda importante entre o criterio de corrección e o de adecuación, entre a formalidade da norma académica e a realidade do uso real e en contexto[3].

b. A reorientación dos castelanismos

O conflito que se enunciou na alínea anterior maniféstase na relación entre algúns trazos dialectais e os correspondentes normativos, pero ten que ver tamén coa actitude dos falantes en relación con formas orixinarias da outra lingua en contacto (galeguismos no castelán e castelanismos no galego). A primeira é unha tensión que se produce en todos os idiomas; a segunda, específica dos que conviven nun mesmo espazo xeográfico e son utilizados en maior ou menor medida polos mesmos individuos, é dicir, é resultado dunha situación de contacto.

O primeiro que cómpre facer notar é que en calquera contexto de contacto interlingüístico se producen intercambios entre as dúas linguas, que serán máis frecuentes e estables canto máis intensa sexa a relación dos falantes cos dous códigos e canta menor sexa a distancia estrutural entre eles. Esta circunstancia de proximidade formal e de forte interacción social dáse entre o castelán e o galego, e isto é o que favoreceu unha influencia bidireccional fluída entre os dous idiomas, pero as circunstancias de absoluta anormalidade en que se moveu o galego (sen presenza pública, sen escola, sen medios de comunicación, etc.) fixeron del un baldío doado de colonizar e converteron a esperable e natural influencia entre iguais nunha arroiada unidireccional desde a lingua dominante.

[3] Os estudos teóricos e empíricos que dan conta desta situación son moi numerosos. Vallan de mostra tres que nos parecen ben relevantes: para visualizar con tomas de postura de falantes reais o conflito a nivel de norma oral, *Os falantes como lingüistas* de J. Kabatek (2000); como reflexión sobre os factores ideolóxicos que agachan os conceptos de 'autenticidade' e 'calidade da lingua' nos procesos de elaboración das variedades normativas, «Autenticidade e calidade da lingua» de X. L. Regueira (2012); e, por recoller achegas diversas e desde distintas perspectivas sobre esta cuestión, *Norma lingüística e variación* de R. Álvarez e H. Monteagudo (eds.) (2005).

Esta ocupación é antiga e xeneralizada no léxico; certamente en proporcións diversas en función do ámbito temático de que se trate, pero con moi poucos espazos impermeables a esa presión. Isto fixo que bastante vocabulario que se emprega no galego popular sexa formalmente castelán, pero que se sinta funcionalmente galego. Cómpre ter en conta que unha característica dos préstamos en situacións de inferioridade é que non se perciben como tales, porque o falante chega a perder a capacidade para discriminar entre o propio e o alleo (Mollà e Palanca 1989: 184)[4] e que o uso dunha variedade máis ou menos mixta pode converterse mesmo nunha forma atenuada de resistencia fronte á lingua dominante.

Pero esta castelanización do léxico popular adquiriu nas últimas décadas un matiz engadido; se se quere, unha reviravolta máis. A fixación normativa do galego e a escolarización da poboación neste idioma posibilitou que se «aprendesen» as formas «correctas», pero non conseguiu que se «asumisen» funcionalmente con normalidade. Abonda con observar a lingua de falantes cultos e cunha sólida competencia na lingua galega para comprobar como en certos contextos din 'silla', 'acera' ou 'cuchara' en vez de 'cadeira', 'beirarrúa' e 'culler' por razóns de autenticidade ou por medo a que o uso das formas normativas nesas interaccións poida xerar 'ruídos' na comunicación (Silva, 1994: 169). Serían escollas léxicas condicionadas polo contexto comunicativo que se entenden máis como marca dun determinado rexistro do galego ca como formas alleas ao idioma; algo así como dicir en situacións similares «veño do oculista» e non «veño do oftalmólogo».

O importante é, pois, sinalar a funcionalidade comunicativa destes castelanismos e que non responden a que o usuario non dispoña no seu repertorio da voz galega correcta; que non se trata dunha competencia individual insuficiente superable mediante a aprendizaxe, senón dun asentamento social deficiente desas formas que só se resolverá pola vía da normalización do seu uso. Unha cuestión máis de adecuación ca de corrección que obriga a determinar os límites do purismo e avaliar as súas consecuencias para evitar no posible a discriminación de grupos sociais ou que unha lexítima decisión orientada á normalización acabe producindo os efectos contrarios (Regueira 2012: 188). Reparemos na formulación que se fai do conflito na seguinte cita:

[4] Ó respecto, vexa tamén a sección 1.1.1. da contribución de Gugenberger neste mesmo volume.

> É que quizás... é que... te encariñas ¿non? con / coa túa... zona eee... e ademais despois sales daquí de Santiago, vaste paaa... pa aldea, e resulta que claro... si dis pois «vontade» en vez de «voluntá», pois entonces... a xente... prodúcese un choque queee / que fastidia moito, porque... te separa moito daaa / da xente maior... Á xente maior teslle que falar como fala ela, sinón... parece como...; venche nun plano superior ouuu..., non sei... Polo feito de ser estudiante ¿non?; sempre cho din «xa chegou o estudiante» ¿non?... Entonces eso, ademais a min / eu... prefiero ter o / manter ese contacto, como prefiero...; en vez de «prefiero» podo dicir «prefiro»..., pero prefiero dicir «prefiero» (Kabatek 2000: 109).

Pero, malia que se trata dun conflito vivo, que afecta especialmente aos falantes instalados no galego popular e que esixe cautela no seu tratamento, a súa mesma existencia demostra tensión normalizadora e que o castelanismo está sometido a revisión. Se a isto engadimos outros avances indiscutibles na recuperación de voces practicamente desaparecidas unhas décadas atrás (algunhas que hoxe poden parecer tan normais como «galego» ou «lingua»), está xustificado considerar que o traballo de fixación e de divulgación do léxico obtivo resultados bastante satisfactorios.

No ámbito da fonética e da morfosintaxe, en cambio, a situación evolucionou en sentido inverso, pasando de seren niveis lingüísticos nos que o castelán se vía influído polo galego a observarse un proceso de castelanización descoñecida ata hai ben pouco.

Entendemos que a cuestión hai que poñela en relación con dous factores: en primeiro lugar, a perda de protagonismo do galego como lingua inicial a favor do castelán, porque é ben coñecido que o código dominante tanto na fonética como na morfosintaxe é o de substrato e, na perspectiva máis individual, o que os falantes adquiriron de maneira primaria. E, como segundo factor, hai que sinalar o feito de que o uso público do galego estivo protagonizado en boa maneira por persoas de fala habitual castelá, coa sintaxe e a fonética propia deste idioma, que de xeito insólito pasan a converterse en modelos dunha lingua que non é a súa.

A consecuencia é que hoxe se está asentando en espazos e falantes con proxección pública un galego fortemente castelanizado na fonética, na sintaxe e na morfoloxía verbal que era totalmente descoñecido na lingua tradicional. O fenómeno asóciase con individuos que teñen o castelán como lingua de instalación, polo que podería entenderse como un estadio intermedio na adquisición dun novo código, pero isto non o explica suficientemente: nin ofrece as características de transitoriedade, nin afecta só a falantes que están aprendendo o galego, senón

que se está asentando como un comportamento idiomático estable, empeza a contaminar a galegofalantes tradicionais e estase convertendo xa en modelo de lingua inicial para unha xeración de falantes novos.

Algúns casos pódense situar nun proceso inconcluso de aprendizaxe do galego como lingua meta, pero a cuestión é máis social ca individual e a mestura idiomática non se debe tanto a que o falante dispoña de dous códigos como a que esa mestura a recibiu cun dos códigos e forma parte del. É dicir, que non é un problema de aprendizaxe incompleta ou incorrecta da lingua, senón de aprendizaxe dunha lingua «incorrecta»[5]: este é o galego que se escoita e, en consecuencia, é o galego que se aprende.

Pódense atopar mostras a diario en falantes do común, pero especialmente en persoeiros con proxección pública e mesmo en locutores profesionais. Exemplos como os seguintes, que responden a causas que só se poden interpretar de maneira plena no contexto de emisión, pero que serven para ilustrar diversos fenómenos de castelanismos morfosintácticos, de hipercorrección diferencialista ou simplemente dunha inestabilidade que se manifesta na alternancia da forma normativa e da non normativa dentro dun mesmo enunciado:

Eu non traballo para os seguros, porque pagan unha tontería e TE CONTROLAN *a empresa. A min* ME GUSTA *dirixir a miña empresa* (Entrevista en *La Voz de Galicia*).

Na tarde de onte houbo algunhas treboadas (...) *Para os vindeiros días agárdase que o tempo* MANTÉÑASE *como nunha situación semellante* (Informativo da TVG).

O que dicía é que se isto APRÓBASE *así haberá problemas...* (Debate na Radio Galicia).

De feito gañaron unha demanda e LLES TIVERON *que dar bastantes cartos* (...) *tivéronlles que dar non sei cantos millóns* (Radio Galega).

Espero que ESTEMOS *á altura das circunstancias, que* SEAMOS *capaces…, que sexamos capaces…, que sexamos quen de…* (Entrevista na Radio Galega).

As exposicións permanentes SE MANTERÁN *pechadas do 18 de marzo ó 16 de abril* (Información cultural da Fundación Barrié de la Maza).

Sinale o proxecto ó que opta (só PODERASE *marcar un por petición)* (Impreso administrativo da Xunta de Galicia).

¿Saben vostedes o que é o azougue? É o peor mineral que hai. Os homes teñen que traballar espidos pola calor, e se lles cae unha chisca enriba LLES ABRASA *a pel* (Novela *O fillo do acordeonista*).

[5] Os termos «correcto» e «incorrecto» ao longo deste artigo describen usos ou estruturas lingüísticas exclusivamente desde a perspectiva da variedade normativa da lingua; en ningún caso supón unha valoración da súa dimensión social nin tampouco da súa posible funcionalidade en contextos comunicativos concretos

Extracto informativo da oferta de libre elección para alumnos da titulación que a continuación INDÍCASE (Web da Universidade de Vigo).
Con motivo de cambiar as titorías para o segundo cuadrimestre, VOS AGRADECERÍA *que as que cambien en relación co primeiro mo fagades saber…*(Anuncio na Facultade de Ciencias da Educación da USC).
A Biblioteca Xeral NOS COMUNICOU *a incorporación do remanente do presuposto de libros correspondente ó ano pasado (…) Por esta razón dende a Biblioteca* VOS PEDIMOS *que nos fagades chegar as solicitudes de libros* (Nota informativa da Universidade de Santiago de Compostela).

Unha valoración máis rigorosa do nivel de implantación destes e doutros castelanismos morfosintácticos ofrécenola un traballo de investigación realizado no ámbito escolar (Silva 2006) do que seleccionamos a continuación algúns resultados[6]:

- Pronominalización indebida de verbos:

Verbo transitivo 1 («levar/se», «poñer/se»):

Se che desen a escoller, ¿que te levarías a unha illa deserta? (Corrixir)
O xogador (levar/se) ..... o balón coa man e o árbitro marcou a falta (Completar)
Si quieres venir al monte será mejor que te pongas unas botas (Traducir)

Resolución incorrecta (media das tres probas): 56,5%

Verbo transitivo 2 («comer/se», «tomar/se», «beber/se»):

É tan larpeiro que se comeu media ducia de pasteis sen levantar a cabeza (Corrixir)
Eu esta mañá (tomar/se) ..... un zume de laranxa, como fago todos os días (Completar)
Tenía tanta sed que me bebí el vaso de agua sin respirar (Traducir)

Resolución incorrecta (media das tres probas): 53,9%

[6] A investigación centrouse en diversos fenómenos morfolóxicos e sintácticos, realizouse sobre unha mostra representativa de todo o alumnado galego de 4º da ESO e apoiouse en tres probas para cada un dos fenómenos: unha de identificación e corrección da estrutura anormativa dentro dun texto dado, outra para operar con ela completando un texto incompleto e unha terceira de tradución ao galego dunha secuencia lingüística en castelán que implicaba facer uso obrigado da estrutura que se pretendía testar. Os resultados que se ofrecen son os das solucións incorrectas (a media das tres probas).

Verbo intransitivo («caer/se», «subir/se»):

Saíu correndo da casa, tropezou na alfombra e caeuse pola escaleira (Corrixir)
Para ver mellor o espectáculo, (eles subir/se) ..... a unha árbore (Completar)
Pidió silencio, se subió a una silla y desde allí dirigió la votación (Traducir)

Resolución incorrecta (media das tres probas): 76%

- Substitución do pronome persoal «o/os, a/as» por «lle/lles»:

Era moi amigo del e tiña o costume de invitarlle ao seu aniversario (Corrixir)
Póñome en contacto con vostede para (invitar) ..... á festa de fin de curso (Completar)
Tu amigo es muy simpático; puedes invitarle cuando quieras (Traducir)

Resolución incorrecta (media das tres probas): 31,2%

- Interferencias por ultracorrección na colocación do clítico:

En interrogativas:

Necesito axuda para subir esta caixa; ¿alguén pódeme botar unha man? (Corrixir)
¿Cantos de vós (sentirse) ..... identificados co personaxe da novela? (Completar)
¿Alguien me ha pedido un bolígrafo rojo? (Traducir)

Resolución incorrecta (media das tres probas): 53,6%

En subordinadas:

O xogador comentou que retiraríase ao rematar o contrato co actual equipo (Corrixir)
Trátao con amabilidade. Sabes ben que (atoparse) ..... nunha situación difícil (Completar)
Cuando se despidió dijo que se sentía muy orgulloso de todos nosotros (Traducir)

Resolución incorrecta (media das tres probas): 38,6%

- Interferencias por substitución na morfoloxía verbal («Vamos / imos»; «eres / es»; «había estado / estivera»):

Vamos facer o posible para que este problema se resolva canto antes e da mellor maneira (Corrixir)

Hoxe (ir) ..... preparar un mural para o Día da Paz entre todos os alumnos da clase (Completar)
Esta tarde vamos todos al parque y nos ponemos de acuerdo sobre ese tema (Traducir)

Resolución incorrecta (media das tres probas): 35,8%

Sempre me dis que eres o meu mellor amigo, pero ás veces non o parece (Corrixir)
Eu ben sei que ti (ser) ..... unha persoa imparcial e que se pode confiar en ti (Completar)
Sabes que te aprecio, pero a veces eres insoportable (Traducir)

Resolución incorrecta (media das tres probas): 56,3%

Polo que dixo, non había estado nunca en Galicia, pero coñecíaa case tan ben coma nós (Corrixir)
Para este examen había estudiado mucho y estaba segura de que aprobaría (Traducir)

Resolución incorrecta (media das tres probas): 28,2%

É necesario facer constar que os datos que se acaban de presentar informan sobre a capacidade destes escolares para resolver as tarefas que se lles demandaban e non sobre o uso real que fan desas estruturas en usos reais, pero o feito de responderen a actividades académicas bastante habituais e de se referiren a unha poboación que está a rematar a educación obrigatoria entendemos que dá conta dunha situación bastante preocupante a nivel social e do escaso éxito da escola e demais institucións responsables da difusión e asentamento da norma morfosintáctica do galego.

- Estruturas converxentes e diverxentes entre galego e castelán:

Aínda que indirectamente, unha información orientadora do nivel de converxencia sintáctica entre o galego e o castelán ofrécennola os resultados obtidos sobre coñecemento e identificación destes escolares con algunhas estruturas que en galego presentan unha opción diverxente e outra(s) converxente(s) co castelán. Vexámolo sobre a colocación do clítico nas perífrases «haber que / ter que + infinitivo».

Ofrecéuselles aos estudantes da mostra un texto con catro alternativas: tres válidas en galego (unha diverxente e dúas converxentes) e unha cuarta incorrecta (resultado da interferencia do castelán). As opinións sobre corrección ou incorrección foron as seguintes:

	Correcto	Incorrecto
Para decidir se me interesa, tería que velo primeiro	89,9%	10,1%
Para decidir se me interesa, tería que o ver primeiro	20,8%	79,2%
Para decidir se me interesa, o tería que ver primeiro	21,5%	78,5%
Para decidir se me interesa, teríao que ver primeiro	83,1%	16,9%

O máis relevante destes datos é que a percepción de corrección se sitúa fundamentalmente nas estruturas válidas que converxen coas do castelán («tendría que verlo» e «lo tendría que ver»), mentres que a diverxente («tería que o ver») é descoñecida para o 20,8% da mostra, unha porcentaxe mesmo superior á dos que consideran correcto o calco do castelán («o tería que ver»).

E, sometidos estes mesmos textos á pregunta de identificación («con cal te identificas máis»), os resultados confirman que a estrutura diverxente do galego é residual, sendo superada tamén pola interferida polo castelán:

	Identificación
Para decidir se me interesa, tería que velo primeiro	63,6%
Para decidir se me interesa, tería que o ver primeiro	2,3%
Para decidir se me interesa, o tería que ver primeiro	4,5%
Para decidir se me interesa, teríao que ver primeiro	29,5%

Valorados en conxunto os datos sobre corrección/incorrección e sobre identificación, debemos concluír que se trata dunha estrutura na que a forma incorrecta mostra unha penetración importante e na que a opción diverxente está practicamente desaparecida, concentrándose os resultados válidos nas formas correctas pero converxentes co castelán. É dicir, está funcionando con gran vitalidade unha 'interferencia negativa' (Kabatek 2000), no sentido de que a presión da outra lingua en contacto fai que o falante restrinxa as posibilidades que lle ofrece o idioma.

Esta 'negación' das alternativas diferenciais pódese entender como manifestación de economía lingüística, pero supón un vaciamento do capital idiomático e progresivamente a neutralización das diferenzas. O nivel lingüístico máis proclive a restrinxir os trazos diferenciais é o léxico, pero no contacto galego-castelán o fenómeno tamén se está xeneralizando na morfosintaxe (Silva 2005): en estruturas como a analizada anteriormente, no ocultamento da perífrase «estou a correr» pola de «estou correndo» e na práctica desaparición do pronome de solidariedade ou do infinitivo flexionado a favor do non flexionado[7].

Non é necesario destacar a transcendencia que teñen no idioma que as sofre as interferencias por substitución e por ultracorrección; pero cómpre subliñar tamén a importancia das interferencias por converxencia, especialmente cando afectan a unha lingua minorizada. Nun idioma como o galego que viviu historicamente baixo o teito do castelán, tanto na dimensión social como na estrutural, o desprazamento das formas diverxentes a favor das converxentes profunda no seu carácter subordinado, favorece a conciencia dialectal dos falantes e diminúe, en consecuencia, o seu valor como símbolo de identificación grupal.

c. A estratexia do code-switching

Un terceiro indicador da fluidez interlingüística que adoita producirse en contextos de linguas en contacto é a alternancia de códigos ou *code-switching.*

Trátase da presenza consciente das dúas linguas dentro dun mesmo enunciado ou acto comunicativo, de discursos bilingües que o usuario constrúe desa maneira non por dificultades para deslindar os dous códigos, senón para buscar un efecto comunicativo determinado. Entre estas funcións adoitan citarse superar unha dificultade léxica nun dos idiomas, marcar a condición bilingüe do emisor, seleccionar un destinatario tamén bilingüe no seo dun auditorio heteroxéneo, reinterpretar o enunciado cun propósito metacomunicativo, engadirlle á mensaxe un determinado valor expresivo e atribuírlles aos participantes os roles que se asocian habitualmente con cada lingua (Grosjean 1982; Lüdi e Py 1986). Pero poden engadirse outras como reproducir en estilo directo as palabras pronunciadas por

[7] Ás veces a interferencia negativa xera un comportamento inverso: 'negar' a estrutura converxente co outro idioma, evitándoa sistematicamente e converténdoa *de facto* en inexistente ou non válida. E tampouco é excepcional que o propósito de revitalizar a forma diverxente leve a estender o seu uso a contextos en que non é aceptable, como sucedeu precisamente co infinitivo flexionado (Álvarez 1994).

un segundo locutor nun idioma distinto do que está empregando o responsable do discurso primario, ou inserir na lingua base do emisor unha frase feita, unha secuencia lapidaria ou un simple rótulo propio do outro idioma.

O *code-switching* é un procedemento comunicativo ben estudado en múltiples contextos bilingües, e foi abordado tanto desde a perspectiva formal e estrutural –a descrición dos factores gramaticais que o condicionan– como desde a sociolóxica –o valor simbólico e identitario do tránsito intradiscursivo dunha lingua á outra (Pfaff 1979; Sankoff e Poplack 1981; Scotton e Ury 1977; Milroy e Muysken 1995; Auer 1999)[8].

No contexto galego, só foi obxecto de achegas puntuais[9] e non se chegou a converter en temática asentada de investigación sociolingüística. Constatámolo como un feito, aínda que se pode especular sobre as razóns desta carencia, que seguramente teñen que ver non só con preferencias dos investigadores, senón tamén coas urxencias por fornecer de elementos máis directamente relacionados co compromiso de normalización lingüística.

Esta relegación do debate sociolingüístico galego non significa, porén, que non exista como realidade social. Aínda sen os datos empíricos que lle dean soporte científico, entendemos que a estratexia do *code-switching* tivo escasa importancia mentres o galego e o castelán funcionaron como marcadores de colectivos sociais diferentes, pero foi aumentando de protagonismo consonte a sociedade galega avanzou no bilingüismo. Quérese dicir, mentres cada unha das variedades lingüísticas permaneceu asociada a tipos de falantes diferentes e a situacións comunicativas concretas, os locutores podían producir discursos involuntariamente interferidos pola outra lingua, pero non discursos bilingües funcionais e intencionados; só cando os dous códigos suavizaron esas marcas diglósicas e confluíron en espazos e usuarios compartidos, adquiriu sentido e relevancia a súa alternancia intradiscursiva.

Foron, pois, unha vez máis os cambios sociolingüísticos operados nas últimas décadas os que promoveron o incremento deste tipo de usos con funcións e explicacións que só se poden interpretar no contexto vivo en que se producen e

[8] Non entramos no debate conceptual sobre o *code-switching*, nin sobre a diferenza que algúns autores establecen coa alternancia de códigos, atribuíndolle ao primeiro o valor de estratexia discursiva e á segunda o carácter de fenómeno estrutural sen significatividade comunicativa. A distinción, sen dúbida relevante desde o punto de vista teórico, non nolo parece aos efectos do que se trata neste artigo.

[9] Exemplos destas achegas son Lorenzo 1991 e 1999, Silva 1994, Rodríguez Yáñez 1995 ou Álvarez--Cáccamo 1999 e 2000.

conxugando os parámetros lingüísticos cos suprasegmentais e mesmo cos extraverbais. Sirvan de exemplos os que se citan a continuación, collidos de distintas situacións comunicativas que se explican moi sinteticamente[10]:

Na linguaxe publicitaria:

Gasthof les sugiere una larpeirada.
Estrella de Galicia, co deporte galego. Estrella de Galicia, tu buena estrella.
A caldeira de Sar hervirá hoy más que nunca para animar al Obradoiro.

Na fala espontánea:

Aquí hai que facer o que che mandan, se non póñente de patitas en la calle (fragmento de diálogo na cafetería dunha empresa).
Llegué y le pregunté si me podían atender, pero el tío ni me mira; y yo allí esperando como una tonta sin saber qué hacer... Éche o que hai (final dunha conversa na sala de espera dun hospital).
Estábamos todos tirados en el suelo muertos de risa y en eso llega el paisano y se pone a berrar como un tolo: ¡saíde d'aí inmediatamente ca vos estouro o bandullo con este sacho! (conversa entre adolescentes).
Estoy harto de que me vengan con choromicadas de que non puiden chegar antes o de que me atopé con no sé quién por el camino (conversa na rúa entre dous adultos).

Na prensa escrita (artigos de opinión con sinatura de autor):

(...) *en vez de mandarnos a aquel valiente policía que malló a placer en una chavala indefensa* (...).
Mi padre, cuando leía en el periódico una noticia singular, la despachaba con un elocuente «o xornal ten conta do que lle poñen» y se iba a sachar as patacas (...).

No recurso á alternancia de códigos poden atoparse factores sociolingüísticos, psicolingüísticos, de expresividade e mesmo de estilo persoal, pero en todos eles o soporte é o mesmo: o coñecemento compartido dos dous códigos entre o emisor e o receptor, que lle permite ao primeiro valerse de ambos os dous como

[10] Non se marcan graficamente de maneira intencional os pasos dunha lingua a outra. No caso dos textos escritos, cítanse na forma que os presentaban os seus autores, e, nos orais, porque o que habería que reproducir son os cambios prosódicos ou mesmo proxémicos que os acompañan. Serían, en todo caso, trazos fundamentais se se quixese facer unha interpretación funcional destes usos.

recurso comunicativo. É, xa que logo, unha estratexia que non ten nada que ver co déficit competencial que adoita acompañar a interferencia ou transferencia entre códigos; aínda que isto non significa que sexa neutro desde o punto de vista sociolingüístico, porque é moi frecuente que o tránsito puntual dunha lingua cara a outra estea condicionado pola situación, valoración ou relación específica dos locutores con este segundo idioma.

Como xa se indicou, faltan datos empíricos sobre o grao de implantación deste fenómeno en Galicia, do tipo de usuarios máis habituais e das situacións que o favorecen; de se cumpre funcións similares nas dúas linguas ou a conmutación responde a motivacións diferentes, etc. A nosa percepción é de que a súa vitalidade como estratexia comunicativa se restrinxe a minorías de nivel cultural medio-alto e a situacións de permeabilidade funcional entre os dous códigos, polo que non é previsible que avance como marca de colectivos diferenciados e moito menos que teña un impacto importante na conformación dun lecto fusionado.

2. NIN ARTIFICIOSIDADE NIN DESLEIXO: RESPECTO E COMPROMISO

A exposición que se presentou no apartado anterior ofrece datos ambivalentes sobre a identificación colectiva coa variedade normativa do galego e sobre as manifestacións discursivas resultantes do contacto co castelán. Son, sinteticamente, os seguintes:

- Producíronse avances importantes no consenso ortográfico e morfolóxico que diluíron un conflito que podía ter consecuencias graves. A difusión escolar desta norma permitiu, ademais, superar en poucas décadas a anomalía histórica dunha poboación galegófona iletrada no seu propio idioma.
- Na oralidade non se conseguiu socializar con éxito un estándar de referencia. Segue habendo tensións centradas en trazos como o seseo ou a gheada, que afectan sobre todo a galegofalantes tradicionais e que traducen un conflito entre unha identidade primaria, próxima, afectiva e vivencial, e outra secundaria, máis conceptual e abstracta.
- Houbo avances na depuración do léxico e mesmo se recuperaron voces que estaban en proceso de extinción, pero a fala viva segue estando inzada de castela-

nismos que os falantes asumen moitas veces conscientemente con argumentos de autenticidade e adecuación. Ás veces altérnanse no uso o castelanismo e a forma normativa en función da situación comunicativa, asumindo o castelanismo o valor de familiaridade e proximidade fronte á voz normativa que se percibe como propia da formalidade e do discurso público.

- Diversas estruturas sintácticas e certos ámbitos da morfoloxía (especialmente a verbal) entraron nun proceso de castelanización descoñecido na historia anterior do galego. Este fenómeno, restrinxido inicialmente a individuos instalados no castelán, estase estendendo a galegofalantes tradicionais e, en certos contextos, xa é a variedade de galego que adquiren por vía familiar e ambiental as xeracións máis novas.
- Finalmente, é fácil identificar en discursos coloquiais e tamén formais de individuos bilingües estratexias de *code-switching* con funcións diversas, se ben parecen asociarse máis con características concretas dos falantes ca con situacións prototípicas ou con colectivos definidos.

Na situación que debuxa esta síntese pódese percibir a tensión existente en calquera lingua entre a norma e o uso, entre o control académico dos cambios e o dinamismo creativo da fala e dos falantes; pero nas linguas minorizadas que teñen como teito outra lingua dominante engádense outros factores específicos que non se poden ignorar. Isto significa que non é razoable situarse no que denominabamos na introdución unha 'cultura de resistencia' que sobrevalore os aspectos normativos da lingua e se resista a calquera innovación, pero tampouco considerar aceptable todo o que existe na fala ou non ofrecer ningunha resistencia ás presións exolingüísticas. Trátase de atopar un equilibrio entre os dous polos que, segundo entendemos, se debe construír sobre os seguintes principios:

a. Aceptar que os intercambios e influencias entre o galego e o castelán son fenómenos normais. É un feito que se dá en calquera situación de contacto lingüístico e que en Galicia se ve favorecido pola proximidade formal dos dous idiomas, por seren compartidos pola maioría de falantes e por ocuparen espazos de uso tamén moi entretecidos. E isto, que nunha lectura negativa se pode interpretar como un risco, ofrece oportunidades positivas e de maior transcendencia: a facilidade para manter conversas diverxentes sen a deriva habitual

cara a lingua dominante, a posibilidade de aprender e incorporarse ao galego desde o castelán con escaso esforzo, os beneficios para unha aprendizaxe complementaria dos dous idiomas con transferencias controladas entre eles, etc.

b. Valorar a novidade que significa a incorporación ao galego como L2, sexa por nativos ou por foráneos, sen prexuízos puristas e aceptando as limitacións na calidade lingüística que pode levar asociada. A este principio xeral só hai que facerlle algunhas reservas: que estes falantes deben sentir o compromiso de avanzar na mellora do seu galego, que as influencias normais do castelán deben ser unha circunstancia transitoria na progresión cara a lingua meta e que normalmente non se lles debe asignar a responsabilidade de seren os modelos públicos de lingua. É dicir, esixencias que sería innecesario enunciar se nos referísemos a calquera idioma normalizado.

   En todo caso, máis alá destas reservas necesarias, a incorporación ao galego como lingua engadida é un dos aspectos máis positivos da historia recente do galego e unha manifestación de vitalidade do idioma (contrapesada negativamente, como é ben sabido, pola perda de galegofalantes iniciais), e así se debe considerar.

c. Traballar por conxugar dous obxectivos igualmente valiosos e imprescindibles para avanzar na normalidade do galego: o reforzamento positivo da diversidade interna unido ao compromiso solidario cunha variedade común.

   É unha das cuestións máis complexas en calquera idioma, pero que non se pode eludir: tan fundamental é favorecer os lazos afectivos coa variedade máis próxima e dignificar o seu valor de fala lexítima como difundir unha variedade estándar e conseguir a súa aceptación colectiva. No caso do galego, este dobre obxectivo aínda non se conseguiu satisfactoriamente e nisto pódense identificar dous responsables fundamentais: en primeiro lugar, a institución escolar, moi preocupada por difundir a norma, pero moi pouco por xustificala e case nada por facela compatible coas variedades particulares; e, en segundo termo, os usuarios públicos dos medios de comunicación oral, polo escaso rigor no uso do idioma e por non seren identificados polo falante común como modelos de autenticidade lingüística.

d. Abordar a cuestión dos castelanismos léxicos con compromiso coa norma do galego, pero tamén con conciencia da súa dimensión social. Un equilibrio

difícil, pero que marca o único camiño razoable, porque nin se pode caer no desleixo do «todo serve» sen diferenciar contextos e usuarios, nin tampouco en obsesións puristas que poden levar á inhibición do falante e, en último termo, a renunciar á lingua.

A fórmula é ser moito máis esixente co uso público do idioma (na escola, na televisión, na radio, no discurso político e académico, etc.), porque a aprendizaxe dunha lingua sempre se apoia nos contactos que establecemos con ela e o resultado destes contactos mídese en función da cantidade e da calidade dos mesmos. O problema é que a relación de moitos aprendices / usuarios coa lingua galega é escasa en cantidade, limitada en canto aos ámbitos de uso e de escasa calidade, e desta maneira non pode sorprender que o repertorio lingüístico que se adquire sexa parcial na súa funcionalidade comunicativa e precario en corrección, en riqueza e en variedade.

A única solución é, pois, incrementar os espazos de inmersión na lingua e aumentar o nivel de esixencia na escolla do vocabulario nos ámbitos que teñen maior capacidade de incidencia sobre a poboación; unha esixencia que é compatible nos usos máis privados co recurso espontáneo a castelanismos léxicos moi asentados. Só isto lle pode ir dando carta de normalidade a certas voces ou estruturas en competencia cos castelanismos que foron ocupando o seu espazo no uso coloquial.

e. Moito máis rigoroso e estrito se debe ser cos castelanismos gramaticais e fonéticos, porque estes son fenómenos menos asentados na fala, non están marcados con valores de adecuación e autenticidade lingüística, como sucede con boa parte dos castelanismos léxicos, afectan a niveis lingüísticos de moita máis transcendencia e estanse a estender a un ritmo acelerado. É dicir, son fenómenos que non teñen o mesmo enraizamento no galego popular nin en falantes tradicionais por seren innovacións ligadas a usuarios recentes que se incorporan ao galego como lingua engadida, pero que ameazan con transformar en pouco tempo o perfil sintáctico e fonético deste idioma, diluíndo a súa especificidade nunha converxencia case total co castelán.

Reclamar posturas rigorosas en relación con estes comportamentos lingüísticos non significa que non se recoñeza como normal que un castelanfalante que está aprendendo o galego mostre estruturas fonéticas e gramaticais do seu idioma

base; simplemente que se debe evitar que esta situación, por definición transitoria, se converta en definitiva e, sobre todo, que este estadio de lingua poida chegar a percibirse como un galego de referencia ou que se faga uso público do idioma sen ningún tipo de autoesixencia nin penalización social.

En conxunto, o que defendemos, tanto nos comportamentos dos falantes que teñen algún tipo de proxección pública como na receptividade social ante eses usos, é unha visión da lingua dinámica, viva e aberta á innovación, pero tamén esixente e respectuosa coa norma. Non caer na obsesión polo purismo abstracto e descontextualizado, que pode levar á percepción de artificiosidade e de que se priva ao falante da súa capacidade de intervir sobre o idioma, pero si unha invitación a asumir que a depuración de castelanismos e a conseguinte preservación da escasa distancia estrutural co castelán son requisitos para a identificación do galego como código diferenciado e, en consecuencia, para a súa normalización social.

Vivimos nun momento de globalización que reclama apertura á diversidade lingüística e á adquisición de competencias plurilingües. Nos documentos de política lingüística promovidos desde o Consello de Europa desbótase a figura do 'falante nativo' como modelo único de lingua, fálase de competencias graduables (en niveis) e fragmentables (en destrezas e actividades) e mesmo se formula o obxectivo dun falante con competencia interlingüística e intercultural, baseándose en que todas as linguas europeas son 'linguas de fronteira' (Consello de Europa, 2005).

E todo isto é coherente, porque non se pode pretender un plurilingüismo masivo (non elitista) con competencia completa e perfecta en todos os idiomas. Pero non significa que a competencia das distintas linguas que forman parte do repertorio do falante se deban medir pola mesma vara, porque representan distintas cousas e teñen unha funcionalidade moi diferente: unha (ou unhas) son linguas de instalación e, na medida que sexa, de identidade; e outras, de comunicación, tamén na medida que sexa. A primeira (ou primeiras) esixen un dominio funcional pleno e o despregue de todas as dimensións que definen a competencia comunicativa (lingüística, estratéxica e pragmática); nas segundas ese nivel de esixencia é menor e debe definirse pola necesidade que teña cada falante de facer uso delas.

Na vaga comunicacional que nos envolve, que asenta o principio único e universal de que o importante é entendérmonos, cómpre subliñar, pois, que no uso das linguas tamén hai outros valores: o rigor, a precisión, a variedade e a creatividade; e estes valores hai que cultivalos especialmente nas linguas de instalación

primaria e nas que definen historicamente o territorio. Non reclamar estes valores para o galego sería inducir dinámicas de converxencia indiscriminada co castelán, que alguén pode defender desde unha perspectiva da fluidez intercomunicativa, pero que acabaría neutralizando os seus trazos diferenciais e converténdoo nun simple *patois* do castelán.

Poderiamos engadir aínda algo máis: que o camiño non é unha didáctica das linguas centrada no erro e obsesionada por perseguir o desvío normativo, porque isto só leva a que os aprendices non falen e a que os galegofalantes se sintan incompetentes no seu idioma. A intervención axeitada, tanto a nivel escolar como a nivel social, é ofrecer espazos comunicativos amplos, diversos e exemplares que combinen corrección, autenticidade e variedade. E a partir de aí, escoitar, falar, ler e escribir, pero, como se di no texto que reproducimos a continuación para pechar esta reflexión, «con oído, atención e intención»; é dicir, co propósito de mellorar.

Prezado Antón:

Recollido ao carón do lume dunha vella lareira, e meditando sobre a desfeita urbanística sufrida polo país, decateime da súa relación co tratamento da lingua: a degradación da paisaxe e o desleixo no deseño das nosas vilas e cidades foron a par co descoido e abandono da nosa fala.

Alí onde había pedra puxemos cemento á vista. Onde as alturas respectaban a harmonía inzamos bloques de formigón feitos á présa e sen criterio. Se había unha ría con abundantes recursos naturais e paisaxísticos cubrímola de malos fumes e noxentos olores que van e veñen ao antollo dos ventos.

Tamén alí onde falabamos de coitelos puxemos «cuchillos» e dabamos os «buenos días»; e onde ofreciamos unha cadeira para sentaren os convidados pasamos a empregar «sillas» para «sentarse». E non foramos por elas ao sobrado, senón que «habíamos traído unhas do piso». Pouco a pouco, igual que o cemento gris e descontextualizado foi facéndose co contorno urbano e paisaxístico, tamén un feixe de palabras, xiros lingüísticos e entoacións alleas fóronse apropiando da nosa lingua. O uso abusivo do pronome enclítico antes do verbo ven ser algo así como o ladrillo á vista. Que haxa políticos, xentes da cultura, do mundo da empresa, en fin, persoas de relevancia social que estraguen a paisaxe da nosa sintaxe, da nosa fonética, do noso riquísimo vocabulario, non ten perdón (...).

Sabes ben, amigo Antón, que non sinto ningún receo, máis ben simpatía, cara á xente que comeza a falar en galego; aínda que se lle note a falta de soltura. Non hai

que ser especialista para pórse a falar o noso idioma. Non é iso! Eu mesmo, lembra os nosos anos de instituto, sumeime ao carro do galego sendo un mociño. Ao principio, dábame reparo, algo de vergoña. O dos pronomes resultábame complicado; para o do vocabulario aproveitei o esforzo en Lingua Galega. A maneira de dicir as cousas foi cuestión de tempo, oído, atención e intención. Desde aquela sempre escoitei á miña avoa doutro xeito.

Doeume moito, a principios dos noventa, ver como un mozo de Corme foi eliminado nunhas probas selectivas para un posto de xornalista na TVG porque «tiña moito acento» e, para os examinadores, o periodismo era algo moi serio. Mesmo lle recomendaron presentarse ao castin de Mareas Vivas, que probabelmente alí tería éxito. Por suposto, todo iso cun adobío de pronomes mal colocados, reflexivos inexistentes, algún que outro tempo composto e, iso si, unha voz grave moi aséptica e de imposíbel identificación fonética.

Agora que tes responsabilidades políticas, amigo Antón, quero animarte a ti e a todos os teus compañeiros a que poñades tanto empeño no coidado da nosa paisaxe e das nosas vilas como no da nosa lingua. Tan importante é o patrimonio material como o inmaterial. E a mellor maneira de emprender ese labor é comezardes vós mesmos dando exemplo. Esforzádevos día a día na dignificación do seu uso (...) (Graña 2008).

Referencias bibliográficas

Álvarez, R. (1994): «Gramática descritiva e gramática prescritiva», en *Cadernos de Lingua* 10, 19-35.

Álvarez, R. / H. Monteagudo (dirs.) (2005): *Norma lingüística e variación.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Álvarez-Cáccamo, C. (1999): «From 'switching code' to 'code-switching': Towards a reconceptualisation of communicative codes», en P. Auer (ed.), *Code-Switching in Conversation: Language, Interaction and Identity.* USA/Canadá: Routledge, 29-51.

Álvarez-Cáccamo, C. (2000): «Para un modelo do 'code-switching' e a alternância de variedades como fenómenos distintos: dados do discurso galego-português/español na Galiza», en *Estudios de Sociolingüística* 1 (1), 111-128.

Auer, P. (ed.) (1999): *Code-Switching in Conversation: Language, Interaction and Identity.* USA/Canadá: Routledge.

Centro Ramón Piñeiro: *Bibliografía informatizada da lingua galega* [www.cirp.es/bdo/bil/bilega.html].

Consello de Europa: *Marco europeo de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación* [cit. pola tradución galega, Xunta de Galicia, 2005].

Graña, F.: «Paisaxe da lingua» [http://www.vieiros.com (páxina consultada o 19/05/2008)].

Grosjean, F. (1982): *Life with two languages: an introduction to bilingualism.* Cambridge: Harvard University Press.

Kabatek, J. (2000): *Os falantes como lingüistas.* Vigo: Edicións Xerais.

Lope Blanch, J. M. (1981): «Influencia del contacto lingüístico en el español de América», en Cvitanovic / Fontanella de Weimberg (eds.), *Simposio Internacional de Lengua y Literaturas Hispánicas,* Bahía Blanca.

Lorenzo Suárez, A. M. (1991): «A relevancia social da alternancia lingüística», en *Cadernos de lingua* 3, 91-109.

Lorenzo Suárez, A. M. (1999): *A reorganización social dos repertorios verbais nas situacións de contacto. Procesos funcionais e consecuencias no contacto galego-castelán.* Tese de doutoramento. Universitat Autónoma de Barcelona.

Lüdi, G. / B. Py (1986): *Être bilingue.* Berne: Peter Lang.

Malmberg, B. (1959): «L'extension du castillan et le problème des substrats», en *Actes du Colloque International de Civilisations, Litteratures et Langues Romanes.* Bucarest, 249-260.

Milroy, L / P. Muysken (eds.) (1995): *One Speaker, Two Languages: Cross-Disciplinary Perspectives on Code-Switching.* Cambridge University Press.

Mollà, T. / C. Palanca (1989): *Cours de sociolingüística.* Bromera: Alzira.

Monteagudo, H. (dir) (2011): *O idioma galego na sociedade. A evolución sociolingüística 1992-2008*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Monteagudo, H. (2010): «Lingua, sociedade e política. Presente e porvir do idioma galego», *Grial* 186, 74-81.

Payrató, Ll. (1985): *La interferència lingüística.* Barcelona: Curial Edicions Catalanes – Publicacions de l'Abadía de Montserrat.

Plaff, C. W. (1979): «Constraints on Language Mixing: Intrasentential Code-Switching and Borrowing in Spanish/English», en *Language* vol 55, núm. 2, 291-318.

Regueira, X. L. (2012): «Autenticidade e calidade da lingua: purismo e planificación lingüística no galego actual», en *Estudos de lingüística galega* 4,187-201.

Rodríguez Yáñez, X. P. (1995): *Estratexias de comunicación nas interaccións cliente-vendedor no mercado da cidade de Lugo. As alternancias de lingua galego/castelán e a negociación de escolla de lingua.* Tese de doutoramento. Universidade da Coruña.

Sankoff, D. / S. Poplack (1981): «A formal gramar for code-switching», en *Language and Social Interaction* 14, 3-45.

Scotton, C. M. / W. Ury (1977): «Bilingual Strategies: The Social Functions of Code-Switching», en *International Journal of the Sociology of Language* 13, 5-20.

Silva Valdivia, B. (1994): «Cambios de código, alternancias e interferencias lingüísticas: unha perspectiva didáctica sociocomunicativa», en B. Silva (ed.), *Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico*. Santiago de Compostela: Universidade, 151-177.

Silva Valdivia, B. (2000): «Dime cómo falas e direiche cánto vales, ou dos prexuízos relacionados coas variedades lingüísticas», en M. A. Santos (ed.), *A pedagoxía dos valores en Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade,. 283-295.

Silva Valdivia, B. (2001): «Norma e variación no ensino e aprendizaxe das linguas. O caso do idioma galego», en B. Silva (ed.), *A lingua e a literatura: algúns aspectos didácticos.* Santiago de Compostela: Universidade, 9-37.

Silva Valdivia, B. (2005): «Converxencia e diverxencia en certas estruturas morfosintácticas do galego», en R. Álvarez / H. Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación.* Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 259-283.

Silva Valdivia, B. (2006): *Castelanismos morfosintácticos no galego. Avaliación da competencia do alumnado*. Santiago de Compostela: Universidade.

Thomason, S. G. (2000): «On the unpredictability of contact effects», en *Estudios de sociolingüística* 1.1, 173-182.

Weinreich, U. (1953): *Languages in contact. Findings and problems.* The Hague: Mouton.

ATITUDES PORTUGUESAS FACE AO CASTELHANO

Fernando Venâncio
Universidade de Amsterdam

O primeiro gramático português, Fernão de Oliveira, nunca se enamorou de coisas castelhanas. Foi, a vida inteira, um defensor do que Portugal e os portugueses tinham de próprio. Na sua primeira obra, *Gramática da linguagem portuguesa*, de 1536, faz um apelo e traça um programa: «Não trabalhemos em língua estrangeira, mas apuremos tanto a nossa com boas doutrinas que a possamos ensinar a muitas outras gentes». Ao expor, adiante, a histórica conveniência de novas «letras» para novos sons (ou «vozes»), lança uma censura àqueles compatrícios que, uma vez no reino vizinho, adulteram o idioma nativo com sonoridades castelhanas. Desaprova, diz, «os que, como chegam a Toledo, logo se não lembram da sua terra, a que muito devem. E em vez de apurarem sua língua, corrompem-na com emprestilhos, nos quais não podem ser perfeitos» (Oliveira, 1933: 26). O termo *emprestilhos* é curioso. Trata-se de um neologismo e, mais, da sua única ocorrência conhecida. A aparência castelhana do vocábulo, devida ao sufixo, proporciona um efeito jocoso.

Oliveira ocupa-se, aí, da sonoridade do português. Nela reside já, acentua, uma salvaguarda política. «Tenhamos pois muito resguardo nesta parte, porque a língua e escritura é fiel tesoureira do bem de nossa sucessão». Esta preocupação 'nacional' torna-se mais premente quando o tema for o léxico. Afirma o autor que aqueles que tomam vocabulário português de fontes estrangeiras «desfazem muito na glória do ceptro e coroa do nosso reino». De igual modo, «cortam a perpetuidade dele [reino] os que de novo trazem nova língua à terra; porque a língua e a unidade dela é muito certo apelido do reino do senhor e da irmandade dos vassalos». Por isso, ajunta Oliveira, mesmo um rei estrangeiro, indo «senhorear» qualquer país, cuidará de «apartar sua língua e não na deixar corromper com alguma outra».

Não tenhamos dúvida: estas são afirmações intrinsecamente políticas. Fernão de Oliveira avisa os compatriotas de que a independência de Portugal não sobrevive à corrupção do idioma. Para o leitor de então, terá sido nítido, também,

que a única verdadeira ameaça – linguística, e portanto política – provinha do castelhano.

Ignoramos se estes pontos de vista estavam generalizados na sociedade portuguesa. Sem dúvida que, confrontados com a questão, muitos exprimiriam convicções semelhantes. Mas a correcção política teria, nisso, considerável papel. Com efeito, as atitudes observáveis permitem concluir que, para a generalidade dos portugueses de Quinhentos e Seiscentos, o castelhano não foi *sentido* como um perigo.

Já em 1522, prefaciando o seu *Dom Duardos*, Gil Vicente se dirigira ao rei português, João III, no mesmo idioma em que escrevera a peça, o castelhano. Aí fazia notar ao «excelente príncipe y rey muy poderoso» a novidade, no seu teatro, de personagens nobres, coerentemente envoltas em «tan dulce retórica y recogido estilo». Em 1540, será a vez de Francisco Sá de Miranda oferecer ao mesmo soberano uma *Fábula do Mondego*, oferecimento e poema exarados, ambos, no idioma de Castela.

Um século mais tarde, em 1642, já consumada a Restauração, dedica João Salgado de Araújo do príncipe Dom Teodósio o seu *Marte portugués contra emulaciones castellanas*, uma reivindicação da anterioridade histórica do reino de Portugal. A dedicatória assinala que a obra vai «en traje de castellano, no con ánimo de tránsfuga, mas (...) para que disfrazado pueda entrar por Castilla». Compreende-se que o manifesto queira ser legível no país vizinho, mas o disfarce ficou, assim, comprometido desde a primeira página de texto. Também a um rei português, Afonso VI (m. 1683), se dirige Jerónimo Baía, num *romance* de feição nacionalista, onde diz: «Si quisieres más victorias / Del Castellano ó Gallego, / Antes que nuestro valor / Los mate su propio miedo».

Sabemos quanto foram numerosos os ensaios e tratados portugueses publicados em castelhano, visando mais vasta divulgação e o aliciamento de leitores do reino vizinho. Mas o que sobressai nas falas citadas (todas elas, note-se, exteriores ao período da Dinastia Dual, 1580-1640) é a naturalidade com que os autores se dirigem, nesse idioma estrangeiro, aos próprios soberanos.

1. A PRESENÇA SOCIAL DO CASTELHANO

Os estudos dedicados ao bilinguismo luso-espanhol costumam chamar a atenção para as declarações de *distanciamento* face ao castelhano feitas por autores que

nele se exprimiam. Sempre considerei pouco elucidativa, para a problemática que nos ocupa, essa ambígua necessidade de desculpa no momento em que, não sem descaro, se pratica o que se diz lamentar. Certo: os motivos, recorrentemente expostos, são plausíveis. O castelhano é o idioma mais vastamente peninsular, goza de projecção europeia, além de ser particularmente acessível. É, portanto, veículo adequado para cantar, perante o mundo, as grandezas nacionais.

Mas, exactamente por isso, dispensava-se a hesitação especiosa («como quer que a [língua] castelhana nos não seja tão familiar, parece-nos que para o fastio é mais apetitosa que a nossa», escrevia Nuno Fernandes do Cano em 1544), como se dispensava o trabalhoso rubor («el ser [la lengua portuguesa] tan buena la escurece / y la española es fácil para todos», palavras de Bernarda Ferreira de Lacerda em 1618). Mais informativos me parecem os testemunhos de um uso natural, não problemático, socialmente aceite, do castelhano no Portugal quinhentista e seiscentista. Passemos em revista alguns depoimentos dessa experiência.

Em 1555, escrevendo a comédia *Aulegrafia*, constatava Jorge Ferreira de Vasconcelos (1968: 128):

> Somos tão inclinados à língua castelhana que nos descontenta a nossa, sendo digna de maior estima, e não há entre nós quem perdoe a uma trova portuguesa, que muitas vezes é de vantagem das castelhanas, que se têm aforado connosco, e tomado posse do nosso ouvido, que nenhumas lhe soam melhor.

Repare-se: as trovas castelhanas «têm tomado posse do nosso ouvido». Elas tornam-se, pois, a norma, o modelo de aferição. É precisamente o que, pela mesma altura, na *Écloga 8* de Luís de Camões, diz o pastor Frondélio, convidando um companheiro a que atente em Aónia, que chora o marido morto (1963: 441):

> Mas o som peregrino e piedoso,
> Com que a formosa Ninfa a dor engana,
> Escuta um pouco. Nota e vê, Umbrano,
> Quão bem que soa o verso castelhano.

Segue-se a magoada e final intervenção de Aónia, 43 versos redigidos no idioma vizinho, em que eles tão bem 'soam'.

Essa noção de subalternidade do verso português provou-se duradoira. Ainda nos anos de 1660, o poeta bilingue Manuel de Galhegos afirmava a simpleza

dele: «Quem agora se atreve a sair ao mundo com um livro de versos em português arrisca-se a parecer humilde: pois escreve numa língua cujas frases e cujas vozes se usam nas praças, o que não deixa de ser embaraço para a altineza».

O prestígio, e a simples utilidade, do castelhano são visíveis, mesmo gritantes, na sempre aludida obra *Defensa de la música moderna*, de 1649, de ninguém menos que o rei João IV, um melómano de renome. Ainda na viragem do século, no livro *Luz e calor*, de Manuel Bernardes, de 1696, a equivalência, na cena portuguesa, dos dois idiomas é suposta. Defende-se este autor de espiritualidade de quem lhe assacasse o tratamento de realidades pecaminosas em português, lembrando que, no país vizinho, tal procedimento é corriqueiro. Nada se adiantaria, pois, em silenciá-lo, já que portugueses podem lê-lo em espanhol, «que para nós é quase o mesmo idioma». É uma opinião singular em alguém que, brevemente, será contado entre os grandes clássicos portugueses.

Em 1721, oitenta anos após a época filipina, ainda o lexicógrafo Raphael Bluteau, aludindo à «hermana española» da língua portuguesa, sublinhava quanto ela era audível nos teatros e nas igrejas de Portugal (1721: 10):

> Todos los dias resuena en los theatros de Lisboa la discreción de sus comedias; en todas las fiestas, que en las iglesias de este Reyno se celebran, con sus coplas, villancicos y motetes, se alientan las armonías.

De facto, basta as muitas dezenas de folhetos de *Villancicos* que, de 1640 a 1720, foram cantados nas igrejas portuguesas (hoje digitalizados pela Biblioteca Nacional de Portugal em http://purl.pt) para verificarmos a predominância, ou até a exclusividade, do castelhano. Em suma, era a língua castelhana a que soava em tudo quanto – dos templos à cena teatral – fosse espectáculo.

2. OS JUÍZOS POSTERIORES

O entusiasmo pelo idioma vizinho haveria de resfriar, de modo acentuado, a partir dos anos de 1730. Penso que seis factores foram nisso decisivos: 1. a morte da última geração de portugueses bilingues, 2. o prestígio de Camões, promovido a poeta 'peninsular', 3. o culteranismo castelhano, sentido em Portugal como extravagância de uma literatura decadente, 4. o enriquecimento das classes dirigentes portuguesas devido à expansão colonial, 5. a vitalidade da

herança linguística galego-portuguesa, e 6. a descoberta do classicismo francês. Os testemunhos tornam-se, agora, sobretudo críticos das opções estéticas dos séculos anteriores.

Em 1746, o pedagogo Luís António Verney afirmava nunca ter podido entender «por que razão um português deixa a sua língua, para escrever na espanhola», um idioma, acrescentava, em que a maioria não brilhava grandemente. Mais violento se mostraria, cerca de 1790, o poeta Filinto Elísio, censurando o subserviente escritor bilingue:

> As penas embebeu na hispana tinta
> Tanto ao fundo que as penas esqueceram
> Do seu idioma luso a cor nativa,
> Para afagar com frases mendigadas
> As orelhas dos duros vencedores.

Igualmente crítico se confessou Almeida Garrett, em 1821, objurgando o dramaturgo quinhentista Jorge de Montemor, «pelo muito que escreveu nessa língua estranha». Fazendo-o, «não só privou a [língua] natural do fruto de suas tarefas», como causou importante dano «com o exemplo que abriu».

É uma posição desabrida, a de Garrett, mas provavelmente não a mais generalizada. Algum tempo mais tarde, em 1862, o grande doutrinador António Feliciano de Castilho sublinharia a grande contiguidade dos dois idiomas, propondo mesmo um revigoramento do português através da língua vizinha.

> Na leitura do castelhano, se hoje em dia a frequentássemos como cumpria, bem fácil e bem agradavelmente pudéramos nós retemperar ainda hoje o bom falar vernáculo.

Em Portugal perdurava, pois, uma corrente de opinião favorável ao espanhol. Longe de ser visto como ameaça, ele era, pelo contrário, considerado de leitura obrigatória e, mais, julgado *útil* para o robustecimento do idioma nacional.

Em 1978, o ensaísta Eduardo Lourenço, comentando em «Psicanálise mítica do destino português» o período de bilinguismo luso-espanhol, escrevia (2010: 27):

> O *problema da independência nacional* não tinha então o perfil que a historiografia romântica e nacionalista lhe atribuirá. Hoje, todos os escritores que nós celebramos dentro desses sessenta anos «filipinos» seriam, pura e simplesmente, *colaboracionistas*. A verdade é que não há na sua actividade literária sombra de má consciência.

Isto vale decerto para a era filipina, mas igualmente para o conjunto desse longo período de bilinguismo, que se inicia por 1450 e se prolonga até cerca de 1730. São quase três séculos, em que o castelhano se foi tornando – com naturalidade, e só sob débeis protestos – língua da corte, da poesia, do púlpito, do palco, do canto religioso e profano. Era o idioma das obras de consulta, dos livros de ciência e espiritualidade. Hoje, todo esse lado da História está eficientemente apagado da memória cultural portuguesa, como uma inconveniência, ou uma vergonha. Mas é em vão. A língua portuguesa carrega, para sempre, o fruto dessa prolongada, e intensa, presença do prestigioso castelhano na vida social e cultural do País. Durante esses séculos, o português embebeu-se avidamente de materiais castelhanos. Eles são, em largas centenas, ainda hoje correntíssimos.

Venho levando a cabo a investigação desse processo de castelhanização do português quinhentista e seiscentista. Dessa pesquisa, destaco o rastreio dos 'deverbais regressivos' (Venâncio: 2012). Nada menos que 280 formas criadas em Castela – desde *alinho*, *aposta*, *arrimo*, passando por *desacato*, *desacerto*, *desengano*, até *sobressalto*, *sustento* ou *tempero*, *tropeço* – foram sendo transferidas para o português, através de leituras e outros contactos com o castelhano, ou pela via privilegiada, e particularmente eficiente, dos utentes bilingues. Na obra de autores importantes, como os clássicos Gil Vicente, Luís de Camões, Francisco Manuel de Melo, António Vieira e Manuel Bernardes, acumulam-se as primeiras atestações dessas formas, tal como de numerosos outros castelhanismos lexicais e fraseológicos.

3. A NEGAÇÃO DA CASTELHANIZAÇÃO

É provável que os portugueses dessa época, mesmo os mais doutos, estivessem inconscientes da castelhanização que sob os seus olhos se processava, e de que alguns deles eram eficazes agentes. Alusões a 'novidades' de proveniência castelhana, só achamos uma, em obra do filólogo Duarte Nunes de Leão, exposta abaixo.

Mesmo mais tarde, em 1765, Verney falará na conveniência de não «encher» o idioma de «francesismos e italianismos», e Garrett, em 1846, usando o termo

«abandono», fará o aparte: «passe o galicismo». Em finais do século XVII, damos com a expressão «como dizem os franceses». Só em 1854, numa crónica de José de Alencar, encontramos «como dizem os espanhóis». A designação de «espanholismo» surge em 1858, a de «castelhanismo» é mais tardia ainda.

Em parte, esta cegueira – ou intrínseca incapacidade de ver – é explicada pela singela ignorância, mesmo entre gente estudiosa, do que fosse, ou não fosse, vocabulário de Castela. Em *Origem da língua portuguesa*, de Duarte Nunes, de 1606, encontramos o capítulo «Dos vocábulos que os Portugueses têm seus nativos, que não tomaram de outras gentes que nós saibamos». Entre as centenas de palavras elencadas, são numerosas as que português e castelhano compartilham. São bastantes, até, as portuguesas provindas do idioma vizinho. Só na letra A, assinalem-se estas: *acalentar*, *acepilhar*, *achacoso*, *acossar*, *airoso*, *alento*, *apanhar*, *arregaçar*, *arremeter*, *atinar*, *atropelar*.

Mas a convicção de Nunes revela-se forte. Noutro capítulo («Porque os Portugueses não usurparam tantos vocábulos dos Castelhanos como tomam de outras nações mais remotas»), o autor sublinha essa peculiaridade portuguesa, vincando que «antes parece que [os portugueses] fogem de se parecerem com eles [os castelhanos] na língua. A razão é que»... E, quando esperaríamos uma exposição de índole estrutural, ou histórica, verificamos que a lusa aversão ao castelhano se deve à divergência das terminações *-m* e *-n*, e à presença em castelhano de ditongos como *ie* e *ue*. É com infinita seriedade que estas inanidades são expostas.

Quanto a vocábulos, havê-los-á, ainda assim, tomados ao castelhano? Se sim, escreve o filólogo, eles datam da época de união das Coroas (de, portanto, 25 anos antes) e são em bem menor número do que os portugueses passados ao castelhano. Duarte Nunes exemplifica com os castelhanismos *lástima*, *regalo*, *bilhete*, *camarada*, que não podem medir-se com *mimo*, *brinco*, *menino*, *desenfadar*, *festejar*, *marmelada*, *serão* «e outros mais que os Castelhanos tomaram de nós» (1606: 129). Em suma: a influência do idioma de Castela, sendo escassa, era, afinal, recente.

Seja referido que *menino* é forma castelhana arcaica que, tendo transitado ao português, daí reentrou, aliás sem grande êxito, na língua de origem. O verbo *festejar*, de procedência italiana, divulgou-se em castelhano incomparavelmente mais cedo que em português. Além disso, um bom número de supostos lusismos do castelhano deverão ser, historicamente, galeguismos. Tais informações não estavam, compreende-se, ao alcance dos contemporâneos.

Em 1626, Manuel Severim de Faria, nos seus *Discursos vários políticos*, não demonstra melhor percepção das exclusividades portuguesas. Aí escreve (1626: 74):

> Das palavras que se não acham nas outras línguas senão só na portuguesa seja exemplo *aderência, agasalhar, alvoroço, atinar, bonina, enxergar, encampar, encarar, jeito, inçar, lembrança, magoar, mavioso, praguejar, pairo, pairar, primor, tomar-se* de alguma coisa, *mano, saudade, sôfrego* e outros muitos.

Ora, esta lista contém não menos de 9 vocábulos igualmente castelhanos: *adherencia*, *agasajar*, *alboroto*, *atinar*, *encarar*, *pairo*, *pairar*, *primor* e *hermano* (origem do português *mano*). Como se tal não bastasse, outros 7 são patrimoniais também em galego: *enxergar*, *jeito*, *inçar*, *lembrança*, *magoar, praguejar*, *saudade*. Só os restantes – *bonina*, *encampar*, *mavioso*, *tomar-se de* (p.ex. de amores) e *sôfrego* – são, de facto, exclusivos do português.

Estes textos de Duarte Nunes e de Severim seriam apresentados como exemplares no engrandecimento do idioma, na conhecida obra antológica *Paladinos da linguagem* (três edições entre 1921 e 1926) do divulgador Agostinho de Campos.

Mas também Francisco Manuel de Melo e António Vieira hão-de negar que o português tirou proveito de outros idiomas. O jovem Melo felicita, em carta de 1634, um seu conhecido por uma obra aparecida em castelhano. A carta é redigida, ela também, nesta língua.

> Yo he leido esta *Politica*, que V.M. escrivio en lengua Portuguesa, y hiço agora traduçir en la Castellana (…). Una tal obra, impiedad fuera hacella sepultar en solo nuestra nacion; ni era justo la inoraran las otras, que della no menos que los nuestros necessitan. Pero no por esto se piense que hemos ido a buscar caudal a las lenguas estrañas; ventura sy, que la nuestra no halló en aquellos, que la han debido favor más grande.

Vieira, exarando em 1678 uma 'aprovação' da terceira parte da *História de São Domingos*, de Frei Luís de Sousa, afirma acerca da obra:

> A linguagem, tanto nas palavras como na frase, é puramente da língua em que professou escrever, sem mistura ou corrupção de vocábulos estrangeiros, os quais só mendigam de outras línguas os que são pobres de cabedais da nossa, tão rica e bem dotada, como filha primogénita da latina.

Nem num caso nem no outro há qualquer alusão explícita ao castelhano. Fala-se em «outras línguas», em «lenguas extrañas». Mas o latim não mereceria tais censuras, e o francês não estava, por então, no horizonte. Era a língua de Castela, sem engano possível, a principal candidata aonde os portugueses, 'pobres de cabedais', iriam 'buscar caudal'. Parece claro: na mente dos dois mais importantes autores do Portugal seiscentista, era profunda a convicção de uma *imunidade* do português face ao idioma da Meseta. Que os dois tenham sido, exactamente, os mais activos castelhanizadores do seu século, eis o que nos dá a medida de um vasto equívoco.

4. UMA AGENDA PATRIÓTICA

A castelhanização quinhentista e seiscentista do português foi, temos de constatá-lo, um processo invisível, inapreciável para os contemporâneos. Ninguém, então, dispunha de quadro mental para observá-lo, e sequer para concebê-lo.

Tudo indica que a reivindicação de uma independência política tornava impossível qualquer clarividência nesse terreno. Esta 'venda' mental, ideológica, fornece-nos uma explicação para a invisibilidade do processo. Para isso contribuía a ausência de perspectiva histórica. Os idiomas eram concebidos como realidades estáticas, definitivas, construídas de materiais existentes 'desde sempre'. Vaivéns ou permutas só eram admitidos se iniludíveis. Isto é, como para Duarte Nunes, quando fossem recentes.

Outra explicação está na noção, então vigente, da nação portuguesa como pertencente a um conjunto 'Hespanha', mesmo se dominado pela sumptuosa e dinâmica Castela. Nada do que seja 'espanhol' nos é estranho: esta parece ser a convicção de uma parte significativa da intelectualidade lusa, à época. Aí deverá fundar-se a boa consciência, ou a leviandade, com que em Portugal se geriu a proximidade linguística castelhana.

Mas existe outra explicação ainda, que formulei em estudos anteriores (Venâncio: 2012, 2013). É, ela também, de ordem ideológica, mas pressupõe níveis ainda mais profundos de inconsciência, e envolve uma 'agenda patriótica'. De modo sucinto, expõe-se assim: a apropriação de materiais castelhanos correspondia a uma aspiração, inexprimível por natureza, mas vivamente actuante, de dotar o português daquelas mesmas virtudes – a clareza, a distinção, o carácter universalizável – que se reconhecia ao idioma de Castela. Uma vez atingido esse

patamar, a língua portuguesa poderia competir, de igual para igual, com a castelhana. O génio vencedor dos portugueses faria o resto. A tradução *política* desse programa linguístico era o sempre sonhado, e sempre procurado, domínio português sobre a Península. Com uma Lisboa capital dessa Hespanha, evidentemente.

5. CONCLUINDO: O SONHO IBÉRICO

Em Abril de 2006, o ministro português das Obras Públicas, Mário Lino, visitou Santiago de Compostela para dar uma conferência sobre «El papel de las infraestructuras en el desarrollo del Noroeste Peninsular». Segundo o jornal *Faro de Vigo*, terá feito, entre outras, as seguintes declarações: «Soy iberista confeso. Tenemos una historia común, una lengua común y una cultura (?) común. Hay unidad histórica y cultural e Iberia es una realidad que persigue tanto el Gobierno español como el portugués». É provável que o ministro se tenha expressado, de facto, em espanhol. Assim fazem habitualmente, em Espanha, os dirigentes portugueses.

Em Outubro de 2012, João Malaca Casteleiro, membro da Academia de Ciências de Lisboa, e importante mentor da AGLP (Academia Galega da Língua Portuguesa), interveio em Ourense numa sessão solene desta colectividade. No final da alocução, recomendou aos seus anfitriões: «Não tenham medo do bilinguismo, ou seja, da convivência pacífica entre duas línguas que são irmãs na ascendência linguística, que são próximas, e pujantes, não apenas na Península Ibérica, mas também na América do Sul e no Mundo. Trabalhando em conjunto, o Português e o Espanhol constituirão talvez o maior bloco linguístico do Mundo».

Não insistamos na desfaçatez de dois portugueses que assim se exprimem em território galego. A pura ignorância da realidade galega é congénita nas elites portuguesas. Fixemo-nos, antes, na *naturalidade* com que indivíduos com responsabilidades, expõem, em circunstâncias públicas e protocolares, o modo como a Espanha e o espanhol se integram na sua concepção da língua portuguesa.

É um facto: o espanhol e a Espanha continuam, hoje ainda, a fazer parte da auto-imagem de portugueses influentes, por mais informe, ou inconfessável, que essa imagem seja. Pode a secular altanaria espanhola continuar a olhar Portugal como quantidade desprezável: o português não desiste do seu sonho ibérico. É um sonho fútil, quase obsceno. Mas ele persiste, inspirador, animoso, ao longo dos séculos.

Referências bibliográficas

Bluteau, Rafael (1721): «Prosopopea del idioma portuguez a su hermana la lengua castellana», *Diccionario castellano y portuguez*. Lisboa.

Camões, Luís de (1963): «Écloga 8», *Obra Completa*, ed. António Salgado Júnior. Rio, de Janeiro: Aguilar (ms.: 1550).

Faria, Manuel Severim de (1626): *Discursos vários políticos*. Évora.

Leão, Duarte Nunes de (1606): *Origem da língua portuguesa*. Lisboa.

Lourenço, Eduardo (2010): *O labirinto da saudade*. Lisboa: Gradiva (1ª ed. 1978).

Oliveira, Fernão de (1933): *Gramática da língua portuguesa*, ed. Rodrigo de Sá Nogueira. Lisboa (orig.: 1536).

Vasconcelos, Jorge Ferreira de (1968): *Comédia Aulegrafia*, ed. António A. Machado de Vilhena. Porto: Porto Editora (ms: 1555).

Venâncio, Fernando (2012): «O espanhol proveitoso. Sobre deverbais regressivos em português», *Santa Barbara Portuguese Studies* xi, 6-41.

Venâncio, Fernando (2013): «José Saramago e a iberização da língua portuguesa», in Burghard Baltrush (ed.), *«O que transformou o mundo não foi uma utopia, foi uma necessidade»: Estudos sobre utopia e ficção em José Saramago*, Berlim, Frank & Timme (no prelo).